


0607

PAPEIS DA ACADEMIA
GALEGA DO AUDIOVISUAL



PAPEIS DA ACADEMIA

GALEGA DO AUDIOVISUAL



PAPEIS DA ACADEMIA 2006-2007

EDITA:

Academia Galega do Audiovisual

Praza Pintor Sotomayor, 2º, s/n

15001. A Coruña

Tel./ fax: 981.22.77.01

E-mail: info@academiagalegadoaudiovisual.com

Web: www.academiagalegadoaudiovisual.com

Comisión de Publicacións: Carlos Amil, Carmen Carballo,
José Luis Castro de Paz, Pepe Coira, Miguel Anxo
Fernández, Eduardo Galán, Manuel González, Ángel Luis
Hueso, Susana Pego, Raúl Veiga

Vogal de Comunicación: Xaime Fandiño

Coordinación editorial: Carmen Carballo, Marisela Lens

PRODUCE:

Transmedia Comunicación & Prensa

www.transmedia.es

Tels: 982.22.12.78 / 636.95.28.93 / 610.21.53.66

Dirección editorial: Manuel Darriba


Dirección comercial: José Manuel Gegúndez

Deseño e maquetación: Marcos Sánchez

ISSN: IS 1888-1912

Depósito legal: C 3485-2007

Os autores dos artigos desta publicación expresan libremente os
seus puntos de vista, que non son necesariamente compartidos polo
conxunto da Academia. Esta acolle no seu seo unha pluralidade
de opinións.



Obra subvencionada pola Presidencia da Xunta da Galicia.
Secretaría Xeral de Política Lingüística.

INDICE

O ESTADO DAS COUSAS

Mesa redonda: Medios de comunicación	11
Mesa redonda: Cultura	23
Mesa redonda: Institucións	35
Mesa redonda: Profesionais	49

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

A TELEVISIÓN

<i>A Galega ante a era dixital</i> , por Daniel Salgado Lemos	83
<i>Reformulación e reafirmación</i> , por Eduardo Galán	93

A EXHIBICIÓN

<i>Exhibicion en Galicia 2005–2007</i> , por Miguel Anxo Fernández	94
<i>A carreira comercial dunha película</i> , por Carlos Amil	97
Cifras de billeteira	99

A ADMINISTRACIÓN

Axudas institucionais	102
<i>O fomento da produción audiovisual galega</i> , por Ánxela Bugallo	114
<i>Apuntes sobre un sector sempre en construción</i> , por Fernando Salgado	116

OPINIÓN

<i>Cefilmus, ou o desexo de interpretar a imaxe</i> , por Ángel Luis Hueso	118
<i>Unha nova asociación para o audiovisual</i> , por María Liaño	119
<i>Trobadores e web 2.0</i> , por Beatriz Legerén	120
<i>A voltas co xénero documental</i> , por Marcos Nine	121
<i>¿Merece a pena?</i> , por David Pardo	122
<i>Ilusión, constancia e sorte. O poder de contar historias</i> , por Jairo Iglesias	123

OS FESTIVAIS

AS PRODUCCIÓNS

Fichas técnicas	134
<i>A casa de 1906, a alegría televisiva de 2006</i> , por Antón Reixa	174
<i>Linatakalam: un modelo eficiente de coprodución internacional</i> , por Valentín Carrera	176
<i>A casa da miña avoa, un éxito rotundo</i> , por Xosé Zapata	178
<i>Hai males que duran máis de cen anos</i> , por Jorge Algora	180
<i>Ollar coa orella</i> , por Nani García	182

OBITUARIO

Emilio Baños Santos	184
Pedro Amalio López	185

CRONOLOXÍA

A XEITO DE PRESENTACIÓN

Papeis da Academia nace para ser un instrumento máis que contribúa á mellor función que a Academia Galega do Audiovisual pode ter: a do coñecemento. Xunto con documentos que gardan memoria dun ano de audiovisual galego, o que vai de maio de 2006 a xuño de 2007, *Papeis* ofrécenos unha oportunidade que habemos coidar, a de dar testemuño desde o ámbito académico de qué e cómo somos, cómo nos ven e cómo vemos.

A transcripción dos debates que a Academia acolleu para reflexionar sobre o estado das cousas do noso audiovisual forma parte dese testemuño.

E tamén o fan as colaboracións que varios membros da Academia enviaron. *Papeis da Academia* debe ser, sobre todo, unha publicación construída coas achegas do seu principal –único- patrimonio: os académicos. Todos fomos convidados a participar en liberdade, cadaquén coa súa opinión, co seu tema, co seu ton.

Este é o primeiro número. E han de vir máis. Estamos certos de que, coa experiencia deste primeiro paso, no vindeiro número haberá máis voces. Precisámolas. Todas son necesarias. Vivimos un país e un tempo nos que por veces se volve frecuente un silencio que pouco ten que ver coa discreción, o que xorde do temor a que falar comprometa. Cando, seguramente, nada compromete tanto coma ese silencio.

Papeis debe ser reflexo da gran pluralidade -de pensamento e de obra- que acolle a Academia.

Co desexo de ánimo e sorte para continuar co apaixonante traballo que nos é común, co agradecemento a quen nos apoia nesta iniciativa –institucións e empresas anunciantes- e co recoñecemento aos que elaboraron os contidos que veñen a continuación, emprázovos a unha nova entrega dos *Papeis da Academia*, a do ano que vén, que recolla o que agora, todos, estamos a facer.



María Bouzas

Presidenta da Academia Galega do Audiovisual



XORNADAS DO AUDIOVISUAL GALEGO

A ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL ORGANIZOU EN XUÑO DO 2007 A PRIMEIRA EDICIÓN DAS XORNADAS DO AUDIOVISUAL GALEGO. BAIXO O TÍTULO DE *O ESTADO DAS COUSAS*, A ACADEMIA CONVIDOU A REFLEXIONAR SOBRE O SECTOR A MEMBROS DE DIVERSOS COLECTIVOS SOCIAIS.

O evento desenvolveuse no Club Internacional de Prensa de Santiago ao longo de catro mesas redondas: Medios de comunicación, Cultura, Institucións e Profesionais.

As Xornadas do Audiovisual Galego terán continuidade en vindeiras edicións, sempre coa idea que inspirou o seu nacemento: debater onde está e a onde se dirixe o audiovisual galego, cales son os seus acertos e eivas e, en especial, cómo pode mellorar tanto no creativo coma no industrial.

XORNADAS DO AUDIOVISUAL GALEGO



13 DE XUÑO | 19.00 – 21.00 h



De esquerda a dereita: Camilo Franco, Santiago Jaureguizar, Xaime Fandiño, Alfonso Pato e María Yáñez

MESA REDONDA: MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- **Camilo Franco.** Xornalista, La Voz de Galicia
- **Santiago Jaureguizar.** Xornalista, El Progreso
- **Alfonso Pato.** Onda Curta (TVG)
- **María Yáñez.** Xornalista e guionista
- **Xaime Fandiño.** Moderador




Xaime Fandiño: Boas tardes a todos, inauguramos hoxe as primeiras xornadas de reflexión e de análise do audiovisual galego. Unha xuntanza que, baixo esta denominación, é a primeira vez que celebra a Academia. Durante estes próximos días vai haber varias mesas. Medios de Comunicación, que é a que se celebra hoxe, unha mesa redonda sobre cultura e outra relacionada coas institucións. Estas xornadas son unha iniciativa da Academia Audiovisual Galega e nacen como foro de reflexión.

A medida que fomos avanzando desde a xunta directiva neste novo mandato observamos que sucedían moitas cousas dentro do audiovisual sobre as que, na maioría dos casos, non dispoñíamos dunha reflexión crítica. Concretamente, durante o pasado ano sucedeu un fito moi importante dentro do noso sector como foi o tema da detención da rodaxe de *Os mortos van de présa*, que creou unha especie de convulsión dentro do sector.

Á vista desto convivimos desde a directiva que sería necesario dispoñer dun tipo de xuntanza anual na que participara unha representación de persoas relacionadas con distintos ámbitos da nosa sociedade coa finalidade de reflexionar sobre todas as cuestións relacionadas co noso sector. Nesta primeira ocasión, esta serie de mesas redondas responde ao título que aparece no programa: *O estado das cousas*.

Para falar desto dentro desta primeira mesa dedicada aos medios de comunicación están presentes Camilo Franco, de *La Voz de Galicia*, Santiago Jaureguizar, de *El Progreso*, Alfonso Pato, de *Onda Curta* (TVG), e María Yáñez, xornalista. Antón Rodríguez López, de *El Correo Gallego*, que tamén estaba invitado, desculpou a súa ausencia por motivos profesionais. Pois cando queirades comezamos.



Santiago Jaureguizar: Empezo eu porque é a única oportunidade que vou ter para falar. Ben, vou falar sobre cine, que é para o que se me chamou. Quería falar, sobre todo, sobre as nosas relacións co audiovisual galego como traballador nun medio de comunicación. Hai un tema que apuntaba Xaime agora que é este de *Os mortos van de présa*. A min preocupábame que a noticia relacionada co audiovisual galego á que os medios lle dedicamos máis tempo fora a suspensión desa rodaxe. Realmente, creo que é algo preocupante que algo tan negativo coma que se suspenda unha rodaxe sexa a noticia que máis nos preocupe e que ocupe máis espazo que, por exemplo, os premios da Academia e que moitas outras cousas. Temos que reflexionar sobre por que acontece esto.

Logo un segundo tema que creo que deberíamos comentar hoxe é sobre como se nos informa a nós sobre todo o do audiovisual. O xeito fundamental son os correos electrónicos cun certo texto, unha certa nota sobre a produción que sexa e algunha foto se lles cadra. Creio que esto se debe a que temos unhas empresas moi pequenas no país e eso fai que haxa xente un pouco para todo, ¿non?. É dicir, que a persoa que fai a contabilidade fai tamén a xestión da produción e ocúpase tamén de temas de prensa. Creio que faría falta unha maior profesionalidade neste caso, nós no xornal recibimos das grandes compañías internacionais dossiers de prensa, é dicir, nótase a diferenza. Non pido que se faga aquí esto porque os presupostos son menores, pero si creo que ten que haber algún tipo de xestión colectiva do cine.

Creo que se fai un gran labor en producir cine, que leva moito tempo aos que estades neste mundo quitar adiante os proxectos. E todo este esforzo que leva meses e supón moitísimos cartos, e que supón convencer a Gayoso e a Xosé Luis Mendez para que vos financien as películas, non ten logo unha correlación coa promoción que se fai. É dicir, que se ocupa moito máis esforzo, moito máis tempo, en conseguir os cartos para levantar os proxectos e logo non se venden. Quero dicir, falta material audiovisual, porque como moito convidásenos aos xornalistas a ir ás estreas. Con esto quero dicir que o normal sería que nos chegasen os materiais audiovisuais para que polo menos nos fagamos unha idea sobre de que se está a falar, e sen embargo chéganos unha pequena nota cunha sinopse, cos actores, etc. Penso que debería ser a propia Academia a que se ocupe da promoción dos produtos.


Ben, tamén hai un segundo problema, que é o que nos custa a nós vender eso aos nosos xefes, que son os que deciden se se lle dá máis espazo a unha ou outra cousa. Pois o que necesitamos é crear un star system, quero dicir, ter un maior sentido do espectáculo, aínda que todo esto soe un pouco frívolo. É importante para que nós poidamos transmitir aos lectores, oíntes de radio e televidentes que se están a facer cousas importantes aquí. E para iso necesitamos identificar a unha serie de persoas que tiran dese carro: os actores, directores, guionistas, etc.. E que a xente os recoñeza, como acontece no cine español. Creio que estas ideas xa dan para comezar coa mesa.

Xaime Fandiño: Eu quería comentarche que cando ao principio falei sobre *Os mortos van de présa* non foi frívolamente, senón que o que quixen dicir era que a raíz deste feito desde a Academia pensouse que era importante facer unhas xornadas de reflexión non só internas da propia Academia senón implicando tamén a outros ámbitos e axentes da sociedade. Eso foi o inicio para que estas xornadas se celebren e que nacen coa intención de continuidade no tempo.

Santiago Jaureguizar: Non, eu quería dicir que me parece triste e preocupante que a noticia que máis transcendeu en todo o ano sobre o cine galego fora a

“NECESIDADES CREAR UN STAR SYSTEM. QUE A XENTE RECOÑEZA OS ACTORES, DIRECTORES E GUIONISTAS, COMO ACONTECE NO CINE ESPAÑOL”

suspensión dunha rodaxe. Quero dicir, deberían ser máis importantes os premios Mestre Mateo que a suspensión da rodaxe esta, ¿non? Pero claro, temos unha presión aí, eu tiven que decatarme do que pasou antes de que se decatase Camilo Franco e ademais mellor ca el, claro. É un exemplo, pero a min presiónanme para que saiba antes cós da *Voz de Galicia* o que está a acontecer na provincia de Lugo.



Camilo Franco: Eu creo que hai demasiadas cousas cruzadas. Algo que me chama moito a atención é que a pesar de que os periodistas non adoitamos facer

absentismo nas presentacións das películas ou das series de televisión, os profesionais do audiovisual si adoitan facer absentismo laboral cando se trata de escoitar aos periodistas, o que por suposto non deixa de preocuparme. Ben, queredo dicir dúas cousas. Por unha banda, que cando falamos de audiovisual non falamos de cine, esta é só unha parte do mogollón industrial do audiovisual. Nese aspecto os periódicos galegos están moi ben posicionados, porque cada un ten a súa empresa audiovisual e a información non só responde aos criterios periodísticos estritos, senón aos criterios dos intereses de cada medio: se un medio estrea unha serie, vai dar esa serie a toda máquina. Así, creo que hai moitas cousas que non teñen que ver exclusivamente co que sería a práctica do xornalismo.

Por outro lado, creo que tamén se cruzan, de maneira case permanente, dúas tensións no mundo audiovisual galego...a ver como o explico. Nunca nos aclaramos sobre se queremos ser Kaurismäki ou Spielberg. Nesa dúbida permanente sobre se queremos facer cine de autor ou cine para a industria, resulta que os que queren facer cine para a industria reciben subvencións para o autor e á inversa, os que queren facer cine de autor reciben subvencións para a industria. E así estamos un pouco descolocados. Creio que ao final eso tamén

inflúe no traballo do xornalista, porque un xornalista vive de facer o que lle mandan. A cuestión é saber: ¿que ten máis importancia, unha película que está feita no primeiro dogma galego ou unha película que requiriu unha inversión de trescentos mil euros? Este é un debate de redacción: ¿a quen lle damos máis espazo no xornal, a quen deixamos fóra? Normalmente isto solúciónase sempre cunha estrea norteamericana. Se hai conflitos entre as galegas, unha de fóra non manca a ninguén. Así non te cabreas nin con quen fai cine de autor nin con quen fai cine de industria.

Eu creo que, como dicía o meu pai, “o primeiro é aclararse e despois xa faremos o que haxa que facer”. O cine galego tampouco naceu tan espontaneamente como para responder agora a este caos. Quero dicir, naceu dunha maneira espontánea, despois houbo unha serie de estímulos (todos necesarios, todos importantes, aínda que non sei se todos correctos) e agora, chegados a esta especie de madurez na que nos atopamos, poderíamos chegar a pensar que haberá un cine de industria e haberá un cine de autor. Ou haberá un audiovisual de industria e un audiovisual de autor, e as dúas cousas poden marchar paralelas pero non xuntas. Non creo que poida ser así porque me parece suicida para as dúas posibilidades.

Por outra parte, dende o punto de vista periodístico, en xeral os periodistas somos moi tímidos co audiovisual galego. Con franqueza, escoito moi poucas opinións sobre as películas que se fan aquí. Isto non pasa só no audiovisual galego, pasa na literatura, pasa no teatro, etc. Isto afecta ás relacións entre os periodistas (falo de periodistas e non de empresas periodísticas) e o mundo audiovisual, porque ao final vai creando un clima un pouco enrarecido, onde esa ficción que deberíamos construír para que o audiovisual fose atractivo non é só ficción e ademais é falsa. Non é só que construíamos un mundo no que todas as novelas que se escriben en Galicia son estupendas, por exemplo, que imos construíndo ese mundo... Este é o país con mellores novelistas por quilómetro cadrado do mundo porque nunca poñemos a parir a ninguén. E no audiovisual pasa algo parecido, e isto estatisticamente é imposible, é dicir, non podemos facer tantas películas boas. Hai coma unha falta de naturalidade, quizais porque cando un se sente feble non está disposto a que lle piten os oídos. Creo que sería desexable por parte do sector e por parte da prensa, da radio e a televisión, que se creara como un ambiente de naturalidade. A falta de espontaneidade é o que boto de menos nos medios, porque incluso no cine español, que é tan raro que poñan mal as películas dalgúns produtores ou directores, hai veces que se ceban con algunhas películas.




Alfonso Pato: Quero falar do tema da información audiovisual no cine, nas series e programas de televisión sobre todo. Penso que ser lector e receptor de noticias audiovisuais neste país é un labor esgotador. Tes que

estar todo o día en alerta para facer a criba de a ver de onde ven a información, é dicir, se ti les unha información sobre unha película na que na distribución está Sogecable a crítica é moi boa... O que falabas ti antes de ser obxectivo na información, aquí de momento non o vexo moi posíbel mentres se dea este caso no que se fixo esta especie de corporativismo no que cada xornal ten a súa produtora, e xa chegamos ao momento no que a ficción tomou o xornalismo. É dicir, os titulares de ficción forman parte do xornalismo; é dicir, o clásico das páxinas do audiovisual galego: Miro e Antón acoden hoxe ás votacións, coma se fose unha noticia, cando é o encabezamento dunha ficción que toma a parte xornalística.

Se ti te vas fóra cinco días e volves e ves as páxinas do audiovisual, pois xa te perdes, coma se estiveses noutro mundo. Se non estás ao fío de que estás a ver unha serie de algo, independentemente de que o que sae na televisión hoxe case se pode seguir máis polos xornais que pola propia televisión, sobre todo na telerrealidade e todo iso. Eu creo que a información aquí podería distinguirse entre a de medios privados e a de medios públicos (eu estou aquí como representación dun medio público), que fan estes unha información audiovisual digamos á súa bola, a non ser que unha canle, coma neste caso a TVG, entre na produción ou participe na coprodución, pero a min impórtame o que fagamos e o que digamos.

E despois está a información que depende dos medios privados, que dan unha información non sei se dicir que branda, ou pouco obxectiva, porque creo que non é moi posible facela, na medida en que non vexo que unha serie que estea moi ben, e que non a faga un determinado xornal, teña unha boa crítica noutro xornal. Cada un non vai ao Mestre Mateo a informar do Mestre Mateo, vai informar de cantas estatutinas gañou o seu grupo empresarial. Entón un vaille dedicar espazo no seu xornal dependendo da proporción de estatutinas que gañou. Cada produtora sacará no seu xornal correspondente algo segundo o éxito que tivese a noite anterior. Creo que non é fácil, ou que é case imposible, escribir sobre o audiovisual, polo menos desde os xornais. Dende outros medios non sei.



María Yáñez: Eu síntome un pouco rara nesta mesa porque non exerzo actualmente nun medio de comunicación, co cal estas cuestións de informar, non informar... Non exerzo de redactora. Son xornalista, non son colaboradora da Televisión de Galicia, son guionista pero non represento a ningún medio. Estou en varios sitios e en ningún. Pódovos falar da miña experiencia, como xornalista, como guionista, tendo un pouco en marcha unha produtora, e sobre todo como espectadora. Moitas veces preguntáselle á xente que é máis ou menos entendida, pero ao espectador preguntáselle menos. Entón, desde esta mestura de xornalismo e de audiovisual no que traballo, nunca está moi claro onde comeza o

xornalismo e onde remata o audiovisual, síntome máis cómoda falando deste novo concepto, que nos é cómodo a todos porque é moi flexible, que é o dos contidos.

Somos xente de contidos, tanto xornalistas como xente do audiovisual, e cando se fala de xornalistas do audiovisual moitas veces non sei onde está a diferenza. Si que sei que hai xente que ten sentimentos de gremio bastante fortes nos dous casos. O caso do audiovisual é moi estraño, xa a palabra "audiovisual galego" é moi estraña porque hai unha morea de cousas, de ítems, aos que refire e non se sabe moi ben en qué consisten. Eu pérdome, como xornalista é fácil perderse porque hai moitas cousas aí. E como xornalista de internet pásame igual. Íao dicir despois, pero dígoo agora: as páxinas da web son case todas iguais. Percibo que hai unha multiplicación de esforzos, de cartos, que non se chega a entender moitas veces. Supoño que hai xente pagada en cada web de cada organismo ou o que sexa, pero aínda nos falta esa referencia. E parte da culpa disto supoño que é da multipolaridade que hai agora mesmo nas institucións, que está máis reflectida que outra cousa. E en canto á comunicación en internet, os organismos están a facer moitas veces xornalismo audiovisual en internet, e non sei se é o que lles corresponde.

De todas maneiras, tanto en xornalismo coma en audiovisual, se temos que falar do estado de cousas hoxe, temos que falar dun sector non me gustaría dicir que en crise, pero si en mudanza, está a mudar absolutamente todo. Está a mudar a industria, o modelo de produción, o modelo de distribución e, sobre todo, o modelo de consumo. O público é o que está a cambiar o seu modo de consumir, sexan informacións, sexan ficcións, etcétera. Entón, aí é onde o sector debe de aclarar a súa situación e pensar que facer mirando un pouco cara adiante. É un sector que se está a abrir, falaba antes do corporativismo e do gremialismo, pero cada vez hai máis xente a facer cousas dentro do audiovisual. Está a haber un amateurismo necesario e moi positivo, porque se democratizan os medios; o consumo é moi diferente, non fai falta pagar unha entrada e entrar nun cine para consumir un produto audiovisual; as televisións non son agora as únicas pantallas onde poder lanzar un produto audiovisual, unha maneira de contar as cousas. Co cal, ese amateurismo para min é unha fonte de talento moi necesaria e que á parte cubre unha demanda cada vez maior, porque á xente se non lle gusta un determinado tipo de produto audiovisual vai buscar outro.

Sempre dígo que se existen os vídeos en internet é porque á xente non lle satisfacía de todo o que vía noutros medios, e quen di vídeos di calquera tipo de contidos e de soportes. Cando existen os novos medios é porque a xente os acolle, porque son necesarios. Creo que o reto, aínda que semelle paradoxal, o reto para os profesionais, é seren profesionais. Profesionalización, facer as cousas máis axilmente. Se cadra os modelos de empresa agora son lentos, son lentas as produtoras, chegan tarde. Os

"ESTÁN A MUDAR A INDUSTRIA, O MODELO DE PRODUCCIÓN, O MODELO DE DISTRIBUCIÓN E, SOBRE TODO, O MODELO DE CONSUMIR INFORMACIÓNS E FICCIÓNS"

proxectos de desenvolvemento son tan lentos... e xa non falo de cine, porque iso é unha loucura; cando tes unha boa idea ves moitas veces que ese filme xa non está no seu momento, porque o público e todo está a mudar tan rápido, as tendencias de consumo cambian tan rápido que é moi difícil chegar ao público. Se xa é difícil chegar ao público no momento, máis cando é un proxecto a cinco anos. Pero pasa en todas as estratexias.

Eu creo que as empresas teñen que ser máis áxiles, para desenvolver, crear, desbotar ideas. Para iso o que fai falta é capacidade de risco, e o que dá a capacidade de risco son os cartos. Eu non son a máis indicada para falar disto, pero eso é como o I+D no cine e no audiovisual. Ademais, agora que están a cambiar os tipos de soporte, os produtos, está a cambiar todo, é moi necesario para ir por diante. A sensación que dá é a de que o audiovisual galego está a chegar tarde a un modelo de produción ou de cine que xa é do século pasado, eso para empezar. Está querendo formar parte dun sector, que é o do cine español, que está en crise. Trátase dunha crise de público, como o amosan as enquisas, non me gusta falar de crise de contidos, crise de ideas, porque as ideas están aí. Todo depende de como chegues ao público, dos distintos procesos para chegar ao público, estamos a chegar tarde a iso.

Moitas veces penso que estar ao rebufo do cine español é un esforzo inútil; está ben a nivel industrial, para que se poida traballar, para que os técnicos poidan formarse, pero esa non debería ser a finalidade, senón que se debería chegar a outra cousa, a un modelo de audiovisual que polo menos satisfaza ao noso público. Porque estréanse cada tres meses películas con participación galega nas que se investiron moitos cartos das institucións e ao público non lle aportan absolutamente nada. A asistencia en Galicia ten uns resultados moitas veces lamentables. Para a industria vale, para que os técnicos traballen un pouco vale, para que se formen un pouco, pero esa non debe ser a finalidade. Porque ao final aquí

non queda nada, non dá a impresión de que haxa un sistema audiovisual galego, non quedan produtos propios, non se satisfai a un público galego.

O público galego do audiovisual existe, pode determinarse, é o público da TVG, é o público que temos como propio. Pero non hai unha cultura dun público de cine galego, incluso os propios axentes do audiovisual somos ás veces moi malos espectadores. Somos xente de cineclub e de corrillos moi pechados, fáltanos cultura de espectadores moito máis ampla ou que sexa máis eficaz á hora de conectar. Á parte, agora os espectadores son cada vez máis tamén creadores, estase a expandir máis o tema, está a haber unha horizontalidade, e os espectadores poden crear e poden compartir as cousas que fan. E aquí teñen vantaxe sobre nós, son espectadores cada vez máis activos. Antes a xente ía a unha sala de cine, ía con colegas, ía acompañado, pero o acto de ver cine era unha masa de xente incomunicada entre si, cada un ía cos seus colegas e podía falar con estes ao saír do cine. Agora a xente consume audiovisual ao mellor non tanto indo ao cine, pero si no seu ordenador, na súa televisión, no seu móbil ou o que sexa, pero logo si que comparte a experiencia de ver un produto audiovisual con moita outra xente, porque lle pide o corpo facelo e estase a crear unha cultura de consumo moi diferente. Diso tamén hai que tirar, porque se chegamos tarde a un modelo que xa está a caer e non somos capaces de tirar por algo máis accesíbel e que nos conecte co público, non chegaremos a poder considerar o sector audiovisual galego coma un ámbito industrial, de creación de contidos que cheguen ao público.

Xaime Fandiño: Despois de esta primeira rolda de intervencións, parece que o modelo é o punto de inflexión. Camilo falaba de cine de autor e cine industrial... María fai unha crítica coa ollada en internet, e de como nos comunicamos a xente do audiovisual. Estamos a seguir un modelo clásico de comunicación, estase agora a introducir tamén un amateurismo importante que coloca os produtos en internet e alcanzan nalgúns casos o éxito, xa non é coma antes, cando os propietarios dos medios eran os que o tiñan os recursos na man e só producías se tiñas un magnestocopio de alta banda. Entón, onde comeza hoxe esta historia entre profesional e amateur, porque hoxe a xente xa está preparada e as calidades técnicas homologadas. Entón, non sei se poderíamos entrar por aí ao novo modelo do audiovisual ou como vedes vós eso dende os medios. ¿Pensades que o modelo pode aguantarse, ou hai que ir por outro lado?

Santiago Jaureguizar: Ben, eu creo que o que apuntaba María é algo moi interesante. O tema das siglas dá-nos moito medo cando chegamos pola mañá e miramos os correos electrónicos e...entón entran todas as siglas e quedas pensando sobre a relación da túa empresa con esas siglas concretas que non lembrás. Si penso que se dá ese caso de que hai demasiadas institucións para contarnos as mesmas cousas, entón chéganos a mesma

información por diferentes medios...E ben, eso é porque falta que se concentren un pouco as fontes informativas.

Cambiando un pouco de tema agora, pois é un pouco o que comentaba María, o modelo de facer audiovisual está a cambiar porque se está a rachar con todas as xerarquías que había antes. Antes era un produto que dicía todo, agora abonda con ter unha idea, unha cámara de vídeo e un ordenador. Creo que eso está a provocar a parte positiva de que calquera vai poder facer cine ou documental, facer as súas historias sen ter case un peso. A parte mala pois é o de sempre en internet, todo eso pérdese porque non temos un portal onde buscar información, é dicir, un referente onde buscar audiovisual, independentemente de que tamén boto de menos que haxa máis blogs, estiven estes días buscando blogs de cine galego e hai realmente poucos. Falta tamén xente que opine sobre o que se está a facer aquí, houbo un tema no que o blog que facía María era un referente para todos, todos íamos aí e partir deso buscábamos outras cousas. Na literatura, dicir que o blog de referencia é o que fai Manolo Bragado, que é onde todos buscamos as cousas, pero non temos eso no audiovisual, eu non sei moi ben onde buscar a información. En internet hai pouca información por parte dos profesionais do audiovisual sobre o que están a facer. Os datos que atopei son de hai seis ou sete anos, e paréceme preocupante. Non temos case datos, eu teño amigos no audiovisual que se dedican profesionalmente a eso e coméntanme que as cousas están moi mal.

Camilo Franco: Eu quería facervos unha pregunta e unha reflexión. A pregunta é: ¿Cando vos referides a un modelo esgotado falades de *Piratas del Caribe*, é ese o modelo que está esgotado? Eu creo que o que está a pasar na industria audiovisual, e na galega en particular porque está a tratar de emanciparse nunha circunstancia difícil, é o mesmo que pasa nas sociedades neoliberais con desequilibrios. O que sucede é a desaparición da clase media, o que ten pasta ten moitísima máis e o que non ten pasta ten que buscarse a vida. Nese escenario, os que quedan no medio son os que van quedar laminados porque non van ter a pasta dos que teñen os cartos, as grandes multinacionais. Polo tanto, todo o cine europeo está case pillado na clase media, e o resto é esta vocación amateur, que seguramente funciona de maneira moi espontánea, pero que non aspira a crear identidade, nin nacional nin económica, etc.

Creo que case toda vocación amateur, por propia dinámica vital, fai dúas cousas: ou aproba oposicións ou remata neso, quero dicir, que ata aí a espontaneidade é estupenda pero hai un momento no que non dá para vivir. Ese é o medo que eu lle vexo a esa actitude de "podo facelo na casa". A cuestión non é tanto eso senón onde queda a industria galega, o cine galego ou o sector. Xa non sei de que falar, se de industria, se de sector, ¿a onde aspira? ¿Aspira á clase media? Pero esta clase de industria audiovisual está a desaparecer. Por iso a

industria audiovisual está, na práctica, case condenada a entenderse coa televisión. De momento, é o único espazo industrial no que hai diñeiro e mercado. O resto dos espazos industriais están a desaparecer porque quen ten diñeiro vaise dar a valer. O resto é un circuíto moito máis reducido, que pode ser cine de autor ou un circuíto que seguramente é emerxente que é o dos "cineclubistas", que por outra parte non é xente moi disposta a pagar.

Cando falamos antes do cambio de comportamento do público... teño a impresión de que hai unha parte do público que cambia moi rapidamente e hai outra parte do público que é tremendamente conservadora. Este último responde aos mesmos estímulos que podían ter hai cincuenta anos. Os estímulos agora son en cor, ou de animación en 3-D, etc. Pero o estímulo básico é o de "eu vou divertirme" e as palomitas, é dicir, basicamente é a mesma mensaxe. É aí onde eu creo que o sector está atrapado e tamén os xornais están atrapados. En parte ten que ver coa desorientación da que falaba ao principio. É verdade que o cine necesita cartos, pero non se pode facer sen ideas. Sobre todo, non o podes facer se non tes moi claro que é o que queres contar e a quen te vas dirixir. É tamén esto que se puxo de moda na parte industrial dos periódicos, que é: "cal é o teu nicho de mercado, é dicir, onde vas palmar". Paréceme que ese é un asunto que vai pesar moitísimo, porque vexo que a *Shrek* vaille ben. Non se pode falar de crise de espectadores, a *Shrek*, a *Piratas del Caribe*, vailles estupendamente. Hai algo aí, nesa maquinaria, que funciona e que leva á xente ao cine sen necesidade de insistirle. Paréceme que estamos a baleirar a franxa do medio, é dicir, o que debería quedar entre Kaurismäki e Spielberg. Nesa franxa é onde debería haber unha banda ancha, pero estase a estreitar, e en certa medida tamén é culpa nosa, porque non sempre vemos as películas que dicimos que hai que ver.

Santiago Jaureguizar: Eu creo que ese éxito das "grandes películas" débese a que está moi claramente identificado ese conduto. Quero dicir, sabes perfectamente cal é a personaxe de *Shrek*, de *Piratas del Caribe*, etc. Hai catro ou cinco películas que aínda que non fosemos velas sabemos perfectamente de que van, e eso non acontece no cine galego. Para saber de que vai unha película hai que buscalo en internet ou nalgún outro lado. Creo que é un problema de porcentaxes, de canto se dedica para promocionar eso. Logo temos un segundo problema, que era do que falabas ti antes, que cada grupo de comunicación ten os seus intereses en determinados produtos e noutros non. Sen dar nomes, porque estamos hoxe un pouco elegantes, hai certos produtos que non van aparecer noutros medios de comunicación, e parécenme cousas que non teñen solución.

Alfonso Pato: Quero comentar algo que ten que ver co tema das promocións das películas e todo isto. Ben, con respecto ao da promoción quería dicir que cada mañá os que traballamos nos medios recibimos dez, quince

"A MOITA XENTE DÁLLE PREGUIZA VER O CINE DE AQUÍ. HAI QUE VELO PORQUE É GALEGO? NON SEI ATA QUE PUNTO SE LLE PODE PEDIR ESE ESFORZO AO ESPECTADOR"

convocatorias de diferentes cousas. E ao mellor os contidos desas convocatorias non digo que non vaian ser bos, pero tes que esculcar moito porque as informacións que mandan son absolutamente aburridas, carentes de enxeño. Non hai ni un que faga unha promoción un pouco enxeñosa que che chame a atención. Entón, trátase un pouco diso, de atopar entre esas convocatorias algo realmente creativo, que chame a atención. Vexo un pouco eso, falta de enxeño nas promocións. Evidentemente, nós non imos competir con superproduccións norteamericanas que bombardean con tráilers en todos os cines, en todas as canles, etc. Pero haberá que buscar algunha forma de competir, con enxeño ou espertando a curiosidade. Eu vexo un pouco esa carencia.

María Yáñez: Antes alguén preguntaba cal é a diferenza entre amateur e profesional; pois ben, son os cartos. Eu considérome unha persoa bastante informada sobre as películas galegas que se estrean, pero non me lembro da última película galega que fun ver pagando. Teño que dicilo porque moitas veces non me interesa, non me chama, aínda que coñeza actores, técnicos, director e tal, dá preguiza. Eu creo que é unha cousa que lle pasa a moita xente, que lle dá preguiza ver o cine de aquí. Primeiro, por unha cousa nefasta que a xente non entende, e eu tampouco acabo de entender... O audiovisual galego, estamos co de sempre, ¿hai que velo por que é galego? ¿Hai que ir velo por militancia? Non sei ata que punto se lle pode pedir ese esforzo ao espectador. A xente pode ir velo porque saen actores que coñecen por series, por exemplo, incentivos que os medios deben aproveitar. Pero o caso é que se a historia que se lles conta non é próxima a eles, e non chama moito a atención dentro dos milleiros de historias que recibimos ao día entre todas as opcións de ocio, é moi difícil. Dá moita preguiza ver unha película galega, española, europea, aínda que non sei se por este orden.

Xaime Fandiño: O outro día recibía uns datos de audiencias e comprobaba que a xente nova non está na

televisión. Aquí en Galicia estaba só diante da pantalla a de corenta e cinco para diante. Corenta e cinco considérase moi adulto en Galicia. Os programas que saen adiante, os que realmente sacan cotas, son os que capturan ademais aos nenos. Entón, sucede que estamos a ver programas de televisión que teñen sempre algún compoñente infantil, as series sempre inclúen algúns nenos, porque así capturan aos vellos e ás audiencias infantís.

María Yáñez: A xente que consume publicidade é a que está a fuxir da televisión, incluso a publicidade está a ir para outros lados. Incluso a televisión xa ten problemas agora, porque a publicidade non chega para repartir o pastel entre as oito canles que hai agora. Polo que as empresas están a ver que lles compensa meter os cartos noutros medios. Quero dicir, os produtores de contidos teñen que estar un pouco aí porque a pasta xa non está tanto na televisión, polo que hai que buscar outros recursos. No cine os cartos están no Ministerio, a Consellería...

Alfonso Pato: ¿Podo dar un dato? Eu fago un programa de curtametraxes, temos unha media de arredor do seis por cento, uns dezasete mil espectadores nos ven habitualmente. Cada vez que a media pasa do sete ou oito por cento, incorpóranse maiores de sesenta e cinco... como o sector que máis ve curtametraxes.

Xaime Fandiño: É unha programación de madrugada para celadores de hospitais, os que están en garda na mili, vamos, que se a esas horas estás aí quedas enganado. Pero esto non é o normal. O público obxectivo dos programadores é o que ten uns costumes rutineiros. Pero eso non sucede hoxe en día coa xente nova. Estes chegan e para ver unha curtametraxe cóllena de onde estea colgada e vena cando queren. Non se quedan aguantando unha programación, baixan a curtametraxe e vena tranquilamente con catro colegas, incluso amplifican o son e escóitana fenomenalmente... É distinto.



Jorge Algora (público): Se debuxades un panorama no que acceder aos medios para a promoción é tan difícil, ¿como entón imos lograr instalar o produto? Moitas veces tropezamos con determinadas dificultades para acceder a que che publiquen determinadas cousas en *La Voz de Galicia* ou noutros medios. E claro, cando estás a intentar facer difusión e podes atopar máis eco en *El País* que en *La Voz*, xa que esta ten unha produción maioritariamente galega... A cuestión é esa, os medios galegos defenden á produción que moitas veces eles teñen amparada, e dígoos eu, que son o vicepresidente dunha asociación onde están todos os medios galegos. Sábese claramente que se vai potenciar unha cousa e non outra. ¿A que estamos a xogar? Penetrar nos medios é moi difícil para aqueles que arrincan. Tamén pode ser que alguén faga gracia e, como no caso de Manuel Cristóbal, teña un produto que o lance... eso é unha cousa que funciona. Pero resulta que se xa hai determinada xente

significada por unha cousa ou por outra, a comunicación vai ser moito máis difícil. Isto como primeira providencia. O outro tema é se ao espectador hai que chegar con grandes superficies, a boutique do gourmet e o supermercado... Resulta que analizar que un modelo de negocio está mal cando o espectador vai mercar de todo significa que renunciámos á comunicación masiva. E isto preocúpame porque é renunciar a algo importante.

María Yáñez: Renunciámos á comunicación masiva en beneficio doutro tipo de comunicación. Penso que hai xente á que a comunicación masiva xa non lle satisfai, e busca outras formas de comunicación. Eu penso que as cousas están a ir por aí. Isto non é un drama, simplemente é distinto. Cambia, por eso hai que adaptarse. Moitas veces o que lle pasa ao sector audiovisual, aquí e en moitos outros sitios, é que a cantidade de tempo que invisten lamentándose do mal que está a situación, se o invistisen en buscar novas opcións... Isto demostra que este modelo non funciona... e con todo o que traballamos parece que todo isto é inxusto, que mal está todo, etc. Hai que aceptar que a cousa non está ben e dicir "ao mellor pois hai que ir por outro lado". Todo o mundo ten que facer unha reflexión global do que está a pasar, para recoñecer realmente o que está a pasar aquí; porque o público é de aquí e é global sobre todo. Vemos antes unha curta que vén de Eslovenia, por exemplo, que unha curta feita aquí.

Santiago Jaureguizar: Eu o que penso é o que comentaba antes Alfonso, hai que buscar unha forma nova de vender as cousas xa que agora é tan difícil. E logo, hai que buscar públicos máis concretos, xa non se pode ir a eses grandes públicos, hai que fragmentar o público ao que te dirixes e buscalo directamente, ¿non? E sobre todo hai medios como internet, o cal me parece un sitio estupendo para buscar novos públicos, que van ser os rapaces... Ben, e como comentabas ti antes, eles xa non teñen a televisión como centro de encherse de cultura como a tiñamos nós, que chegabamos á casa e poñíamos a televisión, ¿non? Eles, os rapaces, prenden os seus ordenadores e é aí onde consumen todo. Consumen xogos, consumen películas, música, etc. Entón, eu penso que internet é un bo medio para dar o salto, e non estar sempre a intentar ser unha parte do cine español, o cal ademais ten pouco interese no cine galego. Entón, eu penso que o salto pódese facer a través de internet, o cal é un medio barato. O que hai que conseguir é que a xente atope referentes para encontrar o cine galego dentro dese océano que é a rede.



Carlos Amil (público): A min gustárame reincidir un pouco no estado das cousas, na relación entre os medios e o audiovisual. Volvendo un pouco ao que se formulou nas primeiras intervencións, eu teño a sensación de que hai unha certa confusión xeral. Padecémola todos os que nos dedicamos a facer as películas e aínda non sabemos moi ben, nestes tempos

de cambio, non sabemos moi ben por onde tirar. E dicir tamén que nas relacións coa prensa a min dáme a sensación de que hai dous elementos moi claros. Un ten que ver co audiovisual na industria e outro ten que ver coa creación. Sorprendentemente, baixo o meu punto de vista, o problema é que cando se fala dende a prensa é dende a perspectiva exclusivamente industrial... E retomando casos coma o de *Os mortos van de présa*, a min sorprendeume, porque, que eu saiba, era a primeira película que se paralizaba en todos estes anos de industria. E, sen embargo, foi utilizado en xeral coma a proba palpable dunha crise insondable no audiovisual galego. Entón, a min eso sempre me sorprende... Entendendo, primeiro, que en moitos casos cando se fala do audiovisual enténdese como tal só o cinema e non os outros sectores, que son os que soportan de verdade a industria neste país.

Sorprende como se pon baixo sospeita o traballo de tantísimos profesionais. Nese sentido, case sempre hai unha inevitable tendencia a poñer en dúbida a todos os profesionais, o cal pareceume sempre moi sorprendente. Mesmo se falasemos de que non nos gusta unha película, e en todo caso hai uns responsábeis moi directos e moi claros, pero hai toda unha serie de profesionais que non se pode pór o seu traballo en solfa, e á industria en solfa. Se non me gusta como escribe un periodista, a min non se me ocorre pensar que hai que poñer en dúbida a todo o sector.

Tamén me preocupa, e aquí fago unha autocrítica importante, que Galicia debe ser o único sitio do mundo onde cando se fala da estrea dunha película, fálase da estrea dunha produtora. E dificilmente se fala da estrea duns creadores con nome e apelidos, sempre é unha produtora. Sexa unha produtora que teña un vencello directo co medio que o está a poñer, ou sexa unha produtora que non teña nada que ver. Creo que, nese sentido, os que nos dedicamos a escribir, os que nos dedicamos a dirixir (e de aí o sentido da autocrítica), temos moito que ver. Xa que saímos pouco, opinamos pouco e quizais de aí veña un pouco esa confusión. A min pareceríame estupendísimo que nos medios de comunicación se falase das películas dende a perspectiva da creación. Pareceríame estupendo que se puidese falar con absoluta liberdade sen que iso implicase outro tipo de elementos. En fin, que entrasemos na normalidade.

Diría que estes son para min dous dos problemas que hai habitualmente. Unha é esa lectura da industria onde a poñemos en solfa, que en moitos casos dependa demasiado de axudas... Pero a ningún se lle ocorre pensar que unha axuda para crear un novo edificio para un medio de comunicación soterra os cartos que non recibiu aínda o audiovisual en todos estes anos. E a ningún se lle ocorre dicir que aos xornalistas que traballan alí, ou a calquera outro xornalista, hai que poñelos baixo sospeita.

E hai un elemento máis que tamén hai que ter en conta, do cal xa deu parte María. E é que, a día de hoxe, creo

“POR MOITO QUE SE DIGA QUE IMOS ALIMENTAR O SECTOR ATA QUE O IMPOÑAMOS, NON É TAN FÁCIL, PORQUE UN SECTOR NON SE PODE IMPOÑER”

que aínda lle dámos excesivo valor ao que significa a recadación en taquilla dunha película. Porque normalmente as películas están amortizadas, están mercadas polas televisións, antes de saír. Por tanto, seguir traballando con conceptos que estaban ben hai trinta anos, pero que hai trinta anos que morreron, paréceme que son en xeral enganosos de cara... pois a todo o que se está a dicir aí detrás, ¿non? E quizais estes son os elementos sobre os que dalgunha maneira conviría reflexionar.

Camilo Franco: Os xornalistas, especialmente aqueles que confundimos a cultura co espectáculo, estamos permanentemente baixo sospeita. Non é a primeira vez que teño que escoitar: “Este tío non ten nin idea, ¿por que mandan a este se non sabe distinguir entre un guionista e un director?” Tampouco é novo que digan “se traballas na *Voz* que vas dicir”... Un dos grandes sistemas culturais do mundo é o estado permanente de dúbida. Eu creo que o fondo de todo isto, e perdoade que fale de política outra vez, é: ¿Se temos problemas para crernos o país, como non imos ter problemas para crernos o audiovisual? No fondo é esta historia, é dicir, os periódicos desconfían por millóns de cousas, o público desconfía outro tanto, ¿pero por qué? ¿Porque somos galegos somos desconfiados? Non. Iso é xenética, só vale para os vascos. Ao final digo: ten que haber algo en todo isto, que non nos está permitindo mirar na dirección correcta, ou estamos a mirar na dirección correcta e non queremos asumilo. Esta é unha batalla que, por moito que se diga “imos alimentar este sector ata que o impoñamos”, non é tan fácil porque un sector non se pode impoñer.

E cando ti me dis: “non podemos utilizar conceptos como as taquillas”... Entón, ¿cales son os datos que ten que contrastar un xornalista? Porque contrastar a taquilla é fácil, só tes que ir á páxina do Ministerio de Cultura. Non teño que ir taquilla por taquilla preguntando, aínda que este sería o verdadeiro traballo dun xornalista... e iso é un contraste. O asunto ten dous matices... o asunto das produtoras. Eu entendo o que queres dicir, pero é que

o cine é industria, porque estamos nesa batalla... Eu fártome de escoitar declaracións de xente: “non, non, o que temos que crear en Galicia é unha industria”; pois se temos que crear unha industria, temos que falar cos produtores, que son os que manexan o concepto económico. E se o que temos que crear é unha expresión, entón temos que falar cos directores. E volvemos á mesma dicotomía de “ben, ou somos socialdemócratas ou somos nacionalistas”. E nesta batalla é difícil moverse. Difícil por un argumento moi insensible: “vale, pero ao final a xente non vai”. Que me expliquen a min, por exemplo, estas xornadas á parte, de se algunha vez conseguimos saber que é cine galego e que non, esa será a sétima pregunta... Pois á parte diso, que nos digan tamén cal é o criterio periodístico que podemos aplicar para dicir “esta película foi ben ou esta foi mal”, non só desde o punto de vista do artístico porque sería entrar en valoracións. Quero dicir, a min pódeme parecer moi mala e os do Cineclub de Santiago mosquéanse comigo... Non. O criterio é se, á parte dos cartos das subvencións, se vendeu para cincuenta televisións, ou para trinta, ou dúas, as que vos digades como profesionais... Logo eu digo: vale, pois a esta película foille ben. Pero ese criterio tampouco existe. Entón, ¿a cal recorres? Digamos que ao máis concreto, que é o das taquillas

Santiago Jaureguizar: Nós, como xornalistas, ¿qué facemos? ¿Ir ver unha película e titular ao día seguinte a catro columnas que nos gustou moito? Pois iso non é un criterio. Quero dicir, nós temos que buscar datos, é o que se nos pide no periodismo. Se é de Kaurismäki podes dicir se non che gustou, se é dunha empresa galega non podes dicilo. Quero dicir, non podemos facer informacións baseándonos só nas nosas percepcións sobre as películas ou os documentais, temos que buscar datos. Tamén entendo que si, que os datos de taquilla están anticuados, pero nós temos que buscar a cantas televisións se lle vendeu o produto, preguntar cantas subvencións recibiu unha película... Todos sabemos como funcionan as subvencións, e non sempre é por criterios artísticos.

Carlos Amil (público): Teño a sensación de que moi poucas actividades, ou quizais ningunha coma esa do cinema, e probablemente non só en Galicia, están sometidas sempre a un elemento de sospeita que non existe, por exemplo, no libro. Estamos falando dun sector no que están a traballar empresas privadas, e insisto, que non só a súa actividade está supeditada ás axudas. Por outra banda, axudas que son legais e que existen para os propios medios que están a poñer en solfa constantemente eses elementos. Non se trata de non ter que fiscalizar... Volvo insistir de cómo, baixo a miña percepción, estase a poñer en perigo constante unha industria que dalgún xeito efectivamente non existía hai quince anos, pero que dalgunha maneira agora está asentada e que depende de moita xente. Teño esa sensación como lector en moitas ocasións, de que nas informacións se dá ese punto de vista case de xeito exclusivo. Ben, a min, claro, gustárame que se falase moito máis dos aspectos da

creación. E poida que teñamos moita culpa nós tamén, porque quizais dende a profesión, é certo tamén que deixamos ou derivamos demasiado a preocupación no terreo industrial. É dicir, que os produtores tomaron ese corpo, tiveron esa presenza e protagonismo constantes, e non sei moi ben como revertir esta situación. Falo dende un principio tamén de confusión, que non vai só no terreo dos medios senón tamén no terreo dos que estamos a esta outra banda. E esa é un pouco a sensación.

Santiago Jaureguizar: Volvendo un pouco a esto que falabas antes de que hai moitas xeralizacións. O goberno vasco hai dez ou quince anos fixo unha campaña que era “Ven y cuéntalo”, invitaba a ir á xente a Euskadi e que contasen o que viron alí. O problema do cine galego é que non se coñece. A xente recoñece a catro ou cinco actores porque os ve pola televisión e pouco máis. Pois ao mellor tedes que facer unha campaña parecida a esto: “Ven y cuéntalo”. Tamén supoño que implicando un pouco aos medios de comunicación, presentando a esa xente que fai o cine e non á xente que fai a produción, aos directores, actores, etc. Creo que sería un xeito de romper con todas esas xeralizacións.

O que comentabas ti de *Os mortos van de présa*, que se estaba a esperar a que acontecese unha hostia coma esa para meterse co cine galego... Eu é raro o día no que non teño que explicar que as subvencións que recibo eu por escribir un libro son unha pequena parte do que gaño coa literatura. Porque hai ese gran tópico de que estamos todos moi subvencionados. Dos ingresos para a literatura, as subvencións son un dez por cento máis ou menos. Tedes que perdoar que vaia ao meu exemplo, pero é que é o que coñezo. Todos os días dinme: “Ah, estades subvencionados e tal”. Ben, eu vendo moitos libros para rapaces, que me dan cartos, e non teño... vamos, para os adultos vendo moi poucos... Quero dicir, co cine pasa igual, todos os días hai que explicar que non todo son subvencións porque a xente do común pensa que os do cine a maioría estades subvencionados, ¿non?

Carlos Amil (público): O problema é que ti na rúa entendes perfectamente ese punto de vista, entendes que a xente poida dicir eso. O cal non deixa de ser tamén unha dinámica que xorde moitas veces por xente que si debería saber que as subvencións son o que son, e son normalmente subvencións que van para a industria e non ao persoal. Eu nunca me sentín subvencionado, antes pola contra sempre sentín que me pagan moi pouco polo traballo que realmente fago. Aínda que parte deses cartos proveñen da subvención, a min non me veñen da Xunta nin de ningún outro sitio. Danllo ao produtor, que é o que levanta un proxecto industrial, e este é o que me paga, malpaga, benpaga. Normalmente me malpaga, como nos pasa a case todos. Pero si que ás veces determinadas cousas levan cara ao público un pouco esas sensacións, ¿non? Cousas coas que efectivamente temos que pelexar, imaxino que a moitos xornalistas vos pasa o mesmo.

Camilo Franco: Ese é o discurso xenérico. Estamos tan confiados no estado socialdemócrata que sempre nos parece que é o estado o que está detrás de nós, en lugar de pensar que estamos nós por detrás do estado. Aí hai unha batalla sobre o que queremos facer con isto. Isto de “declaramos a esta industria estratéxica e despois xa veremos o que facemos”. Non. Primeiramente imos pensar se realmente queremos facer estratexias con esta industria. Porque se vai ser unha industria ao mellor non necesitamos artistas, o que necesitamos é xente solvente que o resolva. Non necesitamos xente que conte historias. E este principio da batalla está moi no *rollo* do cine, porque non se acaba de ver moi ben cal é a distancia... “Non, eu vou poñer unha maquinaria a funcionar e cando remate esta maquinaria vou saber canta pasta quito”. Unha parte do cine norteamericano é iso, “canta pasta quito ao chegar ao final. E desta pasta canta me queda para seguir”. Se temos ese debate está claro que en Galicia quedánnos como oito mil anos de melloría. É dicir, eu creo que Caixanova e Caixa Galicia van ter que investir moitísima máis pasta.

¿A outra batalla? Nós queremos algo que nos explique, contar historias e que estas historias as vexa alguén do Tíbet e bote as mans á cabeza dicindo “que exóticos son”. Eso é outra batalla totalmente diferente, entón teríamos que estar a falar aquí de códigos, de semiótica e non tanto dos cartos. Porque ao mellor para facer todas esas cousas, para explicarnos, non é necesario ter tres mil tíos. Houbo un momento no que o cine funcionou así, eu creo que ao mellor mitificamos un pouco o cine dos anos trinta e corenta calculando que daquela non pesaba o *rollo* da industria. Vaia se pesaba, ¿os carteis de Gilda colgados en todos os cines de Norteamérica non eran márketing?. Entón, agora temos a tendencia a mitificar o que xa nos sucedeu, e eu espero que algún día mitifiquemos o cine galego.

Santiago Jaureguizar: O que non entendo é porque levas, todo o tempo ademais, separando unha cousa da outra. Se non temos industria, non temos autores, eso está claro. Temos que crear unha industria para que haxa xente que poida contarnos historias.

Camilo Franco: Se queres contar historias non tes necesidade de ter cincuenta mil persoas por detrás túa. Venderlles o que fas é outra cousa... porque realmente no que cambiou a última parte do século XX é na forma de distribución. O difícil hoxe non é facer as cousas, é que chas compren. E aí estamos a falar dunha experiencia que sobrepasa con moito a experiencia do audiovisual galego.

Jorge Algora (público): Eu creo que os dous modelos teñen que convivir, sobre todo neste tempo no que hai que manter unha industria que pode dar para moita xente... Non falo unicamente da televisión, senón das produtoras, que fan moitos máis contidos, ¿non? Hai que ter en conta que a maioría das produtoras en Galicia non só fan cine, senón que tamén están a traballar na

“XENTE QUE VÉN DUN MUNDO Á MARXE DA INDUSTRIA ESTÁ A FACER DOCUMENTAIS, LONGAMETRAXES E PELÍCULAS GORE SEN RECIBIR UN PESO DA ADMINISTRACIÓN”

publicidade, na televisión e noutras cousas. Aquí non se fai unicamente cine porque non se pode facer. Penso que hai que apostar polo tempo, é dicir, non podes abandonar certos camiños andados porque a xente ten unhas certas expectativas. A estas horas estase a presentar unha colección de películas galegas que repartirá o xornal de Camilo. O cine que chega no verán ás prazas das vilas de Galicia ten unha resposta do público máis que aceptable. Penso que son espectadores que, aínda que non paguen taquilla, están aí tamén para dicir se hai ou non hai cine galego.

Santiago Jaureguizar: Eu o que penso é que xa que se andou todo isto, xa que hai unha serie de profesionais que se dedican a isto, imos facer cando menos que sigan a vivir desto, ¿non? E que non teñan que ser funcionarios da Xunta de oito a tres para logo poderen contar as historias.

Alfonso Pato: Respecto ao que diciades antes sobre a xente á que lle interesa contar historias, está a haber unha corrente de xente interesante que con poucos cartos... Xente que vén dun mundo máis independente, á marxe da industria, á que lle apetece contar historias e está a facer documentais, longametraxes e películas *gore* sen recibir un peso da Administración. ¿Que pasa? Logo baterán co tema da distribución, obviamente, pero hai algún que xa ten a distribución asegurada en DVD. Trátase dunha película *gore* que dura uns setenta minutos aproximadamente, que lle custou seis mil euros ao tipo e que a rodou as fins de semana durante dous anos. Entón, eso de ter ganas de contar historias, pois eu creo que si, ¿non? Outra cousa é, despois, como queiras someterte aos parámetros da industria. Por exemplo, no tema das curtametraxes, pois sempre pasa o mesmo. Sempre imos buscar unha cámara e dous colegas, unha curta que queremos poñer na televisión, e despois pasa que a música é de Pearl Jam e, claro, non a podemos poñer. Nós, cando imos por aí predicando aos centros e tal, dicímoslle que fagan a música orixinal, que rexistren

as obras, etc. Que se sometan a pequenos dictados de cara á industria que a eles tamén lles poden aportar beneficios. Polo menos, que teñan unha pequena fiestra para a exhibición que lles reporte catro pesos.

Xaime Fandiño: Hai que dispoñer dunha estrutura mínima para poder traballar dignamente. Eu dígolle moito aos alumnos de comunicación que cando tes un ordenador e unha cámara non es unha produtora, só es un *freelance*. Moitas veces a xente confunde conseguir unha cámara e un ordenador para editar con ter unha produtora. Os rapaces traballan corenta horas ao día e eso non imputa nada. Ao final, se dividimos o tempo traballado, gaña moito máis a miña asistente por hora que ese especialista. Eso non é industria, está ben como unha historia de práctica e tal, pero temos que dispoñer dun mínimo de estrutura para poder traballar e vivir dignamente.

Camilo Franco: Pero non mires para min porque parece que eu fixen unha... O que estou a dicir é que para ser industria hai que ter tal tamaño... Mira, eu enchufo a Fox por cinco euros ao mes e subministranme trinta teleseries... Aí tamén hai unha competencia que o audiovisual galego ten que entender, é dicir, o espectador galego non ve só a Galega, ve Cuatro, que está chea de series... esa tamén é unha competencia. Quero dicir, ¿imos comparar calquera teleserie da Fox e calquera teleserie galega? Hai unha diferenza de investimento, pero a cuestión é como se enfronta a eso o espectador, quen di: "Ah, non, esta é galega e polo tanto vou ver esta". Ou cambia e di: "Vou ver *House*". Claro, cada tempada de *House* vale o mesmo que toda a tempada das series da galega, pero explícalle eso ao espectador. Quero dicir, cando falamos de industria tamén estamos a falar desa competencia.

María Yáñez: Sobre eso, ao mellor hai persoas ás que non lles interesa ver unha serie que poida competir con *House*, pero si lles interesa ver outra cousa, algo que só poida facer a Televisión de Galicia e non o poida facer a Fox. Aquí a maioría dos profesionais estamos a traballar para televisión. Xa sexan os de cine, os actores, todo o mundo está a traballar para televisión. É o principal soporte que hai aquí para a industria, incluso non hai cine sen a televisión. Todo xira arredor da televisión, e o cine non se pode entender coma algo que poidas medir con parámetros de industria independente, aquí depende da televisión. E hai unha loita moi grande, en España incluso, polo tema da televisión e do cine. Con esto o que quería dicir é que non ten porque ser ou grandes ou pequenos. Precisamente, poden coexistir grandes e pequenos.

Xa pensando un pouco en positivo, penso nunha película vasca, que foi unha película moi barata, rodada en eusquera, e contaba a historia dunha familia vasca moi típica, moi sinxela, moi bonita. Arrasou nas taquillas no País Vasco, estaba *Shrek* baleira. Cando falamos de éxitos no cine, falamos de maxia case. Tense que dar que o produtor sexa bo, que lle interese á xente nese momento, que haxa unha comunicación importante para

que a xente saiba que está aí... Pero hai que pensar que o márketing nace cando nace o produto, dende que está a idea hai que pensar xa en a quen vai dirixida e como a vas vender. Por eso eu sempre reivindico a figura do produtor executivo, ¿non? Para a miña forma de ver faría falta na literatura, en moitos aspectos da cultura. Porque é a persoa que une o talento co público. Ás veces falta esa figura que controle ao creador e que saiba poñer ao creador en contacto co público. O creador está moi ben, pero o creador só non ten a ferramenta para chegar ao público. Por eso penso que as películas teñen que nacer xa pensando no público. Sabes que unha película vai funcionar e tes que ter moitas ideas, é un proceso moi longo e moitas veces custa sacrificar o traballo. Moitas veces tiramos ata o final porque, ben, hai unha serie de xente que puxo pasta... Entón, hai que aproveitar o cambio de modelo para poder adaptármolos a unha industria que pode ser moito máis áxil. Nós, que temos poucos medios, é esa a única maneira que nos queda, porque se non estamos condenados a gastar moitos cartos e a que o público quede como estaba.

Xaime Fandiño: Poderíamos falar algo de internet como medio.

María Yáñez: A xente fala de cine, hai unha comunidade de espectadores potenciais que son espectadores da Galega, que comentan unha chea de cousas pero que están dispersos, non hai un sitio de referencia para eles. Houbo uns cantos blogs bastante interesantes, e o traballo depende do esforzo de cada un. Había poucos blogs feitos por espectadores, había máis feitos por xente do sector. Si que se poden palpar cousas sobre o público en internet. Non sei, o noso documental tivo catro mil descargas en Google vídeo. Hai público aí, e sobre todo hai público que manifesta as súas demandas, o que lle interesa. De seguida di o que non lle gusta. Ben, está aí e eu polo menos estou bastante atenta.

Xaime Fandiño: A xente nova non consume televisión, non ten unha fidelidade.

María Yáñez: Non, hai xente que si, a xente ve a televisión. E vemos a Galega, agora están a saír cousas interesantes na Galega, os formatos estes de noite que están a funcionar bastante ben... A xente grava os programas, sóbeos a YouTube ao día seguinte. É un público activo e que está visible, que se pode saber por onde vai.

Xaime Fandiño: María, Santiago, Camilo, Alfonso. Moitas grazas a todos por acompañarnos nesta primeira xuntanza de balance da Academia Galega do Audiovisual e por aportarnos unha visión do noso sector desde a óptica dos medios de comunicación.



E logo!

En galego, tes todo un mundo por compartir.

Creatividade. Imaxinación. Orixe. Orixinal. Precisas compartir o que levas dentro. O galego telo aí, naturalmente. Recoiles e reinventas. O que fagas es ti, en galego.

En galego, tes todo por dicir.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

www.galegoelogo.com

XORNADAS DO AUDIOVISUAL GALEGO



14 DE XUÑO 19.00 – 21.00 h



De esquerda a dereita: Marcial Gondar, Antón Baamonde, Manuel Bragado, Nani García, Antía Otero e Quico Cadaval

MESA REDONDA: CULTURA

- **Antón Baamonde.** Filósofo e escritor
- **Manuel Bragado.** Edicións Xerais
- **Quico Cadaval.** Director teatral
- **Marcial Gondar.**
Catedrático de Antropoloxía Social (USC)
- **Antía Otero.**
Asociación de Escritores en Lingua Galega
- **Nani García.** Moderador



Nani García: Gustaríame presentar o coloquio que vai ter lugar aquí. A Academia Galega do Audiovisual pretende facer unha revisión do estado actual do audiovisual, da súa problemática; neste caso, hoxe imos falar da cultura relacionada co audiovisual. Temos aquí reunidos a Quico Cadaval, que é un dos contacontos máis coñecidos na Península, ademais de director de teatro e de televisión. Antía Otero, que é poeta e vicepresidenta da Asociación de Escritores en Lingua Galega e tamén ten algunha relación co audiovisual; por outra banda, temos tamén a Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, a Antón Baamonde, que é filósofo e escritor, e a Marcial Gondar, que é catedrático da Universidade de Santiago de Compostela en Antropoloxía Social. A idea

desta escolma de persoeiros é a de analizar o mundo da cultura en relación co audiovisual, desde perspectivas filosóficas, profesionais e editoriais, e desde a actividade directa como artistas da cultura.



Manuel Bragado: Moitas grazas en primeiro lugar á Academia polo convite, non é frecuente que os editores sexamos chamados a expresar a nosa opinión sobre as industrias culturais, sobre todo no tema do audiovisual. En todo caso adiántovos que son a penas un espectador curioso do audiovisual galego, razón polo que as miñas reflexións sobre o tema teñen que ir matizadas por estas desculpas de algo que descoñezo, se o analizo de forma desafortunada.

Eu penso que o sector audiovisual e o sector editorial en Galicia, que é o que eu represento, son, xunto coa produción teatral e a produción musical, o eixo diso que se poden chamar industrias culturais. A pesar de estarmos tan próximos, vivimos virados de costas. Eu creo que nos sucede algo semellante ao que lle sucede a Galicia con Portugal, que sempre dicimos que posuímos unhas linguas nadas do mesmo toro, a pesar de que nos separa a penas a fronteira de auga do Miño, pero eso non evita, esa proximidade, que haxa un escaso coñecemento e mesmo que cando existe que sexa prexuízoso e mesmo tópico.

Eu creo que o mesmo pode suceder entre o sector audiovisual e o sector editorial aquí en Galicia. Os editores temos expresado en moitas ocasións..., seguramente con algunha fachenda, o noso orgullo de sermos tan pequenos, pois a industria editorial en Galicia, malia

estar formada por unhas corenta empresas, factura unha cantidade moi pequena, somos un sector realmente humilde; sen embargo, si somos un sector, dentro das industrias culturais galegas, consolidado pola súa traxectoria, especialmente nos últimos vinte e oito anos, desde aproximadamente 1979, que é cando aparecen empresas como Xerais, á que eu represento, e un pouco máis tarde outras que todos coñecemos. Sempre mantivemos unhas cifras humildes, cifras en crecemento de produción, e por outra banda vimos padecendo esas crises periódicas que semella que estamos sempre a punto do colapso, a estar nunha treboada que parece que vai ser a definitiva, e sempre fomos capaces de saír adiante. Por esta razón, moitas veces temos expresado que o libro é o pan da cultura, que sen a cultura escrita non habería industrias culturais en Galicia. Nesa medida, malia sermos economicamente pequenos, temos un peso polo que berramos para que sexa recoñecido. E seguramente iso tamén teña que ver co futuro do sector audiovisual en Galicia, que ten unha traxectoria máis curta pero cunha dimensión laboral e económica capaz de dar emprego a máis persoas, e recibe seguramente unha cantidade de axudas públicas moi superior á que poidamos recibir os editores. E sen embargo, tamén de cara ao futuro, e xa na actualidade, é o sector estratéxico para o país, e está recoñecido mesmo por lei; no caso do libro tamén.

Entón, se o mundo do libro e o mundo audiovisual son sectores estratéxicos para o país, semellaría necesario, ou conveniente cando menos, que as súas estratexias converxeran ou fosen afíns para que se producisen digamos as maiores transferencias e as maiores sinerxias. O concepto de transferencia gústame, o de sinerxia paréceme un concepto moi deturpado por vendedores de cursos de márketing, con permiso de Marcial Gondar, pois sei que é unha palabra que lle gusta. Penso que ten que haber transferencias, maior proximidade, maior capacidade de contacto. Sen embargo, isto ata hoxe non foi así, e hai moitos datos que o demostran; como dicía antes, vivimos virados de costas.

Sabedes que en maio, en Pontevedra, celebramos Culturalgal, que foi unha iniciativa promovida polos editores co convencemento de que tiña que existir un grande escaparate popular para as industrias da cultura en Galicia. E non só para o libro galego. É dicir, nós eramos conscientes de que tiñamos que buscar unha tarxeta de presentación bonita, atractiva, para un público numeroso. Alí estivo precisamente Quico, que foi o que inaugurou Culturalgal, á parte dalgunhas autoridades, pero as autoridades eran moi numerosas e todo o capital simbólico representáboo Quico. Non foi baladí que el fose a persoa que, coas súas palabras, expresou a nosa alegría por estar alí. E as persoas que estiveron en Culturalgal, que foron unhas seis mil (dez mil foron as que pasaron polo contador, porque sabedes que os fumadores aumentamos o nivel destes eventos; puido haber un trinta por cento de fumadores, e foi aquela a cifra que saíu nos medios de comunicación); pois as persoas que asistiron quedaron

“SE O MUNDO DO LIBRO E O DO AUDIOVISUAL SON SECTORES ESTRATÉXICOS PARA O PAÍS, SEMELLARÍA NECESARIO OU CONVENIENTE QUE AS SÚAS ESTRATEXIAS CONVERXERAN”

todas en xeral moi satisfeitas coa montaxe, foi bastante importante, pero todas se queixaron de que había demasiado libro. Demasiado libro, pouca música, e había unha presenza do audiovisual importante, porque había proxeccións desde a apertura ata o peche, onde se viu unha panorámica da produción recente de curtametraxes en Galicia; pero eso non estaba, non era detectado polo público, como algo que fora realmente o que alí se levou.

Eu creo que son cousas para reflexionar, e que é mesmo necesario para presentarse ante o público, que é un público que temos que gañar cunha estratexia común. Négame a pensar que os políticos queiran expresar outra cousa diferente a esta, que neste momento en Galicia hai un sector de industrias audiovisuais que está vencellado para min por tres elementos que son os que nos unen a todos, que son a lingua, a creatividade e o entretemento, o lecer, se é que queredes empregar esa palabra. En realidade, todas están vencelladas por un concepto que a min me parece fundamental de cara ao futuro, que é o novo concepto de lectura. A lectura, pero xa non, digamos, esa actividade cognitiva que se realiza sobre un soporte impreso, senón o proceso máis complexo que se produce sobre diversos soportes ou multisoportos. Neste sentido, as industrias culturais defenderían a lectura como grande actividade para a cidadanía.

Seguramente estamos virados de costas, e aquí habería que analizar as razóns. Pimeiramente, porque hai poucos espazos de encontro, poucos espazos transversais, espazos de reflexión. Mesmo aquí cada quen organiza as súas galas, os seus premios. Vós realizades loxicamente as vosas, nós emulamos as vosas, porque as vosas son espectaculares. Así nos reunimos, porque cada sector ten que conformar o seu espírito gremial, pero hai poucas xornadas de debate coma estas. Aquí estamos os escritores, os pensadores, os editores, pero tamén tiñan que estar máis editores, tiña que haber músicos. Este debate sería así máis interesante, e non que fose só do noso. Despois, hai entre o audiovisual e o mundo

editorial poucas iniciativas en común, e entre elas algún fracaso moi sonoro. Houbo, supoño que lembraredes, aquel convenio entre a Agapi e a Sociedade Galega de Editores, propiciado pola Consellería de Cultura anterior, que foi un modelo fracasado, que se amosou escasamente atractivo para as produtoras. Para as persoas que non o coñezades, consistía en que un grupo de expertos previo entre os editores escollía cada ano dez obras literarias galegas, que despois eran pasadas a unha serie de guionistas que facían un preguión, para ver as posibilidades que tiñan de adaptación ao audiovisual.

¿Que é o que podemos proporcionar no futuro os editores ao sector audiovisual? Un novo modelo, un novo paradigma. Hoxe ao medio día no Congreso aprobouse a nova lei do libro, e o máis curioso que ten é que define o libro doutra maneira. O libro xa non é ese obxecto que ten unha serie de follas impresas e cosidas pola esquerda, no caso da nosa civilización, senón que se define coma calquera soporte susceptible de ser lido. Ábrese desta forma un novo concepto, e unha nova forma de entender a lectura e a escritura. Eso por unha parte, e por outra parte que un sector coma o noso é un sector moi vencellado ao mundo educativo. Hoxe o 50% é o libro galego ligado á educación non universitaria. É un sector literario en crecemento e en expansión do seu público, neste sentido nunca se leu tanto en galego como na actualidade e nunca tivemos tantos autores e autoras, especialmente no terreo da ficción narrativa, pois en xéneros coma a poesía, o ensaio e o teatro habería que matizar moito esto que digo.


Pero nunca tiveron os libros tanta oportunidade de atopar os seus lectores e de ter tanta presenza na sociedade. Entón, estas cuestións remítennos a que o que nós podemos transvasar ao sector audiovisual son os contidos, que poden ser contidos ficcionais, ou educativos, ou que poden ser contidos de referencia. Pero isto ata agora non se produciu na produción audiovisual en Galicia, xa que a maior parte da produción audiovisual en Galicia está a ser doutro orixe, tal e como publicou nun artigo de *La Voz de Galicia* Camilo Franco no mes de maio, cuns datos que dan para a reflexión. O 7% das longametraxes galegas foron adaptacións literarias, en realidade de 70 son cinco, as que coñecedes baseadas en obras de Manuel Rivas ou unha que ten relación cunha novela que nós publicamos de Suso de Toro. A porcentaxe é maior nos telefilmes, do 16%, pero en realidade son poucos os que se fixeron, só se produciron cinco telefilmes, así que a estatística é segundo a miremos.

Pero hai un programa que coñecedes, que é o *Mundo de Historias*, que promoven Antón Dobao e a produtora Ficción, que vai verquendo á pantalla autores contemporáneos, e mesmo a min me consta, porque temos contratos con eles, que no próximo ano estará finalizada a produción, ou en preparación, dun relato de Darío Xoán Cabana, *A mariñeira de Quilmas*, e outras novelas que son todas elas moi recentes. E despois, tamén o

que a min me parece aínda máis paradoxal, é que esa porcentaxe [de literatura que se converte en audiovisual] aínda sexa máis reducida no ámbito das curtametraxes, que teoricamente poderían ser espazo de producións máis económicas e que permiten adaptar máis textos literarios. Curtametraxes tanto no ámbito da ficción como dos documentais. Porque os editores podemos proporcionar non só contidos de ficción; os contidos cos que máis contamos son os de non ficción, que supoñen para nós o 10% da nosa produción.

Quedan ámbitos por explorar, e a min paréceme incomprendible, sobre todo incomprendible, que non se exploren os ámbitos xuvenil e infantil, que son o máis destacado co que contamos, tanto a nivel estatal como interestatal. Hai autores e autoras traducidas a todas as linguas e cunha proxección extraordinaria. Incluso Agustín Fernández Paz, que é o gran autor galego neste ámbito, está escollido como candidato para o equivalente aos premios Nobel que dá o Goberno sueco para esta literatura, e isto apenas saíu nos medios de comunicación de Galicia. Se llo conceden, e hai moitas posibilidades, polo menos ten tantas coma os outros dez finalistas, si sairá nos xornais, porque o premio está dotado con só 60.000 euros menos có premio Nobel. Un galego escribindo libros en galego que recibe unha morea de euros, iso si que saíra. Coma o caso de Agustín hai moitos outros. Hai unhas posibilidades moi interesantes.

Quería expresar, e xa remato, que hai un camiño de volta, do cine ao libro. É un camiño simpático e temos que citalo. Nós acabamos de publicar a primeira novela que fala sobre o mundo do cine, que é a novela de Héctor Carré titulada *Diario dun impostor*. Sempre se nos dixo que esa novela ía supoñer moito escándalo, porque fala do mundo do cine, que ten os seus segredos e os seus fíos. Pero, de momento, ou é que non se leu ou é que non hai tales fíos. Pero en todo caso o mundo editorial, o mundo literario, non pode permanecer alleo ao mundo audiovisual, porque traballamos coa mesma materia, coa mesma lingua, co mesmo imaxinario e cos mesmos soños. Parece mentira que non nos prendamos pois da mesma nube.



Quico Cadaval: Supoño polo contexto que do que se trata é de relacionar o sector ao que pertenzo máis intensamente co sector do audiovisual. Tería que insistir nun par de ideas, e é que en xeral toda a cultura producida en lingua galega aparece sempre cunha etiqueta de sospeita ao pasar ao mercado. A primeira sospeita é que somos uns subornados, xente que estamos na nosa casa educando aos nosos fillos en español e véñennos subornar para producir un libro, un filme ou un disco en lingua galega. E iso todo o mundo (todo o mundo non, evidentemente). Hai unha néboa que contamina a recepción.

A iso súmase unha desconsideración ao artista en galego, "ese faíno en galego porque se o fixera en español non tería ningún lugar no panorama artístico, e así ten subsidios". Iso dino persoas incluso intelixentes, e hai

persoas que se suman a esa onda de queixa polo atraso que sofre a España plural que destina diñeiro público para promocionar cultura de lecer..., que a min paréceme moi ben que introduces o termo porque creo que a arte e o espectáculo están referidas ao superfluo, é dicir, as sociedades teñen arte e teñen espectáculo porque dispoñen de tempo libre despois de procurar alimentos. Polo tanto, nós somos traballadores da arte do superfluo.

Entón, pénsase que houbo unha grande manobra no pacto político da Transición española pola que os artistas sen talento poden realizar as súas obras en galego, en eusquera e en catalán. Esa é a primeira sospeita que atopamos, e iso leva a que este discurso, que eu non podo obviar que é intencionado, proceda ou da ignorancia ou ben da malicia; e entón, alguén debería dicir que a lingua como vehículo de expresión artística máis subsidiada é o español, alguén debería dicilo todos os días. En publicacións de universidades, de xornais, e estando dentro do ámbito de filmes e de produtos audiovisuais producidos en español con cartos dos poderes públicos galegos, que parece ser que teñen o mandato constitucional de promocionar a cultura en galego e a cultura galega. Que iso tamén podería ser interesante lembralo, eu a verdade sei pouco diso. Pero se alguén fai números, vemos que a cultura en español... só a Real Academia de la Lengua, o audiovisual español, os filmes, etcétera etcétera. Pero é que ademais, en Galicia, os poderes públicos galegos promocionan o español.

Vou ser un pouco pesado co asunto, porque despois da primeira sospeita que recibe o público, cunha curtame-traxe, un libro ou un acto teatral, o primeiro que sospeitan é que este tipo non ten talento suficiente para o facer en español, porque se o tivese xa o faría directamente en español. Eso tamén leva a un discurso contrario que fala do heroísmo dos que o facemos, e iso tamén é negativo, sobrevalorar o facer cultura en galego coma se fosemos persoas extraordinarias e heroicas.

Logo o que me parece a min máis alarmante é que nos propios mecanismos onde se producen os libros, o teatro, o audiovisual, e non me refiro aos propios produtores, hai unha presenza alarmante do español nesa práctica. É unha cousa que indica que o aparello produtor está enfermo, que algo falla. Se o corrector lingüístico ou o técnico de son se comunica contigo en español, hai algo que falla. Parece que ti queres impoñer unha especie de ditadura lingüística. A min paréceme absurdo, e díxeno un día na Televisión Galega, fixen unha broma de que pillaran a un tipo no corredor falando en galego, e houbo un comité de empresa para ver qué era o que pretendía o fulano ese, se era un acto de provocación pagado por algún axente estranxeiro ou se era un tipo que tiña alteradas a súas cualidades mentais. Logo demostrouse que era que falaba polo móbil cun curmán de Vilalba que lle ía mandar uns chourizos, entón o comité de empresa considerou que aquilo era unha razón xustificada para falar en galego.

“NOS MECANISMOS ONDE SE PRODUCEN OS LIBROS, O TEATRO E O AUDIOVISUAL HAI UNHA PRESENZA ALARMANTE DO ESPAÑOL. ESO INDICA QUE ALGO FALLA NO APARELLO PRODUTOR”

No ano 88 houbo unha reunión dos teatreiros galegos e alí fíxose unha comunicación que se cadra segue a ter utilidade, e se cadra máis que daquela. Para animarnos direivos que naquel congreso, que se chamara Congreso do Teatro Profesional Galego, falouse do uso litúrxico do galego no teatro, e basicamente era que na casa falas galego e na igrexa falas latín. Pois na túa casa falas español e cando vas a ensaiar falas galego, pero discúteslle as instrucións ao director en español, “pa que me entendas”, como dicía a canción. Chamábaselle a esto uso litúrxico do galego, e os usos litúrxicos o que fan é petrificar un instrumento de comunicación, neste caso a lingua, que é o instrumento dos actores. Como esto non pasa en Irlanda nin en Zimbabwe, só pasa aquí, iso ten que provocar unha doenza sobre o produto final. E aí aparece a figura do corrector lingüístico, que na tradición do teatro español era o director ou o dono da compañía, o que lle dicía á actriz que non dixese algo así, que non dixese “consolidau” senón “consolidado”. E aquí foi necesaria a aparición do corrector lingüístico, que ademais foi moi mal recibido, porque aparece o libertarismo intrínseco do artista.

Só hai unha protesta contra unha ditadura e é a da lingua galega, e hai unha especie de melancolía que tinta a tódolos actantes da produción en galego, que é coma “se nós non tivesemos que ser en galego estaríamos en Hollywood todos”. E eu non estou a acusar persoalmente a ninguén, porque hai compañeiros, actores, actrices, que cren que eu estou a facer un ataque frontal, e eu estou simplemente especificando un problema grave, porque hai unha serie de xente que practica un oficio, pero que ten un instrumento sen entrenar que é o plano coloquial do idioma. Entón, ti podes memorizar a Ramón Cabanillas ou a Xil Vicente, e facelo moi ben neses versos, pero despois na fala coloquial, da que hai moitos rexistros no teatro, no audiovisual... Así aparece unha confusión que contamina o produto. Eu non acuso a ninguén, cada un que faga o que queira, evidentemente. Eu penso continuar e hai xente que tamén pensa continuar a

convir coa súa contradición lingüística, porque esto tamén existe. Hai actualmente no país bolsas lingüísticas, de xente que fala só español ou só galego, os lingüistas terían que opinar sobre este asunto. Hai unha comunicación nesa lingua e despois continúa a adestrar a súa pericia na lingua instrumental, que é coa que realizan os seus produtos.


O que vos quería contar para atenuar esta choradeira é que nese congreso de teatro tamén houbo unha comunicación de Manuel Guede Oliva, onde se declaraba seguidor das teorías de Mao sobre a posta do teatro ao servizo da revolución e daba unhas cantas receitas para acabar co Partido Popular e con Manuel Fraga no momento, que eran os grandes inimigos da cultura e do progreso en Galicia. Despois Manuel Guede foi a cara pública do teatro público durante o goberno do Partido Popular. Quérovos dicir con isto que eu podo acabar en calquera sitio en pouco tempo, ademais estou a intentalo, rematar en calquera sitio.

Entón, por un lado, o asunto este paréceme moi grave, e aparecen moitas discusións, case sempre no plano negativo, “esto non se debe dicir así”, e hai xente que é moi purista no idioma e considera que certos produtos televisivos vulneran o galego; hai quen considera que certos produtos se afastan moito do receptor, do popular. Cando apareceu a dobraxe empregouse un concepto, galego urbano, e tradúzovolo: galego pronunciado en español. A verdade, foi un shock moi forte, sociolóxico, a aparición dunha televisión en lingua galega. Tivo moitos erros, moitas dificultades, as calidades artísticas resultantes das dobraxes eran de chiste, apareceu un galego inexistente, un galego convencional, que é un galego televisivo. No Culturgal recordouse que toda a linguaxe na arte é convencional, só que isto sinalouse en Galicia porque apareceu de súpeto. Ninguén no ano 82 pensou que o español que se empregaba na televisión non existía, que a lingua non é só cada palabra senón formas de falar, formas de expresarse que pertencen á cultura. Aparecen expresións coma “eu pertenzo a este lugar”, que non se din, sería “eu son de aquí”, pero chegan a través da dobraxe do cine americano.

A aparición da dobraxe en galego provoca todo tipo de reluctancias, de resistencias, como a darlle plena presenza a unha lingua que estaba destinada a desaparecer, e que todos o tiñamos aceptado. Entón, eu non sei como se pode recuperar o orgullo, como podemos estar orgullosos de proceder... E con isto quero pasar a outro detalle para comentar, que é que a cultura non é só a lingua, senón que é a nosa cultura, que é esa cousa tan complexa que procede do tempo libre, e desto ten que falar Marcial, porque é unha idea que me trouxo á cabeza un colega teu que é Mariño Ferro. Eu entrevísteiño hai pouco e preguntéille polo tema do medo ao outro, o noxo ao estranxeiro, e queríamos entrar a falar dos esquimós e dos apaches, das castas da india, e el dixo que un dos casos máis alarmantes, antropoloxicamente, para falar da estranxería, é

que a Galicia urbana ten unha percepción de estranxeiro do rural, é unha cousa que estamos a desexar que remate, e que sexamos un país normal, como Suíza, poñendo por caso. E entón, hai unha fuga no noso país, eso que se chama autoodio nos anos 70 e que non se reflicte só na linguaxe, nos actos litúrxicos da lingua, que se dicía antes, senón no rexeitamento da cultura dos nosos pais. Esa cultura da que estamos a fuxir é algo que aínda está aí, non estamos a falar de algo de hai cen anos.

Pódoo deixar aquí e pasar a outro, e despois falando cos do audiovisual penso que podemos falar do modelo irlandés, que é un modelo enganoso. E Irlanda tamén pertence á nosa mítica, coma Brañas, que dixo que tiñamos que facer como en Irlanda.



Antía Otero: Eu en primeiro lugar quería agradecervos que contarades coa Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Como dicía Bragado, non adoitan pasar estas cousas, así que nós tomamos coma unha oportunidade o poder estar aquí; pois creo que é un aspecto importante o ter en conta aos novos creadores que estamos a comezar, que estamos a entrar no mundo artístico cun reflexo cara o público. Tanto é así que antes de vir aquí preocupeime de facer diferentes sondaxes entre algúns membros da asociación, coa finalidade de valerme doutras opinións e non amosar unha única. Así que con todo iso elaborei un pequeno texto ao que, por iso, vou dar paso:

A relación entre o mundo da escrita e do audiovisual é ben sabida por cada un de nós, o achegamento ao interese dos escritores e escritoras galegas desde o audiovisual e viceversa tense materializado en diversas ocasións; aínda que, ao meu xuízo, non foron tantas as veces, ou non se constituíron con suficiente solidez, como para poder dicir que traballan á beira. Fallo evidentemente da adaptación de textos literarios galegos ao cinema, xa que a escrita de guións entraría nunha categoría diferente á da propia creación literaria, que precisa, e canto máis se teña mellor, un amplo coñecemento da linguaxe, técnica e estética cinematográficas. Dalgún xeito, un guionista que pretende pertencer a unha industria, sexa cal sexa, debe especializarse tecnicamente, coñecer a sociedade e a cultura nas que se move. Non abonda en ningún caso con ter un nome mediático para chamarse guionista ou para desenvolver determinadas funcións dentro do audiovisual. Un país que en cada acto institucional se chama a si mesmo “futuro” non debe anticipar as iconas aos traballadores de base, dar prioridade aos apelidos antes que aos nomes; pois escribir sobre o que xa se escribiu non sempre aporta, e as máis das veces pode facer que o produto final cheire a naftalina. E se algo non nos interesa é precisamente iso. Cheirar de tal forma que se nos vexa vir mesmo antes de ter aparecido. ...

Mais volvendo á adaptación de textos literarios para o cinema galego, e deixando de lado o guión, non creo que se estea a facer un traballo real neste senso, a pesar de

que si haxa algún nome que traballe, como dixo antes Bragado, adaptando novelas por todos coñecidos. Mais falar disto converteríase nun grande paradoxo se non dixeramos de entrada que ao entender dos novos creadores (escritores e escritoras galeg@s) non hai un cinema galego, e que se empregamos a expresión audiovisual galego é porque de ningún xeito podemos falar dun cinema galego.

Directamente, o que realmente veño contar aquí é que ao noso entender cremos que hai suficientes textos e novelas dabondo, creados en galego, cos que xerar importantes obras e produtos. O que pasa é que non sei se aqueles que fan xuízos de valor sobre a calidade da nosa literatura a coñecen antes de dicir que é moi complicado adaptar obras en galego, que iso non nos abre novos mercados, que non hai suficientes nomes potentes que avalen a produción.... Falar dun cambio, deste desexado cambio, que sobre todo no senso da escrita vimos agardando, cando a programación televisiva segue a ser a mesma, cando se segue a pensar que a poboación está simple e unicamente envellecida, cando os programas culturais e os programas literarios se emiten habitualmente pasada a franxa da media noite, cando a única reseña dun libro galego que se facía todos os días despois do telexornal é eliminada porque ocupa un momento de máxima audiencia e quita tempo a aquilo que veña despois... son argumentos que de seguro poden dar imaxe da idea que os escritores e escritoras máis novos temos do audiovisual galego. Aínda así, cremos que si comeza a haber tentativas, pequenos indicios de ter en conta a estoutros sectores que rodean a cultura, e que indisolubelmente son pezas dela.

Sobre isto gustárame comentarvos que vai haber un simposio internacional chamado Letras na Raia, que todos os anos se vén facendo en Portugal pero que este ano se vai celebrar en Pontevedra. Nel a Asociación de Escritores e a Academia Galega do Audiovisual falarán de toda esta relación entre a literatura e o cinema e viceversa. Será o momento seguramente de seguir a debater sobre estes temas en profundidade. Pola miña parte, nada máis.



Antón Baamonde: Ante todo, naturalmente, darvos as grazas á Academia Galega do Audiovisual, efectivamente este debate non é nada común. Tal vez o de hoxe é unha especie de tentativa previa que se podería ir decantando e perfilando con maior precisión. E, polo demais, perdoaredes o que diga, porque tal vez a premura faga que sexa demasiado obvio para todos.

Dende o meu punto de vista é evidente que a TVG é o punto forte da industria audiovisual do país. Sen ela todo sería máis cativo e sen ela non sería concebible o de todos modos limitado mercado audiovisual local. Sen embargo, coma as outras televisións xeralistas, está a recibir o impacto da división de audiencias. Non só está aí a aparición das TDT,

"A TVG VAI VER REDUCIDA A SÚA AUDIENCIA PORQUE VAN APARECER NOVAS CANLES NAS CONCESIÓNS DADAS POLA XUNTA. ESAS CANLES NECESITARÁN CONTIDOS, E ISO ATINGUE AO SECTOR"

ademais naceron a Catro e a Sexta, están a aparecer novas televisións locais e as concesións que a Xunta deu recentemente e, por suposto, Imagenio e R. Polo tanto, insisto nestes dous aspectos: a) A TVG vai ver reducida a súa audiencia e b) Van aparecer novas canles, porque van aparecer rapidamente as concesións que se lle deron á Voz de Galicia, á COPE e a outras empresas por parte da Xunta. Polo tanto, esas canles necesitarán contidos dalgún tipo e iso atingirá ao sector audiovisual, vós o saberedes mellor ca min.

Cando a nova dirección da TVG tomou posesión, o gran ítem ao que todos fixemos referencia, creo que correctamente, foi a idea de que tal vez a TVG tiña éxito nunhas determinadas franxas de audiencia pero non o tiña noutras, especialmente no público urbano e no público xuvenil. Evidentemente, ese é un problema grave, porque se entrasemos na descrición de cultura urbana-rural en Galicia veríamos que tendeu a acentuarse excesivamente o aspecto rural de Galicia, ata chegar a identificar Galicia exclusivamente co mundo rural e, ademais, a imaxinar ese mundo rural coma se fose unha especie de planicie na que os labregos eran homoxéneos social e culturalmente. En Galicia, sen embargo, e sen demérito da cultura rural, houbo un certo número de vilas que tiveron grande actividade cultural dende sempre. Igual que nas cidades de Galicia, que non son moi grandes, pero nas que se crearon xa a finais do século XIX emprazamentos de espectáculos, coma o Principal, o Rosalía de Castro e outros teatros do país, que poñían o que había no momento, non só cultura sería ou elevada, senón tamén actuacións de cómicos, magos, cantantes, pensadas para o público que no momento había e que nas cidades de Galicia acudía a estas salas. Iso sempre foi así.

Pero é que, ademais, se a cultura galega debe ter un futuro ha ser como cultura urbana, que é onde vive hoxe e traballa a maioría da poboación. E cultura galega significa moitas cousas, pero sobre todo dúas:

a cultura en galego _aínda que sabemos que o idioma está en receso e que boa parte da poboación do país é castelán parlante, o que hai que tomar tamén en consideración_ e a cultura que ten referentes propios, que dalgún modo reelabora a experiencia do país e que dalgún modo o país, en *feed-back*, volve procesar.

Evidentemente, a industria cultural galega, na medida en que exista, na medida en que teña forza -_a Televisión Galega, ademais do Grupo Voz e outras empresas de comunicación local, con presenza sobre todo na prensa_ xerará tamén produción de discos, de produtos culturais ou de entretemento de todo tipo. Manuel Bragado e eu colaboramos hai anos para intentar sacar unha nova cabeceira dun periódico, o que se saldou cun fracaso. Foi unha experiencia que nos deu unha certa medida do país; pero, en fin, se todo isto ten futuro, insisto, o idioma e unha experiencia cultural específica compartida polos galegos, tense que crear unha cultura urbana, unha cultura que sexa compartida polas clases medias urbanas e polos mozos, e iso ten como presuposto previo unha industria potente e un modelo razoable de mercado: grupos multimedia de dimensión apropiada, etc. Iso permitiría que se fixeran transferencias e sinerxias entre a produción editorial, a produción audiovisual, a música e toda as formas de cultura e de entretemento: se algo así prosperase prosperaría tamén ese tipo de marcas semióticas que fan que un país se recoñeza cunhas determinadas referencias e cuns determinados ítems.

Esa creo que é en última instancia o reto da cultura galega en canto á súa supervivencia como cultura específica. Entendo que a cultura audiovisual necesita un mercado, porque do mesmo modo que non se poden vender latas de conservas só en Betanzos ou en Vilalba, a eficacia do audiovisual, e tamén do país, esixe que se elaboren produtos competitivos, que sexan exportables. Que circunstancias se esixen para iso, de industria, de talento, vós teredes algunha pista sobre iso. En todo caso, paréceme evidente que as dúas cousas, crear no interior e no exterior unha cultura galega sólida, son fundamentais para a viabilidade futura do país. Sabemos que a cultura de masas ten unha tendencia de disociación moi forte, e se non se crea unha cultura de masas propia galega non hai nada que facer.

Evidentemente, iso significa unha industria capaz non só de subsistir, senón de crear valor engadido, emprego e todo iso, e iso evidentemente significa crear mercados fóra. Evidentemente, na industria hai que pensar sempre fóra porque Galicia é un país pequeno, cunha produción pequena, un mercado reducido, e os custos, sen embargo, como todos sabemos son moi elevados. Un último apunte como espectador que viu algúns programas en TVG: nótase que hai un intento de crear novos xéneros, programas que intentan importar programas que se producen noutras televisións; eu ás veces o que noto é

que teñen moi poucos guionistas detrás. Os programas tipo Buenafuente e demais teñen éxito non porque o señor sexa moi simpático ou o que sexa, senón porque teñen equipos moi fortes de guionistas. Se non, por moi gracioso que un sexa e por moi profesional que un sexa, a cousa non dá de si. E outra apreciación sobre a dimensión económica e o que significa facer bos produtos, e con que condicións empresariais, en relación á literatura do país. Eu ás veces o que boto en falta... Pódese facer perfectamente unha película moi galega que sexa moi para chineses ou para irlandeses. Eu creo que esa confianza no país haina que ter. É coma a cuestión dos guións, se se fai unha boa película non me cabe dúbida que se aguantará no mercado local e no mercado francés ou no norteamericano, que é o gran mercado. Se a película *Mar adentro* foi posible que chegase alí, pois por que non. Sempre é posible.



Marcial Gondar: Boas tardes. Eu obviamente vou falar como antropólogo, como antropólogo interesado no audiovisual, e o tema concreto que quería

presentar e ao que me quero cingir é o do documental etnográfico, que ás veces se chama de identidade e que eu preferiría chamar de promoción cultural, porque aí hai máis cousas que etnografía, cando se fala deste tipo de documentais. E eu creo que neste ámbito hai cousas manifestamente mellorables. Movémonos entre dúas eivas. Unhas veces optamos polo exotismo, e entón canto máis truculento mellor, se o podo facer con moitos posuídos non o fago doutra cousa; e outras veces optamos polo academicismo, é dicir, aquilo parece unha clase cunhas imaxes polo medio.

Concordo co que aquí se dixo en canto a que a xente cando se pon diante do audiovisual faino para pasar o tempo, para chorar ou para rir, e non para pensar, polo menos de primeiras. E por iso concordo tamén co que dicía Quico de que estamos no mundo do superfluo, polo menos aparentemente. Digo "aparentemente" porque me gustaría facer ver que non é tan superfluo como a primeira vista parece. Neste mundo do audiovisual eu traballei dende hai moito tempo, alá cando se deran os primeiros pasos do Arquivo da Imaxe de Galicia, aquela historia que dirixía Henrique Banet e que de tan mala maneira rematou. Daquela fixeramos tres ou catro curtas, e eu recordo que lle dicía a Henrique que tiñamos que fuxir de dúas cousas, do busto parlante e da voz en off. Porque así como cando vas a unha película non che soltan ningún *rollo*, senón que en todo caso o *rollo* provócalo ti ao final cando saes da película, e o que ves alí é unha historia; pois nós teríamos que trasladar iso a este tipo de documental. O problema é que non fomos capaces de facelo. Fixemos tres produtos; de feito, no Festival Internacional de Huesca déronnos os tres primeiros premios, pero nós non quedamos contentos. Iso o único que quería dicir é que nos outros sitios estaban igual ca nós, estaban co busto parlante e coa voz en off. E foi un tema que a min sempre me interesou e deille moitas voltas

tratando de atopar a alternativa; é dicir, cómo conseguimos un rexistro comunicativo que transmita cousas pero baixo a aparencia de que estamos a facer outras, baixo a aparencia do entretemento e, cando sexa posíbel, do lecer. E como xa ironizaba antes Bragado, eu o que creo é que, sen ningún tipo de ironía, pódense empregar as técnicas do márketing para conseguir que os nosos produtos teñan capacidade de seducción. Non existe razón algunha para que deixemos esas técnicas de eficacia probada exclusivamente nas mans dos especuladores e demais xentes de mal vivir.

Para ilustrar o que quero dicir vou utilizar dous exemplos. Vós sabedes que os demócratas en Estados Unidos están moi preocupados porque o Bush arrasa unha vez e outra. Pensan eles con toda lóxica que o feito de que o voten as clases benestantes ten coherencia porque a súa política está a satisfacer os seus intereses, pero pregúntanse: ¿Que fai a xente máis “perralla”, perdóeseme a grosería, votando a Bush? Con esta preocupación na cabeza, cando foron as penúltimas eleccións, a gobernador de California, constituíron un grupo de discusión do que formaban parte un colectivo de persoas dos estratos sociais máis baixos. O tal grupo de discusión tiña dous momentos, nun primeiro explicábaselles o programa dos demócratas, despois explicábaselles o dos republicanos e, feito isto, demandábaselles cal pensaban que satisfacía máis os seus intereses propios. A resposta maioritaria, dun noventa e tantos por cento, foi que, sen ningún tipo de dúbida, era o programa dos demócratas. A segunda pregunta foi aínda moito máis concreta, non sei se recordades que se presentaba John Davis (demócrata) fronte a Schwarzenegger (republicano). A pregunta, repito, foi: ¿E a quen ides votar? E a resposta foi, por unha maioría moi semellante á primeira, que a Schwarzenegger. O que quere dicir que a xente non parece votar por ideoloxía, nin sequera por intereses, senón por outra cousa.

E a min o que me interesaba saber é: ¿que é esoutra cousa? Para responder á pregunta vou finxir outro escenario. Imaxinádevos que eu vou ao médico a consultalo por unha tose que non me dá pasado. Posiblemente a primeira pregunta sexa: ¿Ti fumas, non si? Se respondo afirmativamente, dificilmente me librarei dun discurso sobre se sei que estou a xogar co pulmón, que estou arriscando un cancro, etcétera. De modo que a min déixame bastante amedrentado. Tanto é así que eu saio de alí, vou ao bar de enfrente e tomo un cafetiño para tranquilizarme e, coma quen non quere a cousa, saco o pito e comezo a fumar; o médico non tivo moito éxito. Pero estando alí tomando o café decátome de que á tarde teño que ir ao Corte Inglés, e ata fago unha lista. Pódovos asegurar de que se na miña lista van tres cousas, sairei do Corte Inglés con non menos de nove cousas. Entón pregúntome, por que o médico non tivo éxito en algo que tanto me interesa e o Corte Inglés conseguiu venderme cousas que para nada preciso. E creo que a razón é que o médico utilizou a razón, o razoamento, o discurso, e o Corte Inglés utilizou a seducción.

“HAI UNHA GRAMÁTICA DA SEDUCCIÓN QUE NÓS PODEMOS E DEBEMOS APRENDER A UTILIZAR, SOBRE TODO OS GUIONISTAS DO CINE ETNOGRÁFICO”

O problema está en que estamos convencidos de que razoando podemos vencer a calquera de que cambie de actitude. Isto vén de lonxe, como sabe moi ben Antón. Platón, nun dos diálogos, fai falar a Sócrates e pregúntase este: ¿Qué é un criminal? A resposta que alí se dá é a seguinte: un cidadán mal informado. É dicir, que se eu lle explico a esa persoa como son as cousas, deixará de ser un desviado social e será unha persoa coma outra. Pero, sen embargo, non queda a cousa nos gregos. Nós seguimos convencidos disto. Ante calquera problema, dicimos que a súa solución pasa por educar. E educar significa lanzar discursos racionais. O problema está en que o Corte Inglés non usou isto senón que utilizou as técnicas do márketing, que se basean non no razoamento senón neste mundo da seducción. Traballando neste tema, cheguei á conclusión de que esto do novo márketing non foi un invento dos xaponeses, como se di nos libros de márketing, senón que os teóricos xaponeses fórono tirando da cultura popular, é dicir, das historias, das narrativas. Coma eses contos que conta Quico. O que pasa é que nin as culturas tradicionais que estaban a utilizar estas técnicas eran conscientes do por que da súa eficacia. Pasáballes como a ese burgués de Molière, que levaba toda a vida a falar en prosa sen el o saber. Pero a cousa é que as técnicas están aí.

Entón, temos que aprender que a seducción funciona con estas narrativas, que poden ser orais, de imaxes, etc. O reto que vos propoño é que nós temos que aprender a utilizar esas técnicas que están aí. Hai unha gramática da seducción que nós podemos e debemos aprender a utilizar, sobre todo os guionistas do cine etnográfico, se pretendemos superar esa aburrida técnica do busto parlante e da voz en off, porque aquí é onde patinan moitas veces as nosas producións. Habería que abrírnos a ese novo tipo de gramática da seducción, porque só así conseguiremos entreter e, ao mesmo tempo, estaremos metendo os contidos que nós consideramos axeitados.

Nani García: A min gustaría preguntarche, Quico, para incidir no tema ese de cómo se pode facer convivir o feito de que se traballe en lingua galega con ter preten-sións de ir máis aló das nosas fronteiras.

Quico Cadaval: A verdade, eu quería, agora á luz do discurso de Marcial Gondar... O meu discurso foi un pouco fatalista, e quería dicir que o dixeran sen sentimentalismo, porque me criei nunha cultura onde os sentimentos estaban mal vistos, pero espuxen un escenario un tanto fatalista para a nosa cultura. Pensando no cinema, nós estamos nun pequeno país e non pode haber industria cinematográfica, porque é demasiado pequeno, pero si audiovisual, e dentro da audiovisual podemos ter socios para ter industria cine-matográfica, para obter ese produto tan caro e tan extenso. Entón, eu non critico que a xente faga cinema destinado ao mercado español, pero si que alguén o faga destinado ao mercado inglés, que xa houbo intentos.

Eu vexo ben que a xente faga produtos que se poidan vender, e se se fan desde aquí, pois excelente. E se iso permite aos profesionais de aquí ter maiores relacións e poder entrar na grande industria, iso sería fantástico. Se houbese como unha devolución, no sentido de que se aquí houbese unha fábrica que produce cousas para o público español, inglés ou francés, que tamén poidamos ter unha industria do entretemento plena e poidamos producir con toda naturalidade algunha cousa. Así pasa cunha das miñas películas referenciais e preferidas, que é *O prado*, e alí cambias a guiness polo ribeiro e xa está, todos os motivos, toda a cultura material, a herdanza da terra, os campos, os rituais da subasta, cómo se recibe a un forasteiro, quen é o que foi a América e volveu con cartos. O interese é universal. Alguén dixo que o western o que fai é repetir os rituais agrarios do Antigo Testamento. En *O forasteiro* hai un enfrontamento entre gandeiros e agrarios que é un *remake* de Caín e Abel. E hai xente especializada en buscar estes motivos.

Nani García: ¿Se non fose pola lingua, habería audiovisual en Galicia?

Quico Cadaval: Posme nunha situación moi difícil que é volver a poñerme máis fatalista que na anterior intervención.

Manuel Bragado: Non é fatalista. Por exemplo, non habería industria editorial en Galicia se non fose en galego. Non todo o que se edita é en galego, pero afortunadamente é o 70%. Entón, claro, o discurso que facías antes sobre a lingua é moi pertinente, e é moi pertinente en todas as persoas que conformamos a industria cultural.

Quico Cadaval: ¿Se non houbese subsidio non habería industria cultural?

Manuel Bragado: Os libros en galego... e o audiovisual tamén é unha forma de expresión comunicativa do noso tempo... creo que aínda que non houbese subsidio habería expresión audiovisual, aínda que non teríamos todo o sistema que temos.

Marcial Gondar: Gustárame introducir un matiz, e é que na lingua hai moitos planos, un máis superficial _fala galego, fala inglés, etcétera_ e tamén a expresión de identidades e formas de entender a vida. É iso que se di de que a unha persoa que che fai algo agradable en español dislle "gracias" e en portugués dislle "obrigado". Entón, se ti vas a un diccionario, do español ao portugués pon "gracias" e do portugués ao español pon "obrigado". Parece a mesma palabra en dúas linguas, pero se ti analizas esas dúas palabras, gracias ven de gratis, o que resalta é a dimensión gratuítida do que se di ás veces, como "no tenía usted por qué". En cambio, o portugués o que sinala é a situación de dependencia na que ti quedas coa outra persoa, eso que din os esquimós de que "os regalos son aos homes o que o látego aos cans": dómanos. E entón quereuse dicir que esa diferenza é a que a min me interesa, na que o idioma reflicte formas de vida.

Porque ás veces pénsase que con falar galego formalmente xa cumprimos, e iso é o máis superficial do asunto. Eu creo que a forza do galego é que transmite cosmovisións, que pode ser alternativa ás veces á cosmovisión dominante hexemónica contemporánea, e nese sentido podemos ser instancias críticas fronte a este mundo monosémico e monolítico e unidimensional no que estamos. Eu recollería a lingua, diríamos, en profundidade, non só o uso da lingua senón formas da lingua. Por iso cando Quico ironizaba antes co galego urbano, o problema non é que sexan uns estándares e tal, pois iso vai pasar sempre, senón que ás veces a cosmovisión que se reflicte aí é outra distinta. E porque sexa distinta non ten ningún problema, o problema é que ás veces é a cosmovisión contra a que queremos loitar, e loitar contra o inimigo empregando o seu discurso é malo porque levas as de perder. O problema é esa internalización. E os que defendemos o galego ás veces estamos traducindo a galego unha cosmovisión que é a primeira que debemos botar para fóra.

Antón Baamonde: Eu non o teño tan pensado. Os programas máis vistos da TVG supoño que serán o *Luar*, e programas deste tipo. Suponse que a quen hai que seducir é ao espectador medio, hai que facer produtos que sexan masivos, que creen referentes. Que sexan amplamente compartidos no noso universo cultural, eu creo que ese sería o asunto central. Por exemplo, aquí non hai ese esquema de multiplicación, que fai que os escritores sexan comerciais porque saen na tele e despois na radio; que os actores acaden maior presenza porque lles dedican unha plana no xornal, etc.. Ese elemento de sinerxias empresariais que en Galicia non existe. Agora hai que ver como está aquí configurada a industria cultural, porque insisto, os xornais de Galicia teñen participación nas televisións, están no multimedia; agora vai haber novas canles e... ¿que tipo de configuración empresarial será a resultante de todo isto? Este é o asunto.

Marcial Gondar: Eso que dis das multimedia é correctísimo, pero eso que dis do espectador medio

támén é verdade, pero eu digo que se nós queremos educar a unha persoa na música clásica e lle gusta Manolo Escobar, creo que o primeiro que temos que facer é poñerlle discos de Manolo Escobar, e despois a partir de aí a ver como camiñamos cara a Mozart ou a onde sexa. Unha cousa é conectar co espectador medio e outra é o “quedámonos aí”. Unha cousa é a conexión e outra, diríamos, poñérmolos a nós os límites que ten o espectador, aínda que despois non os cumprísemos. É esa dialéctica de horizontes, e de loitas, e por suposto a conexión necesaria; se non o que tes son monólogos a dous. Non tes éxito ningún.

Manuel Bragado: O que pasa é que eu sobre esa cuestión formúlome unha reflexión, e é que o espectador ou espectadores son espectadores moi expertos. E homologables a calquera outro tipo de público. Pensade que un rapaz cando remata un ensino obrigatorio, agora que están na Selectividade, ten un coñecemento de gramática audiovisual, e a posibilidade de codificar e descodificar ficcións audiovisuais, extraordinario, estean en español, estean en galego ou estean incluso nalgún outro idioma. Non é obstáculo para el. Non teñen de feito problema para instalarse como lectores en galego, incluso cunha capacidade diría que sorprendente, e con maior capacidade expresiva en galego. Entón, non teño seguro que no tema da lingua estea a dificultade, senón que está máis ben na calidade dos produtos que somos capaces de ofrecer en función do noso mercado e das dimensións das nosas producións. En libros, por exemplo, temos a capacidade de facer moi boas edicións, por autores, por editores... pero non somos capaces de llas ofrecer ao noso público, porque iso esixe tiradas de vinte ou trinta mil. E no mundo do audiovisual, se non se consegue a coprodución como método de financiamento, por moitos textos que teñamos, por moitas técnicas como esas que ti propós... Entón, isto é enfrontarse ao noso espello.

Quico Cadaval: Pero co matiz que dixen antes de que todo o que sexa aumentar a pericia das persoas complicadas no audiovisual está moi ben. Para aos tres anos ter un regreso e que se faga un produto integramente en lingua galega. Non digo que se fagan dez longametraxes ao ano en galego, porque non hai xente para iso, pero... igual non temos actores suficientes para facelo, ou guionistas.



Carlos Amil (público): Non é ese o problema. A ese respecto, hai dúas cousas: afortunadamente, desde hai case dez anos existe un audiovisual en galego, e é tremendamente importante en moitos aspectos. Un deles é que demostrou que o audiovisual en galego pode atopar un público de seu, e neste momento é o que mellor funciona. Temos o problema de que o público mozo urbano non está enganchado, pero partimos de que antes non existía esa base e agora comeza a habela. E por outra banda hai que facer a análise no cinema, e no

“TEMOS O PROBLEMA DE QUE O PÚBLICO MOZO URBANO NON ESTÁ ENGANCHADO Á TVG, PERO PARTIMOS DE QUE NON EXISTÍA ESA BASE E AGORA COMEZA A HABELA”

cinema houbo intentos illados, que non acabaron de callar... pero o cinema que se facía en Galicia era case todo en español traducido ao galego, pola trampa de que non se podía axudar ao cine se non era na lingua propia. Pero creo que nese sentido agora mesmo hai un cambio importantísimo, e é que se desde o anterior goberno non se potenciaba facer un cinema en galego, agora ese é un dos puntos fundamentais que están sobre a mesa para axudar. De feito, eu vou dirixir unha película, que é a adaptación da *Casa da Luz* de Xabier Docampo, que se vai facer integramente en galego, con son directo en galego, e xa está vendida a Televisión Española. Está a haber un cambio, e sei que non é o meu caso o único, o do meu produtor. Porque agora existe esa convicción de potencialo, de axudalo. Xa non é unha industria sen máis. Levabamos moitos anos nos que só se falaba de elementos industriais e agora xa era hora de falar do que estamos a falar aquí, de contidos, de algo máis.

Antía Otero: Evidentemente, nos últimos anos eu diría que nas series de ficción está a haber un traballo importante, o que pasa é que eu aínda boto de menos, a pesar de que se fixeron algunhas tentativas que non funcionaron, unha aposta real por gañar a toda esta parte que estamos aquí e que non atopamos aínda un produto na televisión que ver. Noto un baleiro nese sentido, que non haxa programas sobre a música galega que se está a facer neste momento, series que falen daquello que nos acontece, coas que sentirmos identificados, que traten, por exemplo, dunha muller galega de vinte e pico anos hoxe en día, pero dende tramas que sexan cribles e próximas, e non por iso unicamente urbanas. Isto era algo que tamén pasaba na literatura ata hai pouco...

Marcial Gondar: En relación co de antes do multimedia, eu creo que mal formulamos calquera problema se non dámos unha batalla bastante global en diversos ámbitos polo cambio de actitudes, etcétera, e por suposto partindo sempre dos gustos dos rapaces. Poño un exemplo: un dos xogos que máis se están a adoptar dende sempre, o

Monopoly; eu preguntome: ¿qué se ensina por debaixo do Monopoly? É obvio que estás a transmitir a idea do especulador, a esencia do xogo é que todos quedemos sen nada, co cal estás a socializar a xente para que vexa como normal iso. Pero é obvio que nós poderíamos crear un Monopoly no que ademais da figura do especulador houbera outros roles. Cando ti queres construír en Leganitos, tes que negociar co grupo ecoloxista, tes que negociar con Concello, coa comunidade de veciños... e sería o xogo que estamos a xogar pero abríríanse outras posibilidades. O problema do que estamos a falar cando remitimos a unha cultura distinta é que nós esa cultura témola que ir construíndo e os ventos van por outro sitio, e témola que ir construíndo nos sectores máis variados. E, por suposto, con aquilo de Manolo Escobar, haberá que ir xogando con eses estereotipos cos que eles se senten cómodos para ir manipulando, se me permitides a expresión, eses estereotipos cara a outros. Pero eu vexo que se a guerra non é global na nosa cultura, o futuro por suposto será dos americanos.

Membro do público: Hai un anuncio neste 17 de Maio, creo que o vin en *El Progreso*, que me deixou absolutamente impactado. Un anuncio de Coca-Cola que poñía “Día das Letras Galegas” e unha preciosidade de libros ao fondo como facendo a forma da botella. Pois iso realmente para nós debía ser un motivo de fachenda, porque que estes señores investisen as *pelas* en facerlle unha homenaxe a estes *matados* que estamos aquí... algún valor debemos de ter para eles. Creo que é significativo como elemento simbólico.

Antía Otero: Hai un caso en todo isto, e é que cando vas a un instituto a falarlles aos rapaces ou a un colexio, primeiro poucas veces saben quen es se non teñen un profesor ou unha profesora que se interese en explicarllelo. Igual teñen o teu libro na biblioteca, que nunca miraron, pero de pronto ti fálalles de que tes un blog, ou amósaslles os teus videopoemas, e non só se converten en asiduos do teu blog a diario, senón que ao pouco tempo chégache a noticia de que se puxeron a facer videopoemas. Seguramente que se puxeran a facer poemas coa mesma dedicación é máis difícil... pero de súpeto videopoemas si que os fan.

Antón Baamonde: Eu son profesor de instituto desde hai vinte anos, e hai cambios, pero tampouco hai que esaxerar. Se queres facer algo sempre tes que voltar aos libros. Cando internet sexa un medio moi masivo de mercado... Porque ao final, se fas unha serie de televisión ou calquera produto, ten que ser vendido, salvo que se trate de voluntarismo _e entón xa estamos derrotados de antemán_. A día de hoxe a cousa aínda se xoga na TVG, nas novas canles que se van abrir. E temos sobre todo un problema, que era o que dicía Quico, que é o da orixe. Volvo ao meu tema, que é o da TVG e o público mozo e urbano. Eu rara vez vía a TVG, porque son programas moi costumistas, que non me interpelan, que francamente non me din nada. E eu son bastante bo espectador

“SE FAS UNHA SERIE DE TELEVISIÓN OU CALQUERA PRODUTO, TEN QUE SER VENDIDO, SALVO QUE SE TRATE DE VOLUNTARISMO, E ENTÓN XA ESTAMOS DERROTADOS DE ANTEMÁN”

de televisión, quero dicir que trago case calquera cousa que me poñan. E ves as series e moitas veces son dunha tristeza... xa só no aspecto visual.

En Galicia hai unhas presuncións, uns prexuízos, que aínda existen e que están nos programadores, porque se non os produtos non serían os que son. Os produtos teñen a virtude de que hai un produto que se pode adaptar a un tipo de público que é o que ten maior capacidade de consumo, e o que hai é que crear primeiro uns referentes culturais propios, nos gusten ou non. Insisto, vai haber varias televisións. Na medida en que haxa demanda, poboación, unha masa crítica que necesite esas ofertas, haberá naturalmente esa demanda que aparecerá máis ou menos espontaneamente, pero aínda temos o problema de como nos vemos os galegos a nós mesmos. Hai uns prexuízos que se meten non xa no que se diga, senón no propio ton visual do asunto. E a cuestión segue a estar aquí. A Voz de Galicia, cando faga a canle esta, ¿que programación fará? E hai xéneros que están explorados e xéneros que non están explorados.

Nani García: Creo que xa levamos tempo dabondo. Moitas grazas en nome da Academia a todos e a todas.



Galiza é música, é literatura, teatro,
é cine, é pintura. **Galiza é Cultura.**

Gózaa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

XORNADAS DO AUDIOVISUAL GALEGO




20 DE XUÑO | 19.00 – 21.00 h




De esquerda a dereita: Manuel González, Manuela Fragueta, Manuel Fernández Iglesias, Paco Lodeiro, Pedro J. Caldas e Eduardo Galán

MESA REDONDA: INSTITUCIÓN

- **Pedro J. Caldas García.** Subdirector de Programas de Acceso ao Crédito, Área de Financiamento do IGAPE
- **Manuel Fernández Iglesias.** Director Xeral de Comunicación Audiovisual
- **Manuela Fragueta.** Subdirectora Xeral de Promoción Industrial e Comercio Exterior
- **Eduardo Galán.** Director de programas da TVG
- **Manuel González.** Asesor para o audiovisual da Consellería de Cultura e Deporte
- **Paco Lodeiro.** Moderador



Paco Lodeiro: Imos comezar estas charlas que están envoltas nas xornadas do audiovisual galego, para reflexionar sobre “o estado das cousas”. Os intervinientes hoxe son Pedro Caldas García, subdirector de Programas e de Acceso ao Crédito da Área de Financiamento do IGAPE, Manuel Fernández Iglesias, director xeral de Comunicación Audiovisual, Manuela Fragueta subdirectora xeral de Promoción Industrial e Comercio Exterior, Eduardo Galán director de programas da TVG, e Manuel González, asesor de audiovisuais da Consellería de Cultura e Deporte.



Eduardo Galán: Ben, comezar é unha lea, sobre todo porque como a Televisión de Galicia sempre está aí, no punto de mira de todo o mundo, realmente comezar así, abrindo a sesión, pois non é moi apetecible. Penso que hai que ser bastante concretos. A pregunta que se fai a Academia é “cómo está a cousa”. Como se dixo noutros foros, os primeiros seis meses do ano foron de seca en canto a rodaxes de películas. Sen embargo, pódovos dicir que si se fixeron moitos documentais, moitos deles xa emitidos nas sesións da Televisión de Galicia. Tamén podemos dicir que o investimento en programas previsto para este ano vai ser de case un millón e medio de euros máis có ano pasado. Están en marcha unha chea de formatos novos de acceso a *prime time*, algúns xa emitidos. A produción medrou substancialmente con respecto aos últimos anos da Televisión de Galicia, sobre todo en canto a programas emitibles, é dicir, programas que se producen e que en poucos meses están na TVG en horarios de máxima audiencia, dinamizando bastante o sector en canto a novos aires e formatos. Efectivamente, por unha serie de motivos dos que nos consideramos alleos, os primeiros seis meses deste ano non se rodaron nin se gravaron ningunha longa nin *tv-movie*, pero si nos próximos meses temos noticias de que se van gravar cinco producións entre longas e *tv-movies*. De momento creo que é mellor ir falando pouco a pouco ata entrar en materia ¿non?



Pedro Caldas: Nós dentro do IGAPE temos unha liña de financiamento do audiovisual, como sabe ben Pancho, que naqueles tempos foi un pouco consensuada co sector e que por algunhas circunstancias que foron

xurdindo posteriormente perdeu operatividade. Aínda que se fixeran algunhas operacións de financiamento dalgunhas das películas dentro do sector audiovisual, era unha liña fundamentalmente para anticipo dos dereitos de emisión das producións. Nós o que facíamos, cando se formalizaba algunha operación de contrato prevenda, era endosala e anticipar un pouco ese importe. Tiña algunhas limitacións, coma a de ter un ámbito de incidencia nacional, non podían ser produtos específicos para a TVG. Non estabamos tampouco autorizados para anticipar subvencións das consellerías correspondentes, porque non é esa a función do IGAPE.

Esto era para produtoras galegas que tiveran participación maioritaria na produción audiovisual, ou ben que tiveran a dirección executiva de como mínimo o vinte por cento. Logo fíxose unha modificación porque isto tamén supuxo unha problemática, e aínda que non tivesen unha produción executiva o que se decidiu era que...aínda que tiveran unha participación minoritaria, poder financiar unha produción deste tipo. Dábase o préstamo en proporción á participación que tivera a produtora galega na produción.

Posteriormente, había momentos nos que xurdía un problema, no sentido de que a produtora tiña que seguir producindo e non contrataba ao ritmo necesario para acompañar eses gastos de produción. Había un defecto de financiamento porque non tiñan os contratos para que nós puidesemos anticipar. Entón o que se fixo foi sacar unha liña nos préstamos a curto prazo que permitise... poñer o cincuenta por cento do préstamo a longo prazo aprobado, para que durante ese período no que non se chegaban a formalizar os contratos de prevenda a produtora se puidera ir financiando.


Pero ben, pasa o tempo e vimos que aínda iso é insuficiente para o sector. Nestes momentos estamos a negociar, temos previsto, un convenio que imos firmar con entidades financeiras para financiar, por un lado, as producións do sector audiovisual. Aquí temos para longametraxes, películas para televisión, documentais, animación, miniseries de ficción, programas piloto... Logo haberá que mirar outros temas que Pancho sabe que... poden ser contidos interactivos e todo iso: multimedia, proxectos para internet, videoxogos, etc.. Xa iremos mirando a posibilidade de facer este tema. O que temos previsto, aínda que todavía se está a negociar, é a posibilidade dunha liña de produción audiovisual para financiar este tipo de producións. E, por outro lado, unha liña de produción audiovisual para financiar investimentos en bens de equipo, tanto en producións audiovisuais coma en empresas auxiliares que pechan a cadea de valor da produción audiovisual. Serían, pois, laboratorios cinematográficos, de sonorización, de dobraxe, etc..

O que fariamos aí é que as entidades financeiras concederían os financiamentos e as SGR (Sociedades de Garantía Recíproca) avalarían as producións ata trescentos mil euros, cada unha individualmente, para

“NA LIÑA DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DO IGAPE HAI SUBVENCIÓNS DUN MÁXIMO DE 900.000 EUROS. PARA A LIÑA DE BENS DE EQUIPO ESTÁ PREVISTO UN MÍNIMO DE 25.000 E UN MÁXIMO DE 300.000”

que a partir de trescentos mil euros se poidan coavalar entre calquera delas...E, por outro lado, as SGR serán contragarantizadas pola sociedade CELSA no oitenta por cento. Nós, nese tema, o que faremos é subvencionar o tipo de interese destes préstamos que fagamos. En principio tiñamos previsto subvencionar 1,5 puntos do tipo de interese, e por outra parte subvencionaríamos tamén as SGR 0,25 puntos, para que non lles supoña custos ás produtoras.

Este convenio está a xermolar, supoño que se formalizará proximamente. Por exemplo, na liña de produción audiovisual hai subvencións dun máximo de 900.000 euros. Para a liña de industria audiovisual, que é a dos bens de equipo, está previsto un mínimo de 25.000 euros e un máximo de 300.000 euros, cun risco máximo por empresa de 300.000 euros. Se tedes algunha dúbida, pois logo falamos máis sobre este posíbel convenio, que eu creo que é interesante. Vai completar bastante o financiamento do sector audiovisual, imos manter a liña de préstamos a longo prazo para operacións específicas, que xa o sector coñece ben, pero completarlémola con este novo financiamento. Creo que é interesante porque é un convenio entre nós, as entidades financeiras e a Sociedade de Garantía Recíproca.



Manuela Fraguela: O que pretendo é formular unha serie de preguntas que nos facemos, non só para o caso do sector audiovisual senón tamén para outros moitos sectores. A primeira cuestión a formular sería: ¿existe unha política pública ben deseñada para o sector? Entendendo por elo que todos os que dalgunha maneira poden axudar o sector o estean facendo a través das liñas máis adecuadas, despois de escoitalo, evitando reiteración de accións ou esquecendo outras. En parte pode ser debido a que o propio sector non está suficientemente estruturado arredor dunhas asociacións mais ou menos potentes, capaces de negociar coa Administración de xeito que non resulte o que aparente-

mente se dá, ter que chamar a todas as portas a ver que saco aquí, a ver que me dan no outro lado, e ao mellor resulta que polo medio algún proxecto interesante cae porque non o financia ningunha Consellería. De ser esto o que acontece no sector, non o vemos como moi favorable.

No sector existen varias asociacións e varias institucións ou organismos dependentes da Administración que promoven e financian actuacións ao tempo que afirman que se trata dun sector estratéxico, un sector potente, un sector con capacidade para crear emprego, dinámico e con gran potencial para a internacionalización, pero preguntámonos: ¿quere todo eso dicir que pensan que o sector está ben estruturado, que se sabe o que precisa e se establecen as liñas máis adecuadas de axudas? Insisto, a impresión miña dende o posto que ocupo (Subdirección de Promoción Industrial e Internacionalización) é a de que existe certa desorganización, pouca coordinación e mesmo certo descoñecemento do sector, o que fai difícil atinar coas liñas de axudas.

A min paréceme que se para financiar as distintas actuacións se ten que andar a buscar quen as financia, e saber se eso ou outra cousa parecida se está a financiar noutro lado, o traballo é cando menos ingrato, e non sei se dá os resultados que debería dar. Dito isto, dalgunha maneira tamén creo que habería que facer algo para aumentar o tamaño das empresas, a súa vida media, de xeito que non desaparezan con tanta frecuencia, e lograr que o sector dalgunha maneira se capitalice dun xeito distinto ao do actual, no que teñen demasiado peso as subvencións públicas

Tan só coa subvención pública o sector nunca chegará a ser dinámico de verdade, hai que pensar noutras formas de financiarse. Habería que ver tamén, porque isto ten que ver co tecido empresarial do sector, qué pasa cos postos de traballo. Son postos, segundo os informes que se manexan, precarios, cunhas retribucións que non se axustan á categoría profesional que se lles presupón ás persoas que traballan no sector. Estamos a falar das cousas malas que ten o sector, e do xeito en que habería que arranxalo. Isto é o que nos preocupa. Preocúpanos dende a Consellería de Innovación e Industria, que dalgunha maneira é responsábel do sector, de que este sexa estratéxico, con capacidade para crear emprego, con potencial para o desenvolvemento económico e con alto potencial para internacionalizarse. ¿Son as estruturas que ten o sector, tanto asociativas como profesionais, as adecuadas? ¿Son demasiadas? ¿Están todos os que son, ou algunha máis ten que estar? En definitiva, ¿para que serviría todo iso? Pois serviría para que cantas menos voces teñan que falar para representar o sector, máis fácil probablemente fora elaborar unha política pública axeitada. Todos os que estamos aquí sabemos que hai liñas de apoio, pero repito, ¿é o adecuado? ¿Habería outra maneira de apoiar o sector de maneira máis eficaz?.



Manuel Fernández Iglesias: Na liña do que dicía Manuela, tamén é certo que, pensando máis que nada nese estado da cuestión, no estado do audiovisual en Galicia, como eu o vexo hai enfoques diferentes. Hai certas empresas que xa teñen certo músculo, ben por relacións estratéxicas que cobren toda a cadea de valor, ben porque está integrada dentro da estrutura empresarial toda a cadea de valor. Teñen xa a capacidade para acceder a moitas fontes de financiamento diferentes, moitas públicas pero tamén doutro tipo, e son capaces de manter unha produción ben para televisión ou ben cinematográfica máis ou menos estable, con alianzas en coprodución con outros territorios. Dalgunha maneira, veñen demostrando nos últimos anos certa capacidade de manter unha certa estrutura.

Logo hai outra parte do sector que ten unha estrutura moito máis pequena, non poden afrontar tantos proxectos coma esas empresas das que estaba a falar antes, teñen máis dificultades para acceder a liñas de axuda... Non porque sexa difícil obter esas axudas, senón porque é difícil complementar esas axudas con outras contribucións, que poidan sacar adiante proxectos de envergadura. Nunha produción audiovisual, sexa para o que sexa, estamos a falar xa de presupostos que son moi relevantes respecto ao que se fai noutros sectores produtivos.


As axudas que se formulan dende o IGAPE, probablemente si que sexan unha achega moi positiva, porque están moi ben deseñadas para ese tipo de estruturas que teñen certa flexibilidade para acceder a financiamento, certa capacidade para acadar os apoios para continuar con esa estrutura de desenvolvemento de proxectos e atender a demanda que poida haber. Na oferta teríamos, pois agora parece que se está a cristalizar ao longo destes últimos anos, eses dous modelos de empresa con obxectivos probablemente diferentes entre eles. Estructuras con certo músculo, medianamente importantes, que poden afrontar distintos tipos de proxectos para distintas canles e que dalgunha maneira teñen integrada toda a cadea de valor no audiovisual, ben internamente, dentro da infraestrutura, ben con acordos estratéxicos con outro tipo de empresas. E logo estarían esoutras empresas ou profesionais que dalgunha maneira están no fío na navalla, que teñen máis dificultade para acceder a financiamento, para poder manter unha capacidade de produción.

Dende a demanda, o que vai a pasar en breve é unha explosión de novas canles de distribución. No que máis estamos a traballar agora é no tema das novas televisións dixitais. En Galicia van comezar, probablemente o ano que vén, dúas canles novas de televisión de ámbito autonómico, e teranse que desenvolver as televisións locais, xa que estamos a falar de corenta novas canles de televisión. Imos ter que ser capaces de xerar produto para encher esas horas de programación a un custo moi

competitivo. Hai algunhas iniciativas que están a enfocar esta nova demanda que está a aparecer. E logo, á parte, pois todas as grandes distribucións novas que temos agora vencelladas ás novas tecnoloxías.

Támén detectamos un interese cada vez maior fóra de Galicia polo audiovisual galego, fundamentalmente en Iberoamérica e tamén noutras partes do estado español. Dalgunha maneira tamén se abre unha fiestra de oportunidade para un futuro máis a medio que a curto prazo, ¿non? É un pouco a situación como a vexo eu. Digamos que se están a cristalizar dous modelos diferentes dentro do audiovisual galego, se queremos chamalo así, empresas que xa dalgunha maneira teñen unha dinámica de funcionamento que lles permite manter unha produción constante, certa flexibilidade para adaptarse aos cambios que haxa de acceso a subvencións, ou de acceso a financiamento externo, etc.. E outros que aínda non teñen esa capacidade, que haberá que buscar o xeito de que dalgunha maneira poidan tamén estar no mercado, máis ou menos, con certa confianza.

Paco Lodeiro: Fago un pequeno resumo do que ata o de agora se comentou: se a política pública está ben deseñada, se hai un pouquiño de reiteración nas asociacións, se estratexicamente o sector está ben artellado, sen dúbida da súa importancia, se dende a Administración se están a facer ben as cousas dende o punto de vista da estruturación do sector...



Manuel González: Eu participo neste acto dende a perspectiva da Consellería de Cultura. Por iso parto de que o audiovisual, sobre todo, é un sector que conta historias e... á parte das empresas, dos números e as cifras...o verdaderamente relevante dun audiovisual propio sería que as historias en imaxes que se produzan en Galicia cheguen ao corazón da maior parte de xente posíbel do planeta. E, ás veces, para chegar ao corazón da xente non se precisan grandísimos orzamentos, nin complexas coproducións, nin custosísimos medios. Moitas veces simplemente con boas ideas e poucos recursos pódese acadar este obxectivo. Téñeno demostrado moitos cineastas, e na historia do cinema hai exemplos abondo que todos cantos estades aquí coñecedes.

Por outra banda, temos en Galicia unha especie de tendencia mediática a identificar o audiovisual galego co cinema comercial, cando este non é máis ca unha parte moi cativa do volume do negocio do sector audiovisual. Hoxe o sector audiovisual son as televisións e o seu entramado, o emerxente mundo da televisión interactiva, internet e os contidos dixitais..., etc. Toda esa contorna é o audiovisual galego. Hai unha tendencia, latente en moitos medios de comunicación, que é medir o éxito ou fracaso do audiovisual en función do éxito e fracaso das súas películas comerciais. Hoxendía é un erro de enfoque e quixera puntualizar algunhas cuestións dende esa perspectiva.

“ÁS VECES PARA CHEGAR AO CORAZÓN DA XENTE NON SE PRECISAN GRANDÍSIMOS ORZAMENTOS NIN COMPLEXAS COPRODUCCIÓNS. MOITAS VECES CON BOAS IDEAS E POCOS RECURSOS PÓDESE ACADAR ESTE OBXECTIVO”

Unha das pequenas vantaxes que se teñen ao traballar neste oficio é a inxente cantidade de información que se recibe, e xustamente a partir desta información o que se observa é que estamos a asistir a un cambio de ciclo, algo do que todos os profesionais falan nos corredores e despachos. É dicir, estamos a vivir un cambio de ciclo no audiovisual en todo o mundo; neste momento as grandes empresas están a reformular novos sistemas de financiamento e novas liñas de negocio ante a crise do sistema tradicional. Imos poñer un exemplo: sempre se argumenta, no caso do cinema, que as películas galegas tiveron unha recadación moi cativa nos últimos tempos. Non é que sexa cativa porque as películas foran boas ou malas, foi cativa porque a xente que antes ía ver esas películas xa non vai velas no cinema.

Porque, ¿que películas non americanas se exportan hoxe e chegan a outros mercados? Por exemplo, no festival de Cannes deste ano foi premiada unha película romanese sobre os abortos clandestinos en Bucarest feita cunha cámara dixital, o mesmo que o ano anterior lle aconteceu a un filme bosnio en Venecia. Mesmo ese feito deu pé para que nestes días se falase do “cine romanés”, que non creo que conte cunha gran estrutura industrial detrás. Ao mellor o que ten é sobre todo talento, quizais haxa unha aposta polo talento, ¿non?. Non sei moi ben que é o que pasou aí. Mentres, nas salas de cinema arrasa *Piratas del Caribe*. E todo o que queda no camiño do medio non está, simplemente non existe. É dicir, é algo que debemos pensar entre todos, que ao mellor estamos a facer un tipo de cinema comercial que ten poucas posibilidades, que as televisións non mercan nin o público ten oportunidade de visionar en igualdade de oportunidades. Estamos nun momento moi difícil e moitos dos que estades aquí sabédelo perfectamente.

Por outra banda, o marco lexislativo tampouco axuda nada. É dicir, hai unha lei que _de momento_ está parada, non se sabe moi ben o que vai acontecer. Suponse que esa lei vai incrementar o investimento privado no

cine a partir de desgravacións fiscais..., pero aínda ten moitos focos que están no ambiente sen resolver. No caso galego, pois aínda máis, porque hai distintas sensibilidade e xeitos de entender o audiovisual e toda unha serie de institucións.

En fin, todo ese conxunto de circunstancias provocan que esteamos a vivir unha etapa confusa e chea de incertidume. Pero, por outra banda, tamén hai indicios moi esperanzadores no horizonte, que é o que nós denominamos o mundo paralelo. Chamámoslle “mundo paralelo” a esa xente _ao marxe da industria convencional_ que está a facer producións cunha cámara doméstica, ou cunha cámara dixital, para poñer aí o talento e a creatividade. Demostran cómo facer sen a penas medios nin estruturas industriais que os apoién. O número de creadores que optan por esta vía é crecente. Isto non quere dicir que esa sexa “a solución”, pero é un novo camiño que vai permitir que agrome o talento e que o sector profesional teña un filón por onde tirar e mellorar. Ese mundo paralelo é o I+D dos contidos do audiovisual. Cómpre insistir por aí, porque o camiño do talento só dá froitos a medio prazo.

No tocante ao cinema comercial, a meirande parte das producións audiovisuais galegas son coproducións minoritarias: 50 contra 37. O que se ten feito polo de agora son 50 producións minoritarias e 37 maioritarias con desigual fortuna na súa carreira comercial. Tamén neste eido partimos da inexistencia dun modelo profesionalizado de financiamento, tal e como se está agora a formular a través do IGAPE. Ao mellor esta nova ferramenta pode estimular o afianzamento dun cine industrial potente, ademais de abrir o camiño para a instauración das axudas automáticas á produción. Nós pensamos que os que estamos aquí temos que construír un modelo alternativo ao denominado na anterior etapa “modelo galego”, que ten máis sombras que luces, ese modelo que se nos vendeu mediaticamente. Vén chegando o momento de crear un modelo alternativo como corresponde a un novo goberno, que aposte polo talento, pola converxencia co dixital e coas novas tecnoloxías, pero tamén polo cinema industrial producido con ferramentas industriais contemporáneas.

Hai un feixe de producións que se poden facer agora mesmo doutro xeito, con modelos de produción alternativos. Xerar mecanismos que vinculen e fagan sinerxia entre as distintas áreas de goberno e o resto de industrias culturais deste país, que é algo que está completamente abandonado. Por exemplo, a literatura, a música, etc.. van por unha banda e o audiovisual vai por outra. Eu penso que chegou o momento de crear mecanismos que xeren sinerxias entre todas as industrias culturais galegas... para que poidamos ofrecer, non só ao noso mercado interno, senón especialmente ao mercado externo, algún tipo de produción máis compactada, que reflita moito mellor o noso imaxinario colectivo e que realmente nos faga visíbeis no mundo. E o único que nos

fai visibles no mundo é conectar co corazón das demais culturas.

Penso que estamos demasiado empeñados en falar de comercialización, cando quizais primeiro deberíamos pensar no deseño de contidos e a definición do produto que pretendemos vender fóra. Sempre poño o exemplo das *gali-colas*; é dicir, estamos empeñados en facer *gali-colas* cando xa existe no mercado a coca-cola, que hoxe por hoxe é imbatible, e non hai forma humana de competir con ese produto. Ao mellor vén chegando o tempo de construír outro tipo de historias que falen un pouco máis de nós mesmos e compitan no mundo globalizado pola súa personalidade específica. O máis universal que existe é a emoción, a particularidade e a diferenza. E é isto o que podemos colocar neste inmenso mercado da globalización. Na década dos noventa o discurso dominante aspiraba a producir proxectos que realmente nos homologasen co resto do mundo. Pero no ano 2007 todo o mercado está supersaturado practicamente do mesmo tipo de produtos, e penso que sería unha boa estratexia trocar esa énfase no puramente comercial e apostar pola particularidade e a diferenza.

Paco Lodeiro: Ademais dos aquí presentes tamén estaba convidado a esta mesa o Consorcio Galego do Audiovisual, que finalmente non puido asistir, o cal agradeceмоs dende o punto de vista da loxística, porque ía ser un pouco complicado que collera algún máis nesta mesa. Ben, nesta primeira intervención parece claro que a televisión está nun momento de avance cun millón de euros máis para programas. Unha especial potenciación de documentais, os cales foron no seu momento un produto algo desbotado ou que estaba algo esquecido, e que agora mesmo está a demostrar que ten espazo na grella da TVG... E logo tamén estas pequenas producións un pouco afastadas das grandes produtoras que están en *access prime time*, como poden ser *Hai que mollarse*, *Criaturas*, ese tipo de formatos que están a funcionar ben. Por parte do IGAPE hai un punto de inflexión, hai un cambio un pouco para salvar unha perda de operatividade que se detectou, e hai liñas de crédito abertas que permiten non só a produción senón tamén a posta en marcha dos proxectos...

Pedro Caldas: Eu espero que as teñamos operativas nun período curto de tempo. Hai non só para producións, senón tamén para bens de equipo, etc... E cunhas condicións con respecto ás garantías moito máis cubertas. Eu creo que se isto se incorpora realmente vaise cubrir o financiamento ou vaise pechar o financiamento das empresas produtoras, no sentido de que vai ser un instrumento útil.

Paco Lodeiro: Manuel Fernández facía unha distinción entre dous tipos de empresas, as empresas con músculo e as que pretenden sobrevivir. A partir de agora vai haber novas canles de distribución e por aí vai estar un pouco o futuro do sector. Manuela fai preguntas que aínda ninguén contestou, pero supoño que haberá que

contestar, sobre a política pública, se está ou non está ben deseñada, se hai exceso de asociacionismo, e outro aspecto importante, que é se hai salarios axeitados ou non ao sector. Manolo González di que temos que apostar por chegar ao corazón e que hai un cambio, que nos noventa estaba ben tratar de ter máis axudas para a produción, máis cartos, pero que agora mesmo o que hai que ter é máis talento na produción aínda que os medios sexan máis escasos e se produzan cousas con menos cartos, ¿non?

Manuel González: Máis ou menos. Pero tamén defendo un cine comercial á galega, algunha vez algún de vos escoitoume este exemplo: sería estupendo producir unha película cos Tonechos, que teñen unha axencia de detectives, morre o Gayoso e o malo é Superpiñeiro. Ao mellor esa película tiña un éxito comercial potente. Sería un cine comercial á galega, e crédeme que non o afirmo cun sentido pexorativo. Podería ser mesmo un filme comercial digno.

Manuel Fernández Iglesias: Había unha cousa que dicía antes Manolo que tamén te fai pensar, ¿non? Falaba antes da película que gañou en Cannes cun presuposto de menos de 700.000 euros. É unha película que realmente está pensada...ou sexa, hai unha estratexia detrás, non se trata simplemente dunha película barata gravada en Romanía, quizais iso tamén sexa unha estratexia. Hai moitas maneiras de facer chegar o audiovisual á xente, están esas grandes superproduccións onde controlan a distribución, o acceso ás salas, etc... toda a maquinaria que teñen detrás as *majors*, por exemplo, pero logo tamén hai películas pensadas para a súa distribución en festivais, véndense moi ben tamén e van ter outras canles de comercialización. Son películas que estarán nas televisións, que van ir a distintos países a través de televisións por cable que van presentar esta película, van ter un público cautivo, van ter un percorrido por festivais moi interesante. Pero non é simplemente que en Romanía sexa o cine que fan, esa maneira un pouco desestruturada, non o sei... en todos estes temas, sempre que hai algo que triunfa ten unha estratexia detrás. É extremadamente raro que porque soe a frauta, por dicilo así, as cousas saian ben á primeira.

Hai estratexias, ao mellor producións máis pequenas teñen que pensar en estratexias para estar en festivais, cun público fiel e cunhas canles de comercialización, porque tamén hai que vendelas. Aínda que o que se reflicta sexa o corazón da xente, ao final o que interesa é poder ter esa capacidade de poder facer a seguinte, unha vez tras doutra. Porque ao final tes que comer, ¿non? Hai uns actores e hai uns técnicos que ao final tamén teñen que comer. Por chegar ao corazón, se non lle dás de comer ao actor ou ao técnico, pois entón quedamos aí. Ao mellor tamén hai que darlle unha volta a iso, mudar un pouco a estratexia. O que non se pode facer é cine americano con dous millóns de euros, estou de acordo. Pero se tes dous millóns de euros tes que buscar unha estratexia,

"AO MELLOR PRODUCCIÓNS MÁIS PEQUENAS TEÑEN QUE PENSAR EN ESTRATEXIAS PARA ESTAR EN FESTIVAIS, CUN PÚBLICO FIEL E UNHAS CANLES DE COMERCIALIZACIÓN, PORQUE TAMÉN HAI QUE VENDELAS"

como fan os romaneses agora en Cannes, ao mellor iso deberíanos facer pensar.

Manuel González: Para completar só. A meirande parte das películas que estamos a producir aquí teñen que ver co cinema de autor, en case todas elas podemos albiscar unha certa ollada de autoría, pero todas están producidas cun modelo ortodoxo de produción de cine comercial. Sobre o que falas de "comer os garavanzos", debería reformular a definición do que é o sector audiovisual no seu conxunto: é dicir, a tele, os programas, os documentais, a publicidade, os institucionais, etc.. Non só este tipo de producións que están feitas moitas veces dende o voluntarismo, aínda que non remataríamos de enunciar a gran cantidade de bos directores que proceden desa práctica profesional. E non esquezamos que os directores son as locomotoras do audiovisual, como Almodóvar, Amenábar ou mesmo Cierda no cine español. Se aparecera un director desas características aquí, entón si que nos proxecciónaría ao resto do mundo sen tanta leria co asunto da "internacionalización". Cando aparece un director que sabe facer realmente ben as cousas no seu traballo, que conecta e sabe construír un imaxinario que lle interesa ao resto do planeta, aí é onde está unha das claves básicas do chamado cinema. E logo está esoutro cinema que pode facer calquera.

Carmen de Miguel (público): Eu o que digo é que 700.000 euros non me parece un presuposto baixo. En Romanía supoño que os salarios serán un 25%, máis ou menos, máis baixos ca aquí. Seguro que foi unha produción digna, que é o que se pretende aquí. Non é facer cine cunha dixital e poñendo todos a vontade e o corazón e logo que a xente non teña qué comer. Porque se os salarios son baixos e se dedican a facer curtas, entón, ¿cómo imos a sacar adiante o audiovisual?

Manuel González: Pero Carmen, insisto, o audiovisual é un concepto bastante máis grande có cine.

Carmen de Miguel: Ben, estou a falar da miña expe-

riencia, non podo falar doutra cousa neste momento. E, sobre todo, polo tema ese do que estamos a falar, de se sacamos unha película coma a dos romaneses... non sei, o audiovisual que temos é este. E non é unha cousa casual, como dicía Manuel, que de repente saia un director e que faga unha película taquilleira. Todos estes anos que levamos facendo cine e audiovisual, televisión, todo o referente a imaxe, iso vai creando uns directores, vai creando equipos, profesionais aos que entón lles podes dicir: imos crear películas desde o corazón, podemos facer unha boa película, pero o presuposto que manexamos é moi baixo. Por outra parte, tamén se pode acceder ás axudas, axudas da Xunta, da Televisión de Galicia. Pero o que non se pode é volver atrás do que hai agora; nada máis.

Manuel González: Volvo dicir que os profesionais do audiovisual galego viven sobre todo dos programas de televisión, da publicidade e dos institucionais, basicamente nun 90%, e o resto son "cousiñas", que se poden facer unhas poucas cada ano. Pero, desde logo, os garavanzos e a comida dos profesionais do audiovisual galego proveñen doutro mundo que non é o cine, na meirande parte dos casos. Se hai alguén que pode vivir do cine aquí... algunhas persoas _poucas_ poderán facelo, pero insisto: para que saia un bo director hai que insistir no camiño do talento e ofertar oportunidades.



Pancho Casal (público): Encantoume a intervención de Manuela, vese que vén de fóra do sector. Dixo as cousas máis interesantes para min de todo o que se

falou. E eu podo dicilo desde a experiencia dunha persona cunha produtora desde hai 25 anos, que intentou crear unha empresa profesional desde Galicia, e despois de 25 anos a verdade é que me gustaron moito as cousas que dixeches, porque se ven aí os problemas que hai actualmente no audiovisual galego.

Hai unha desmobilización absoluta, pode haber moitas asociacións, e eu de verdade participei en moito, movínome moito profesionalmente. Pero hai unha realidade, e é que nas asembleas de AGAPI non hai ningún, estamos a velo aquí, eu estou a recibir decenas de chamadas de actores preguntándome qué pasa, que non hai traballo. Hai unha actitude da xente de que protestar contra un goberno, estar en desacordo cun goberno progresista, é reaccionario, e neste sector ningún quere ser reaccionario. Eu podo ser crítico; hai cousas que se están a facer moi ben, outras mal e outras moi mal. A min botouseme en cara por xente que todos coñecedes do sector en Galicia... dixéronme que me calara xa. Primeiro, que xa verás cómo che vai, e despois, que é unha actuación reaccionaria, e isto é deprimente. Pero dígoos para situar un pouco. É unha situación con moitas organizacións pero de desmobilización absoluta.

Eu pensei que hoxe habería moitos actores que virían dicir o que a min me están a dicir, que non é que se estea a producir menos na Televisión de Galicia. É

verdade que se están a producir un 30% ou un 40% menos de capítulos de ficción, pero estanse a facer outros formatos, e ademais cun éxito moi importante, que realmente trocaron a imaxe da cadea. A cadea ten nestes momentos unha grella máis equilibrada, e eu penso que fixo un cambio neste momento importante, se ben con insuficiencias que non se corrixiron, e que non se corrixiron por falta de presuposto principalmente.

É certo que hai unha política confusísima, desintegrada completamente, e segundo o que se di temos unha situación penosa, porque realmente temos un sector cunhas posibilidades inmensas, todo o mundo o di no resto de España. Dende as institucións dise que non hai nada que facer, porque a xente que está nas institucións pensa que sabe máis ca ninguén, que é posible, así como antes os que estaban consideraban que non sabían nada destos, e eran moito máis receptivos ao que formulamos os profesionais, os empresarios e as asociacións. Agora hai moita menos receptividade, seguramente porque a xente que está no Goberno, nas institucións, está moito máis preparada ca antes. Estou a ver que facemos propostas e que o 99% non valen para nada.

Por exemplo, creo que o importante é valorar os cartos públicos: ¿cánto chega ata o final?, ¿cómo chega ata o final? Dende aí hai que reflexionar. Se eu teño tantos millóns de presuposto, ¿cánto chega á xente que cobra un salario, a empresas que xeran un valor engadido? Preciso unha análise diso. Porque hai departamentos da Xunta nos que o que chega ao sector é moito e sitios nos que o que chega é moi pouco, sobre isto si que se debería de reflexionar. Penso que no tema financeiro e do IGAPE, o problema é que as producións non se poden financiar integramente, se non se entra a financiar a diferenza entre o prefinanciamento e o custo final da produción, se non se financia como se fai en Cataluña, pouco se vai solucionar, e iso é o que fai que os cartos realmente vallan para crear postos de traballo, e que os avais deses diferenciais sexan sobre os bens da compañía, que son os dereitos de propiedade intelectual. Ou sexa, non lle pidades que lle poñamos a casa... o mesmo están a facer en Cataluña, non é irrealizable.

E agora sabedes que coa nova lei créase que a través de agrupacións de interese económico, que aquí poderían ser unha solución enorme, se poden producir oito ou dez películas ao ano, e que vós entrades directamente como socios, e é a través de capital risco, de fondos de investimento. Ademais, con que o 82% do custo estea cuberto, eso de verdade pode revolucionar o sector da produción en España, e España de verdade vaino facer, dado que non hai moitos fondos privados, só intervirán algúns, coma os das caixas. E despois, de cara á televisión, perdoados que fixese un repaso xeral, creo que a formulación clara é que a Consellería de Economía dote a TVG dun fondo especial, como fixeron agora no Quebec ou en Euskadi, para que realmente poida haber un investimento no que é produción imputable á obriga da lei do 5%. Non

directamente para a grella inmediata, que é o que os acucia, co presuposto ridículo, e realmente están a tirar un partido inmenso deses cartos, pero eses cartos xa non dan para longametraxes ou o que é máis adecuado para Galicia, que son *tv-movies* e animación.

Estase a facer un grande esforzo en animación, pero a verdade é que Televisión de Galicia non ten un gran presuposto para responder a iso. Que é todo o que sería o 5%, que deberían ser 6 millóns de euros. O cálculo dos financeiros é diferente, pero eu digo que se alguén gasta 122 millóns e non ten déficit, digo eu que é porque ingresa 122 millóns. E o 5% de 122 millóns son 6,1 millóns. A Consellería de Economía debería facer o que se está a facer no País Vasco, Cataluña, Andalucía, que é cumprir a lei e cumprila non dunha maneira trapalleira. Que a baixada do déficit, que baixou, puidese ter saída sobre todo para esas películas de televisión, que teñen unhas enormes posibilidades de produción. Non perdamos esa vía.

Eduardo Galán: Simplemente unha aclaración: ¿cantos actores? Pois mira, se fas un estudio en horas de programación e de emisión (non gravar e gardar nun estante, como pasou con dúas series que todos temos na cabeza, é dicir, producir para emitir e que realmente os programas funcionaran e se emitiran), curiosamente no 2006 e no que vai de 2007 producíronse máis obras de ficción para televisión que, por exemplo, no 2005. Capítulos de *A vida por diante*, capítulos de *Valderrei*, *Tonechos*, *Libro de familia*. Arriba de 156 actores traballaron neles durante o ano 2006, e 148 que levan traballado este ano.

Aínda non rematou 2007 e hai unha serie que se está a gravar agora mesmo e en marcha dúas máis. Sucede que non hai unha concentración tan forte de actores, en moitos casos non son protagonistas, e evidentemente nos últimos tres ou catro anos abriuse o número de asociados e hai unha morea de actores que están fóra da asociación, e que ao mellor tamén están a traballar aí. É unha matización ao tema. En canto ás *tv-movies*, nos últimos dezaseis meses graváronse catro *tv-movies* nas que o 90% dos actores eran galegos, non o esquezamos. Antes facíanse moitas *tv-movies* nas que unha alta porcentaxe dos actores non eran galegos, son unhas aclaracións que quero facer.

Rafael Ramos Barbosa (público): Quero darlle a razón a Manuel. Veño de fóra e atopo que hai cincuenta asociacións. Por outra parte, como empresa quero ver a que subvencións podo aspirar, non sei se podo tirar de aquí ou de alá, coller unha para equipamentos, coller unha para tecnoloxías da información, non sei se todas as podo coller, e se coller unha exclúe as outras. Certamente, é complicado. Por outro lado, o que dicía Manuel de que o sector audiovisual ten varias canles... ten as dúas autonómicas, o dixital e as corenta locais, pero ao final os seus ingresos son escasísimos. E as empresas privadas non van meter os cartos porque si, ata que non vexan unha suba.

“HAI EMPRESAS CUN FUNCIONAMENTO MÁIS OU MENOS ESTABLE, MEDIANTE ALIANZAS OU INTEGRANDO DENTRO DA SÚA ESTRUCTURA A CADEA DE VALOR, E OUTRAS QUE SON PEQUENAS E NON TEÑEN CAPACIDADE DE FUNCIONAR DE MANEIRA CONTINUA”

Xosé Manuel Olveira, Pico (público): Quero dicir que sei que os actores hai épocas que temos moito traballo. Eu este ano en Televisión de Galicia traballei un día, e traballei outro día dúas horas, e non sei canto vou traballar este ano.

Pepe Coira (público): Hai unha cuestión sobre a mesa, a que presentou Manuela, da que me gustaría coñecer a opinión dos poñentes. Por unha parte, no sector hai moita descoordinación; por outra, nas institucións tamén parece haber moita descoordinación. Gustaríame saber se o resto da mesa o pensa así, se cre que os profesionais estamos desorganizados e non temos unha voz diante das institucións, se estades conformes con que na actual Xunta hai descoordinación na política audiovisual. ¿Védeslle amaño a este problema?

Manuel Fernández Iglesias: Dalgunha maneira eu penso que o Goberno reflicte a sociedade que hai. Vou empezar polo fácil, xa o dicía ao principio: hai dúas maneiras diferentes de entender o audiovisual no sector. Hai empresas que teñen, como dicía antes, un funcionamento máis ou menos estable, ou ben alianzas ou ben integrando dentro da súa propia estrutura o que é a cadea de valor. Logo hai outras empresas que funcionan doutra maneira, son pequenas e non teñen esa capacidade de funcionar, digamos, de maneira continua. E ao mellor aí tamén hai dúas maneiras diferentes de entender a realidade, ¿non? Unhas pretenden facer cine comercial, para o cal non teñen unha estrutura, e tamén as hai que dalgunha maneira si que entenden cómo teñen que facer para chegar á xente.

Teño un exemplo que é a miña interpretación persoal, aínda que podo estar equivocado. Por exemplo, *Os cacahuetes* ten detrás unha estratexia moi intelixente de comercialización e de chegar ao público. O que dicía antes respecto á película de Romanía: non é que teñas 800.000 euros e fagas unha cousa con cámara dixital, senón a maneira de sacarlle o máximo partido á túa realidade. Como resumo, hai todo un abano de maneiras

de entender o audiovisual e de esperanzas á hora de facer audiovisual en Galicia. E na Administración, pois ao principio eu, vindo de fóra, vía un problema como de coordinación, e quizais o problema estaba no tema da difusión. E é que tamén dende a Administración hai dúas maneiras de entender o audiovisual, é dicir, haberá que intentar coordinalas, obviamente. Digamos que a Administración reflicte o que pasa tamén no propio sector. É dicir, _creo que o dicías ti, Pancho_, que a xente que está aí preocúpase por formar unha opinión propia e documentada, e por tanto ves distintas maneiras de entender o audiovisual tamén. Eso é consecuencia de que á hora de organizar un Goberno de coalición acabamos na situación que temos. ¿Que se pode tentar coordinar máis? Esa é a esperanza que sempre temos, pero é nunha cousa que temos que traballar.

Eduardo Galán: Sobre a mesa temos agora mesmo as últimas cousas que nos trouxeron, dúas longas para o cine, non direi o título, por suposto tampouco vou dicir o presuposto exacto, non podo dar pistas, non se trata diso. Unha delas está en torno aos 2 millóns de euros e a produtora vai correr o risco de producir con 140.000. Vai ser moi difícil que saia esa película. Hai outra produtora con outra película que está bastante por riba dos 2 millóns de euros. En calquera dos dous casos, é o que dicía Manolo: pertencen ao que se chama cine de autor; é dicir, non é un cine descaradamente comercial, non vai ter moito éxito nin nada diso. Por certo, teño que dicilo aínda que sexa crítico a este nivel, teño que dicir que un dos guións é excelente. Ben, a outra película que está bastante por riba dos 2 millóns de euros, podo aseguravos que se se fai outro deseño de produción saíra na metade de custo, sería o máis lóxico para a súa vida e non perdería, estou seguro, nada do seu pulo. Non se ten que facer como cine, mesmo o punto de vista plástico non ten por que facerse como cine. E o investimento desa película é de 225.000 euros da capitalización da produtora. Estamos a falar con eses números.

Manuel González: A Consellería de Cultura e Deporte ten un orzamento total equivalente ao dunha soa película de produción media-alta no cine español. Non se pode pedir que esta cantidade resolva os problemas do sector. Ti falabas de Cataluña, Cataluña ten un presuposto de 40 millóns sen contar o CDA, axudas complementarias e mecanismos de sinerxia co resto de institucións audiovisuais catalanas. É dicir, é moi difícil que coa cantidade de cartos asignada á produción, e dende unha soa consellería, se poida modificar substancialmente ningunha situación. Non deixamos de repetir unha e outra vez que as liñas de axuda o que están a desenvolver dun xeito moi claro é o principio de “non pechar ningunha porta das que están abertas, pero abrir camiños novos”.

Na resolución de axudas da Consellería hai coproducións minoritarias, coproducións con outros países, operas primas..., etc. En definitiva, figuran representados todos os modelos de produción posíbeis. Estes días Pancho e

mais eu estivemos en Sevilla, onde se estaba a debater o papel das administracións no financiamento audiovisual. E unha das conclusións era que había que abrir novos camiños e probar novas fórmulas dende o campo das administracións. O que vos acontece aos actores galegos non é un tema exclusivamente galego, é un problema de todo o cinema español, é a mesma crise xeral que ten o cine español, mesmo o cinema europeo. Polo tanto, deberíamos ser máis precisos á hora de opinar, porque este non é un tema galego, é un problema absolutamente xeral e que afecta a todos os colectivos.

Respecto á coordinación institucional, dende o primeiro día que empezamos a traballar na Consellería de Cultura non deixamos de definir o audiovisual como “un sistema” no que eran absolutamente necesarias a coordinación e a lealtade institucional; por razóns que non veñen ao caso, esa coordinación non se produciu. Todos seguidos máis ou menos a nosa oficina virtual, a nosa web, todos os días estamos a apoiar as iniciativas a prol do audiovisual que fai calquera parte do goberno, sexa cal sexa. Por exemplo, se mirades as novas de hoxe mesmo: aparecen unha iniciativa do IGAP, dúas da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e unha do Consorcio, o cal deixa moi claro que nós estamos intentando traballar a favor desa coordinación dende o primeiro día. Non deixamos de reclamalo constantemente, como ben sabe o director xeral de Comunicación Audiovisual.

Pancho Casal: Pero quizais o que falta é unha estratexia común desas dúas administracións, ¿non? Unha estratexia conxunta, dicir a ver qué audiovisual queremos para Galicia e poñerse de acordo. Porque logo hai unha contradicción entre... Se facemos unha coprodución fóra de España, con Latinoamérica, por exemplo, e resulta que queres facer unha coprodución con Brasil e Arxentina, por exemplo, dáste de conta que ten que haber unha incorporación tanto de actores brasileiros como de arxentinos e galegos, e que probablemente se respecte o castelán con ton arxentino e brasileiro, e que iso hai que facelo porque forma parte da riqueza da cultura deses países, e enriquece tamén a propia Galicia. Sempre hai unha contradicción entre o que pensa Manuel Fernández Iglesias e o que pensas ti, Manolo. Eu preguntóche: ¿hai unha estratexia común a cinco anos? Porque o que acabades de dicir xa o oín hai un ano. Estadés a intentar traballar xuntos, estamos a facer tabula rasa, etc... Eu unicamente quero preguntar eso, se existe unha filosofía común, e se existe para que poida impactar nos produtores e nos técnicos.

Manuel González: Si que existe esa intención. Podo dicir que esa intención está manifesta, está superclara, xa o comentei abondo na miña anterior intervención. Respecto á participación dos colectivos, dos técnicos, guionistas, etc., está moi claro que os estamos a apoiar, e ese apoio está definido explicitamente na propia convocatoria. De feito, nas xuntanzas que tivemos tanto coa asociación de técnicos como coa asociación de actores, independentemente das demandas de traballo _insisto

en que é un tema non só galego, senón tamén español, e que non se trata só do tema do cine_, todos os colectivos do audiovisual foron consultados e manifestaron o seu apoio á nosa liña de axudas.

Manuela Fraguela: Persoalmente, penso que non existe esa estratexia común, poida que haxa que darlle máis tempo para que exista. Efectivamente, como xa dixo aquí Manolo, é reflexo da sociedade que temos. Creo que sería menos grave ou menos disfuncional se todas as competencias estiveran nunha única consellería, entón esa consellería tería unha estratexia. Pero estamos no sector no que creo que máis consellerías teñen actuacións, cada unha nunha dirección e cada quen cunha estratexia montada en base a coñecementos que ten do sector, a contactos co sector, pero que, en definitiva, só son segmentos do sector. Por eso eu creo que unha estratexia global e política do sector non a hai. Tampouco quero dicir que non a vaia haber. Pero o que me preocupa é que as consellerías, as asociacións, as institucións que están arredor do sector, monten as estratexias en torno ao máis visible, o que máis se visualiza, ou arredor do que mellor venden, ou non sei, en función dalgunha outra cousa. Vaia, vese de todo.

Manuel Fernández Iglesias: Imos ver, non estamos a inventar a pólvora. Nós temos unha lei do audiovisual que hai que reformar _e vaise reformar, obviamente_ que é case pioneira, que é a lei do audiovisual do 99. Hai un organismo, que se chama Consorcio Audiovisual de Galicia, no cal están representados no consello de dirección a Consellería de Cultura, a Consellería de Industria, a Consellería de Educación, o IGAPE, a Televisión de Galicia... eso existe. O que pasa é que as consellerías de Cultura e Industria non acoden nin fan as contas; iso é o de menos. Pero existe un organismo, que ten un foro que é un órgano de dirección. Eso existe, non hai que inventar nada, existe, outra cousa é que se lle queira dar continuidade ou non. Existen mecanismos, e o que fai falta é querer usalos de maneira activa, o cal considéroo oportuno, estando representado aí. É chegar, presentar informes, pódense dicir as cousas. Dalgunha maneira, esa participación crítica é posible, existe ese foro. Ou sexa, que non é verdade que non existan organismos, que non exista un organismo único, iso non é verdade. Agora existe o Consorcio, como único organismo que non sexan centros xestores da autoridade pública. O único que existe é o Consorcio.

Pedro Caldas: Pancho, falaches antes do GAP, a diferenza entre o custo de fabricación e o prefinanciamento externo. Nós ante ese problema... se non se usan instrumentos operativos e útiles non serven para nada. Efectivamente, antes foi consensuado con vós o primeiro tema, que foi aquel financiamento inicial que fixo o IGAPE, o que facíamos era simplemente anticipar que os contratos se fixesen con dereitos de prevenda, co cal funcionábase ben, e se non a empresa non tiña financiamento, estaba a efectos de financiamento ata que pechaba

“SERÍA MENOS GRAVE OU MENOS DISFUNCIONAL SE TODAS AS COMPETENCIAS SOBRE O AUDIOVISUAL ESTIVERAN NUNHA ÚNICA CONSELLERÍA, ENTÓN ESA CONSELLERÍA TERÍA UNHA ESTRATEXIA”

os contratos. Sacamos aquela especie de anticipos, que en certa medida procurou paliar este problema, e agora o que se pretende é realmente financiar, sacar unhas liñas de produción, e a partires do financiamento... e das sociedades de garantía recíproca, que van financiar o 100% das operacións dos préstamos que concedan as entidades financeiras e van estar avaladas no 80%

Entón aí, pois creo que unha cousa que formulastes vós, nun escrito que mandastes, estabades a falar de incluír o 20% na contía do préstamo, o 20% que era o GAP ese, que era a diferenza entre os custos de fabricación da produción e o prefinanciamento externo que hai. O tema quizais estea aí, e eu creo que as entidades financeiras e as SGR van estar involucradas nese 80%, co cal en teoría pois deben avalar a maior parte das operacións; en definitiva, avalar o 100% dese préstamo. O posible problema de financiamento que ten a produtora estaría solucionado. O que amosa a vosa preocupación, a vosa e algunha máis do sector, é que as SGR nos digan que se non están os contratos de dereitos de emisión ou explotación pechados non te avalan, mentres non teñas iso pechado, co cal estamos... Eu creo que en teoría está avalado iso no 80%, porque o 20% restante, pois en certa medida é o posible préstamo que se estudará dende os fondos que temos. O problema xa está solucionado. Quizais non entendín moi ben o tema e na medida en que nos esclarezamos tentaremos buscar unha solución.

Pancho Casal: Perdoade, pero non é un tema técnico o da porcentaxe, e eu creo que ten unhas consecuencias que creo que podedes entender. Unha compañía coma a nosa ten en marcha este ano que estreamos cinco longametraxes, e temos un 20% de GAP en cada unha, que son entre 300.000 e 400.000 euros, cartos que temos que poñer de fondos propios, aínda que nos van vir de volta, pero en sete ou dez anos de explotación no caso da *tv-movie* ou documental ou o que sexa. 400.000 euros por cinco películas son entre 1,5 e 2 millóns euros. As nosas compañías son coma as de I+D. O lóxico é que o

noso presuposto estivese cuberto ao 100%, non ao 90%, porque o risco da produtora ten que ser o desenvolvemento, onde se arrisca para ter unha patente, pero despois o medicamento terao que pagar alguén. Xa sexa unha multinacional que compra a patente, para que despois o consumidor pague o 100% do produto co beneficio industrial xa incorporado.

Nas produtoras o I+D é o desenvolvemento. Cada longametraxe que desenvolvemos supón un investimento dende un mínimo de 60.000 euros a un máximo de 150.000, pero o tema é que aí é onde a xogas, porque de cada seis películas que desenvolvemos fanse unha ou dúas. 60.000, 70.000, 100.000 euros de investimento por seis películas supoñen 600.000 euros que tes que amortizar coas dúas películas que fas. Entón, o lóxico é que desenvovas moi ben, que invistas moi ben no desenvolvemento, e despois que ese desenvolvemento, esa patente, financie integramente o produto. Faltaría máis. Se enriba temos que nos pagar as películas... esto é un pouco o que hai que entender.

E eses cartos, eses 120.000 que dicía Eduardo, eses 200.000 que é o GAP do prefinanciamento a custo total de fabricación, eso cando queres facer un plan continuado, para dar traballo nunha área continuada. Temos agora 20 persoas con contrato indefinido e a nómina anual son 800.000 euros, ou sexa, que tampouco é de subdesenvolvemento. Entón, financiar todo iso é o que custa moitos cartos, e non é para que o produtor se arrisque menos, non. Se non, como decidimos nós agora, paralizamos totalmente o desenvolvemento do cine. Cando é verdade que investir 2 millóns de euros na produción de hoxe para mañá, ou en tres meses, é todo un perigo para o sector. É todo o contrario do que están a facer en Cataluña. O sector audiovisual catalán era o 20% en España hai seis anos e agora é o 41% por cento, un 1% menos có audiovisual de Madrid.

Á parte doutra formulación, que era o que ti dicías, Manuela, de que todo o audiovisual se desenvolveu a partir de tres ou catro locomotoras que se reuniron e dixeron: esas son as empresas que van liderar o noso audiovisual, e a partir de aí imos ver cómo ese beneficio vai chegar aos demais. E será a maneira de que a xente que fai as curtas que financia a Asociación Audiovisual Galega despois poida facer micropezas para televisións de internet, pero sempre a través de estruturas. Se van eles de maneira directa non o van alcanzar.

Pedro Caldas: Realmente podedes formular o financiamento, é dicir, eses GAP podes...

Pancho Casal: Si, pero non teño ningún contrato que garanta ese GAP, de onde o recuperas: do DVD, da taquilla, etc.. Ninguén che dá un contrato nin che di: ben, vai facer vostede 600.000 euros de taquilla ou vai vender 10.000 DVD, eso neste momento ninguén cho garante. Eso é o que nós estamos a financiar, despois nós pelexamos para que sexa... Asegúroche que en

Continental nunca perdemos nunha película máis do 5%, en ningunha. Na maioría non perdemos, pero cando perdemos, algunhas pasounos, pero nunca máis do 5% ou o 6%. En Cataluña, que a min é un pouco o que me está a preocupar, empresas coas que coproducíamos que hai catro anos eran a cuarta parte do que somos nós, agora son o dobre. E de verdade que traballamos moito, e que buscamos contidos, podemos estar equivocados e dámonos golpes, e ben que as pagamos cando sae dos nosos petos e do noso esforzo. Hai en Cataluña unha produtora que ten 30 millóns de euros financiando GAP, e outra 50 millóns de euros, iso só dúas, todo isto está contemplado.

Paco Lodeiro: Ben, creo que este problema está detectado, a solución é un pouco máis complexa. Eu quería apuntar unha cousa, agora paso de moderador a axitador, dende esta perspectiva que eu teño desa parcela parece que menos *guai* do audiovisual que é a televisión. Estamos a vivir un momento verdadeiramente bo, somos das autonómicas con máis audiencia. Se falamos de ficción, temos ficcións que están agora á cabeza da ficción en España, temos novos pequenos produtos que foron entrando na grella e que están a funcionar. En canto ás axudas institucionais, parece que o produto cine é un pouco o obxectivo final, producir cousas para o cine. Desde a ignorancia que teño do mundo do cine, a pesar de que pareza que é unha ironía, hai moitas películas galegas que non consigo ver, agora cada vez máis porque antes facíanse menos, ¿non? ¿A exhibición é posíbel que se promova dende as institucións, ou as institucións limítanse a que alguén faga unha peli e logo ver con resignación que ninguén a pode ver ou que non hai posibilidade de asistir á súa estrea? Esa é a impresión que eu teño dende dentro do audiovisual pero dende fóra do cine, que hai moitas oportunidades de facer moitas películas que logo eu non teño a oportunidade de gozar como espectador. ¿Pódese facer algo ou hai que se resignar?

Manuel González: Hai unha situación de estrutura que provoca que existan axudas á produción pero que aínda non estea incentivada institucionalmente a distribución. E tamén, por outra banda, resulta moi complicada a distribución en salas, porque non é algo que poidas prever na maior parte dos casos antes de ter o produto rematado, e nin sequera moitas veces despois. Penso que, a maior parte das veces, todas as películas que se poden producir en Galicia teñen dereitos de emisión na nosa televisión. Pero iso, o permiso para velas en televisión, está "resolto"; quero dicir, os dereitos téñenos.

Paco Lodeiro: Si, pero o Día das Letras Galegas ou a emisión posterior á gala dos premios do audiovisual, e pouco máis, ¿non?

Eduardo Galán: Agora mesmo hai bastantes películas galegas polas que a Televisión de Galicia pagou moitos cartos, por riba de 200.000 euros, e que non se emitiron aínda na Televisión de Galicia. Porque moitos dos contratos do pasado facíanse _logo cambiou a política_

só cos dereitos de emisión. Entón, o primeiro pase dunha película minoritaria, por moito cariño que lle tiveramos a esa película, pois resultaba que custaba 150.000 euros. Eso arruinaba o custo da grella de toda a semana. É moi duro dicir isto, pero é que pagas por unha película que vai dar un 20% menos ca eso. Estou a pensar en dúas películas que a min me apetecería ver emitidas pero non podo, porque, polo sistema económico da televisión, como emitas as dúas películas son 300.000 mil e pico euros que lle cargo á economía da Televisión de Galicia. Eso nunha televisión coma a nosa non se pode permitir.

Logo pasouse a outro sistema que era o de investir nas películas como coprodutores; era unha boa solución. O que pasou é que nunca se recuperaron eses cartos, nin de lonxe. É dicir, ao mellor un señor que non sexa comprensivo dirá: "oia vostede, cómo se puxo a producir películas que nunca deron rendementos comerciais?" Pero é o único xeito, porque se entras como coprodutor pos a maioría dos cartos que precisa unha película dende Galicia para poñerse en marcha, digamos que eses cartos quedan aí como durmidos nun espeso caldo de gastos de empresa pública. Entón dis: pois meto nesta película 150.000 euros en coprodución e 30.000 en dereitos de emisión para poder emitir a película, é dicir, para que o primeiro pase da película custe 20.000 e pico euros.

¿Que películas son as que emitimos? Pois as que teñen uns dereitos de emisión razoables. Estou pensando nunha, por exemplo, que nos funcionou francamente ben e tiña uns custos de emisión francamente asumibles, e nin sequera Televisión de Galicia no seu momento entrou a coproducir esa película, simplemente mercou os dereitos de emisión. Resulta que foi unha película que estaba presupostada en 1,2 millóns de e ao final rematou facéndose a un custo real de 420.000 euros, porque a produtora e o director decidiron cambiar dúas veces drasticamente todo o deseño de produción da película, e conseguíuse facer sen apoio ningún, incluído o de Televisión Española.

Esta é outra cuestión: Televisión Española. Televisión Española estivo a xogar moitos anos ao gato e o rato connosco, coa Televisión de Galicia. Dicían: non, cando Televisión de Galicia sexa coprodutora nós non podemos mercar dereitos de emisión porque non podemos pagarlle logo unha parte a outra televisión pública. E logo, realmente, eles facíanse os tolos e asinaban igual cando lles interesaba por calquera motivo. Se nós entrabamos como coprodutores pechabámoslle a porta á película que necesitaba financiamento da Televisión Española; era perverso. Por fin, agora _durante moito tempo estivemos a buscar o sistema_ vaise cambiar a fórmula de coprodución pola de produción asociada. A única diferenza "real" é que Televisión de Galicia deixa de ser copropietaria do negativo. Por fin, creo que este mes, hai unha reunión entre os xurídicos de AGAPI e os nosos xurídicos para ver cómo se pode facer iso, que parece ser que é bastante sinxelo. Iso evita que Televisión Española poida dicir que non aos nosos produtos. Resumo: ¿Por que non

"ESTAMOS A VIVIR UNHA ETAPA NA QUE A FRAGMENTACIÓN DOS RELATOS, O ZAPPING E YOUTUBE ESTÁN A MODIFICAR OS HÁBITOS DOS ESPECTADORES E OS ADOLESCENTES A PENAS AGUANTAN UNHA PELÍCULA DE HORA E MEDIA"

ves máis cine galego en Televisión de Galicia? Pois é un problema de custos.

Paco Lodeiro: Eu preguntaba tamén, por esta banda, se as axudas institucionais non deberían ter tamén que investir máis neso, ¿non? Máis neso que en...

Eduardo Galán: Si, ben, somos un país pequeno e...nós temos para cine galego menos de tres millóns de euros ao ano. Mentres que TV 3 ten dezaioito millóns de euros. Con iso dígoos todo.

Manuel González: E en produción, catro e pico. E xa sabes, Paco, que en canto aos cines quedan poucos resistentes tipo "Astérix e Obélix", como, por exemplo, os Valle-Inclán de Santiago. En setembro imos comezar unha rede alternativa que denominamos *cinemas dixitais*; non imos estar sós nesta aventura, o ICIC e Portugal teñen proxectos parecidos. Trátase de difundir producións nun soporte dixital e sen necesidade de agardar polo modelo dixital perfecto. Pero, para empezar, tanto Cataluña coma nós probablemente teñamos en pouco tempo unha rede alternativa para eses produtos que non teñen unha clara vocación comercial, para esas producións que non atopan distribución, para ese magma creativo que hai e polo que apostamos dende a Consellería de Cultura.

O ano pasado fixéronse 110 curtas, algunhas delas son estupendas; estamos a vivir nunha etapa social na que a fragmentación dos relatos, o zapping ou Youtube están a modificar profundamente os hábitos dos espectadores... e na que os adolescentes a penas aguantan malamente unha película de hora e media, agás algunha excepción. As xeracións actuais potencian precisamente o relato curto que se transmite a través de móbiles e todas esas tecnoloxías que están no noso presente. Ao mellor é posíbel que ese conxunto de imaxes, que están feitas dende o corazón, todo ese audiovisual, ese cinema emerxente, esa expresión libre con imaxes, foi sempre competencia de Cultura. Non ten sentido apostar por estas tendencias sociais, ¿non? A Consellería de Cultura

naturalmente ten que atender a industria e o tecido produtivo do país, pero tamén apostar polo agromar do talento e os novos creadores. Igual que o ten que facer coa creación literaria, coa artística e con todos os soportes de creación cultural. Non sei se contestei adecuadamente.

Paco Lodeiro: Paréceme que é un terreo no que hai que avanzar máis, que o produto audiovisual galego sexa máis accesible para a xente.

Membro do público: Non sei o que dicía antes, volvo ao mesmo. Esa rede asociada...cada un pero coa mesma filosofía, ¿non? ¿Pero que son, salas con proxectores dixitais...?

Manuel González: En principio non van ser así, utilizaremos a tecnoloxía existente e dispoñible no territorio e que sexa tecnicamente homologada. Moitos de vós xa coñecedes que o primeiro ciclo chámase *telefilmes galegos*, ese produto que normalmente está tirado nos caixóns e que ao mellor non ten máis ca un pase ou dous pases por unha televisión, para que teña un contacto directo co seu público natural. É un xeito novidoso de incentivar e apoiar ás *tv-movies*.

Membro do público: E se o problema do audiovisual é a exhibición e a distribución, como se está a ver, non só do cine galego, senón tamén de toda a cinematografía de todas as comunidades, pois pregunto: ¿esa iniciativa non pode ser común a todos os axentes da cultura?

Manuel Fernández Iglesias: Ben, imos ver, se non entendín mal, a aposta de Manolo é facer chegar á xente produtos non comerciais. Nós temos pendente unha liña de apoio á distribución e exhibición, xa que temos problemas para chegar a unha solución que sexa a gusto de todos. Esta situación depende tanto do sector como da Administración. Moitas veces, que o apoio público sexa ata a primeira copia fai _e iso témolo comprobado, e ademais hai datos obxectivos que o demostran_ que moitas produtoras, en moitísimos casos, unha vez que teñen amortizada a película xa non lle dean prioridade a que esa película teña unha vida comercial, senón que simplemente, pola propia dinámica de apoio, adoptan como solución coherente facer a seguinte, e se non fose por esta motivación das produtoras esa película podería ter unha vida comercial longa.

O número medio de espectadores, ademais cunha varianza moi pequena, está nuns 1.500. Tampouco é que fagan falta entón moitas máis copias... É verdade que é moi difícil entrar neles e manter unha película moito tempo, pero hai días determinados, como a primeira fin de semana, a primeira semana, días determinados do prazo de exhibición, que dalgunha maneira vanche dicir canto tempo vai seguir a película no cine. Digamos que cunha película que teña pulo ao principio, a propia película vai garantir que teña unha certa presenza nas salas. A maior parte das películas galegas dos últimos anos non tiñan un atractivo para o público coma para que puideran

ter unha extensión da súa vida en salas. Tamén é certo que moitas veces algunhas películas cunha calidade semellante ás galegas aguantan máis tempo, por cousas que ao final detectas, por acordos que poida haber ou non coas propias distribuidoras. O modelo que é o que se ve nos festivais agora cos cines minoritarios. É unha fundamentación diferente que non está orientada á exhibición nesas dúas primeiras semanas comerciais, senón que vai por circuitos de festivais, en comercialización con axencias especializadas, como produtoras galegas que teñen ou ben os seus acordos estratéxicos ou ben na súa propia estrutura empresarial a axentes de comercialización que si comprenden ben ese modelo de negocio.

Entón, hai unha demanda no sector, que solicita un financiamento por parte da Administración, para películas pensadas exclusivamente para salas comerciais, e hai que ver cómo eso afecta ao final, no traballo que se xera, no impacto da vida desa película. É moi difícil. ¿Cómo facemos para que o único obxectivo sexa a ampliación da porcentaxe do coprodutor? O obxectivo non é entón facer unha película que teña moita vida en salas, ou poida deixar máis cartos pola súa vida comercial en salas, senón investir un peso máis grande para outras cousas por parte do produtor. Digamos que hai algo que facer, pero digamos que a impresión que temos é que nas salas non vai haber un incremento dos espectadores por moito que melloren as películas, senón que hai que ir ás canles alternativas coma internet, as novas televisións, novas tecnoloxías. Ao mellor si que poderíamos comezar a facer algo aí. Aínda que se vaia facer algo, digamos que para considerar ou para poder actuar tamén, a Administración non ten a capacidade de dominar iso, coma para que teña un sentido inmediato nas súas políticas.

Manuel González: Estamos nun momento crucial... e os datos non son os datos galegos, senón os datos do cine español en xeral; estamos nun momento de cambio, de crise de espectadores; a xente nova vai pouco ao cine, os matrimonios que antes ían xa non van, pero tampouco os "progres" o fan. Hai un descenso acusado na asistencia ás salas, eso confirman todas as cifras oficiais. Esta situación ten difícil solución polo camiño convencional, e por iso paréceme complicado levantar unha película galega simplemente cos datos da billeteira. E das películas españolas que se fan, ¿cantas son vistas polos espectadores ao ano? É simplemente o aviso do final dun ciclo.

Manuela Fragueta: Dende a Consellería de Industria, lóxicamente, a aposta é polas empresas e as asociacións cuxas actuacións revirtan en beneficio das empresas, e gustaríanos acertar nas axudas e que fosen realmente beneficiosas para o sector, que, reitero, está moi fragmentado e carece dunha estratexia pública global.

Paco Lodeiro: Grazas a todos.



sociedadedainformacion.eu
Estratexia galega da Sociedade da Información

A Sociedade da información

AO ALCANCE DA TÚA MAN

www.sociedadedainformacion.eu



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información

XORNADAS DO AUDIOVISUAL GALEGO



21 DE XUÑO | 19.00 – 21.00 h



De esquerda a dereita, Dolores Ben, Pancho Casal, Rivadulla Corcón e Jorge Algora



De esquerda a dereita, Vicente Montoto, Beatriz Legerén, Carlos Ares, Héctor Carré e María Liaño

MESA REDONDA: PROFESIONAIS

- **Jorge Algora.** Vicepresidente de AEGA
- **Dolores Ben.** Presidenta de AGAPI
- **Héctor Carré.** Presidente de CREA
- **Beatriz Legerén.** Presidenta de EGANET
- **María Liaño.** Presidenta de ATEGA
- **Vicente Montoto.** Presidente de AAAG
- **Pancho Casal.** Vicepresidente do Clúster Audiovisual Galego
- **Xosé H. Rivadulla Corcón.** Presidente de AGAG
- **Carlos Ares.** Moderador




Carlos Ares: Benvidos a todos. Como somos tantos tentarei moderar o menos posible e deixar falar aos poñentes.

Segundo as cifras que saíron o outro día en Galicia, hai 150 empresas dedicadas ao audiovisual con 3.000 traballadores, temos dúas entidades dentro da Administración autonómica que se encargan de nós e unha amalgama de letras que representan a todas as nosas asociacións, e tamén 200 millóns de volume de negocio dentro do audiovisual galego. Botei contas e

ACLARACIÓN: *Suprimíronse desta transcripción, a petición súa, as intervencións de Pancho Casal, quen acudira ao debate en representación do Clúster do Audiovisual Galego. O seu argumento é que, dado que desta mesa redonda derivou unha xuntanza das distintas asociacións co obxectivo de fixar puntos en común de cara á Administración galega, “o Clúster decidiu finalmente deixar en mans das asociacións representativas do sector este debate e os documentos que del se deriven, co cal non teñen sentido as miñas achegas, que pasarían a ser a nivel persoal nun debate reservado a asociacións do sector”.*

dividín os cartos entre todos os que nos dedicamos ao audiovisual en Galiza e as contas non me saen, a min non me toca tanto. Estamos aquí para debater cómo nos van as cousas, se somos poucos, se somos moitos, se nos van ben as cousas, se nos van mal. Eu non sei se somos moitos ou poucos, só sei que eu teño traballado coa metade da xente desta mesa, ou sexa que moitos non debemos ser. Aquí estamos representantes dos traballadores, dos estamentos empresariais, guionistas, actores, directores... en definitiva, o audiovisual de Galiza. Quería saudar moi especialmente a María Liaño, a presidenta da Asociación de Técnicos de Galicia, por ser a asociación máis nova. Xunto a María Liaño temos a Rivadulla Corcón, presidente da asociación de guionistas galegos; Héctor Carré presidente de CREA, a asociación de directores e realizadores; Beatriz Legerén, presidenta de EGANET, a asociación de empresas dedicadas á creación de contidos, soportes e aplicacións para

internet e novas tecnoloxías; a Vicente Montoto pola Asociación de Actores e Actrices; Pancho Casal, vicepresidente do Clúster do Audiovisual; Jorge Algora, vicepresidente de AEGA, e Dolores Ben, presidenta de AGAPI. María Liaño ten a palabra.




María Liaño: Efectivamente, ATEGA é a asociación de técnicos de Galicia. Acabamos de empezar coma quen di, xa que comezamos a nosa actividade en

xaneiro deste ano. A verdade é que era moi necesaria a Asociación de Técnicos en Galicia, porque estabamos todos coma vacas sen choca, como habitualmente se di. A idea de formar esta asociación levaba moito tempo no aire, pero, como todos sabedes, o ano pasado ocorreu algo bastante destacado no eido audiovisual, que foi a paralización da rodaxe de *Os mortos van de présa*, unha película de Ángel de la Cruz. A partires de aí foi cando realmente o equipo de técnicos, e tamén de actores, tivemos un par de xuntanzas, e de aí xurdiu a decisión de crear esta asociación.

Dende que empezamos a funcionar en ATEGA vemos que é moi palpable a desunión xeralizada dos técnicos, pero tamén vemos que hai moitos máis problemas dos que nós viamos dentro do audiovisual galego. Problemas hai en todas partes, non? Pero de cara aos técnicos estamos a ver un retroceso excesivo nas condicións de traballo e nos salarios. É curioso, porque cada ano que pasa hai máis traballo, ou polo menos así parece, que o audiovisual galego está indo por bo camiño e que hai moita xente ocupada, hai moitas produtoras que están saíndo adiante e que teñen moitos traballos. Pero, sen embargo, o poder adquisitivo dos técnicos e a calidade de traballo vai cara atrás en moitos casos. Entón, dende a asociación estamos a intentar unificar a todo o colectivo, que sexan conscientes de en qué consiste o noso traballo, e de que temos que reivindicar dalgunha maneira unhas mellores condicións para seguir traballando. Porque se non vai chegar un momento, que é o que me pasa a min persoalmente, e a moita da xente que está a traballar coma min, que teño corenta anos e non me vexo dentro de cinco anos vivindo desta maneira.

Son incapaz de seguir traballando cincuenta e cinco horas á semana, son incapaz de seguir a gañar o mesmo que gañaba hai seis anos, sen esaxerar, hai seis anos cobraba o mesmo que cobro hoxe, e coma min moita outra xente. Entón, vai chegar un momento no que os técnicos do audiovisual van ser na súa maioría xente en prácticas, xente moi nova, que acabe de saír das escolas... En canto intentas conseguir un nivel normal para vivir e dispoñer de tempo libre é moi complicado. Dende a asociación o que estamos a intentar é concienciar aos técnicos de que hai que reivindicar un pouco máis a calidade do traballo, e tamén aos produtores.




Héctor Carré: Eu estou bastante de acordo co que di María, a min paréceme que iso é unha das características do noso audiovisual, por desgraza. Baseouse moito

“O PODER ADQUISITIVO E A CALIDADE DO TRABALLO DOS TÉCNICOS DO AUDIOVISUAL GALEGO VAI CARA ATRÁS EN MOITOS CASOS. VAI CHEGAR UN MOMENTO NO QUE A MAIORÍA SEXA XENTE EN PRÁCTICAS, XENTE QUE ACABE DE SAÍR DAS ESCOLAS”

en que era unha industria nova, empezouse con moito ánimo por parte da xente e, segundo o tempo pasa, a xente xa no ten tanto ánimo e quere cobrar. Entón recórrese a buscar un bolseiro ou algo semellante. Cando se fan produtos grandes, se se pode, tráese xente de fóra, que son os que teñen o nome, e os de aquí estamos un pouco, digamos, como convidados de pedra, nun audiovisual que medra e medra pero só o fai en números. En números de cara a vender nos xornais e diante dos políticos.

Penso que se necesita que o audiovisual se estableza dende todos os puntos de vista. Eu represento aos directores, aínda que como membro deste audiovisual galego, poderíamos dicir que bastante posibilista, teño que adaptarme, coma todos. Eu vivín moitos anos en Madrid, onde empecei no audiovisual, e alí o que é atrecista é atrecista. Aquí os atrecistas, case todos, escriben ou son músicos tamén. Eu son guionista, director, traballo como axudante de dirección, ás veces produzo...falta tempo. A industria nosa é nova e ten que ir pouco a pouco, ten que irse armando, agora temos todas estas asociacións, que esperemos que sirvan de algo, e que o tecido industrial funcione como tal, non só nominalmente, de cara á televisión por unha banda e ás axudas pola outra.

E despois, o que teño que dicir como representante dos directores é que, moitas veces, cando aquí se fala do audiovisual galego fálase máis de empresas galegas. É dicir, a galeguidade do audiovisual baséase na galeguidade das empresas e non na dos creadores, os directores, os protagonistas, os escritores. A min paréceme que a ninguén se lle ocorre pensar no neorrealismo italiano pensando no señor Ponti, pénsase en Rossellini. Penso que unha cousa tira da outra e viceversa. Penso que todos temos que ser conscientes de que, se queremos darlle un pulo ao audiovisual galego, esta non pode ser sempre coma unha industria auxiliar das industrias de Madrid.



Beatriz Legerén: Boas tardes a todos. Gustárame comentar a miña sorpresa cando me invitastes a estas xornadas, aínda que eu levo moitos anos traballando e moi relacionada co mundo audiovisual. Eu levo moitos anos falando de audiovisual non convencional ou do uso das novas tecnoloxías. EGANET é unha asociación de empresas dedicadas á creación de contidos e soportes e aplicacións para internet como un soporte de comunicación e para novas tecnoloxías. Chámame a atención que me convocades, pero tamén me gusta, porque algo sobre o que teño falado é a converxencia. É dicir, no audiovisual a forma de contar historias tal e como se viñan contando vai ter que variar un pouco porque as novas tecnoloxías, os novos soportes, cada vez van ser máis interactivos. E aí entra un perfil de profesionais que son os que forman parte das empresas de EGANET, cos cales cada un de vós nalgún intre ides ter que contar segundo para qué ou cómo queirades contar as vosas historias. Atendendo ao que son estes novos soportes, como poden ser non só internet senón tamén os soportes móbiles ou a televisión interactiva.

Gústame estar con todos vós, a moitos xa vos coñezo dende hai moito tempo pero nunca traballei con vós. Creo que é un punto importante que dalgunha forma vos empecedes a concienciar, ou polo menos que o audiovisual empece a darse de conta, de que á parte de cos técnicos, cos guionistas, cos actores, cos directores, ides ter que contar cunha serie de perfís profesionais como son os programadores ou deseñadores, cos que ata agora non se contaba. Iso vai vir dado non porque estas persoas empecen a acceder ao mercado de traballo, senón porque cada vez máis estase a pretender e estase a enfocar a forma de comunicar dunha maneira diferente á que estabamos afeitos ata agora, e é que as novas tecnoloxías non só permiten emitir nunha dirección, senón que permiten obter unha resposta que en moitos casos é máis rápida, máis directa e máis veraz que a que se tiña ata agora. Entón, darvos as grazas por permitirme estar aquí, gustárame aportar o que poida. Sobre todo, dicirvos que todas as novas tecnoloxías e a converxencia están aí, e que á parte de todos os problemas que hai agora no audiovisual, que é certo que os hai, van vir outra serie de problemas e novos retos precisamente derivados do uso da tecnoloxía, e non do abuso.



Vicente Montoto: Dáme a sensación de que a Asociación de Actrices e Actores de Galicia, como entidade organizada, debemos ser o pai e a nai de moitas que foron necendo despois de nós. Incluso somos testemuña dos inicios do audiovisual con certa actividade. Pois eu permítome facer unha valoración non tanto dende a nosa perspectiva senón intentando dar resposta a esa pregunta que a Academia, á que agradecemos a invitación, nos suxire, que é: ¿como ves o audiovisual galego hoxe?

Eu coido que o audiovisual galego, hoxe, ten un futuro cheo de incógnitas, un pasado con algunhas cousas que prometían e un presente preocupante.

O cine, a ficción para televisión, as curtas, os documentais, a publicidade, son importantes para o traballo de actores e actrices, xunto ó resto de persoas que interveñen. Pero non é só iso. A calidade industrial e artística que estes produtos deberan acadar son condición indispensable, tanto para xustificar o apoio esixible dos poderes públicos ao sector como para ter o papel, no mundo que nos tocou vivir, de espello e tamén de escaparate dunha identidade cultural coma a de Galicia. A sociedade galega, moderna e creativa, debe ter a industria audiovisual que merece.

É a hora de botar a andar a anunciada Axencia das Industrias Culturais, o feito de que se relegue dos órganos de decisión e dirección da mesma as organizacións representativas _e queden excluídas, por tanto, das posibilidades de intervención e proposta_ deba ser cuestión prioritaria a abordar por todo o sector.

No eido especificamente laboral, relativo aos actores e actrices galegos do audiovisual, tendo en conta a importancia do seu cometido, paga a pena pararse nalgúnhas cuestións. Os nosos admirados pallasos Mofa e Befá, na recente gala do audiovisual, advertían ironicamente dun feito certo, que todos asociamos os míticos *pinganillos* ás series venezolanas e outras, derivadas de industrias máis asimilables ó sector cárnico que ó da creación artística, por aquilo de facer chourizos. Que os valores que primen sexan os da rapidez e baratura do produto, tanto para a televisión compradora coma para as empresas produtoras, vai no camiño contrario ó da necesaria calidade industrial e artística á que antes fixen referencia.

E xunto a esta primacía de valores, a interpretación interesada do convenio colectivo do audiovisual, que vén sendo reiterativa en aspectos salariais e de condicións de traballo, a min polo menos lévame a ter unha visión máis que preocupada da situación do sector audiovisual galego hoxe. Por se sae o tema, teño aquí a copia do convenio, por se podemos entrar nalgún debate sobre o tema. Gracias.



Jorge Algorta: Falo en representación de AEGA, colectivo que engloba 11 empresas produtoras do sector en Galicia que contratan a máis de 500 persoas e que produciron nos últimos anos 11 longametraxes, 12 *tv-movies*, 10 series e 24 documentais.

A nosa idea é que nin antes había boom nin agora hai bluff. Hai un proceso de normalización que parece navegar entre dúas correntes: unha que intenta manter a industria existente, buscando o amparo da Televisión de Galicia _da que o sector depende nun 70%_, da política de subvencións do Goberno galego _segundo a enquisa da semana pasada, un 64 % ve ben a subvención ao cine_, pero tamén grazas ao traballo realizado por numerosos

compañeiros e compañeiras que puxeron todo o seu empeño para dar a coñecer o audiovisual dentro de Galicia *_Mareas vivas, Libro de familia, Pratos, A vida por diante_* e outras que co mesmo ímpeto o dan a coñecer fóra *_Finisterre, Mar adentro, Un franco, 14 pesetas_*.

Outra corrente parece buscar novos talentos, unha identidade propia, tal vez un novo estilo narrativo.

Ambas as dúas correntes son necesarias e deben manterse en equilibrio. A mediana industria que logramos ten que consolidarse, porque é un logro de todos e porque naturalmente ha ser o soporte para que os novos valores e as novas historias teñan o seu desenvolvemento.

O máis importante nestes intreos é lograr a sensación de que se pretende sumar, de sinerxizar o sector audiovisual, que para iso temos un clúster galego, para que se dean as condicións necesarias que permitan ter éxitos colectivos, que representen un negocio real e que nos permitan existir, non só en internet senón tamén nas televisións e nos cines.

Estamos diante dunha situación de oportunidade. Durante anos, os directores, produtores e directores de fotografía loitamos por unha lei do cine que nos puxese en situación de igualdade con Francia. Coa lei nas portas non deberíamos baixar do carro.

Nestes momentos contamos con equipos solventes para producir historias e iso foi labor de moitos anos, hai países que aínda que o quixesen tardarían polo menos 15 anos en pórse ao nivel dos profesionais de Galicia. Temos guionistas, directores, músicos, produtores, directores de fotografía, de arte, de vestuario, maquilladores, actores, construtores de decorados, montadores, enxeñeiros de son, técnicos en efectos especiais... son os 3.000 do sector audiovisual, a súa maior forza, e eses 3.000 o que están pedindo, igual có resto de traballadores, é estabilidade e calidade no emprego. Os profesionais do sector galego saben perfectamente o que hai e o que queren, do que se senten orgullosos e do que prefiren non falar.


Todos sabemos que a televisión, as videoinstalacións e o cine levan nos seus xenes a opinión e a crítica, é tan parte deles coma o entretemento e a cultura. Por iso, as valoracións de "gústame, non me gusta", "é moi galego ou pouco galego" son algo inherente ao feito audiovisual. O realmente importante é que as obras cheguen aos medios e á rúa, esa é a mellor demostración da nosa existencia. Xa o dicía o Quixote: ladran, logo cabalgamos.

Conclusión: hai que seguir cabalgando, o audiovisual galego non se pode instalar nunha soa fronte, debe ser coñecido polos seus profesionais, polas súas obras, pola súa industria, pola súa xente, e para iso debe esquecer vellas rivalidades, fusionarse, integrar naturalmente os novos valores, para que estes non se vexan obrigados a montar a súa propia produtora e volta a empezar.

"TEMOS UN CLÚSTER GALEGO PARA QUE SE DEAN AS CONDICIÓNS NECESARIAS QUE PERMITAN TER ÉXITOS, QUE REPRESENTEN UN NEGOCIO REAL E NOS PERMITAN EXISTIR, NON SÓ EN INTERNET SENÓN TAMÉN NAS TELEVISIÓNS E NOS CINES"

É bo para todos que os vellos estaleiros de Bazán, hoxe Navantia, aseguren a súa carga de traballo ata o 2014 cun novo pedido de barcos dende Australia.

O que parecen vellas estruturas poden e deben seguir representando traballo e riqueza para hoxe e cara ao futuro.



Rivadulla Corcón: Cando me chamou Pilar Comesaña para convidarme xa llo dixen, repetimos constantemente este debate de "O estado das cousas". Varían os títulos, hai certa imaxinación nos títulos para que dea a impresión de que os debates son distintos, pero son os mesmos. Non hai moito fomos María Liaño, Héctor Carré e eu á Universidade de Ourense a este mesmo debate. Coma nas xornadas no festival de Ourense, no que estaban Manolo González, Dolores Ben, Susana Maceiras... Repetimos este debate. Entón, para o debate de hoxe dixen: "non vou repetirme outra vez e contar o mesmo que conto sempre, esa historia de que o audiovisual galego para min está totalmente desvinculado da cultura galega, e ese é o gran problema que temos que superar". Entón tratei de pensar noutra cousa.

Sobre o que dicía María Liaño: "O estado das cousas do audiovisual". ¿Que pasa co audiovisual?. A pregunta non hai que formularla aos profesionais que estamos aquí, o que fala María hai que preguntarllello directamente aos produtores, creo que son os responsábeis. Eles logo nos explicarán os motivos de por que se ven obrigados a esas cuestións, a pagar mal... Terán os seus motivos, estou seguro, pero eles son os que pagan mal, os produtores. Non son os técnicos, non son os guionistas, non son os directores, non son os responsábeis da Academia. Por tanto, un día haberá que preguntarlles aos produtores e que nos conten por que eles non teñen a capacidade para xerar unhas condicións de traballo dignas no sector. Eles logo explicarán que a Administración ten unha serie de problemas, TVG permite certas cousas que non debería permitir... Vale, de acordo, e nós cremos neles

porque sabemos que teñen boa fe. Pero, claramente, haberá que dicir que a responsabilidade desa cuestión que nos formula María é dos señores produtores. Eles son os responsábeis como empresarios. Outros decidimos non ser empresarios, isto imos deixalo tamén moi claro. Hai persoas que nos dedicamos ao audiovisual e non queremos ser empresarios. Outros si queren selo, polo tanto cada un debe asumir o seu nivel de responsabilidade. Eu asumirei a miña sobre o nivel dun guión meu, se responde ás expectativas que o produtor puxo en min ou non. Diso responderei, non doutras cousas, e os produtores que respondan do seu.

Sobre o de Héctor Carré, gustoume o seu discurso. Dixo que somos convidados de pedra, isto é o mesmo que di María, isto é a realidade, os guionistas, técnicos e directores somos convidados de pedra. Aquí chámannos e imos facer un traballo...nós non facemos o labor de procura de traballo que fan os produtores, e polo tanto nós non xeramos condicións. No sector somos bastante convidados de pedra. Logo, el falou de algo que para min é importante, cando dixo que non debemos ser industrias auxiliares das industrias de Madrid. Isto é o que eu dicía sobre a cultura galega, sobre a falta de implicación do audiovisual galego na nosa cultura. Necesitamos crear un discurso propio, e eu creo que enraizado na nosa cultura.

Sobre o que di Vicente Montoto, do teatro, primeiro eu vou dicir que o teatro, e estou completamente convencido, é a nai de todas as cousas referentes a cuestións audiovisuais, de imaxe, etc.. Isto non o debería esquecer ningúen, e voulle dicir aos señores produtores que ven pouco teatro, e dígoos así claramente. Eu vou a produtoras onde me preguntan se coñezo a actores e escandalízome. Non pode ser que un señor produtor de Galiza me chame e me pregunte, e nomeo por exemplo a Rosa, que está aquí presente, e me pregunte quen é Rosa Álvarez, e me pregunte con toda a cara do mundo: ¿e é boa actriz? Pero imos ver, se vostede leva aquí tempo dedicado ao audiovisual galego, ten a obriga de coñecer aos actores galegos. Antes de haber nada, había teatro, teatro que deu a cara por este país moi seriamente. Cousa que o audiovisual aínda non, non sei se a vai dar, pero aínda non o fixo. O teatro si.

Somos un país extraordinario, porque somos un país capaz de vivir de cousas totalmente irrealas que non existen. Eu hai anos traballei nunha revista, non vou dicir o nome porque ao mellor alguén a coñece, que non chegou a publicar ningún número, pero nós logramos vivir durante un par de anos desa revista. Habería que explicar cómo se deu ese caso, pero o feito importante é que foi así, vivimos de algo que non existía. E aquí hai guionistas, non vou dicir outros profesionais, pero aquí hai guionistas que somos capaces de vivir de guións que nunca chegan a ser películas, é un feito. É como absurdo pero real, que se vive de guións que nunca chegan a ser películas, pero vívese de escribir eses guións. Por exemplo, ao mellor

algún de vós sabe o número mellor ca min, calculo que se deben ter subvencionados nos últimos anos sobre setenta guións. Non sei se o número é así...

Manuel González (público): Cen.

Rivadulla Corcón: Cen? Cantos se produciron? Un, produciuse un guión. É unha cuestión importante. Hai unha porcentaxe de películas que se intentan financiar e facer pero non se chegan a facer. Creo que isto entra dentro do normal en calquera industria. Pero aquí hai guións que se subvencionan e nin sequera ningúen se propón produci-los. Quedan gardados e acabouse, ningúen se preocupa máis por eses guións, nos que a Administración gastou cartos e que houbo expertos que dixeron que poderían ser interesantes. Hai guións desas subvencións moi mal pagados, evidentemente, pero outros destes guións deron para vivir unha longa temporada bastante ben.


Onte ocorréuseme ir a isto de internet e poñer aí “cine galego” e ver qué me aparecía, e apareceume unha cousa extraordinaria. En wikipedia dicía isto, non invento nada: “Dende principios dos oitenta vense discutindo se o cine galego existe _estes de wikipedia saben de qué vai o tema, porque, ¿existe o cine galego?_. Probablemente sexa máis apropiado falar de cine feito en Galicia ou cine feito por galegos” Isto é así, estamos nun audiovisual feito en Galicia e feito por galegos, que lle queda moito para ter o dereito _esta é a miña opinión, por suposto_ a cualificarse de galego. A wikipedia continúa dicindo: “O cine, para ser claramente galego, debería presentar certas características que expresasen as particularidades dun xeito propio de ver o mundo que á súa vez resultase universal”. Non sei quen escribiu iso, pero quen fose considera que necesitamos elaborar un discurso propio do audiovisual galego, que sexa o noso discurso e que sexa un discurso distinto ao doutras cinematografías, porque nós temos dereito a ter unha cinematografía propia e non, como dixo Héctor, unha cinematografía auxiliar da española.

Sempre conto que eu vin, dá igual a película, pero vin nun programa de Televisión Española unha película que aquí celebrabamos como película galega. Pasouse no programa, e no debate anterior, onde estaban o director e actores da película, non estaban os produtores galegos. No debate anterior e no posterior non se dixo nin unha soa vez que era unha película galega, era unha película claramente española, sen máis. Só se mencionou unha soa vez, e seiño porque tiven interese en sabelo, unha soa vez, que se rodara en Galicia. Nós celebrabamos esa película aquí como galega, ningúen a entende como galega fóra de aquí. Entón, nós necesitamos crear este discurso propio, claramente. ¿Por que? Porque temos que competir no mundo, temos que conseguir que os nosos produtos compitan no mundo, saian e a xente teña interese por velos. Non que queden aquí. Ás veces, cando falo dun cine galego, moita xente dime: “ah, pero facer un cine galego, para qué, ¿para que o vexan os galegos?” ¿A quen se lle ocorre dicir esa parvada de

que alguén quere facer cine para que o vexamos nós? Nós non queremos facer un cine para velo nós, queremos facer un cine para que nos represente no mundo. Eu cando vexo unha película francesa hai certas cousas que me din que é francesa, porque ten un discurso francés, un discurso que representa a mentalidade deles.

Héctor Carré: ¿Distingues as películas belgas das francesas?

Rivadulla Corcón: Estou pensando...pero non recordo que teña visto ningunha película belga, a verdade. Ultimamente vexo moi pouco cine, e televisión xa ningunha porque cada vez este tema do audiovisual abúrreme máis. Abúrreme porque vexo moita feira de vaidades en todo isto, e moita cousa de representarnos coma nunha pasarela, e logo non hai verdade en todo iso. Non hai quen verdadeiramente queira facer cine, porque alguén estea tolo, completamente tolo e diga que quere cambiar o mundo, que quere construír cousas distintas, que quere construír discursos persoais. Non vexo iso. Jorge Algora nomeou ao Quixote, eu tamén apuntei algo aquí, pero apuntei a León Felipe porque ten un poema que di, a ver se me acordo ben, di: "Ya no hay locos, ya no hay locos en España, se murió aquel loco del desierto..." Este é o problema, non temos realmente tolos, tipos entolectidos que queiran facer cine, como era Godard, como era Iván Zulueta. A cuestión non é o proceso, a cuestión son as películas que fan tipos cunha paixón polo cine, non por unha paixón de saír nunha pasarela é dicir "son director de cine" ou "son produtor de cine" ou "son actor". Vexo algo diso e iso afástame deste oficio. Por iso cada vez quero máis facer outras cousas. Por iso os produtores que xa non me contratan...se non teñen maior interese en contratarme a min, pois ben, non terán ningún cargo de conciencia por non facelo porque dirán: "a este tipo non o contrato porque, total, xa di que non lle interesa isto...xa está, non o contrato e acabouse".



Dolores Ben: En moitas cousas coincido cos que por turno falastes antes, xa está case todo dito, pero quero facer antes de nada unha reflexión, é preciso facer moita autocrítica, estámola facendo agora mesmo, pero tamén penso que si que hai responsabilidades políticas, eu véxoas clarísimas. Sobre todo agora, os cambios que se aveciñan van ser enormes, e dentro de cinco anos haberá programadores novos con outros coñecementos e vós, os guionistas de agora, probablemente vos atopedes facendo historias para un videoxogo ou outro formato novo, todos nos temos que adaptar.

Eu vexo que agora temos un Goberno que está cercano a nós, enténdíamolo así e creo que seguimos coa esperanza de que así sexa, pero hai dúas políticas, está claro que hai dúas políticas. Coincido con Pancho Casal neste tema, pero hai unha cousa na que non estou de acordo, creo que nós somos tamén culpables de que haxa esas dúas políticas. Agora estamos a falar e temos visións semellantes, pero seguramente se temos

"SE NON SOMOS CAPACES DE ESIXIRLLE AO NOSO GOBERNO UN MODELO DE TELEVISIÓN –O ACTUAL É O QUE HABÍA CO PP CON ALGUNHAS INNOVACIÓNS, PERO NON SUFICIENTES–, POUCO PODEREMOS FACER POLAS NOSAS EMPRESAS E O NOSO SECTOR"

que facer unha acción conxunta non somos capaces. Se, por exemplo, non somos capaces de esixirlle ao noso goberno un modelo de televisión, que non o hai _o actual é o que había co PP con algunhas innovacións, pero non suficientes_, pouco poderemos facer polas nosas empresas e o noso sector.

Seguen a funcionar a gran nivel os produtores de sempre, non digo nomes porque todos os coñecemos, e para outra xente é difícil, xa non digo só as produtoras con experiencia que nunca tiveron cabida, senón a xente nova. Ao meu parecer a TVG case está actuando como televisión privada, e é pública. É unha opinión persoal, pero creo que nos estamos deixando levar por ese xogo no que priman as individualidades, cada cal busca a vida como pode, sen marxe para reclamar accións de transcendencia que son fundamentais para todos. Neste senso, participamos en funcionamentos vellos e caducos que dalgunha maneira xustifican a pésima imaxe que a Administración ten do sector.

Hai moitos intereses e non creo que o problema da TVG, sobre todo referido ao cumprimento do 5%, sexa un problema de presuposto. Non creo que 5 ou 6 millóns de euros para un sector que alimenta a 3.000 persoas sexa un problema presupostario tan grave, non creo que sexa iso. Eu penso que probablemente iso tapa outros intereses, fundamentalmente protexer certo tipo de produción, a de sempre, coas mesmas características e as mesmas produtoras. É máis fácil manexar a tres que a vinte. E todo iso é malo para o sector. Creo que o sector ten que afianzarse como tal, as organizacións responden aos intereses das partes e, repito, son as necesarias, pero non hai unha política clara, os nosos políticos son reacios ás nosas propostas, custa moito esforzo sacar algo adiante para o sector.

A actitude da Consellería de Cultura é aberta, os cartos están aí á vista, pero levamos moito tempo pelexando, dicíndolles que sen promoción do que se fai é imposible sacar adiante o que xa está feito e que a TVG ten

que axudar a desenvolver o sector, dentro de criterios razoables. Agora din non sei qué cousa que van facer a través de non sei quen e a nos achácanos que nós os produtores, eu non son produtora pero sei un pouquiño xa disto, que nós os produtores non somos de fiar de todo no emprego do diñeiro público. Non sei se o gastamos en caramelos ou en actores, pero esa desconfianza é alucinante e fóra de lugar, habendo mecanismos suficientes a prol da transparencia.

Creo que deberíamos, xa dunha vez, pararnos en serio e dicir que xa está ben de que nos acusen de que somos moitos: hai clúster, hai asociacións e cada cal coa súa función, que non se escuden niso, non debemos permitir que poidan incidir nas nosas diferenzas nin deixarnos levar polo de "eu arrímome a este porque me convén máis"... Porque eles teñen moi claro, eu penso que máis ca nós, o que non queren: non mover moito o que xa está, é a sensación que eu teño. Non creo que sexa bo arrimarse a unha ou outra parte do Goberno, porque se o facemos estamos fragmentando o sector, iso é perigoso e pode pasar en Galicia, por non dicir que xa está ocorrendo. É unha preocupación para min moi importante, véxoa vir.

Antes tiñamos un interlocutor claro, tamén moi duro, sobre todo para a produción independente, pero agora non queremos inimigos, queremos que o noso Goberno atenda as nosas preocupacións e nos axude a que isto funcione todo o que merece, queremos políticas activas para un sector con moito futuro e cun recoñecido talento dentro e fóra da nosa terra, e que ademais emprega e ten que seguir empregando a moita xente; hai moita xente nova saíndo das escolas.

Héctor, cando falabas de Italia e dos produtores dicías que alí se coñecía a Rosellini. ¿Temos en Galicia Rosellinis?

Héctor Carre: Non, temos os nosos propios nomes. Eu estou de acordo con vós. Os cartos que veñen da Axencia Audiovisual de Galicia sabemos onde se están investindo. Por outra banda, hai outra parte da Administración onde parece que ninguén sabe deses cartos e tal, e ninguén di nada. E eu preguntovos, xa que estades os representantes das empresas, a xente que ten forza, se temos que ser esta señora ou eu os que digamos qué pasa aquí. ¿Temos que ser nós? ¿Quen é a asociación, quen son os responsables deste negocio que teñen máis peso de cara a esixirle á Administración que cumpra os seus compromisos?

Dolores Ben: O produtor vai negociar unha produción á TVG e non vai queixarse polas reclamacións dos traballadores, iso pasa en todos os sectores, é o propio traballador quen ten que manifestarse, manifestarse ao produtor para que este faga chegar os seus custos ao cliente. Iso faise en todos os lados. O produtor neste caso é o responsable de repercutir ou non as actualizacións dos salarios. Teñen que ter un apoio detrás, eu sei

pola dobreza, por exemplo. Hai que ter un apoio detrás porque se non non fan caso, porque é máis barato, e debemos ser os empresarios quen reclamemos as tarifas necesarias para poder cumprir cos distintos colectivos do sector. Isto pode ser perigoso, xa está pasando que os nosos guionistas, técnicos e actores foxen da nosa terra en busca de novas expectativas e salarios dignos, e non debe esquecer o Goberno que hai moita xente nova galega saíndo das escolas do audiovisual. Tamén terán que fuxir?

María Liaño: Teño varias cousas que comentar. A primeira, a máis curta, é unha cousa da que falon Héctor e Pancho. Héctor dicía que antes había moitos técnicos que viñan de Madrid e que os técnicos galegos estabamos máis de segundóns. Pancho di que iso agora non é así. Eu dígovos a verdade, a min non me importa que veñan os técnicos de Madrid, non me importa nada, sempre e cando teñamos as mesmas condicións. O que non se pode consentir é que se vén un técnico de Madrid veña cobrando unhas dietas, e despois cando un técnico galego vai traballar fóra da súa cidade non se lle paguen esas dietas. ¿Por que? Porque é galego, porque cando eu vivo na Coruña e teño que ir traballar a Vigo dinme: "non, non, ti es galego, non tes dereito a cobrar dietas"... "Xa, pero eu non vivo en Vigo, vivo na Coruña". É igual que se vivise en Madrid, dá exactamente igual, e iso está a pasar. Ti sábelo e sábeo toda a produción de Galicia. Ese é o primeiro punto. Polo tanto, a min que veña a xente de Madrid encántame, aprendo moito da xente de Madrid. De Madrid ou da China, impórtame un pemento sempre e cando sexan profesionais, porque que veña aquí xente que ten menos coñecementos ca min, cobrando máis e aínda por riba con aires, iso si que me molesta.

Despois, do que está falando Dolores, xa nos coñecemos moito nestas andainas, eu estou de acordo plenamente contigo. Ten que haber unha unidade nas reclamacións, pero ollo, vós estades esperando que sexamos nós os que deamos o primeiro paso. Non digo vós falando neste momento da dobreza, senón en xeral. Cando Pancho estaba dicindo antes: "claro, é que a min a TVG, ou o que sexa, págame o mesmo por unha serie de trece, vinteseis ou cincuenta capítulos có que me pagaba hai cinco ou seis anos", entendo que non chegue o presuposto para pagar máis aos técnicos, pero aí os que tedes a baralla na man sodes vos. Entre todos os produtores tedes que poñervos de acordo para non aceptar iso, e se o facedes ter clarísimo que os técnicos, actores e demais imos estar con vós.

Está claro que se eles están baixando e baixando alguén terá que dicir "ata aquí chegamos", pero ten que haber unha unidade. O que estamos intentando facer agora entre os actores, os técnicos, os guionistas e demais é facer unhas plataformas únicas para facer presión. O mesmo tedes que facer os produtores, tedes que ter unidade e unha forza común. Antes comentouse tamén que a TVG está a facer unha xestión estúpida.

A min iso sorpréndeme porque non me parece que faga unha xestión estupenda. Vou poñer como exemplo un caso que está a pasar agora dentro do mundo da dobraxe, que tamén é o sector audiovisual. Nestes últimos días moita xente da dobraxe quedou sen traballo da mañá para a noite. Levantaron o teléfono e díxéronlles: “mira, parade as series porque non temos cartos”. E, de repente, toda a xente que tiña unhas expectativas de traballo, entre as cales estou eu tamén, de repente quedou co posto.

A TVG está mercando cousas que mandan a dobrar aos estudos e de repente non lles pagan aos estudos porque din: “temos un problema de dereitos e non vamos poder emitir esto ata dentro de dous anos”. E claro, dis: “ben, teño aquí unha chea de traballo que estou facendo, estou págandolles aos traballadores tanto, e de repente eu non cobro nin un peso ata que a eles se lles ocorra”. ¿Como se pode dicir que están facendo unha xestión estupenda, cando están enviando cousas a dobrar sabendo que non as poden emitir? A min iso paréceme unha xestión patética. Por outro lado, paréceme unha irresponsabilidade por parte da directiva da TVG que non teñan en conta as consecuencias que teñen as súas decisións. É moi cómodo dicir: “vou ir a este mercado e mercar esta serie e estoutra, e como me gusta esta, pois vouna dobrar”, e de repente dicir: “non me chegan os cartos”. Toda a xente que está a traballar aí, todos os técnicos, porque moitos estudos de dobraxe tiveron que contratar técnicos adicionais para cubrir estas necesidades de traballo... e de repente, está todo o mundo na rúa. O de xestión estupenda eu póño en dúbida.

Manuel González: Unha alusión a unha cousa que se dixo antes, que a xente que estaba agora nas institucións parecía que non lle facía caso ao sector. Eu teño que dicir que, polo menos no noso caso, as suxestións de AGAPI recolléronse nun noventa por cento, as suxestións dos actores tamén, as suxestións dos guionistas tamén, as suxestións dos directores tamén, e os técnicos non se puideron meter nunha suxestión na convocatoria porque non existíades como asociación no momento de facer a convocatoria. Polo cal, pola nosa parte, en todas as convocatorias da Consellería de Cultura se meteron suxestións do sector. Simplemente dicir iso, que se respecta xustamente esa profesionalidade.

Rivadulla Corcón: Pancho di claramente que ten unha visión de que isto é un traballo, e que lle interesa dende ese punto de vista, non dende outro punto de vista. Iso faime coincidir con el en moitas cousas, pensando desde esa perspectiva. Pero eu teño que dicir que para min isto si é un traballo, pero tamén quero deixar claro que non só é un traballo. Creo que o audiovisual galego, ao igual que outros sectores nos que estou implicado, coma a literatura ou coma o teatro, forma parte dunha sociedade que hai que construír entre todos. Quero que desde eses sectores se aporte á sociedade, e traballo pensando niso, non só en que sexa un traballo onde eu vou e gaño diñeiro, non, quero facer un traballo dende aí para construír

“ESTAMOS SEN NOTICIAS DA DIRECCIÓN XERAL DO AUDIOVISUAL. A ASOCIACIÓN GALEGA DE GUIONISTAS TIVO UNHA ÚNICA REUNIÓN QUE CUSTOU MOITO CONSEGUIR PORQUE DICÍAN QUE AÍND A ESTABAN PENSANDO CALES ERAN AS SÚAS FUNCÍONS”

unha sociedade na que eu creo, un tipo de sociedade concreta. Outros non cren nesta sociedade, evidentemente, na mesma ca min. Ben, cada un ten dereito a traballar en favor do que el cre. Quero deixar claro, pois, que para min non é só un traballo.

Fálase moito de que hai un Goberno dividido en dúas partes e que isto é un problema. Sí, isto é un problema claro, un problema real. Pero quero dicir unha cousa, eu non son militante de ningún partido, ao mellor hai aquí persoas que militan nalgún, non o sei, descoñezo este asunto. Eu non son militante, pero quero dicir libremente que as responsabilidades para min non son iguais. Non son iguais ao cincuenta por cento. Creo que hai unha parte que ten unha responsabilidade moito máis gorda no sector audiovisual, e está demostrado. Ti díxeches que non sabías se había Dirección Xeral e é evidente. ¿Existe? ¿Alguén ten noticias? É coma a película de Agustín Díaz Yanes, *Sin noticias de Dios*, estamos sen noticias da Dirección Xeral do Audiovisual. Escandalosamente, estamos sen noticias desa Dirección Xeral, e a Asociación Galega de Guionistas, en concreto, tivo unha única reunión, que nos custou moito ter, custounos moito conseguir ter unha reunión porque dicíannos que aínda estaban pensando cales eran as súas funcións.

Vale, isto é unha parte, pero hai outra parte que neste caso está representada aquí por Manolo González. Creo que con respecto a esa parte cada un terá a súa opinión respectable, pero é moi distinta á outra parte. Creo que é claramente moi distinta, a resposta desa parte do Goberno cara ao audiovisual é clara, e aquí está Manolo González. Nós tiñamos unha carta, a Asociación Galega de Guionistas, que presentabamos todos os anos cunha serie de reivindicacións, era a mesma carta, facíamolo a propósito. Fotocopiabamos esa carta e íamos con ela...e todos os anos tiñamos a mesma reunión, con esa carta. En canto chegou Manolo González, a nosa sorpresa foi... primeiro, teño que dicir que me chamou el para ir á reunión, fun á reunión e íamos coa carta, a cal non saíu da

carteira porque el nos expresou que o que ía a facer era todo o que estaba nesa carta. Isto é así, non teño por que defender a Manolo González nin a ninguén, simplemente dou fe dunha verdade.

Quero deixar claro que hai dúas formas de gobernar este país moi distintas entre si, e as responsabilidades dos erros que están aquí non son ao cincuenta por cen. Logo, tamén, eu non estou de acordo coa xestión que TVG fai con respecto ao que eu entendo que necesita a sociedade galega. Os que dirixen a TVG terán uns motivos para dirixir a televisión desa maneira, paréceme correcto, ao mellor eles son os que acertan e non eu. Antes falabamos da animación, de que non se fai unha serie de animación, de que todo o que contratan para o espectador infantil é de fóra...O ano pasado presentei unha serie para nenos pequenos de entre catro e sete anos, unha serie que cando se presentou na TVG a súa dirección expresou claramente que era un produto que lles entusiasmaba, que lles parecía moi bo e polo tanto querían facer. O problema era de presuposto, como é unha serie infantil os conceptos son que non poden ter o mesmo presuposto ca outras series...cando aos produtores lles custa igual. Custa o mesmo facer unha serie infantil con actores, aínda que sexa unha serie para nenos de cinco anos, porque o traballo para facer esa serie é o mesmo, pero hai unha serie de conceptos, non só na TVG, en todas as televisións, polos cales se paga menos. Houbo que buscar financiamento fóra da TVG, nas consellerías de Cultura e Educación e en Política Lingüística, e a serie fíxose, fíxéronse sesenta capítulos. Logo a serie deixouse de producir porque se xerou un problema pola cuestión do horario, porque quen pagaba a serie quería un horario de emisión distinto ao programado por TVG, que, quizais con criterios acertados, pensaba nese horario. ¿Que detectamos os que traballabamos na serie? Ninguén tivo en conta que era unha serie dunha produtora galega, producida en Galiza, con xente de aquí, traballando aquí, é dicir, unha produción que sae do sector, que xera emprego en Galiza...iso non tivo en ningún momento peso para nada.

No tema de documentais, a TVG está a facer un esforzo... agora mesmo tamén hai problemas nese tema, pero estanse a facer cousas interesantes. Ao mellor estáselles a permitir a algúns directores e produtores que fagan produtos de moi dubidosa calidade. Isto é un problema, que se permita que se fagan documentais que nin sequera chegan a ser documentais.

E logo, quero dicir sobre a xestión da TVG, ao mellor non é cuestión de aquí, pero como se falou diso... A TVG esquece dous sectores claramente integrados na sociedade galega. Creo que iso non o debería facer, e dígoo porque aquí hai persoas deses sectores. A TVG leva moitos anos esquecendo que existe teatro neste país. Non ten ningún interese pola cuestión teatral. Se lles levas un proxecto de teatro, dinche claramente que iso non ten ningún interese, que á audiencia non lle interesa nada iso. Sobre

outro sector, que é a literatura galega, o mesmo. Sistemáticamente levan anos esquecendo por completo que aquí temos unha literatura importante, unha literatura que xera un interese fóra de Galicia, pero á TVG non lle interesa. Admito que ao mellor eu equivocóme e que ao mellor a literatura e o teatro non deben ser obxecto dunha cadea de televisión, non ten por qué apoiar iso. Pero é unha televisión pública e, evidentemente, ten un estatuto que fala de defender a cultura galega e debería facer algo diso. ¿Que hai boa vontade nas persoas que dirixen a TVG? Claro, ¿como imos dicir que non é así? Evidentemente que si, agora, eu non comparto os seus criterios nestes temas.

Vicente Montoto: Unha aclaración, os actores non estiveron ausentes da negociación da lei do cine. Previamente á aprobación do Consello de Ministros, un grupo de actores representando ó colectivo en Madrid tivo unha reunión coa vicepresidenta do Goberno. Ó ver que o proxecto se pasaba ó Parlamento sen ter en conta as suxestións que fixeron os actores, saíron a defendelas igual que fixestes vós e fixo todo o mundo. Polo tanto, non hai deixamento na defensa, e quero que se recoñeza que ese deixamento aparece claro en non recoñecer, digamos, a parte creativa dos actores.

En segundo lugar, creo que o máis interesante é que hai cousas que podemos e debemos facer xuntos, con independencia de que teñamos intereses no sitio de traballo ou en certos espazos encontrados, pero hai moitos intereses que son comúns. Eu non sei cómo estades a mirar noutras asociacións o tema do proxecto de lei da Axencia das Industrias Culturais. Coido que por aí, despois de escoitar unha reflexión que tamén é miña, de ver como vemos que hai unha parte do Goberno que vai por un sitio e outra que vai polo outro... Parece ser que ese proxecto de lei _sobre todo, visualizando o que teñen en Cataluña, onde incluso a televisión catalana forma parte do alí chamado Instituto das Industrias Culturais_ podería ser un espazo de intervención común de todas as asociacións e organizacións interesadas...pero esa intervención só vai ser posible se impedimos que se aprove ese proxecto de lei sen recoñecer na dirección dese organismo ós que estamos aquí e a outra xente. Sen ter unha capacidade decisoria, quedando relegados como quedamos no proxecto a meros conselleiros nun consello rector que non ten funcionalidade ningunha, imos perder unha oportunidade. Recollendo a luva que aquí se lanzou, eu amplifícoo a todos e creo que é un posicionamento individual e colectivo de todos nós, en relación con eses temas podería evitarnos moitas penas no futuro.

Jorge Algora: Vexo a Vicente moi preocupado polo tema do instituto que se vai montar, creo que temos que recoller a luva entre todos. Dende aquí hai que apoiar esa entrada en órganos de xestión, e non só nos consellos asesores senón tamén nos executivos. Isto sóame a algo parecido á creación do Consorcio Audiovisual de Galicia, na súa constitución estaba chamado a ser un orga-

nismo único, participado por institucións e empresas, un órgano autónomo capaz de atender todas as necesidades dun sector extratéxico e en expansión, pero quedouse nunha parte mínima do que ía ser ese proxecto.

Vimos arrastrando unha serie de cousas frustrantes, e agora xorde outra gran institución como medicina para os nosos males. A participación do sector vai ser algo, tal e como van as cousas, moi complicado. As ilusións están frustradas, tiñamos unhas expectativas xeradas pola nova televisión, polo novo Goberno, e na metade da lexislatura o que se aprecia é unha paralización da gran maioría das empresas produtoras galegas e unha perda na presenza de producións galegas no exterior. Creo que é o que observamos nesta reunión.

O que demandamos son melloras laborais, que pasan por unha maior estabilidade e transparencia nas contratacións e nas axudas dos organismos públicos ás empresas produtoras.

Se non temos garantido un nivel de películas para televisión, un nivel de películas para cine, e vemos que están minguando as series para televisión, o sector vai empezar a crebar por todos os lados. Hai xente xa das películas que se está marchando fóra... Temos que tomar medidas e facernos escoitar polo Goberno.

AEGA, hai quince días, foi á Dirección Xeral da CRTVG a formular o problema das películas para televisión, e a resposta que tivemos foi: "ímos facer entre cinco e seis e non nos interesa facer máis, e os presupostos, que ata agora eran de 800.000 euros, pasarán a ser da metade". A sensación é que cada vez se recorta máis a costa da calidade do emprego e das producións. Os parámetros que nós defendemos pasan pola calidade e a posibilidade de venda no exterior.

Dolores Ben: Primeiro, pedir desculpas se non louvei o labor de Manolo como os demais fixestes, téño feito en moitas ocasións, non a el persoalmente... faíno ben, pero tamén é a súa obriga. É moito de agradecer que hoxe estea aquí, pero mandan as ausencias. Que é o que pasa? E que o resto das institucións non queren dialogar con nós? Non deberan estar hoxe aquí? ¿Non deberan negociar co sector as súas propostas, se é que as teñen? ¿Ou trátase dunha exposición de ideas alonxadas da realidade e das partes, excluínte no fundamental, a xente que facemos o audiovisual en Galicia?

Falando do tema da televisión, estamos vendo que non saímos dos atrancos. Dende Agapi levamos máis de ano e medio reclamando na TVG, entre outras cousas, un equipo de análise de proxectos. Eu entendo que hai xente alí, pero unha ou dous persoas non poden analizar todos os proxectos e as súas peculiaridades. Se unha parte do Goberno axuda a facer produción e logo non se vai emitir nas televisións, e tampouco se vai axudar a promocionala, é como di Rivadulla Corcón: os cartos quedan tirados no lixo... Creo que deberíamos ter unha acción máis dura e non amedrentarnos, porque suponse

"SE NON TEMOS GARANTIDO UN NIVEL DE PELÍCULAS PARA TELEVISIÓN E CINE E VEMOS QUE ESTÁN MINGUANDO AS SERIES PARA TELEVISIÓN, O SECTOR VAI EMPEZAR A CREBAR POR TODOS OS LADOS. XA HAI XENTE DAS PELÍCULAS QUE ESTÁ MARCHANDO FÓRA"

que estamos cun Goberno progresista e tamén que este é un sector estratéxico.

Marcos Gallego (público): Eu non estiven onte aquí, paréceme que estiveron todas as institucións, cando menos Manolo González estivo onte e está hoxe tamén, iso é importante. Non estaría nada mal que o que está a ocorrer aquí hoxe ocorrese efectivamente onte, con todas as institucións en diante. Eso sería o interesante desta reunión que estamos a ter hoxe aquí. A min o que me queda despois de todo isto, dáme a impresión de que o sector nestes momentos está o suficientemente maduro como para que todos os que estamos aquí, as representacións empresariais, as representacións profesionais, que todos dunha vez nos poñamos de acordo e poñamos enriba da mesa o que lles temos que poñer, que é común para todos, isto é, que efectivamente necesitamos que regulen o sector e que lle presten atención ao sector dunha vez. Porque por algo, segundo eles, é estratéxico, e que deixen de tomarnos o pelo con que eles son dous e nós somos corenta. É cuestión simplemente de sentar e de entenderse, e iso é o que non queren facer. Polo tanto, non vou falar agora de cómo nos trata a TVG, porque xa se falou por aí, nin de cómo nos trata a Dirección Xeral. Todos sabemos o que está a ocorrer, para min o desexable desta noite aquí é que, por fin dunha vez, nos poñamos de acordo todo o sector para levar a cabo eses proxectos, que...o que temos en común, o que nos interesa a todos, en definitiva é que haxa máis cartos para o sector, que nos respecten, que nos escoiten e que non se fagan, coma sempre, cousas co sector pero sen o sector. Iso é absurdo e así non funciona.

Beatriz Legerén: O único que quero dicir é que fastestes só da TVG e é necesaria unha unión entre todos. Eu diríavos que é necesaria xa unha unión para conseguir o que dicía Marcos, unha regulación do sector, que se poidan facer producións. Porque a TVG está aí, pero dentro de pouco vai haber televisións dixitais que van necesitar producións. O diñeiro é o que hai, non vai haber

máis. Creo que é necesaria unha unión, un consenso entre todos para facer as mellores producións posíbeis, para que se aproveiten os medios, para que se faga todo aquilo que durante moito tempo se intentou facer e que está claro que a día de hoxe non se está facendo. Iso é o único que quero dicir, que cada vez vai haber máis canles, máis soportes, que hai que producir, que a situación económica non vai ir a mellor pero que é necesario ter unha fronte unida para que todos aqueles que traballamos no sector teñamos unha fronte común e se fagan producións.

Héctor Carré: Quero dicirvos ás asociacións de produtores e ao Clúster que penso que son as asociacións que teñen máis forza. Eu, como presidente da Asociación de Directores, ofrezco a nosa colaboración de cara a formar esa fronte común. Hai como un ano ou así pedíuseme que escribira un artigo na revista da Academia, que titulei *Xaponeses*, que falaba precisamente diso... Aínda non recibín ningunha chamada. Cando a reciba eu estarei do lado da industria, a favor de todos e traballando en conxunto con todo o mundo. Pero, por favor, que non se nos pida que saquemos os directores primeiro a cabeza porque teñamos moita máis importancia, porque, como ti dis, aquí non hai ningún Rossellini, pero tampouco hai ningún Chekinori.

Vicente Montoto: Trouxen o convenio colectivo do audiovisual e como vedes non entrei nin en un só punto, porque creo, polo menos para min, que aquí se está planteando unha posibilidade que pode axudar a plantear este tema civilizadamente e a resolver tamén o problema do mercado de traballo. Eu invitaría á nosa presidenta, María Bouzas, a convocarnos, dado que esta organización que nos invitou aquí é interclasista e intersectorial, podendo ser o marco oportuno para sentarnos, non para contar a nosa vida, senón ver aquelas cuestións sobre as que podemos poñernos de acordo e cómo as poñemos en marcha. Pero, evidentemente, que sexan as de todos. Que ningún pense que vamos estar ó servizo dun interés determinado.

Marcos Gallego: O futuro que se plantea é brillante ou non segundo o sector de que se trate, porque realmente a popularización disto, xa que antes faláchedes de matemáticas, é que a máis televisións, menos público nelas, dado que non vai medrar exponencialmente xunto coas televisións. Entón, as cotas de pantalla por emisión vanse reducir directamente. Por outra parte, a popularización das novas tecnoloxías vai permitir que calquera contido que alguén xere cunha boa idea tamén sexa facilmente vendible a máis televisións ou a máis medios de comunicación. Xa non é só que cada compañía poida montar a súa propia televisión, senón que cada usuario pode montar a súa propia televisión, conforme hai blogs agora mesmo. De repente, o reparto da cota de traballo vai desaparecer e, por outro lado, o incremento de arquivos de banda vai permitir deslocalizar gran parte do traballo noutros países, directamente vía internet.

“A SITUACIÓN ECONÓMICA NON VAI IR A MELLOR, PERO É NECESARIO TER UNHA FRONTE UNIDA PARA TODOS AQUELES QUE TRABALLAMOS NO SECTOR”

Dolores Ben: Tes razón, pero o único que pode influír niso é o custo do produto, que seguramente se abaratará. Se ti vendes en mil sitios a un prezo axeitado, pódolo recuperar. Eu tamén lle vexo bo futuro a isto, se non poñemos freo e nos poñemos de acordo pensando no que vai vir, porque hai cabida para todos.

Manuel González: Simplemente, aproveitar para darvos a noraboa. Se chegades a poñervos de acordo e modificar un pouco a situación dos que a sufrimos, pois agradeceríamovoloo moitísimo. Simplemente, a nivel de pedagogía, dicir que hoxe estreamos unha cousa nova na web. Un artigo que trouxemos directamente ao galego do New York Times, dun xornal que se chama Hollywood, baixo o título de Novas pantallas ou algo así. É un artigo de 15 folios que fala do que está a pasar agora mesmo alí, no núcleo do imperio. Recomendovolo que o leades porque vos dá luces e sombras. Hai cousas que estades a dicir que son verdade, hai crise, pero tamén hai cousas moi positivas. É dicir, que nin é negro nin é branco. “Asegún”, como dicía Vicente Risco.

María Bouzas: Moitas grazas a todos por vir. É o primeiro ano que a Academia organiza estas xornadas de debate, e evidentemente na Academia pretendemos seguir con elas. Independentemente desto, a Academia é o espazo común a todos, a todos os sectores que están dentro do audiovisual. Polo tanto, ademais dun lugar común abstracto, tamén hai un espazo común físico para que poidades xuntarvos. Agora si, querido presidente da Asociación de Actores e de Actrices, tedes que ser vós quen solicitades sobre qué queredes falar, porque tedes que ser as asociacións sectoriais as que manifestades qué vos preocupa, igual que fixestes hoxe, entón non hai ningún problema para que a Academia convoque a todos, absolutamente ningún. Digo isto porque tamén é moitas veces frustrante. Hoxe somos moitos, a semana pasada asistimos só parte da directiva, e pódovos asegurar que a mesa de cultura e a mesa de medios de comunicación foron moi interesantes, no sentido de que está moi ben escoitar o que opinan os demais sobre nós. Podemos estar de acordo ou non. Pero en fin, aquí estamos, e dado que por fin se iniciou un diálogo estaría ben que continuase. Aquí estamos para todos vós. ■

Alfonso Parra

Chema Remasa

Mario Iglesias

Joan Riedweg

Ricardo Gómez Elípe

O CGAI acolleu o foro, titulado
Os primeiros pasos e centrado
na cinematografía dixital

PRETO DE 100 PROFESIONAIS DA FOTOGRAFÍA DE CINE ASISTIRON Á ACADEMIA ABERTA 06

PRETO DE CEN PROFESIONAIS DA FOTOGRAFÍA CINEMATOGRÁFICA ASISTIRON ENTRE O 30 DE NOVEMBRO E O 1 DE DECEMBRO DO 2006 AO FORO ACADEMIA ABERTA, QUE POR CUARTO ANO CONSECUTIVO ORGANIZOU A ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL. O CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE (CGAI), NA CORUÑA, ACOLLEU OS ENCONTROS, CENTRADOS NA CINEMATOGRAFÍA DIXITAL.



A presidenta da Academia, María Bouzas, salientou que o dixital non é só unha ferramenta cada vez máis empregada, senón tamén un novo xeito de mirar. A Consellería de Cultura e Deporte, a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e Caixanova patrocinaron o evento, coa colaboración do CGAI e da Escola de Imaxe e Son da Coruña.

Os directores de fotografía participantes no Foro Academia Aberta puideron realizar probas sobre as condicións técnicas das cámaras (resolución, profundidade de cor, sensibilidade) e a súa adecuación artística respecto a maquillaxes, vestiarios e texturas.

A mesa de traballo estivo integrada por directores e fotografía de recoñecido prestixio dentro do mundo dixital, entre eles Pol Torrents, Joan Riedweg e Suso Bello, coordinados polo tamén director de fotografía Alfonso Parra. No elenco de profesionais que impartiron as sesión prácticas estiveron tamén Ferrán Piquer, da produtora Molinare; Chema Remasa, de Kinema; Juanjo Carretero, de Fotofilm/Deluxe; Bernard Elías, director de produción de Mediapro; Nuria Paniagua, de Info TV (membro da directiva de AITE) e Javier Alonso, de Distribución e Exhibición de Google Vídeo.

O día 30 pola tarde celebrouse unha mesa de traballo sobre o proceso fotográfico dixital na posprodución, moderada por Alfonso Parra. Juanjo Carretero disertou sobre o laboratorio dixital, destacando que laboratorios e empresas de posprodución son as áreas da produción cinematográfica que están a experimentar transformacións tecnolóxicas máis aceleradas. Outros poñentes falan sobre os cambios que a revolución dixital implica tanto en calidade da imaxe coma en investimentos de produción.

Nuria Paniagua

José María Morales

Suso Bello

Susana Maceiras

FUTURO DIXITAL

O futuro pinta dixital. Se na actualidade se fala de HD, para o 2025 está previsto comercializar a Ultra HD, que permite imaxes con catro veces máis resolución có HD actual.

A tecnoloxía dixital está suxeita a condicións que lle son propias, coma a rapidez dos procesos ou a capacidade de transformación, ademais dun permanente estado de desenvolvemento. De aí o reto de que os profesionais se actualicen, combinando coñecementos en electrónica, informática e fotografía, co obxecto de conseguir bos resultados tanto na calidade da imaxe coma a optimización de custos.

A xornada do 1 de decembro comezou cunha mesa redonda sobre a actualidade e previsións de futuro da cinematografía dixital. Intervíñeron representantes da AITE, de empresas de posprodución e aluguer de cámaras, produtores, directores, directores de fotografía e distribuidores de contidos de vídeo.

Pola tarde abriuse un diálogo sobre a situación dos entornos dixitais en Galicia. Participaron Suso Bello, director de fotografía; Xavier Eiriz, director de produción; Guillermo Represa, montador; Miguel Asensio, produtor executivo; José Alberto, de Sonido Área 5.1 e Susana Maceiras, de Adivina Producciones.

GALICIA TERRA DE CINE

II ENCONTROS CO CINE GALEGO

15.17 novembro

Santiago de Compostela

Máis información

Consortio Audiovisual de Galicia

(+ 34 981545098)

info@consorcioaudiovisualdeg Galicia.org



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual


consorcio audiovisual
de Galicia


Suro gallego do cine

A ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL CLAUSUROU O FORO ABERTO 2006 CUN DOS EVENTOS ANUAIS TRADICIONAIS DA INSTITUCIÓN, A CEA DE SOCIOS NA QUE SE OUTORGA A MEDALLA DE OURO AO LABOR DUN PERSONAXE DO CINE OU A TELEVISIÓN. O GALARDÓN RECAEU NO DIRECTOR DE CINE E REALIZADOR DE TELEVISIÓN LLORENÇ SOLER.



MEDALLA DE OURO DA ACADEMIA PARA LLORENÇ SOLER

No acto tomaron a palabra a presidenta da Academia, María Bouzas; o arquitecto César Portela, amigo persoal do galardoado e encargado de glosar a súa figura e entregarlle o premio; e, finalmente, o propio Llorenç Soler. Ademais proxectouse un vídeo sobre a obra deste realizador.

María Bouzas iniciou o seu discurso agradecendo “o apoio que a Academia vén recibindo para a súa actividade, un apoio sen o que ben pouco poderíamos facer. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e da Secretaría Xeral de Comunicación, tennos demostrado o respaldo á Academia. Igual que o fai a CRTVG, ou unha entidade financeira comprometida co audiovisual como é Caixanova, ou o concello d’A Coruña. Trátase de institucións, e de persoas dentro desas institucións, que fan posibles ocasións coma esta que agora compartimos. Confiamos en seguir contando co seu apoio para o futuro que temos ás portas”.

A presidenta da Academia Galega do Audiovisual indicou que esta institución “quere ser, quere seguir sendo, ese espazo común a cantos traballamos e queremos o audiovisual galego. Na Academia somos moitos, e oxalá sexamos máis. Somos diversos, como diversos son os oficios e os xeitos de entender o audiovisual. É bo que sexa así: Canto máis distintos sexamos, máis posibilidades temos de dialogar e darlle o valor que merece ao que temos en común”.

Respecto do premiado, Bouzas salientou que “é un home do audiovisual galego. Vive entre Barcelona e Soria, pero é un de nós. Veu onda nós coa súa cámara, hai trinta

anos, para dar ao cine un dos usos máis nobres: o de ser testemuña dunha realidade e levar á pantalla a imaxe e a voz dos que normalmente quedan fóra. O que un día foi testemuño hoxe é memoria. Sen Lorenzo Soler saberíamos menos de nós mesmos. Por iso quixemos darlle a Medalla de Ouro da Academia”.

Á cea asistiron máis dun cento de persoas, entre socios da Academia Galega do Audiovisual e invitados. Entre eles, o director xeral de Comunicación Audiovisual, Manuel José Fernández Iglesias; o director xeral da CRTVG, Benigno Sánchez; o Secretario Xeral da Consellería de Cultura e Deportes, Carlos Amoedo; o concelleiro de Cultura da Coruña, Carlos González-Garcés; o arquitecto César Portela; o director da Obra Social de Caixa Galicia, José Manuel García Iglesias; o subdirector e director comarcal da Coruña e Lugo de Caixanova, Luis Vela Alarcó; Manuel García Miñaca, director comarcal desta entidade na Coruña oeste; o delegado da SGAE en Galicia, Javier Vidal; o produtor Enrique Nicanor; o asesor de audiovisual da Consellería de Cultura e Deporte, Manolo González; os decanos das tres facultades de Ciencias da Comunicación e Comunicación Audiovisual de Galicia, Miguel Túñez, Alberto Pena e Antonio Sanjuán; o director de Relacións Externas e Comunicación da CRTVG, Pastor Lorenzo; o director de Produción da TVG, José Rey Cabarcos; a Xefa de Programas desta canle, Ana Cermeño; o xerente do Consorcio do Audiovisual de Galicia, Ignacio Varela; representantes das asociacións de produtoras coma Agapi e Aega, Dolores Ben e Antón Reixa, respectivamente, así coma unha chea de profesionais do sector.



DISCURSO DE CÉSAR PORTELA, NA ENTREGA DA MEDALLA DE OURO DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL A LLORENÇ SOLER

LORENZO SOLER, UN HOMBRE DEL CINE

“Hacer cine es un arte muy complejo que requiere vastos conocimientos, el dominio de múltiples disciplinas, el control de un sinfín de recursos y la interrelación de todo ello, si no que se lo pregunten a Visconti. Hacer cine es un arte y una técnica a la vez. Lorenzo Soler hace cine desde que tiene uso de razón y pese a ello no me atrevería a considerarlo ni un artista ni un técnico, sino simplemente un hombre de cine, que se expresa y se comunica haciendo películas. Lorenzo tiene sentimientos apasionados, profundos, hondos, jondos como el cante que sale de las entrañas y, como él, no rehúyen el drama cuando es ley de vida. Sus pensamientos son libres, carecen de prejuicios, sabe que el bien y el mal no existen, que la grandeza y la miseria son inherentes a la condición humana y que dependen en gran medida de la voluntad pero también de las circunstancias. En todo caso, no quiere ser él quien juzgue a los demás, sino intentar conocer a los unos, contárselo a los otros y entre todos, conociéndose y comprendiéndose mejor, avanzar.

Esta peculiar forma de sentir y de pensar de Lorenzo Soler tenía que producir una peculiar manera de ver el

mundo, y esa mirada, ese ojo peculiar al que se refería Wim Wenders, tenía que producir un cine también peculiar: libre de apetencias económicas, y lo que es aún más difícil, libre de apetencias culturalistas. Un cine sencillo no simple, directo, que va al grano, y realista donde los haya. Puede decirse, y con razón, que todos los creadores son realistas, que todos cuentan su realidad, su verdad, y que son los críticos, y los historiadores después, los que les colocan la etiqueta de neorrealistas, surrealistas, hiperrealistas, cubistas, dadaístas, expresionistas, románticos ... abstractos, a quienes no hacen sino contar su realidad, cada uno a su manera, tal cual la ven.

En el caso de Lorenzo Soler, la tolerancia de que hace gala, la naturalidad con que admite los hechos y la benevolencia con que trata a las personas le permite ver lo que los demás quieren, lo que hacen, cómo son realmente, y levantar acta de la vida que le rodea, sin censura. Pero, a diferencia de un notario, el creador que Lorenzo es selecciona del mundo la parte que a él le motiva, la que le interesa, la que quiere contar. Y la realidad que escoge es aquella que no evade los verdaderos



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura

problemas, que no escamotea la verdad por dura que sea, que no la sublima, que no la mitifica, que no la juzga, que no juzga a los protagonistas ni engaña a los espectadores. Su realidad es una realidad dramática y sublime a la vez, a medio camino entre la prosa de Eric Rohmer y la poesía de Pasolini. Y ésta su realidad, su verdad, nos la cuenta cinematográficamente, es decir, a través de imágenes y en un tiempo. Con imágenes sobrias y en un tiempo muy medido, que rehúyen el sensacionalismo y el esnobismo tanto como el oportunismo y la moda.

Lorenzo Soler sabe que es fácil ser moderno, que lo difícil es ser nuevo, que incluso el ser nuevo puede llegar a ser fácil, que lo difícil es ser bueno, pero que lo verdaderamente difícil es ser uno mismo. Lorenzo, con sus imágenes y con su tiempo, con su cine, es capaz de contarnos una historia cualquiera de las que él nos cuenta y transmitirnos esa sensación de frescura, de humanidad y de esperanza que sólo unos pocos privilegiados son capaces de transmitir.

Conozco a Lorenzo desde hace más de veinte años. Desde entonces admiro su obra y su persona. Al principio me mosqueé este personaje venido de Levante, que sólo con la ayuda de una cámara y su insultante naturalidad, que sólo un iconoclasta como él posee, pretendía suplir toda mi fantasía acerca del mundo del cine. Una fantasía fastuosa, llena de escenarios, platós, decorados, candilejas, estrellas, astros, extras, sillas reservadas para el director, directores como Cecil B. De Mille, películas como *Lo que el viento se llevó* y mecas como Hollywood. Por entonces, cuando le conocí, le daban consejos de sensatez sus amigos. Desde hace años se los dan sus hijos. Dentro de poco serán sus nietos los que le aconsejen que asiente un poco la cabeza, si es que antes no llegan a la conclusión de que es perder el tiempo, que es inútil pedirle sensatez a un insensato.

Yo estoy convencido de que lo mejor que podemos hacer con Lorenzo es dejarlo por imposible, y dedicarnos a ver sus películas y disfrutar con ellas. Pero también sería saludable el no perderse cómo las hace, seguirle y observarle y ver cómo vuela este pájaro raro de mirada incrédula y bigote caído, de sentimientos hondos y pensamientos libres, y contemplar cómo se maneja en un medio como es el mundo del cine, y de la cultura en general, rodeado de las más desmedidas ambiciones. Y cómo, pese a ello, es capaz de vivir su vida y de remontar el vuelo una y otra vez, mostrando los maravillosos y limpios colores de sus plumas cual ave del Paraíso, que diría Álvaro Cunqueiro.

A Lorenzo lo conozco bien, y lo mejor es decirle a todo que sí, como si de un loco se tratara, y dejarle que siga soñando y trabajando todo el día, un día tras otro, para que pueda seguir realizando esas magníficas películas, hechas con "una puesta en escena sencilla y con movimientos de cámara y medios también sencillos", como dice Kieslowski de las suyas, y que nos muestran sus excelencias, pese a la carencia de medios, porque detrás

"SU REALIDAD ES UNA REALIDAD DRAMÁTICA Y SUBLIME A LA VEZ, A MEDIO CAMINO ENTRE LA PROSA DE ERIC ROHMER Y LA POESÍA DE PASOLINI"

tienen una historia que merece ser contada, y también sinceridad, oficio, talento y compromiso. Y que expresan, inequívocamente, cómo su realizador ha optado por dejar a un lado el nocivo proyecto de la fama para dedicarse a su propia realización personal.

Películas hechas con la cabeza pero, sobre todo, con el corazón. Un ejemplo para los jóvenes que sueñan con dedicarse al cine y un disfrute para los aficionados, máximo en una época como la actual, en la que el espíritu grandilocuente de los films de Samuel Bronston contagia a los Bertolucci y a los Spielberg, a través de una estética blanda, de una ética consumista y de un profundo vacío, pretendidamente encubierto por miles de figurantes y sofisticados efectos especiales. Lorenzo no admite, ni admitió nunca consejos que cercenen su libertad, que tuerzan su rumbo. Hay que dejarle por imposible, que siga su camino. Un camino creativo, sorprendente, sin fin, por el que sólo transitan los elegidos. Un camino que no importa adónde conduce, porque lo verdaderamente importante es el propio camino. Un camino que tan bien cantaron Ulises en su Odisea, Kavafis en su Camino a Ítaca, Alejo Carpentier en su Camino de Santiago o Buñuel en su Vía Láctea.

A Lorenzo Soler lo mejor es abandonarle a su suerte en ésa su particular deriva, y que siga con esa mirada ingenua, con esa risa escandalosa, con ese carácter indomable e insobornable, con ese aire de cholo vago, de chamaco indolente que siempre tuvo y que aún conserva intacto, a pesar de haber trabajado toda su vida como un negro, de ésos a los que hacían esclavos los blancos."

DISCURSO DE LLORENÇ SOLER, NA RECEPCIÓN DA MEDALLA DE OURO DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL



“LA FILMOGRAFÍA NO FORMA PARTE DE LA VIDA, ES LA VIDA”

“En primer lugar, naturalmente, agradecer a los miembros de la Academia Galega do Audiovisual la concesión de esta medalla. Muchas gracias a todos.

A continuación me gustaría hacer algunas consideraciones para situar mi paso por el cine galego. La circunstancia de este premio ha avivado en mí viejos y queridos recuerdos de mi actividad profesional en esta tierra a la que, desde hace treinta años, me siento vinculado no sólo por motivos cinematográficos, sino por otros más íntimos y entrañables, por lazos de amistad que el tiempo no ha conseguido empañar.

Fue en aquel lejano 1976 que yo realicé mi primer documental en tierras galegas, al que seguirían siete u ocho trabajos audiovisuales más que constituyen un cuerpo de películas que yo considero fundamentales en mi filmografía.

Para un documentalista comprometido con la realidad, su filmografía no forma parte de su vida, es su vida. Y una parte muy importante de la una y de la otra han tenido como tema y escenario Galicia.

Supongo que muchos de ustedes sentirán la curiosidad por conocer cómo un valenciano, criado en Cataluña y actualmente ciudadano de Castilla por voluntad y sentimiento, recaló en esta tierra con la firme decisión de prolongar a orillas del Atlántico un trabajo de cine social, de cine alternativo, de contrainformación y de testimonio que ya llevaba diez años practicando a orillas del Mediterráneo.

Las personas que sembraron en mí la querencia a esta tierra fueron, principalmente, dos queridos amigos. César Portela, a quien no es necesario presentar, y Salvador Ta-

ragó, otro arquitecto, catalán en este caso, enamorado de Galicia y a la sazón secretario del Colegio de Arquitectos de Santiago. Ambos estaban en aquellos primeros años de la Transición, severamente comprometidos con los movimientos sociales de carácter asambleario que trataban de recuperar derechos que habían sido negados y menospreciados por las autoridades franquistas.

Dos eran los temas que encendieron de indignación a una parte del pueblo galego. En primer lugar, la salvaje construcción de una autopista de peaje que partía brutalmente en dos mitades el mapa de Galicia, que destruía a su paso el entramado socioeconómico del campo gallego y que obedecía, más que a una necesidad real, a la justificación de un negocio que manejaban en la sombra políticos del Movimiento.

El segundo tema candente era la ocupación ilegal de los montes comunales propiedad de los vecinos de las parroquias, un auténtico robo a favor de los intereses de los caciques locales. Así surgieron los documentales *Autopista*, *unha navallada a nosa terra* y *O monte é noso*.

El ejemplo de César Portela y de Salvador Tarragó, que con tanta generosidad prestaban asesoramiento y colaboración a estos movimientos populares y reivindicativos, estimuló mi deseo de incorporarme a estas luchas con la única arma que ya sabía manejar: la cámara cinematográfica. Y, sin pensarlo dos veces, me puse a trabajar.

Quiero hacer ahora unas consideraciones sobre la naturaleza de mi trabajo. Quienes voluntariamente hemos elegido como profesión la práctica del género documental hacemos este trabajo para explicarnos

mejor la realidad que nos rodea, para indagar en la misma, para profundizar en ella y para explicarla a los demás, a quienes no han podido tener acceso directo a esa realidad. Pero también, y muy especialmente, para otorgar la voz y la palabra a quienes habitualmente son silenciados por el poder por considerarlos molestos para el sistema. El cineasta, en este caso, es un instrumento, un médium. Y así fui yo en los dos casos que acabo de citar: mis películas fueron un altavoz para permitir oír las quejas de los damnificados y conocer las injusticias que con ellos se estaban cometiendo.

Pero yo también debo estar agradecido a que se me permitiera esta intervención. Aquí aprendí mucho sobre las luchas populares, la solidaridad, y la valentía de las clases oprimidas. Cuando, hacia 1977, la lucha en Cataluña, de donde yo procedía, perdía virulencia y se iba acomodando a los nuevos tiempos que se anunciaban, mientras sus líderes políticos orientaban su mirada hacia el futuro, en espera del cargo o de la prebenda, el pueblo gallego despertaba y daba un ejemplo de combatividad, trasladando su lucha a la calle.

El resto de películas y trabajos audiovisuales que continué haciendo en Galicia en años sucesivos, aunque no tuvieron el carácter combativo de las dos citadas, siempre estuvieron profundamente enraizados en otros problemas de esta tierra o en manifestaciones de su idiosincrasia, o aportaron una visión crítica sobre una realidad que no gustaba a los galegos. Todo ello fruto de mi identificación con Galicia, un país de fuerte personalidad, de riquísima y ancestral cultura, de mujeres y hombres fuertes y decididos, que tanto desamparo e injusticia se ha visto obligado a soportar. Y cuyas señas de identidad fueron, por desgracia, durante años, el caciquismo y la emigración.

Y ya acabando, permítanme otra confesión personal. Si el gran poeta portugués Fernando Pessoa afirmaba que su patria era su lengua, para una persona como yo mi verdadera patria son mis documentales. He de confesar, en consecuencia, que Galicia ha hecho posible que yo considere esta tierra como una de mis más queridas patrias de cineasta nómada.

Citados ya los dos principales culpables de mi vinculación a Galicia, no olvido a otros amigos que desde distintas tribunas apoyaron mi cine y, sobre todo, me ofrecieron su amistad. Un recuerdo especial para Margarita Ledo, que desde el espacio de la Universidad de Santiago siempre mostró interés por mi trabajo y propició mi paso por la Facultade de Xornalismo, donde colaboré en algún que otro máster sobre cine documental. Me refiero también a Pepe Coira y a Manolo González, en los primeros tiempos del CGAI, al periodista Luis Álvarez Pousa, al novelista Luís Rei, a Ana Fernández Puentes, tan volcada en el cineclubismo, a Carlos Piñeiro, compañero de armas en el cine independiente, etc. etc.


**“PARA UNA PERSONA
COMO YO, MI
VERDADERA PATRIA SON
MIS DOCUMENTALES.
GALICIA HA HECHO
POSIBLE QUE YO
CONSIDERE ESTA TIERRA
COMO UNA DE MIS MÁS
QUERIDAS PATRIAS”**

Y no puedo acabar estas notas sin referirme a la fotoperiodista Anna Turbau, pionera en Galicia de la fotografía social y política durante los primeros años de la Transición, presente en tantos frentes de lucha, en varios de los cuales trabajamos codo a codo, cada uno desde su perspectiva profesional.

Pero la tradición que vincula mi trabajo con esta tierra, continúa. En estos momentos mi presencia en A Coruña tiene también motivos profesionales. Estos días pasados acabo de finalizar el montaje aquí de mi último trabajo, un telefilm coproducido por Adivina Producciones. Hoy son otros tiempos distintos a aquellos años setenta, y son otros temas los que me preocupan, pero mi compromiso con la sociedad que me rodea sigue intacto. Debo congratularme de que tanto Susana como Jorge así lo entendieron y decidieron apoyar mi proyecto. Gracias, también, a vosotros.

Finalmente, repito, mi especial agradecimiento a la Academia Galega do Audiovisual y a sus miembros, que desde la recuperación de la memoria histórica más reciente han sacado a la luz mi obra producida en Galicia. El recuerdo de todas estas personas ha estado y estará inseparablemente ligado a mi cariño por la nación galega.” ■

OS PREMIOS MESTRE MATEO 2006



PMM

DESDE O VENRES 1 DE DECEMBRO DO 2006 ATA O 2 DE XANEIRO DO 2007 PRESENTÁRONSE AS CANDIDATURAS ÁS 25 CATEGORÍAS DOS PREMIOS MESTRE MATEO, ABRÍNDOSE O PROCESO DE VOTACIÓNS QUE CONCLUIRÍA COA GALA DE ENTREGA DOS PREMIOS, O 9 DE MAIO DO 2007. PRESENTÁRONSE 63 PRODUTORAS –UN 55% MÁIS CA NA CONVOCATORIA ANTERIOR_ E 123 TRABALLOS, UN 26 % MÁIS CA NO 2006.

Longametraxes, telefilmes, series de ficción, animación, programas para televisión, documentais _como xénero propiamente dito_, curtametraxes, producións publicitarias e producións interactivas puideron optar aos galardóns.

A xunta directiva da Academia Galega do Audiovisual constituíu unha comisión específica para facer o seguimento das bases dos premios, integrada por representantes de cada unha das categorías profesionais especifi-

casadas nos Estatutos da Academia. Esta comisión atendeu tamén as posibles reclamacións que se deron no decurso do proceso. Estivo composta por Montse Besada pola categoría de Producción; Ana Monteagudo por Dirección, Henrique Rivadulla Corcón polos guionistas; Xosé Luís Bernal *Farruco* representando ó sector de intérpretes; por Arte, Ignacio Pardo Pedrosa; por Promoción, Ignacio Benedeti; por Fotografía, Victorino Lourido; Música, Piti Sanz; Son, José Alberto Suárez, e Posproducción, Carlos López Ríos.

A banda *The Ellas* en plena actuación



Papeis da Academia Galega do Audiovisual 2006–2007

Manqui e Morris
entre o público

Manquiña e Morris foron os presentadores da cerimonia de entrega dos Mestre Mateo, celebrada no Teatro Colón da Coruña. No cadro artístico estiveron tamén Farruco, Xosé Ramón Gayoso, Paula Carballeira e Iolanda Muíños e Luís Tosar coa súa banda, The Ellas.

A gala, iniciada ás nove e media da noite, foi retransmitida pola TVG cun índice de audiencia superior ao das edicións anteriores. Artistas da escea e profesionais da música protagonizaron o acto, concibido polos guionistas Andrés Mahía e Xosé Castro baixo as premisas do ritmo áxil e o sentido do humor.

Artistas da talla de Luís Tosar, Paula Carballeira, Isabel Risco, Xosé Ramón Gayoso, Iolanda Muíños, Isabel Blanco, José Manuel Rodríguez -Isi-, Xosé Luís Bernal -Farruco-, entre outros, así como presentadores de televisión formaron parte do equipo artístico encargado de escenificar e dar vida ó guión.

A gala dos Mestre Mateo 2006 estivo patrocinada pola Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual _da Secretaría Xeral de Comunicación_ e as consellerías de Cultura e Deporte e de Innovación e Industria, ademais de pola Fundación Caixa Galicia e a Televisión de Galicia. En calidade de colaboradores estiveron a Fundación Aisge, a Fundación Autor, a SGAE e a empresa Spica, ademais de diversas empresas privadas galegas.

Este ano, por primeira vez na traxectoria dos Mestre Mateo, a Xunta Directiva da Academia acordou levar a

cabo un circuíto de promoción por boa parte do país, coa proxección da meirande parte dos traballos audiovisuais que quedaron finalistas. O circuíto recibiu o nome de Semana do Audiovisual Galego e estivo coordinado pola distribuidora Mr. Misto Films e patrocinado pola Consellería de Cultura e Deportes, a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual -da Secretaría Xeral de Comunicación- e a Fundación Caixa Galicia.

O PROCESO DE VOTACIÓN

- **31 de xaneiro.** Enviáronse as papeletas para a primeira rolda de votacións.
- **16 de febreiro.** Rematou o prazo de recepción de papeletas no notario.
- **23 de febreiro.** Publicouse a listaxe de finalistas.
- **26 de febreiro.** Enviáronse as papeletas para a segunda e derradeira rolda de votacións.
- **20 de abril.** Rematou o prazo de recepción destes votos, que foron os que determinaron as candidaturas gañadoras.
- **9 de maio.** Gala de entrega de premios.

PREMIOS MESTRE MATEO 2006

1



2



3



4



5



6



1. Nani García
2. Alfredo Alemparte
3. Isabel Blanco
4. Curru Garabal
5. Luis Tosar
6. Paco Lodeiro
7. Tomás Conde e Virginia Curiá (Algarabía Comunicación)
8. Óscar Aramburo e Sara Martínez

7



8



LONGAMETRAXE

Un franco, 14 pesetas, de Adivina e Drive Cine

PELÍCULA DE TELEVISIÓN

O partido, de Vaca Films

PROGRAMA DE TELEVISIÓN

A casa de 1906, de Filmanova e Continental

SERIE DE TELEVISIÓN

A vida por diante, de Voz Audiovisual

DOCUMENTAL

2050, de TV Siete

PRODUCCIÓN INTERACTIVA

www.deprofundislapelicula.com, de Interacción e Continental



1. Monti Castiñeiras (Grândola Nova)
2. Borja Pena e Emma Lustres (Vaca Films)
3. Jaime Arregui (Interacción) e Chelo Loureiro (Continental)
4. Miguelanxo Prado e Carlos Iglesias, con Isi e Isa
5. Morris
6. Susana Maceiras (Adivina)

PRODUCCIÓN DE PUBLICIDADE

Las noticias del guiñol, de Algarabía Animación

CURTAMETRAXE DE FICCIÓN

Cicatrices, de Mr. Misto

CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN

A bruxa Catuxa, de Grândola Nova

DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN

Jesús Alonso, por *Un franco, 14 pesetas*

DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA

Ricky Morgade, por *O partido*

MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA

Sara Márquez e Óscar Aramburu, por *Un franco, 14 pesetas*

cluster
audiovisual
galego

Clag

www.clusteraudiovisualgalego.com





1. Mario Iglesias
2. Jairo Iglesias
3. Mofo e Befa, nun sketch da gala

DESEÑO DE VESTIARIO

Ana López, por *A casa de 1906*

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Curru Garabal, por *Mia Sarah*

MONTAXE

Mario Iglesias, por *De bares*

SON

Nani García e Javier Ferreiro, por *De profundis*

GUIÓN

Carlos Iglesias, por *Un franco, 14 pesetas*

BANDA SONORA

Nani García, por *De profundis*



1. Xosé Ramón Gayoso e María Bouzas
2. Carlos Sedes e Manuel A. Espiñeira
3. Ricky Morgade
4. Antón Reixa e Pancho Casal
5. Carlos Iglesias, con Isi

DIRECCIÓN

Carlos Iglesias, por *Un franco, 14 pesetas*

Miguelanxo Prado, por *De profundis*

REALIZACIÓN

Carlos Sedes e Manuel A. Espiñeira, por *A vida por diante*

COMUNICADOR DE TELEVISIÓN

Paco Lodeiro, por *Cifras e letras*

INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA

Luis Tosar, por *Cargo*

INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA

Isabel Blanco, por *Un franco, 14 pesetas*

INTERPRETACIÓN MASCULINA SECUNDARIA

Antonio Durán, *Morris*, por *O partido*

INTERPRETACIÓN FEMININA SECUNDARIA

Rosa Álvarez, por *De bares*



o audiovisual GALEGO }


Un dos nosos maiores
compromisos

Caixa Galicia mantén un intenso compromiso coa cultura, a innovación e a creatividade, esforzo no que colabora man a man co CGAI, o Clúster e a Academia Galega do Audiovisual. Ademais este traballo está avalado pola súa participación en empresas galegas como Continental, Filmax ou Veralia e que completa con ciclos de cine, exhibicións de vangarda na Sala Imaxinarie ou o patrocinio de Mundos Dixitais. Un impulso para o audiovisual galego. Un compromiso para nós.

 FUNDACION CAIXAGALICIA

Para ti. Para todos.

PREMIO DE HONRA FERNANDO REY A PEDRO AMALIO LÓPEZ



O PREMIO DE HONRA FERNANDO REY, OUTORGADO POLA XUNTA DIRECTIVA DA ACADEMIA AO REALIZADOR PEDRO AMALIO LÓPEZ POLOS SEUS VALORES PROFESIONAIS E O IMPORTANTE PAPEL QUE DESENVOLVEU NA TVG NOS SEUS COMEZOS, ÍA SER O DERRADEIRO NA VIDA DESTE PROFESIONAL, FALECIDO O 25 DE XUÑO DO 2006.

A enfermidade impediulle asistir á gala de entrega dos Mestre Mato e foi Xosé Ramón Gayoso quen o recolleu no seu nome. O realizador agradeceu o premio nun emotivo vídeo.

Pedro Amalio López foi o primeiro Xefe de Realización da TVG, participando na realización da primeira emisión da canle o 24 de xullo de 1985. Na TVG foi realizador de programas, pero, sobre todo, o mestre para toda unha xeración de profesionais da televisión. A idea que lles inculcou sempre é que todos os programas se fan para ser vistos por espectadores.

Despois da súa etapa na TVG foi director de Producción e director adxunto de programas na Televisión Española. A comezos dos anos 90 encargouse da coordinación de telecomedias como *Habitación 503* ou *Aquí no paga nadie*.

Pedro Amalio López xa participara como realizador na primeira emisión oficial de televisión en España, feita por Televisión Española o 28 de outubro de 1956.

Encargaríase da dirección de programas desde as instalacións do Paseo de La Habana, centrándose de maneira particular na realización e adaptación de espazos dramáticos para televisión, os famosos *Estudio 1* dos anos 60 e 70. Neles foi o primeiro realizador en España en utilizar decorados circulares, unidades móbiles para as gravacións de dramáticos en exteriores e un longo etcétera de logros técnicos e artísticos que o levaron a ser considerado gran director de actores.

Na tempada 1961/62 asumiu a realización da serie de Adolfo Marsillach *Silencio...se rueda*. Durante estes anos realizou obras como *Dulcinea*, *Edén término*, *El viaje sin equipaje*, *Peribáñez*, *El perro del hortelano*, *La venganza de Don Mendo*, *Rinoceronte*, *Carlota*... En 1965 obtivo unha enorme repercusión profesional co seu traballo de realización en *Las brujas de Salem*, con Gemma Cuervo, e a montaxe de *Julio César*, coa que por primeira vez nun espazo destas características sacou as cámaras á rúa.

Foi galardoado en 1967 coa Placa do Ouro do Festival de Berlín, o primeiro premio internacional obtido na súa historia por TVE, pola obra *Un mundo sin luz*.

Con Jaime de Armiñán realizou a serie *Las doce caras de Juan*. En 1970 logra un éxito enorme dentro do programa *Novela* coa súa realización de *El Conde de Montecristo*, con Pepe Martín como protagonista. Un ano máis tarde aborda *Los tres mosqueteros* e *La muerte de un viajante*. *La saga de los Rius* sería un dos seus traballos máis sobranceiros dos anos 70.

Por este labor continuado a prol dos dramáticos en televisión, a Academia Española de las Artes y las Ciencias de la Televisión concedeulle, na súa primeira edición de galardóns en 1998, o *Premio a Toda una Vida*.

DISCURSO DE MARÍA BOUZAS, PRESIDENTA DA ACADEMIA

“OLA, AMIGOS. BOAS NOITES. ESPERO QUE ESTEADES DISFRUTANDO DA GALA. PARA ISO É. PARA QUE DISFRUTEMOS, PARA QUE CELEBREMOS XUNTOS QUE EXISTIMOS, QUE PODEMOS TRABALLAR NESTE OFICIO DO AUDIOVISUAL.

Disque cantos máis somos, mellor é a festa. E este ano houbo máis producións que nunca presentadas aos premios Mestre Mateo. Qué ben. Quere dicir que aí estamos, traballando en facer películas, contidos interactivos, televisión, publicidade, documentais, animación. En levar á pantalla as historias que se nos ocorren.

Este ano presentáronse 123 producións. Todo un récord. Pero, ¿son moitas ou son poucas? Quén sabe. Eu diría que son bastantes.

E así non caemos nalgún dos extremos en que por veces se nos quere instalar. No do trunfalismo de que isto é Hollywood e o audiovisual galego é un mundo cor de rosa. Nin no tremendismo de que somos un *bluff*. Non. Ningunha das dúas cousas é certa. Nin todo nin nada. Somos bastante.

Bastante numerosos. Bastante creativos. Bastante profesionais. Podemos –debemos– ser máis. Pero fomos moito menos. O caso é seguir medrando. Contra as dificultades –que as hai–, co apoio dos que saben do valor de que nos poidamos contar historias –que os hai–, temos que seguir medrando.

Non sei se o ano que vén participarán nos Mestre Mateo máis producións ca este. Oxalá sexa algunha máis. Pero aínda máis importante é que se conserve a diversidade que hai na colleita deste ano. Hai producións de todo tipo, máis grandes e máis pequenas, clásicas e alternativas, feitas sós ou en compañía doutros, mirando para dentro e para fóra, a un público e a outro... E iso é un tesouro.



“HAI PRODUCCIÓNS DE TODO TIPO, MÁIS GRANDES E MÁIS PEQUENAS, CLÁSICAS E ALTERNATIVAS... E ISO É UN TESOURO”

Significa que o audiovisual galego formámolo un colectivo difícil de uniformar, con gustos e arelas ben distintas, pero con algo en común: que nos gusta falar, que nos gusta contar. Non está mal para os tempos que corren, tan pouco amigos de que se escoiten máis voces ca unha: a propia, a autorizada, a decente. A nós gústanos que se escoiten todas.

En fin, se cadra a miña voz xa se sentiu de máis. Só quixera insistir na idea de que estes premios son a festa de todos. A Academia Galega do Audiovisual ten a súa razón de ser en que nos acolla a todos os que queremos que exista un audiovisual galego e existir dentro del. Somos moitos, pero debemos ser máis. Anímonos a profesionais e creadores a ser parte da Academia. E quero dar as grazas aos que terman de nós: institucións, patrocinadores e, finalmente, o público, espectadores e cidadáns aos que as nosas historias queren devolver algo do moito que nos dan.”

PREMIOS MESTRE MATEO 2005

LONGAMETRAXE

León e Olvido, de Xanalú, El Paso e TVG

PELÍCULA DE TELEVISIÓN

Mentíndolle á vida, de Adivina, Just Films e General Video

PROGRAMA DE TELEVISIÓN

Consumidores, de TVE-Galicia

SERIE DE TELEVISIÓN

As leis de Celavella, de Voz Audiovisual

DOCUMENTAL

As voces do Prestige, de Directo de Información y Divulgación

LONGAMETRAXE DOCUMENTAL

El país de Nomeacuerdo, de Anxo Fernández

PRODUCCIÓN INTERACTIVA

O mando manda, de Interacción

PRODUCCIÓN DE PUBLICIDADE

Caixanova, onde nacen as ideas, de Lúa Films

CURTAMETRAXE DE FICCIÓN

Te quiero mal, de Ficción

CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN

El retorno de la Ley, de Dygra

DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN

Alfonso Blanco e Paula Fernández, por *As leis de Celavella*

DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA

Suso Bello, por *Mentíndolle á vida*

MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA

Ana Muíño e Noelia Arcay, por *As leis de Celavella*

DESEÑO DE VESTIARIO

Ruth Díaz, por *As leis de Celavella*

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Antonio Pereira, por *As leis de Celavella*

MONTAXE

Mercedes Arcones, Juan Galiñanes e Ángel De la Cruz, por *O soño dunha noite de San Xoán*

Manu Mayo, por *As leis de Celavella*

SON

Rubén Bermúdez e Víctor Seixo, por *As leis de Celavella*

GUÍÓN

Xosé Castro, Andrés Mahía, Carlos Ares, Ramón Campos, Iván L. Gimeno, Daniel D. García, Jacobo Paz, Xosé Antón Moure, Paco Abelleira, Raúl Dans, Daniel Domínguez, Pedro Ramos, Eva Vázquez, Eligio R. Montero, Miguel Anxo Murado, Mario Neves e Chema Gagino, por *As leis de Celavella*

BANDA SONORA

Arturo Kress e Artur Guimarães, por *O soño dunha noite de San Xoán*

DIRECCIÓN

Jorge Coira e Carlos Sedes, por *As leis de Celavella*

REALIZACIÓN

Jorge Coira e Carlos Sedes, por *As leis de Celavella*

COMUNICADOR DE TELEVISIÓN

Yolanda Castaño, por *Mercuria*

INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA

Fernando Fernán-Gómez, por *Para que non me esquezas*

INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA

Marta Larralde, por *León e Olvido*

INTERPRETACIÓN MASCULINA SECUNDARIA

Carlos Blanco, por *Heroína*

INTERPRETACIÓN FEMININA SECUNDARIA

María Bouzas, por *Heroína*

PREMIO DE HONRA FERNANDO REY

Marcial Lens

PREMIO ESPECIAL JOSÉ SELLIER

Equipo de cine Imaxe da Coruña

PREMIOS MESTRE MATEO 2004

LONGAMETRAXE

O ano da carracha, de Filmanova

PROGRAMA DE TELEVISIÓN

Con C de cultura, de TVG

SERIE DE TELEVISIÓN

A catástrofe do Prestige. Dous anos despois, de TVE-Galicia

DOCUMENTAL

Tucho Bouza, el emperador del Bronx, de Filmanova

LONGAMETRAXE DOCUMENTAL

Un bosque de música, de Vía Láctea

PRODUCCIÓN INTERACTIVA

www.garrapatalapelícula.com, de Interacción

PRODUCCIÓN DE PUBLICIDADE

Fadesa, de EAF

CURTAMETRAXE DE FICCIÓN

La buena caligrafía, de Ciudadano Frame

CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN

Minotauromaquia, de Consorcio Audiovisual de Galicia

DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN

Xavier Eirís, por *O ano da carracha*

DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA

Suso Bello, por *Camino de Santiago: el origen*

MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA

Raquel Fidalgo e María Barreiro, por *O ano da carracha*

DESEÑO DE VESTIARIO

Ruth Díaz, por *As leis de Celavella*

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Antonio Pereira, por *As leis de Celavella*

MONTAXE

Guillermo Represa, por *O ano da carracha*

SON

Nani García e Javier Ferreiro, por *Un bosque de música*

GUIÓN

Ángeles González-Sinde e Manuel Gutiérrez Aragón, por *A vida que che espera*

BANDA SONORA

Luar na Lubre, por *Un bosque de música*

DIRECCIÓN

Jorge Coira, por *O ano da carracha*

REALIZACIÓN

Ricardo Llovo, por *Con C de cultura*

COMUNICADOR DE TELEVISIÓN

María Xosé Arrojo, por *Con C de cultura*

INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA

Javier Veiga, por *O ano da carracha*

INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA

Marta Etura, por *A vida que che espera*

INTERPRETACIÓN MASCULINA SECUNDARIA

Luis Zahera, por *O ano da carracha*

INTERPRETACIÓN FEMININA SECUNDARIA

Camila Bossa, por *O ano da carracha*

PREMIO DE HONRA FERNANDO REY

Equipo Lupa

PREMIO ESPECIAL JOSÉ SELLIER

Escola de Imaxe e Son da Coruña

PREMIO REVELACIÓN CHANO PIÑEIRO

Chano Piñeiro

PREMIOS MESTRE MATEO 2003

LONGAMETRAXE

Trece badaladas, de Continental, Tornasol, TVG, Castelao e Ensueño

O lapis do carpinteiro, de Filmanova

PELÍCULA DE TELEVISIÓN

Secuestrados en Xeorxia, de Filmanova

PROGRAMA DE TELEVISIÓN

Galicia visual, de Adivina

SERIE DE TELEVISIÓN

As leis de Celavella, de Voz Audiovisual

DOCUMENTAL

Muxía, política na Costa da Morte, de Zopilote

PRODUCCIÓN MULTIMEDIA

AVG. O soportal do audiovisual, de Consello da Cultura Galega

Caixa On, de Dygra

PRODUCCIÓN DE PUBLICIDADE

Estrella Galicia. Voluntarios, de Continental

CURTAMETRAXE DE FICCIÓN

O derradeiro groló, de Saga

CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN

El Señor de los Mosquís, de Dygra

DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN

María Liaño, por *O lapis do carpinteiro* e *Secuestrados en Xeorxia*

DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA

Ricky Morgade, por *As leis de Celavella*

MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA

Susana Veira, por *As leis de Celavella*

DESEÑO DE VESTIARIO

Marta Anta e Ruth Díaz, por *As leis de Celavella*

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Antonio Pereira, por *As leis de Celavella*

MONTAXE

Guillermo Represa, por *O lapis do carpinteiro*

SON

Alberto Beade, por *O agasallo de Silvia*

GUIÓN

Cheché Carmona, Eligio R. Montero e Puri Seixido, por *As leis de Celavella*

BANDA SONORA

Nani García, por *As leis de Celavella*

DIRECCIÓN

Carlos Amil, por *Blanca Madison*

REALIZACIÓN

Carlos Sedes e Marisol Torreiro, por *Terra de Miranda*

COMUNICADOR DE TELEVISIÓN

Alfonso Hermida, por *En Xogo*

INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA

Luis Tosar, por *O lapis do carpinteiro*, *Trece badaladas* e *O agasallo de Silvia*.

INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA

Eva Fernández, por *As leis de Celavella*

INTERPRETACIÓN MASCULINA SECUNDARIA

Antonio Mourellos, por *As leis de Celavella*

INTERPRETACIÓN FEMININA SECUNDARIA

María Pujalte, por *O lapis do carpinteiro*

PREMIO DE HONRA FERNANDO REY

Luis Álvarez Pousa

PREMIO ESPECIAL JOSÉ SELLIER

Cineclubs de Pontevedra

PREMIO REVELACIÓN CHANO PIÑEIRO

Ricky Morgade

PREMIOS MESTRE MATEO 2002

LONGAMETRAXE

Os luns ó sol, de Continental e TVG

PELÍCULA DE TELEVISIÓN

Entre bateas, de Costa Oeste

PROGRAMA DE TELEVISIÓN

Dezine, de TVG

SERIE DE TELEVISIÓN

Pratos combinados, de Editorial Compos-tela e TVG

DOCUMENTAL

Vivir en Manhattan, de TVG e Universi-dade

PRODUCCIÓN MULTIMEDIA

El templo, de Interacción

PRODUCCIÓN DE PUBLICIDADE

Campaña actores Estrella Galicia, de IJV

CURTAMETRAXE DE FICCIÓN

O trasto, de Lorelei

CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN

A escola das areas, de Lúa Films

DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN

Roberto Sinde, por *Entre bateas*

DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA

Xosé Manuel Neira, por *Terra de Miranda*

MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA

Eva Fontenla e Trini Fernández, por *Entre bateas*

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Marta Villar, por *Entre bateas*

MONTAXE

Jorge Coira e Guillermo Represa, por *Entre bateas*

SON

Claudio Canedo, por *Entre bateas*

GUIÓN

Carlos Ares, Xosé Castro, Andrés Mahía, Raúl Dans, Daniel Domínguez e Chema Gagino, por *Entre bateas*

BANDA SONORA

Piti Sanz, por *Entre bateas*

DIRECCIÓN

Jorge Coira, por *Entre bateas*

REALIZACIÓN

Chema Fernández, por *Entre bateas*

COMUNICADOR DE TELEVISIÓN

Xosé Ramón Gayoso, por *Luar*

INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA

Luis Tosar, por *Os luns ó sol*

INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA

María Bouzas, por *Terra de Miranda*

INTERPRETACIÓN MASCULINA SECUNDARIA

Celso Bugallo, por *Os luns ó sol*

INTERPRETACIÓN FEMININA SECUNDARIA

Rosa Álvarez, por *Entre bateas*

PREMIO DE HONRA FERNANDO REY

Victor Ruppén

PREMIO ESPECIAL JOSÉ SELLIER

Ángel Luis Hueso

PREMIO REVELACIÓN CHANO PIÑEIRO

Celso Bugallo


PREMIO DO PÚBLICO

Entre bateas



A GALEGA ANTE A ERA DIXITAL

ANÁLISE DE AUDIENCIA DA TEMPORADA 2006/07



Daniel Salgado Lemos

Xefe de Márketing e Audiencias de CRTVG

QUE AUDIENCIA?

Sería imposible facer valoración e análise do comportamento da audiencia na TVG sen recordar os grandes obxectivos estratéxicos da cadea. Xa non é noticia que dentro destes obxectivos que se marcaron nas axendas hai case dous anos estaba a apertura da cadea a novos públicos. Algo que no argot técnico podemos denominar “equilibraxe do perfil de audiencia”.

Isto tradúcese, por falar en termos máis concretos, na incorporación dun público de menor idade e procedente de hábitats urbanos, dous targets que sempre contaron cun peso específico sobre a audiencia da cadea sensiblemente inferior ao perfil global de televisión.

É importante resaltar que o gran obxectivo é unha reequilibraxe. Non estamos falando dunha especialización da cadea en target comercial, algo que por outra banda non sería realista, senón de que a cadea cumpra de forma efectiva a súa condición de cadea xeralista, con contidos dirixidos ao conxunto da audiencia (da cidadanía, por outra banda), eliminando sesgos excesivos cara a determinados segmentos poboacionais.

Este é un obxectivo acorde co carácter público de TVG, xa que o seu principio fundacional de difusión da cultura galega e de normalización lingüística require abranguer todos os segmentos sociais. Pero tamén é un obxectivo

comercial. Reducir o público obxectivo unicamente ao de maior idade non é unha opción de futuro, nin unha forma factible de afrontar a nova era dixital que hoxe se está deseñando, e que se apoia en novas canles e novas formas de consumir televisión (ou de consumir “contidos audiovisuais”). Un gran cambio no que estamos inmersos e que comeza polos segmentos sociais máis dinámicos dos que a cadea autonómica non se pode distanciar.

É este un cambio cualitativo, pero suxeito á evidente restrición do mantemento global da audiencia do que é o máis importante medio galego de comunicación. Algo parecido a aquilo de “non hai televisión pública sen público”.

O cambio de rumbo apóiase en dous grandes piares:

—O cambio nos contidos, que foi moi substancial: concursos culturais como *Cifras e letras*, *docusoaps* como *Alalá*, *realities* como *A casa de 1906*, programas de opinión como *Hai debate* e *Volver ao rego*, renovación dos informativos, culturais como *Miraxes*, *Libro aberto*, *Planeta cine*, *Onda curta*, series actuais como *Heroes*, *Invasión*, limitación da telenovela...

—A renovación da imaxe corporativa, para reforzar a proximidade e a identidade con Galicia, principal valor da cadea, e para modernizar e rexuvenecer a marca TVG.

A temporada 2006/07 supón un paso clave na consolidación destes cambios. Analicemos agora o comportamento da audiencia.



O CONTEXTO TELEVISIVO DA TEMPORADA 2006/07

A) NOVO PASO NA FRAGMENTACIÓN DE AUDIENCIA

Se algo caracteriza o actual contexto televisivo é a “fragmentación da audiencia”.

Por un lado, a forte expansión do cable e a irrupción do dixital terrestre incrementan a penetración da oferta temática. Este grupo de canles aumenta a súa cota ata o 8,8%, un 25,7% de incremento respecto á temporada anterior, e superan folgadoamente o 10% na última fase da temporada.

Por outro lado, os dous novos operadores en aberto sumaron 11,3 puntos de share (La Sexta, 3,7%, e Cuatro, 7,6%).

Estes novos “actores” representaron 20 puntos de share, 8,5 máis que na temporada anterior. Cunha importante progresión ao longo da temporada, que lles leva no mes de xuño de 2007 a acaparar 23 puntos de share. Son puntos perdidos polas grandes cadeas xeralistas. O 20% deixou de ser definitivamente un obxectivo de audiencia para todas as cadeas de televisión.



B) NOVAS CANLES DE EMISIÓN: A AUDIENCIA ANALÓXICA CAE ATA O 75% DO TOTAL

O ritmo de penetración das novas canles incrementouse en relación ao das anteriores temporadas.

O cable, que na temporada 2005/06 representara o 5,6% da audiencia, na actual pasou a ser o 14,9%. Un incremento do 166%, o mesmo que xa rexistrara na temporada anterior, co cal prosegue a súa fase de boom. Hai que sinalar que Galicia foi nesta temporada o segundo ámbito español por penetración do cable, só por detrás de Euskadi e 5 puntos por riba da media española.

En canto á TDT, supuxo nesta temporada un 4,9%. Unha porcentaxe que non está á altura das expectativas. A pobre oferta televisiva por TDT non parece un argumento suficiente para que o dixital terrestre entre nunha fase de rápida penetración. O cable concentra os investimentos das familias no equipamento doméstico. A evolución ao longo da temporada tampouco deixou indicios de que a súa tendencia vaia modificarse de inmediato. En maio representaba un 5,6% da audiencia... o mesmo porcentaxe que en xaneiro. Por ámbitos, Galicia mantense por debaixo da media española (6,7% en xuño), cun ritmo de expansión tamén inferior a outras comunidades autónomas.

En canto ao satélite, representou un 4,8% da audiencia, 1,4 puntos máis cá temporada anterior. O seu ritmo de penetración é claramente inferior ao das demais canles, que xa o superan en consumo.

Resultado: o analóxico terrestre pasa de representar un 90,7% da audiencia na temporada 2005/06 a só un 75,4% na última, que rematou en xuño co 72,4%. Un cambio cualitativo moi importante: a maior penetración de novas canles implica un incremento substancial da oferta televisiva recibida no fogar.

C) REPONTE DO CONSUMO ATA MÁXIMOS HISTÓRICOS


A temporada 2006/07 rexistrou o maior consumo televisivo da historia en Galicia, con 207 minutos por habitante e día: 5 máis que na temporada anterior.

O incremento permite converxer co nivel de consumo español, que foi nesta temporada de 228 minutos, 2 máis que na temporada anterior. A nivel español, o consumo televisivo atópase nun estado estacionario (a pesar do substancial incremento da oferta televisiva), o que contrasta co reponte constatado no ámbito galego.

O incremento en Galicia procede dos maiores de 45 anos, e moi particularmente dos maiores de 65, que aumentan o seu consumo en case 20 minutos por habitante e día. Tamén é o grupo de idade que explicaba o incremento de consumo na temporada anterior.

Os menores de 45 anos mantiveron estable o consumo televisivo, salvo os nenos, que con 126 minutos diarios, 14 menos que na temporada anterior, obteñen o seu mínimo rexistro histórico. Entre os adolescentes (148 minutos) e os adultos mozos (183) o consumo mantívose estable, e incluso rexistra un incremento ao longo das últimas temporadas.

EVOLUCIÓN DO CONSUMO POR GRUPOS DE IDADES EN GALICIA



Por hábitats, o urbano mantívose e volveu ser o de maior consumo, con 217 minutos, conservando a súa participación sobre o total da audiencia televisiva no 37,1%.

O gran cambio vén protagonizado polo semiurbano, que case iguala ás grandes cidades con 215 minutos, 17 máis que no período anterior... signo dun achegamento á pauta urbana de consumo (en particular, destaca o incremento do *share* da tv temática nestes núcleos intermedios de poboación). Representou un 31,7% da audiencia total.

O rural perde por tanto peso sobre o total, na prolongación do sucedido desde a temporada 2000/01.



xa te ves

Aquí é onde a túa creación se ve. Nunha canle que aposta polo noso audiovisual, que difunde a produción feita en Galicia.

Xa te ves, na galega.



TELEVISIÓN DE GALICIA

a galega. xa ves


www.ctvg.es

AUDIENCIA DE TVG

TVG MELLORA O SEU POSICIONAMENTO RELATIVO

A TVG pechou a temporada 2006/07 cunha media de 14,8% de *share* no total día, e un 16,4% na franxa de *prime time*. Cinco puntos de *share* por debaixo do líder, Tele 5.

COTA DE PANTALLA POR CADEAS, TOTAL DÍA



Cunha caída de 4 décimas respecto á temporada anterior (15,2% de *share*), un 2,6% en termos relativos, TVG foi a cadea que menos audiencia perdeu en España, e a única cadea que mellora o seu resultado anual de 2007 en relación a 2006, excluindo, como non podía ser doutra forma, as cadeas de nova implantación, Cuatro e La Sexta.

VARIACIÓNS PORCENTUAIS DE SHARE RESPECTO Á TEMPORADA 2005/06, TOTAL DÍA

	2005/2006	2006/2007	Variación porcentual
TVG	15.2	14.8	-2.6%
TVE1	20.4	19.5	-4.4%
A3	21.6	18.7	-13.4%
T5	22.7	19.8	-12.8%
La2	5.4	5.1	-5.6%
CUATRO	4.6	7.6	65.2%
LA SEXTA	0.0	3.7	-
TEMATICAS	7.0	8.8	25.7%
TV LOCAL	2.4	2.0	-16.7%

É tamén obrigada a comparación coa temporada 2004/05, xa que a remodelación da programación de tarde provocara unha caída de 1,5 puntos de *share* ao conxunto da cadea durante a temporada 2005/06. Se comparamos o *share* actual co de hai dúas temporadas, obtemos que TVG perde 3,3 puntos de *share* (un 18,1% en termos relativos), unha caída inferior a Tele 5, La 2, a televisión local e o conxunto de FORTA. Se ben é superior á caída de Antena 3, e sobre todo á de TVE 1, competidora natural das televisións autonómicas, que perde en Galicia só 2 décimas (un 1% en termos relativos), aproveitando o cambio de orientación de TVG para recuperar unha parte do seu público de maior idade. O balance destes 2 últimos anos segue sendo, por tanto, positivo en relación ás demais cadeas.

A robustez amosada nesta última temporada mellorou significativamente o posicionamento de TVG. Por un lado, a distancia respecto ao liderado marcou un mínimo histórico, tanto en termos absolutos (5 puntos de diferenza en *share* respecto ao líder, Tele 5, cun 19,8%) como relativos (un 25% menos de audiencia cá cadea líder). A distancia foi mínima para un resultado mensual en maio, quedando a tan só 3,8 puntos de Tele 5. Por outro lado, e respecto a FORTA, TVG foi terceira no ránking autonómico, igualada a ETB2, e marcou unha diferenza de 2,2 puntos de *share* da líder, TV3. Na franxa de *prime time*, TVG foi tamén terceira, desta vez 1,4 puntos por riba de ETB2. A porcentaxe de caída, 2,6%, é case a cuarta parte da sufrida polo conxunto das autonómicas.




ANÁLISE POR FRANXAS: ROBUSTEZ NA SOBREMESA E PRIME TIME

As dúas franxas de maior consumo televisivo volven ser as máis robustas e de maior *share* da cadea. Son os principais valores da cadea: a información (sobremesa) e o entretemento (*prime time*), ambos apoiados no factor da proximidade.

Na franxa de *prime time*, TVG obtivo un 16,4% de *share*, 8 décimas menos respecto á temporada anterior, a menor porcentaxe de caída (4,9%) de todas as cadeas xeralistas. A clave da caída estivo na perda da Liga, que restou 8,2 puntos de *share* ao *prime time* do sábado e 4 décimas ao conxunto da cadea... as mesmas que TVG perde respecto á temporada anterior.



COTA DE PANTALLA POR CADEA E FRANXA HORARIA



O máis significativo na franxa de máxima audiencia foi a estrea de numerosos éxitos de audiencia que garantiron unha renovación case total dentro dos programas de referencia da cadea. Máis da metade dos 25 programas máis vistos da cadea nesta temporada son novidades na grella (14 de 25). Entre os 11 restantes, hai 7 que corresponden a informativos e fútbol. Por tanto, entre os 25 programas máis vistos da temporada, só 4 estaban

na grella antes de 2005: *Libro de familia*, *Luar*, *Terra de Miranda* e *O Show dos Tonechos*.

Destacan novos títulos como *A Casa de 1906* (20,6% de *share*), o primeiro *reality* feito en Galicia, ou os novos formatos que ocupan a franxa de *access prime time* como *Hai que mollarse* (21,4%), *Criaturas* (17,3%), *Alalá* (16,6%), *Historias de Galicia* (17,7%) ou *Air Galicia* (15,1%).

OS 25 PROGRAMAS MÁIS VISTOS DE TVG NA TEMPORADA (MEDIAS POR PROGRAMA)

Estes programas teñen ademais a particularidade de que conseguen unha excepcional audiencia en target comercial. Son os primeiros éxitos incontestables acadados pola nova programación nesta tipoloxía de público.




Posición	Título	Emisións	Rating	Share
1	ESPECIAL ELECCIONS	1	15,3	43,4
2	LIBRO DE FAMILIA	36	10,6	28,2
3	PRORROGA FUTBOL: COPA DO REI	1	10,5	25,5
4	FUTBOL: C.U.EFA	9	9,0	24,9
5	FUTBOL: COPA DO REI	4	8,7	23,3
6	A CASA DE 1906	26	7,9	20,6
7	HAI QUE MOLLARSE	8	7,7	21,4
8	TELEXORNAL 1	283	7,1	25,7
9	FUTBOL: L. ESPAÑOLA	3	7,1	22,0
10	LUAR	39	7,0	22,4
11	A VIDA POR DIANTE	38	6,8	17,1
12	O SHOW DOS TONECHOS	51	6,6	19,5
13	HISTORIAS DE GALICIA	7	6,5	17,7
14	ALALA	64	6,3	16,6
15	CRATURAS	14	6,1	17,3
16	TERRA DE MIRANDA	22	5,7	14,7
17	GALA HOMENAXE ZECA AFONSO	1	5,6	18,6
18	GALICIA NOTICIAS	379	5,4	23,0
19	PILLADOS	73	5,4	16,7
20	20 NA GALEGA	7	5,4	14,3
21	SON DE ESTRELAS	20	5,3	16,3
22	FUTBOL: AMISTOSO	3	5,2	18,5
23	GRAN CINE SEN CORTES	15	5,2	13,7
24	TELEXORNAL 3	17	5,2	17,8
25	AIR-GALICIA	13	5,1	15,1

AS 25 EMISIÓNIS MÁIS VISTAS DE TVG EN TARGET 25-45 ANOS

Posición	Día	Data	Hora	Título	Rating	Share
1	Domingo	27/05/2007	20:59:49	ESPECIAL ELECCIONS	39.2	39.2
2	Mércores	29/11/2006	22:01:36	O SHOW DOS TONECHOS	24.1	24.1
3	Martes	21/11/2006	21:32:32	PILLADOS	23.9	23.9
4	Luns	18/12/2006	21:54:27	PILLADOS	21.3	21.3
5	Xoves	26/10/2006	21:40:20	A CASA DE 1906	26.6	26.6
6	Domingo	26/11/2006	22:33:09	LIBRO DE FAMILIA / SOÑOS DE PAPEL	18.0	18.0
7	Venres	02/03/2007	13:49:59	GALICIA NOTICIAS	48.2	48.2
8	Venres	08/12/2006	14:26:35	TELEXORNAL 1	29.8	29.8
9	Martes	17/10/2006	21:31:05	PILLADOS	23.8	23.8
10	Mércores	06/12/2006	21:36:39	A CASA DE 1906	22.8	22.8
11	Luns	18/12/2006	22:30:25	PEPE O INGLÉS / E PARA REMATAR: UNHA VODA, 2ª PARTE	19.3	19.3
12	Mércores	03/01/2007	22:00:48	O SHOW DOS TONECHOS	20.2	20.2
13	Xoves	30/11/2006	20:48:17	FUTBOL:C.U.EFA / CELTA VIGO-FENERBAHCE	23.5	23.5
14	Mércores	20/12/2006	22:10:11	O SHOW DOS TONECHOS	20.2	20.2
15	Domingo	08/10/2006	22:34:41	LIBRO DE FAMILIA / PARLEZ VOUS FRANCAISE	18.2	18.2
16	Mércores	25/10/2006	20:50:14	FUTBOL: COPA DO REI. DEPORTIVO CORUÑA-RACING SANTANDER	20.2	20.2
17	Luns	28/05/2007	13:47:29	GALICIA NOTICIAS	37.5	37.5
18	Mércores	18/10/2006	21:37:55	A CASA DE 1906	22.2	22.2
19	Mércores	04/04/2007	22:05:27	GRAN CINE SEN CORTES / TROIA	24.3	24.3
20	Venres	20/10/2006	14:26:57	TELEXORNAL 1	31.8	31.8
21	Venres	20/10/2006	13:47:49	GALICIA NOTICIAS	45.7	45.7
22	Xoves	19/10/2006	21:42:15	A CASA DE 1906	20.6	20.6
23	Martes	10/04/2007	14:27:56	TELEXORNAL 1	28.6	28.6
24	Martes	14/11/2006	13:48:00	GALICIA NOTICIAS	36.1	36.1
25	Domingo	26/11/2006	22:00:05	ALALA	16.2	16.2

Pola súa banda, na **franja informativa** de mediodía (13:30-15:30) TVG obtén a súa media de *share* máis alta e lidera a audiencia cun 26% de cota, 5 puntos por riba de Antena 3, 8 por riba de TVE-1, e 10 por riba de Tele 5. Coa particularidade de que, con respecto á temporada anterior, e a pesares do incremento da competencia, TVG foi a única cadea xeralista que mellorou o seu resultado na franxa. A media de luns a venres foi dO 28%: un resultado que só se igualou en 2 temporadas en toda a historia da cadea. E iso nun momento de máxima competencia en toda a historia da televisión.

EVOLUCIÓN DO SHARE DE TVG POR FRANXAS HORARIAS, LUNS A VENRES



Se *prime time* e sobremesa son as franxas fortes da cadea, cales son os seus puntos febles, en termos de audiencia? Sen dúbida, a tarde. Unha franxa que obtivo regularmente un *share* inferior á media da cadea, superando o 15% de *share* en só 2 temporadas, cun máximo na campaña 2004/05 (15,6% de cota de pantalla entre as 15:30 e as 20:30) grazas ao fenómeno que supuxo a telenovela *Paixón de Gabiáns*, que chegou a aportar ata o 25% da audiencia diaria da cadea. Coa excepción do alto rendemento das telenovelas, o conxunto da tarde sempre obtivo medias de *share* en torno ao 13%

Un dos cambios máis significativos da temporada 2005/06 foi a forte redución do recurso ás telenovelas e a recuperación do contedor *Xabarán Club*. Unha aposta pública que implicou unha caída significativa do *share* nesta franxa, que perdeu 6 puntos de cota, e restaba 1,6 ao total/día da cadea respecto á temporada anterior. Definindo o índice de aportación á variación entre dous períodos como o impacto da variación de audiencia nunha franxa horaria sobre a variación de audiencia total dunha cadea, obtemos que máis do 50% das perdas rexistradas na temporada 2005/06 respecto á 2004/05 procedían da caída de *share* na franxa de tarde.

A recuperación nesta franxa é un elemento clave durante esta última temporada. O conxunto da tarde gaña 6 décimas (9,7% de *share* de luns a venres), en particular entre 15:30 e 18:00 (10,2% de *share*, 1,3 puntos máis que na temporada anterior), procedentes en gran medida de *Valderrei*, a primeira serie diaria de produción galega, que obtivo un *share* de 11,2%. Pola contra, a segunda franxa da tarde (18:00–20:30) de luns a venres volveu ceder cota: o *Xabarán Club*, que superara o 10% de *share*

na temporada 2005/06, pasaba a obter unha media de 9,1% na 2006/07, debido fundamentalmente á maior competencia da televisión temática para un *target* minoritario no consumo televisivo que son os nenos e os adolescentes.

ANÁLISE POR TARGETS: UN PASO ADIANTE NA EQUILIBRAXE DO PERFIL DE AUDIENCIA

Un problema tradicional na audiencia de TVG é o escaso peso específico, en relación ao conxunto do consumo televisivo, de 3 *targets*: dos adultos mozos (25-44 anos), do hábitat urbano e do público feminino (as mulleres son maioritarias no consumo televisivo, representando un 57,1% da audiencia total).

A temporada 2006/07, marcada pola renovación da imaxe corporativa, máis os éxitos xa sinalados da nova programación entre público novo e urbano, supuxo un paso adiante no proceso de equilibraxe de audiencia de TVG.

A pesares de que globalmente a cadea perdeu 4 décimas de *share* respecto á temporada anterior, a cota de TVG mantívose entre os grupos de idades de mozos 25-44 anos (10,8%, perde 1 décima), e adultos 45-64 anos (16,3%, perde 2 décimas).


Unha estabilidade que hai que valorar positivamente nun contexto no que a “nova televisión” penetrou nestes grupos de idade en maior medida, incrementando a competencia polo *target* comercial: Cuatro + La Sexta + temáticas obteñen unha cota do 26% de *share* en 25-44 (6 máis cá súa cota global), 10,5 puntos máis cá temporada anterior (cando o seu incremento global foi de 8,5).

Támén hai que ter en consideración para valorar xustamente esta estabilidade o impacto da perda do fútbol, o espazo con maior capacidade de aglutinación de público novo na temporada 2005/06, así como, en relación ás demais xeralistas, os retrocesos de 3,5 puntos de cota rexistrados neste grupo de idade en A3 e T5.

O único *target* que contribuíu negativamente á audiencia da temporada foron os maiores de 65 anos. Obteñen un 18,4%, case 2 puntos menos de cota que na temporada anterior. É, por tanto, o grupo de idade cunha evolución máis penalizadora para a cadea (e aínda o foi máis durante a temporada anterior).

Podemos falar, por tanto, dunha estabilidade global do *share* en menores de 65 anos, xunto a unha baixada de cota no público de maior idade. A consecuencia é, loxicamente, unha equilibraaxe do perfil de audiencia, destacando o incremento do peso dos adultos entre 45 e 64 anos, un grupo de idade de capital importancia para a cadea, tanto por ser o grupo de idade maioritario no consumo televisivo, como por ser unha peza clave dentro dun proceso de rexuvenecemento progresivo do perfil de audiencia. Este grupo de adultos maduros gaña case 2 puntos no perfil de audiencia de TVG respecto á temporada anterior, e representa hoxe o 33,5% da audiencia de TVG, 3,5 puntos máis que na temporada 2004/05.

CAMBIOS NO PERFIL DE AUDIENCIA DE TVG. TEMPORADA 2006/07 vs TEMPORADA 2005/06.



Dito isto, o perfil de audiencia da cadea continúa a ser relativamente avellentado: os maiores de 65 anos representan o 35% da nosa audiencia, 3 décimas menos que na temporada anterior, pero 6,6 puntos por enriba do Total TV. Mais este diferencial redúcese significativamente nun escenario televisivo que el mesmo envelleece, sendo inferior ao *gap* de 7,3 puntos respecto ao Total TV que se rexistrou ao longo da presente década.



Os adultos 25-44 representaron o 20,6% da audiencia de TVG, máximo valor desde a temporada 98/99, quitando o período 2004/05 (no que fora clave o éxito en *target* comercial de *Paixón de Gabiáns*). E a diferenza respecto ao Total TV redúcese en maior medida, ao pasar de 8,2 puntos na temporada 2005/06 a 7,5 puntos na 2006/07.

Atendendo ao hábitat, hai que mencionar 2 subidas significativas respecto á temporada anterior. Unha no rural, onde aumenta a cota en 1 punto (ata o 20,8%). Un bo resultado incluso na comparación a longo prazo: TVG supera o 20% en 9 das 15 últimas temporadas. E outra no urbano, que aumenta en 8 décimas de *share* (ata o 11,7%); unha subida moi salientable se temos en conta as mesmas consideracións feitas para o *target* de adultos mozos: primeira temporada sen Liga, importantes caídas de audiencia nas demais cadeas xeralistas.

Consecuencia lóxica sobre o perfil: o urbano incrementou fortemente o seu peso, representando o 29,5% da nosa audiencia, o valor máximo desde a temporada 95/96, e superando folgadoamente o peso do semiurbano (28,6%) por primeira vez desde a temporada 98/99.

Unha última constatación de grande importancia atende á distribución da audiencia por sexos. A sobrerepresentación masculina tradicional na cadea (polo peso da audiencia deportiva) corrixiuse en grande medida na presente temporada. As mulleres gañaron globalmente cota respecto á temporada anterior: 5 décimas, ata o 14%, mentres que os homes rexistran un retroceso de 1,8 puntos de *share*. Unha caída concentrada no prime time do sábado (unha vez máis, o pernicioso efecto da Liga). O resultado é unha feminización considerable do noso perfil de audiencia. As mulleres representaron o 54,1% da nosa audiencia, 3 puntos menos có conxunto da televisión, un diferencial mínimo na historia da cadea.

VALORACIÓNS FINAIS

CAMBIO DE RUMBO CON ESTABILIDADE GLOBAL DA AUDIENCIA

Dos 8,5 puntos de *share* perdidos pola televisión “convencional” respecto á temporada precedente, TVG perde tan só 4 décimas. Ao que se engade unha evolución favorable ao longo da propia temporada (con 4 subidas mensuais consecutivas en 2007).

En relación a campañas anteriores, a estabilidade desta última temporada compensa a caída relativamente máis importante experimentada durante a temporada 2005/06, e supón unha consolidación da audiencia da cadea preto do 15% de *share*, un valor que representa un posicionamento que podemos calificar de excepcional en toda a historia da cadea.

Mais o realmente destacable é que esa estabilidade se consegue a pesares dunha reorientación estratéxica da cadea que sempre ten un custo (recordemos os fortes retrocesos de TVE1 no 2004). Un custo que podía ter sido



superior dado o contexto actual, sumamente agresivo, cunha inédita competencia dentro do *target* comercial, ao que se sumou a perda dun contido de referencia como é o fútbol de Primeira División.

E máis que estabilidade, asistimos aos primeiros éxitos dese cambio de orientación. Dentro dese mantemento global da audiencia hai cambios cualitativos no perfil, que se apoian nunha renovación dos programas de referencia da cadea.

O FUTURO INMEDIATO DA TELEVISIÓN: EVOLUCIÓN OU REVOLUCIÓN?


A pesares de que poida semellar autocompracente, a pesares de contrariar a tantas veces anunciada revolución dixital, a pesares de que algúns xa anunciaran o fin da era da televisión... creo que non hai datos que de momento o corroboren. Tanto polo incremento do consumo como pola súa absoluta dominación sobre os demais medios, como pola estabilidade do consumo en *target* comercial, a televisión goza dun excelente estado de forma e dun máximo interese comercial.

Non hai dúbida de que o futuro da televisión afectará á forma de ver televisión (a audiencia non liñal, a converxencia con internet, os soportes móbiles). Pero, de momento, o teórico impacto das novas canles sobre o reparto do tempo de lecer dispoñible, coa consecuencia diminución do consumo audiovisual no televisor convencional, aínda non se verificou. Tanto os adolescentes de 13 a 24 anos como os adultos mozos de 25 a 44 incrementaron o seu consumo televisivo ao longo das últimas temporadas. Non parece que estes fenómenos se vaian expandir coa inmediatez anunciada. Factores a ter en conta son a insuficiente implantación do equipamento doméstico necesario, a menor duración dos contactos con estas novas canles e o feito de tratarse de novos hábitos cuxa universalización requirirá tempo.

Evidentemente, o futuro dunha cadea xeralista está na participación nestas novas canles. Por iso, para TVG a diversificación de público segue sendo unha prioridade para abordar este novo contexto. Nesta era dixital, universal, de internet, a súa gran fortaleza seguirá sendo a mesma: Galicia. A proximidade co país, en contidos, en lingua, en entretemento e en información. ■

REFORMULACIÓN e REAFIRMACIÓN

ENTENDEMOS QUE O QUE CHAMAMOS AUDIOVISUAL GALEGO ESTÁ NUNHA ETAPA DE TRANSICIÓN. TAL COUSA IMPLICA UNHA REAFIRMACIÓN E UNHA REFORMULACIÓN. SERÁ UN PROCESO MÁIS LENTO DO DESEXADO, PERO DEBE SER MÁIS RÁPIDO DO QUE ESTAMOS ACOSTUMADOS A EVOLUCIONAR.



Eduardo Galán

Director de Programación da TVG

Desde a TVG pensamos que é necesario readaptar todo o que o audiovisual galego produce, pensando sempre primeiro no destinatario máis próximo. E cremos con sinceridade que estamos en tal andaina. As últimas *tv-movies* están orientadas cara a temas máis propios, gravándose en boa parte no idioma da nosa comunidade. E tamén, por vez primeira!, mentres escribimos estas liñas, estanse a rodar dúas películas para cine en galego. Sen dúbida é un progreso o suficientemente elocuente. Aínda que tamén habería que sinalar que o “extraordinario” hai tempo que tiña que ser “o normal”. En calquera caso, nunca tal cousa coñecera o cinema galego: a gravación ou rodaxe de tres producións de longametraxe de ficción na nosa lingua no curto espazo de cinco meses.

Canto os documentais hai que dicir que na TVG estamos especialmente orgullosos da iniciativa *Galicia documental*, un contedor que nos permite abrir campos temáticos de agora e que a produción seriada do pasado impedía. A recuperación da memoria, a máis recente e a histórica, o sincero retrato de cómo somos de verdade, as fronteiras e a mestizaxe lingüística e cultural... Evidentemente, aínda queda moito por facer e pulir, pero cremos que estamos nunha vía necesaria para cambiar a imaxe que nos devolve o espello da televisión. Hai hoxe moitas produtoras abertas, algunhas de recente creación, a producir novos documentais, traballados, entretidos, directos,

comerciais pero comprometidos social e culturalmente co país. Só nos primeiros seis meses do 2007, TVG contratou 20 pezas de longametraxe das que alomenos unha ducia longa responde finalmente a aquel vello pero sabio axioma de entreter informando. Creemos que por fin estamos no bo camiño de conseguir obras alonxadas da escola do documental “institucional”, que era ata agora, e falando dun xeito xeral, a única vía practicada.


Canto a produción de series de ficción, entendemos que o audiovisual galego abriu tamén unha nova época na que se reformulan subxéneros do noso patrimonio, fuxindo das copias de series foráneas de imposible e absurda adaptación. Hai unha nova produción en emisión e dúas máis en marcha, xunto á continuidade das series máis autóctonas que coñecen novas tempadas.

Para rematar facemos notar que a aceptación, por parte do público da TVG, da mestura de xéneros televisivos ten propiciado por primeira vez en Galicia a estabilidade na grella da TVG dos *docusoaps* e das series de contido didáctico, na chamada franxa de “acceso ao prime time”. Hai moitos exemplos da temporada pasada que todo o mundo coñece.

Cremos que os cambios son claros para tan breve marxe de tempo e no camiño dunha rexeneración necesaria do que produce o sector. Só queda reafirmarse polas liñas de produción expostas e durante os vindeiros anos. ■

EXHIBICIÓN EN GALICIA

2005-2007



NON É A DE GALICIA UNHA SITUACIÓN ÓPTIMA EN CANTO AO ESTADO DA SÚA EXHIBICIÓN, PESE A QUE SÓ ESTAMOS LIXEIRAMENTE POR DEBAIXO DA RATIO DE ESPECTADORES/PANTALLA EN ESPAÑA, QUE ESTÁ EN 10.000⁽¹⁾ DURANTE O TRIENIO 2005-2007. É POR ISO QUE O SECTOR CINEMATOGRAFICO EN GALICIA PARTICIPOU DA SITUACIÓN XERAL DO MERCADO ESPAÑOL, SOBRE TODO EN CANTO A EXHIBICIÓN.

Aumentou o número de pantallas en Galicia, pasando de 178 no 2002 a 205 en 2006⁽²⁾, que é unha cifra récord desde 1982 (Cadro 2), pero o peche ao longo de 2007 dos complexos Novocine (Ourense), Cines do Deza (Lalín) e Yelmo Cineplex Lugo (Lugo) reducen a cifra en 18 pantallas.

Ao mesmo tempo, estase a reducir o número de empresarios independentes para dar crecente protagonismo aos multiplex (7, con máis de 9 pantallas c/u, só unha galega) vinculados a diversas multinacionais, ao tempo que confirma a crise da escaseza de pantallas en vilas e municipios por baixo dos 50.000 habitantes. A Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación, AIMC, estima que a marzo de 2006, a media en España estaría en 93 salas por millón de habitantes, cifra que en Galicia se rebaxaría a 76, aínda que repartidas dun xeito desigual.

Miguel Anxo Fernández

CADRO 1. CINES EN GALICIA. 1927-1972

Ano	Censados
1927	134
1935	158
1950	231
1961	340
1972	371

Fonte: Historia del Cine en Galicia. 1896-1984

CADRO 2. CINES EN GALICIA. 1972-2007

Ano	Censados	Activos
1972	371	274
1976	376	213
1982	256	156
1985	281	149
1986	284	146
1990		97
1999		148
2002		178
2004		193
2006		206
2007		188

Fonte: Historia del Cine en Galicia. 1896-1984
ICAA. Ministerio de Cultura



Xa o adiantabamos no remate de *O sector cinematográfico para o A comunicación en Galicia 2004*, cando afirmabamos que “a exhibición está chamada a novos e quizais dramáticos, movementos”⁽³⁾. E así foi. O acontecido no trienio 2005-2007 confirma o desequilibrio territorial galego en canto ao reparto de pantallas. Se no 2001⁽⁴⁾ o 92,4 % dos municipios galegos carecían dunha sala comercial, e o 53,7% da poboación carecía de cines, a porcentaxe aumenta no 2006 ao terse producido numerosos peches no que vai do novo século. Cesaron na súa actividade salas en A Guarda, O Porriño, Cangas, O Grove, Cuntis, Boiro, Sada, Betanzos, Verín, Carballiño ou Foz, co que se reducen os 24 municipios que no 2001 tiñan sala.

Non acontece o mesmo en canto ás capitais de provincia galegas, que oscilan entre aperturas e peches, inclinándose a balanza cara ás multinacionais do sector, agás casos puntuais. Mentres que o circuito Vigo Cines pechou as salas Equitativa en A Coruña, os ABC e os Fylcine en Pontevedra e os Centro en Vigo, na cidade olívica abriuse en agosto de 2006 o multiplex Gran Vía e na cidade herculina os Filmax A Coruña, quedando en moi precaria desvantaxe a cidade do Lérez, que pasou de 13 pantallas ás 8 actuais do CineBox Vialia.

Caso aparte, e quizais insólito no mercado español, era o de Lalín, municipio pontevedrés de 20.732 habitantes⁽⁵⁾, que dispuxo da insólita cifra de 10 pantallas repartidas en dous multiplex, Cines do Deza e Filmax Pontiñas, superando en 3 á propia capital da provincia e baixando a ratio de rendibilidade pantalla/habitante a pouco máis de 1000, mentres o sector calcúlao xa moi por enriba dos 15.000. Obviamente, o peche dos Cines do Deza en febreiro de 2007 recolocou a ratio malia estar aínda moi por debaixo da media, agás que se aplique á demografía de toda a comarca Deza-Tabeirós.

En todo caso, o panorama exhibidor galego está a cambiar polo crecente desembarco das multinacionais do sector. O grupo Cinebox, mercado no verán de 2006 polo grupo Cines Ábaco, lidera en Galicia con 36 pantallas en catro complexos, en Ourense, Pontevedra, Vigo e Narón. Yelmo Cineplex, con 23 pantallas en A Coruña e Vigo, Filmax, con 15 en A Coruña e Lalín, e Cinesa, con 7 en Santiago, completan o abano de empresas españolas con actividade en Galicia.

Soportan a presión unha serie de empresas independentes galegas, como é o caso do recente multiplex Gran Vía en Vigo, con 9 pantallas, o que resta da rede Vigo Cines, cos Multicines Compostela en Santiago e Norte en Vigo, e os Valle Inclán de Compostela, entre outras con actividade en vilas.

FIGURA 1. PANTALLAS EN GALICIA 2007





FIGURA 2. PANTALLAS COMERCIAIS EN GALICIA POR PROVINCIAS



CADRO 3. PANTALLAS COMERCIAIS 2007

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Capital	23	8	10	8	49
Provincia	61	8	2	68	139
Total	84	16	12	76	188

Fonte: Elaboración propia

CADRO 4. SALAS DE EXHIBIÇÃO COMERCIAL POR PANTALLAS 2007

Pantallas	1	2	3 a 5		6 a 8		9 ou máis		Total	
Provincia	Cines	Cines	Cines	Pantallas	Cines	Pantallas	Cines	Pantallas	Cines	Pantallas
A CORUÑA	16	1	3	11	3	20	3	35	26	84
LUGO	0	1	2	6	1	8	0	0	4	16
OURENSE	2	1	0	0	1	8	0	0	4	12
PONTEVEDRA	1	4	3	13	3	25	2	19	13	76
Total	19	7	8	30	8	61	5	54	47	188

Fonte: Elaboración propia

Os rumores que apuntan a novas aperturas de multiplex en Compostela, A Coruña, Pontevedra e Ourense, confirman unha especie de esquizofrenia empresarial no sector, que acrecentará os desequilibrios existentes. Tampouco se debe esquecer que durante 2005, un ano particularmente negativo para a exhibición a nivel mundial pola perda de espectadores, en parte polo fracaso do cine procedente de Hollywood, a asistencia ao cine en Galicia descendeu nun 15%, cun total de 5.053.965 espectadores fronte aos 5.885.845 de 2004, segundo a Asociación Galega de Empresarios de Cine.

Finalmente, cómpre facer referencia ás pantallas municipais ou institucionais polo que supoñen de circuíto alternativo á exhibición convencional cando funcionan de xeito esporádico ou continuado, nalgún caso contribuíndo a paliar a carencia de salas en determinados municipios. Poderían ser os alicerces sobre os que consolidar unha proposta alternativa á exhibición comercial, e mesmo para garantir a saída ao produto propio cando a presión das multinacionais impide que dispoñan de pantallas.

Todas as capitais galegas dispoñen de locais equipados, así como outras cidades galegas, liderando A Coruña no seu conxunto. A cifra mellora de continuo pola afortunada tendencia a rehabilitar grandes espazos ou a construír auditorios, na súa maioría co equipamento técnico necesario para exhibir produtos audiovisuais. O sector galego debería mirar cara a esta infraestrutura. ■


CADRO 5. ESPECTADORES DE CINE EN GALICIA. 2005

	Espectadores			
	2004	2005	Perda	Porcentaxe
A Coruña	2.632.253	2.296.149	336.104	12,80%
Lugo	569.552	448.714	120.838	21,21%
Ourense	446.830	370.539	76.291	17%
Pontevedra	2.237.210	1.938.563	298.647	13,35%
Total	5.885.845	5.053.965	831.880	

Fonte: Asociación Galega de Empresarios de Cine



CADRO 6. PANTALLAS MUNICIPAIS/INSTITUCIONAIS 2006



	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Capital	4	1	2	1	8
Provincia	5	0	2	1	8
Total	8	1	4	1	16

Fonte: Elaboración propia


NOTAS

- (1) 2006. España (44.708.964 hab./ 4.136 pantallas). Galicia (2.767.524 hab./205 pantallas).
- (2) En España 4.120 pantallas en marzo de 2006 segundo a Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación AIMC.
- (3) Fernández, Miguel Anxo. (2004): "Distribución e exhibición", en *Libro Blanco de Cinematografía e Artes Visuais en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 291-293.
- (4) Fernández, Miguel Anxo. (2004): "O sector cinematográfico", en Xosé López (coord.), *A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, 2004, p.103.
- (5) Censo 1.1.05. O censo do 1.1.06 aumenta moi lixeiramente esa cifra, sen que se achegue aínda aos 21.000 habitantes.

A CARREIRA COMERCIAL

ATA HAI UNS ANOS, A CARREIRA COMERCIAL DUNHA PELÍCULA CINEMATOGRAFICA NAS SALAS DE EXHIBICIÓN RESULTABA CAPITAL PARA, CANDO MENOS, RECUPERAR O SEU INVESTIMENTO.

DUNHA PELÍCULA



Carlos Amil

Guionista e director

Quizais contribuíse a tal cousa o feito de que as dúas únicas canles de explotación eran as propias pantallas cinematográficas, dunha banda, e as catódicas, doutra. Estas últimas, co agravante de seren unha e única: a TVE, por imperativo legal.

Neste marco, enténdese que a única entrada de cartos para as produtoras derivaba do rendemento de taquilla. Por iso mesmo, a vida dunha película dende a súa estrea ata a súa retirada do circuíto tiña unha duración hoxendía incomprendible: de tres a cinco anos, que era o tempo que validaban os cartóns de exhibición expedidos polo Ministerio de Cultura. Tampouco era doado emitir unha película contemporánea na TVE, pois a cotío agardábase a que as películas completaran o seu periplo polas salas de cinema (de estrea, polas vilas, de reestrea, de sesión dobre, etc.)

Neste contexto, a análise pormenorizada da recadación dunha película semella ter todo o sentido do mundo para establecer a rendibilidade económica da mesma. Paradoxalmente, a imposibilidade de acceder ao coñecemento de tal dato foi un mal endémico da industria cinematográfica española ata ben entrada a derradeira década do século anterior, na que a mecanización e dixitalización das taquillas permitiu a clarificación dos datos.

No entretanto, a industria audiovisual sufriu un imparable proceso de reestruturación e transformación, tanto na planificación do financiamento coma na exhibición e distribución das películas.

O monopolio das salas de exhibición cedeu paso ao nacemento de múltiples e case infinitas canles de televisión, tanto das chamadas xeralistas coma das plataformas de pago. Asemade, xunto á auténtica revolución que supuxo a distribución doméstica a través do vídeo e do DVD (con recadacións moi superiores ás das salas convencionais), cómpre subliñar a vertixinosa voraxine de novas canles

de distribución coma internet, telefonía... e o que as novas tecnoloxías sexan quen de traer.

Como resultado, a día de hoxe, as salas cinematográficas pasaron de ser a única medida de rendemento comercial (e, polo tanto, única vía de recuperación do investimento dunha produtora, e tamén a única vía de ganancias) a ofrecer unha paupérrima porcentaxe na actualidade, porcentaxe que ronda entre o 5% e o 15% dos ingresos dunha película.

Isto é así porque tamén mudaron as vías de financiamento dunha película. Arestora, cabo das axudas oficiais (semellantes ás que poidan recibir outras industrias), ninguén empeza a produción dunha longametraxe se previamente non ten garantidas as prevendas ás canles de televisión e/ou aos formatos domésticos. O que na práctica significa que as películas estean amortizadas (ou case) antes de rodalas. De aí que a súa exhibición cinematográfica represente tan pouco.

Representa tan pouco no aspecto da amortización, mais é certo que se a película adquire resonancia no seu paso polas salas de cinema, a amortización metamorfoséase en ganancia importante, sobre todo no que atinxe á xeométrica repercusión noutras canles de distribución, coma as televisións ou os formatos domésticos.

Paradoxalmente, os xornalistas, así os especializados coma os espontáneos, seguen a facer teimudas análises económicas do rendemento das películas só en función dos seus resultados nas salas cinematográficas. Un mal endémico dos xornalistas que escriben sobre o audiovisual.

En calquera caso, os tempos seguen a mudar e a caixa das películas segue a engadir compartimentos novos. Cómpre espelirse e situarse nas primeiras posicións para sermos unha industria que se estabilice. Quizais este sexa tema abondo para outro artigo, xa veremos. ■

O Audiovisual de Galicia
**comeza
a proxección**

O audiovisual galego vive o seu mellor momento. Dende a Xunta de Galicia apostamos polo desenvolvemento dunha industria audiovisual consolidada e con futuro. Promocionando os nosos produtos en festivais internacionais, potenciando as novas tecnoloxías e achegando os medios necesarios conseguiremos posicionar o noso audiovisual á altura que se merece.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual

A BILLETEIRA

MI: Minoritaria
MA: Maioritaria

LONGAMETRAXES COMERCIAIS DE PRODUCCIÓN GALEGA (1989-2006). DATOS DE BILLETEIRA EN ESPAÑA

TITULO	MC	PRODUCTORA	ANO	ESPECTADORES	RECADACIÓN	DISTRIBUIDORA
MAR ADENTRO	MI	Filmanova/Sogecine	2004	4.099.245	19.837.152,83	Warner
LOS LUNES AL SOL	MI	Continental/TVG/Querejeta	2002	2.103.094	9.772.063,84	Warner
A LINGUA DAS BOLBORETAS	MI	Grupo Voz/Escurpión/Sogecine	1999	1.181.526	4.632.493,03	Warner
CAMARÓN	MI	Filmanova/Nonoria	2005	643.823	3.137.209,00	Walt disney
O CID. A LENDA	MI	Filmmax	2003	560.443	2.626.087,00	Filmmax
O BOSQUE ANIMADO	MA	Dygra films	2001	509.186	1.951.816,29	Buena vista
PÉREZ, EL RATONCITO DE TUS SUEÑOS	MI	Patagonik/Filmmax	2006	402.997	2.104.393	Filmmax
CANDO VOLVAS Ó MEU LADO	MI	Continental /Elías Querejeta	1999	397.466	1.606.149,25	Warner
UN REY EN LA HABANA	MI	Continental/Imagia/Iroko/TVcanaria	2005	325.469	1.573.542,13	Sony
UN FRANCO, CATORCE PESETAS	MI	Adiviña/TVG /Drive cine	2006	297.566	1.527.607,00	Alta films
O ALQUIMISTA IMPACIENTE	MI	Continental/Cartel/Tornasol/TVG	2002	206.142	906.467,62	Alta films
O SONO DUNHA NOITE DE SAN XOÁN	MA	Dygra/Appia	2005	176.767	795.069,70	Buenavista
A LEI DA FRONTEIRA	MI	Adai/ Central prod	1995	172.030	454.674,13	UIP
O LAPIS DO CARPINTEIRO	MI	Filmanova/Sogec/Morena/TVG/ Tlma	2003	171.325	763.564,04	Warner
A VIDA QUE CHE ESPERA	MI	Continental/Tornasol/TVG	2004	167.757	795.069,01	Alta Films
TIRANO BANDERAS	MI	Luz directa/ibero. atrium/ICAIC	1993	150.412	403.106,67	UIP
TRECE BADALADAS	MI	Continental/Tornasol/Ensueño../	2002	134.513	611.970,59	Filmmax
O ANO DA CARRACHA	MA	Filmanova/TVG/Lugopress	2004	108.091	490.562,88	Manga Film
SEI QUEN ES	MI	Continental/Tornasol	1999	105.558	438.736,74	Alta films
CONTINENTAL	MA	Continental	1989	103.994	163.628,91	UIP
PINOCHO 3000	MI	Castelao	2004	102.085	446.279,12	Filmmax
ROMASANTA	MI	Castelao	2004	92.156	432.671,49	Filmmax
FRONTEIRA SUR	MI	Continental Sogetel/Tornasol/	1998	87.399	327.562,00	Alta films
HEROÍNA	MI	Continental/Tornasol	2005	86.519	410.634,94	Alta Films
PARA QUE NON ME ESQUEZAS	MI	Continental/TVG	2005	81.046	413.433,58	Alta films
SOMNE	MI	Lotus/Vaca films	2005	73.368	368.302,80	Warner

LONGAMETRAXES COMERCIAIS DE PRODUCCIÓN GALEGA (1989-2006). DATOS DE BILLETEIRA EN ESPAÑA

TÍTULO	MC	PRODUCTORA	ANO	ESPECTADORES	RECADACIÓN	DISTRIBUIDORA
FISTERRA	MA	Continental/Tornasol	1998	73.321	265.181,41	Alta films
A PROMESA	MA	Pórtico/Tesela /TVG	2004	67.135	336.996,89	Alta films
GALLEGO	MI	TVG/ICAIC	1987	66.236	124.856,14	Izaro Films
LOS AIRES DIFÍCILES	MI	Continental/Tornasol/Maes-tranza	2006	66.179	337.277,13	Alta films
SEMPRE XONXA	MA	PC Piñeiro	1989	62.203	138.638,32	Esteban Alenda
DÍAS AZUIS	MA	Milou/Tornasol/continental	2006	62.044	325.260,21	Alta films
DÁME ALGO	MA	Sun lua/ BenjaminC	1996	61.790	184.707,11	UIP
SEÑORA BEBA	MI	Filmanova	2005	55.230	287.289,71	Nostro film
ATLAS DE XEOGRAFÍA HUMANA	MI	Milu films/Messidor/Tornasol	2006	54.811	301.640,00	Alta films
FUXIDOS	MI	SG producciones	1992	54.461	105.601,48	Columbia Tri Star
DAGON, LA SECTA DEL MAL	MI	Castelao	2001	53.731	219.742,06	Filmmax
O BAILE DAS ÁNIMAS	MI	El búho/Margen/Sogepaq/	1993	51.803	127.526,28	Lauren films
LENA	MI	Filmanova/Tráfico de Ideas	2001	49.369	212.862,01	Alta films
CANÍCULA	MI	Portozás/Morena	2001	47.374	186.566,70	UIP
MIA SARAH	MA	Formato/Castelao/TVG	2006	46.850	247.216,53	Filmmax
DIVERTIMENTO	MI	Formato/Alta/Divertimento	2000	45.431	189.826,25	Alta films
CARGO	MI	Vaca film/Oberon/Morena	2006	44.685	220.703,80	Dea Planeta
O DESENLACE	MA	Atlántico films	2005	42.599	223.386,47	Cinema Indie
PROMEDIO ROJO	MI	Aldea/amiguetes/sobras	2005	40.021	196.793,60	UIP
CONCURSANTE	MI	Continental/La zona/Nephimil/TVG	2006	38.856	208.258,00	Filmmax
DÍAS DE VODA	MA	Atlántico films	2002	38.110	170.342,10	Cinema Indie
TRES NO CAMIÑO	MA	Filmanova/CTV	2004	32.587	151.087,80	Filmmax
UN BUEN NOVIO	MI	Adai/Cre-ación	1998	31.932	120.070,85	Lider Film
LA MOÑOS	MI	Adai/ Bailando con todos	1996	31.641	95.316,08	UIP
TERRA DE FOGO	MI	Soc general autores	2000	30.876	126.321,20	Filmmax
CUANDO EL MUNDO SE ACABE, TE SEGUIRE AMANDO	MA	Atlántico films	1998	30.104	109.094,82	Cinema Indie
A NOIVA DA MEDIANOITE	MA	Encuadre	1997	28.118	90.960,33	UIP
ERA OUTRA VEZ	MA	Atlántico films	2000	27.007	104.234,28	Cinema Indie
GISAKU	MI	Filmmax/Sociedad estatal	2005	26.542	132.723,67	Filmmax
URXA	MA	PC Piñeiro/Vici	1989	18.899	26.514,02	Unirecord
O AGASALLO DE SILVIA	MI	Lorelei/Inval/Medano/TVG	2003	16.437	77.287,57	Wanda vision
LA GRAN COMEDIA	MA	Atlántico films	1986	16.254	24.585,01	Unión films
LEÓN E OLVIDO	MA	Xamalu/El paso	2004	15.423	70.727,12	Diferencia audiovisual

LONGAMETRAXES COMERCIAIS DE PRODUCCIÓN GALEGA (1989-2006). DATOS DE BILLETEIRA EN ESPAÑA

TÍTULO	MC	PRODUCTORA	ANO	ESPECTADORES	RECADACIÓN	DISTRIBUIDORA
O XOGO DAS MENSAXES INVISIBEIS	MA	Atlántico films	1991	15.164	35.389,21	Columbia Tri Star
MARTES DE CARNAVAL	MI	Jaime Fdez/Margen/Creativos	1991	12.876	28.463,03	Margen
HOTEL TÍVOLI	MA	Filmanova	2007	12.709	69.173,00	Filmmax
A LENDA DA DONCELA	MA	Atlántico films	1994	10.958	32.290,94	Columbia Tri Star
ILEGAL	MA	Vía Láctea/Faro	2002	8.841	39.657,15	Lauren films
ARDE AMOR	MA	Fenda films	1998	8.212	30.451,42	Filmmax
LA CASA DE MI ABUELA	MI	IB cinema/Salto de ejeje Videotronics	2006	8.160	44.836,50	Sorolla Films
GALATASARAY-DÉPOR	MI	Filmanova/MONEYPENNY	2006	7.769	37.051,73	Notro film
O NENO DE BARRO	MA	Adivina	2007	6.003	35.195,00	Filmmax
DE PROFUNDIS	MA	Continental	2007	5.944	32.304,00	Alta films
DÁME LUME	MA	Vici/Sun lua	1994	3.908	9.497,19	Sun lua
SEMPRE HABANA	MI	Directo/Television de Galicia /ICAIC	2006	3.499	18.229,71	Filmmax
CAMIÑO DE SANTIAGO. A ORIXE	MA	Adivina/Telecable/TVG	2004	2.694	12.890,90	Sherlock films
BLANCA MADISON	MA	Vici producciones	2000	1.855	7.994,80	Vici producción
BELAS DORMENTES	MA	OFF films	2001	1.695	6.253,79	Off films
A METADE DA VIDA	MA	Fenda films	1994	1.583	4.176,43	Baños film
UN BOSQUE DE MÚSICA	MA	Vía Láctea/TVG	2004	687	2.683,00	Vía Láctea
NENA	MA	Xamalu	1997	660	2.359,50	Díaz y Gallejones
SANTA LIBERDADE	MA	Filmanova/Nos	2004	451	2.394,00	Sherlock films
A VELOCIDADE FUNDA O ESQUECEMENTO	MI	Faro	2007		Sen estrear	----
ABRÍGATE	MA	Continental/Oberon/Patagonik	2003		Sen estrear	
DE BARES	MA	Matriuska/Voz Audiovisual	2007		Sin estrear	---
INÉS DE PORTUGAL	MI	Continental	1997		Sin estrear	----
O MENOR DOS MALES	MA	Voz audiovisual	2007		Sen estrear	----
UN CONTO PARA OLIVIA	MA	Xamalu	2007		Sen estrear	----
UNHA MULLER INVISIBLE	MA	Milu Films/Tornasol	2007		Sen datos	Alta films

SUBVENCIONES AO AUDIOVISUAL

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

1. ESCRITA INDIVIDUAL DE GUIÓNS

Proxectos presentados: 120

COMISIÓN DE VALORACIÓN

- PRESIDENTE: **Luís Bará Torres.** Director Xeral de Creación e Difusión Cultural.
- SECRETARIO: **Antonio Rodríguez Álvarez.** Funcionario da Consellería de Cultura e Deporte (con voz e sen voto).
- VOGAIS: **Puri Seixido Gomez.** Escritora, dialoguista e guionista de curtametraxes e series de TV.
Camilo Franco Iglesias. Novelista, articulista, crítico de cine, teatro e artes plásticas.
Eduardo Galán. Director de programas de TVG, debuxante de cómic, escritor e crítico cinematográfico.

TÍTULO	GUIÓN	AXUDA
SETEMBRO	Xosé Manuel Bazarra Maneiro	12.000€
BAIXO O MESMO TEITO	Rosa Castro Legazpi	12.000€
MARELA, UNHA ROAD MOVIE BOVINA	Pedro Vila Táboas	12.000€
ALGUÉN EXTERNO	Beatriz Santana Dopeso	12.000€
DA FONTE	José Juan Morgade López	12.000€
AMENCE EN BOUZAS	Xosé Castro Puga	12.000€
TRALAS LUCES	Sandra Sánchez Cachaza	12.000€
O CREADOR DE NUBES	Carlos López Ríos	11.000€
A CONTA ATRÁS	Carlos Portela Orjales	11.000€
OUTRO MÁIS	Ricardo Llovo Otero	9.000€
MONTE PINDO	Joaquín Judas Diz Otero	9.000€
NA MADRIGUEIRA DO LOBO	Adolfo Ponte Velasco	9.000€
BAIXO OS PAUS	Óscar Losada Castro	8.500€
A BANDA DE MATUSALÉN	Felipe C. Amil	8.500€

2. DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E INTERACTIVOS

Proxectos presentados: 115

COMISIÓN DE VALORACIÓN

- PRESIDENTE: **Luís Bará Torres.**
Director Xeral de Creación e Difusión Cultural.
- SECRETARIO: **Antonio Rodríguez Álvarez.**
Funcionario da Consellería de Cultura e Deporte (con voz e sen voto).
- VOGAIS: **Xaime Fandiño Alonso.**
Decano da Facultade de Comunicación da Universidade de Vigo.
Director e realizador de programas de TV.
- María Yáñez Anllo.**
Directora do portal Vieiros, con experiencia profesional en desenvolvemento de proxectos audiovisuais.
- Miguel Suárez Abel.**
Novelista, guionista e articulista.

LONGAMETRAXE DE FICCIÓN

TÍTULO	GUIÓN	PRODUTORA	AXUDA
TAN POUQUIÑA COUSA, UN CORAZÓN	Daniel Domínguez/Daniel D.García	TIC TAC PRODUCCIONES	20.000€
NACIÓN X	Xosé Morais	FILMANOVA	20.000€
MILHISTORIAS	Katja Staschewski/Xavier Villaverde	CONTINENTAL PRODUCCIONES	20.000€
PULSIXÓN	Manuel Cortés Tallón	CABO SAM LORENZO	16.000€
O NOVO CINE	Manuel Santana	MONDOTROPO	16.000€
NEGRA SOMBRA	Daniel Domínguez/ Santiago Calori	DYGRA FILMS	16.000€
A MIRADA DE CASTELAO	Víctor Freixanes/Antonio Gonzalo	EDITORIAL GALAXIA	12.000€
MUTE	Javier Gutiérrez	VACA FILMS STUDIO	12.000€
SWEAT DREAMS	Héctor Carré	SUN LUA	12.000€
ESTIGMAS	Adán Aliaga	I. BENEDETI	12.000€
¿HAI ALGUÉN EN CASA?	Cheché Carmona	MILOU FILMS	12.000€

DOCUMENTAIS

TÍTULO	GUIÓN	PRODUTORA	AXUDA
ALFONSO GRAÑA, O REGATÓN DO AMAZONAS	Carlos Oro Claro	LA REGIÓN, S.A.	18.000€
NAS PORTAS DO CEO	Henrique Banet	FICCION PRODUCCIONES	18.000€
A MEMORIA DO FERRO	Alejandro Caramés/ Eligio Rodríguez/ Ramón Campos/Gema R. Neira	VOZ AUDIOVISUAL	12.000€
SAE O SOL	Manu Mallo	PORTICO	12.000€
ASTANO: A FORZA DUN SOÑO	Victoriano Sierra	ZENIT TV	12.000€
A MULLER, A TERRA, O HOME E O MAR	Manuel Maseda/Roberto Grandal	ABADA XESTION CULTURAL	12.000€
AS QUE TRASPASARON O ESPELLO	Helena Villares/Pilar Fagil	NEMEDON	12.000€
INVENTARIOS	Enrique Otero	ENRIQUE OTERO	12.000€
NACIONAL VI	José M. del Álamo	CIUDADANO FRAME	12.000€
FLORES TRISTES	Manuel Abad	FORMATEO	12.000€

PELICULAS DE TV

TÍTULO	GUIÓN	PRODUTORA	AXUDA
O SACAÚNTOS	Virginia Curiá/José Barba/ Tomás Conde	ALGARABÍA ANIMACIÓN	15.000€
GAGO X MERENDA	X.C. López Domínguez	CONTINENTAL PRODUCCIONES	15.000€
FÓRA DE LUGAR	Xosé Morais/ Carlos Portela/ Victoriano Sierra	FILMANOVA	12.000€
O DÍA DESPOIS	David Ríos	VOZ AUDIOVISUAL,	12.000€
NON ME TOQUES	Daniel Domínguez	ADIVINA PRODUCCIONES	12.000€
AIRE NEGRO	J. María Ruis Córdoba	CONTINENTAL PRODUCCIONES	12.000€
A CONQUISTA DO CEO	Ruth Chao/Javier Silva	TV7	12.000€
SANTA COMPAÑA	Iria López Teijeiro	ADIVINA PRODUCCIONES,	12.000€

FORMATOS DE TV

TÍTULO	GUIÓN	PRODUTORA	AXUDA
HIPOTECADOS	Eligio Rodríguez/Ramón Campos/ Gema R. Neira	VOZ AUDIOVISUAL	12.000€
FOTO A FOTO	Xabier Blanco	FILMANOVA	12.000€
A PEGADA DE ERASMO	Xabier Valiño	ALDEA FILMS	12.000€
O GLOBO ANIMADO	Xosé Castro	ZOPILOTE	12.000€
ROSA CHICLE	Beatriz Rodríguez	KAİROS	11.500€
CAÑAS	Ramón Campos/ Eligio Rodríguez/ Gema Ruiz/	VOZ AUDIOVISUAL	10.000€

CONTIDOS INTERACTIVOS

TÍTULO	GUIÓN	PRODUTORA	AXUDA
A ENRUGA AO PODER	Javier Martín /Beatriz Legerén	INTERACCION	13.980€
VALE TUDO	X.A. Moure	FILMANOVA	10.520€

3. CURTAMETRAXES EN VERSIÓN ORIXINAL EN GALEGO

Proxectos presentados: 175

COMISIÓN DE VALORACIÓN

- PRESIDENTE: **Luís Bará Torres**. Director Xeral de Creación e Difusión Cultural.
- SECRETARIO: **Antonio Rodríguez Álvarez**. Funcionario da Consellería de Cultura e Deporte (con voz e sen voto).
- VOGAIS: **Xoán Mariño Rubio**. Produtor e distribuidor de curtametraxes.
Jorge Coira Nieto. Guionista e director de cinema e TV.
Beatriz Del Monte. Guionista e directora de cinema e TV.
Afonso García Pérez. Director do programa "Onda curta" de TVG e organizador do festival de curtametraxes de Cans.

PROXECTOS DIRIXIDOS E GUIONIZADOS POR MULLERES

DOC	Olaia	Sendón Ogando	A COSTA DIFUNTA	4.500€
ANIM	Ana	Lombao Vázquez	A MEIGA CHUCHONA	5.960€
FIC	Giselle	Llanio Rosabal	CARTOONS	6.000€
DOC	Domingo	Díaz Docampo	APARTADO 12	4.500€

PROXECTOS DE MENORES DE 21 ANOS

FIC	Mariña	De Toro Cuns	A LONGA ESPERA	5.000€
FIC	Sara	Calvete Lorenzo	DE OITO A OITO	4.200€
FIC	Rubén	García Franco	JOSETXU E ARANTXA	1.992€
FIC	Juan	González Álvarez	HEAVY VOODOO	4.200€
FIC	Jairo	Iglesias Martínez	ROSA DOS VENTOS	4.200€

PROXECTOS AUDIOVISUAIS SOBRE A MEMORIA HISTÓRICA

DOC	Antonio	Caeiro Rodríguez	A VOLTA DOS NOVE	5.000€
DOC	Felipe	Rodríguez Lameiro	LOBOS SUCIOS	4.800€
DOC	Miguel A	Romero Rodríguez	A CIDADE PERDIDA	4.500€
FIC	Rubén	Rodríguez Rodríguez	ADEUS EDRADA	4.500€
FIC	J. José	García Rodicio	SURFER	4.500€
DOC	X. Carlos	Garrido Couceiro	A DERRADEIRA LECCIÓN DO MESTRE	4.500€
DOC	María	Reimóndez Meilán	TECENDO O FÍO DA MEMORIA	4.500€

PROXECTOS DE CURTAMETRAXE DE FICCIÓN CON PRODUTORA

FIC	Mondotropo	O ILUMINADO	15.000€
FIC	Ciudadano Frame, S.L.	A CARREIRA	10.500€
FIC	Comunicación Global, S.A	AMELIA E AS SEREAS	10.500€
FIC	Fran Lorenzo PC	FACENDO BARCOS	10.500€

PROXECTOS DE CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN CON PRODUTORA

ANIM	Kairós	MAN	20.000€
ANIM	Dygra Films	OLLO DE VIDRO	25.000€
ANIM	Continental	A FLOR MÁIS GRANDE DO MUNDO	20.000€
ANIM	Theseus Films	A REVOLTA DOS MOUSES	18.000€
ANIM	Matriuska	LETRAS	12.000€
ANIM	Ignacio Benedeti	THE WEREPIG	15.000€
ANIM	Firmist Animación	O PESADELO DE FLORIÁN	12.000€

PROXECTOS DE CURTAMETRAXE EXPERIMENTAL CON PRODUTORA

EXP	Esferobite	ESTIVEN EN GALICIA/ LEMBREIME DE TI	10.255€
EXP	Zozo Films	FONDA (Nivel 2)	12.000€
EXP	Ed. Galaxia	O MUÍÑO ABANDOADO	12.000€
EXP	Ignacio Benedeti	DENTRO DE CADA UN DE NÓS	12.000€
EXP	Galitoun CSA	O CASTELO DA MEIGA	10.500€

PROXECTOS DE CURTAMETRAXE DE PRODUCCIÓN DIXITAL DE CREADORES INDIVIDUAIS

FIC	Francisco	Calvelo Moreira	GO'EL	6.000€
FIC	Pedro	González Alonso	AMIGOS INVISIBLES	5.000€
ANIM	Darío	Fernández Ignacio	CARNE DE CAÑÓN	6.000€
DOC	Xosé Miguel	de Castro Blanco	O MINTIREIRO VERDADEIRO	4.500€
FIC	Miguel	García Fernández	SIN PLOMO	5.000€
FIC	Xosé Antón	Perozo Porteiro	AUGA	5.000€
FIC	José Luís	Díaz García	FORMULARIOS TRUCULENTOS	5.000€
FIC	Álvaro	Otero Díaz	INESTABLE	5.000€
FIC	Daniel	Domínguez García	MENINA	5.000€
ANIM	Jorge	Morais Valle	O PINTOR DE CEOS	6.000€
FIC	Antonio	Millán Torrado	O QUINTEIRO	5.000€
FIC	José Manuel	Díez Rivera	OS COLECCIONISTAS	5.000€
FIC	Javier	García Cea	POLO AMOR DE DEUS	5.000€
FIC	Alfonso	Vilas Zarauza	SOÑARON CUNQUIÑAS DE CALDO	5.000€
DOC	Sabela	Pernas Soto	GALICIA CHINA	1.627€
FIC	Erica	Esmoris Casais	INCOMUNICADOS	5.000€
FIC	Eva	Quintas Froufe	PREMIO	5.000€
DOC	Beatriz	Vázquez Campaña	UN METRO CADRADO	3.740€
DOC	Patricia	Martínez Orol	VILABOA, MIRANDO Á MECA	4.000€
FIC	Carlos	Sante Varela	ENTORRADOS	5.000€
FIC	Luís Alberto	Hortas Vázquez	PRIMEIRA PERSOA	3.600€
FIC	Juan	de Oliveira Rubines	MASACRE	3.600€
FIC	Germán	Tejada Santiago	A TORRE SÁBEO	5.000€
DOC	Isabel	Rey Sastre	DEZ OLLADAS	3.000€

PROXECTOS DE CURTAMETRAXE EXPERIMENTAL DE CREADORES INDIVIDUAIS

EXP	Marcos V.	Del Pino Díaz	CONTACTOS	10.000€
EXP	Ángeles	Sánchez Curros	A LUZ O FINAL DO TUNEL	10.000€
EXP	Susana	Rei Crespo	COUSAS DO KULECHOV	10.000€
EXP	Rubén	Coca Lasén	ECOS	10.000€
EXP	Pablo	Millán	LONGO SENDEIRO DE PEDRA	8.000€
EXP	Carlos	Regueiro Domingo	PARALELO	10.000€
EXP	M. Carmen	Reimóndez Meilán	A SEMENTE	10.000€
EXP	Antón	Coucheiro Filde	AMORES AGRÍCOLAS	8.000€
EXP	Alejandro	Mene Pazos	CATRO EN RAIA	8.000€
EXP	Álvaro	Liste Fernández	DANZA NA TERRA	10.000€
EXP	José	González Varela	INÚTIL	5.000€
EXP	Yolanda	Castaño Pereira	(RE) SER (VADO)	4.800€

santiago de compostela film commission



Un camiño de estrelas unha cidade de cine

◆ **Santiago de Compostela Film Commission** é un servizo municipal de xanela única ao sector audiovisual, pertencente a Concellaría de Promoción Económica e Turismo que presta os seguintes servizos:

- Facilita información sobre as infraestruturas e a industria audiovisual local.
- Asesoramento e tramitación de permisos para as rodaxes.
- Servicio de asistencia en rodaxes.
- Búsqueda de localizacións



| www.compostelafilm.com |

unha iniciativa de

4. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS E INTERACTIVAS

Proxectos presentados: 125

COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS:

- PRESIDENTE: **Luís Bará Torres.** Director Xeral de Creación e Difusión Cultural.
- SECRETARIO: **Fernando Brandeiro.** Subdirector Xeral de Administración da Consellería de Cultura e Deporte (con voz e sen voto).
Manuel Castelao. Escritor, produtor, guionista e director cinematográfico.
Carme Iglesias Rábade. Montadora e realizadora de TV. Director do centro de Formación audiovisual O Raio Verde.
Enrique Nicanor González. Experto europeo en audiovisual. Produtor e director.
Luís Álvarez Pousa. Profesor na Facultade de Xornalismo. Director da revista *Tempos Novos*.
- VOGAIS:

COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA CONTIDOS INTERACTIVOS:

- PRESIDENTE: **Luís Bará Torres.** Director Xeral de Creación e Difusión Cultural.
- SEGREARIO: **Antonio Rodríguez Álvarez.** Funcionario da Consellería de Cultura e Deporte (con voz e sen voto).
Luís Hernández Ibáñez. Vicedecano da Facultade de Comunicación da Universidade da Coruña. Director de Videolab. Investigador no ámbito das novas tecnoloxías e os contidos interactivos.
Ignacio Pardo Pedrosa. Videocreador independente, artista experimental.
Lois Rodríguez Andrade. Empresario, produtor e realizador de contidos interactivos.
- VOGAIS:

ANIMACIÓN

DIRECTOR	PRODUTORA	TÍTULO	CONTÍA
Miguelanxo Prado	Desembarco Prod	DE PROFUNDIS	194.642€

ÓPERA PRIMA

DIRECTOR	PRODUTORA	TÍTULO	CONTÍA
Alex Sampaio	Ciudadano Frame	A VECIÑA	99.900€
Alfonso Zarauza	Perro Verde Films	A NOITE DA PUTA E O PAN	244.264,44€
Enrique Otero Suárez	Cabo Sam Lourenzo	OS CREBINSKI. O FILME	323.630€
Judas Diz Otero	Barroco Films	POR MÍN E POR TÓDOLOS MEUS COMPAÑEIROS	60.000€
Luis Avilés	Vaca Films	RETORNOS	282.393€
Mario Iglesias	Voz Audiovisual	CATALINA. O XOGO DA VIDA	325.000€

PELÍCULAS TV

DIRECTOR	PRODUCTORA	TÍTULO	CONTÍA
Brogán Riveiro	Formato	VOLTAR A CASA	90.690,00€
Héctor Carré	Adivina	SE CHE VIRA O TEU PAI	66.696,00€
Lorenç Soler	Adivina	VIDA DE FAMILIA	30.880,71€
Manuel Martín Cuenca	Vaca Films	O TESOURO	53.294,22€
Denís Rovira	SAGA TV	BRANCO E NEGRO	73.989,63€
Ricard Figueras	Editorial Compostela	O IMPOSTOR	24.002,01€
X. Antón L. Dobao	Ficción Prod	O BOSQUE DE LEVAS	89.188,50€

DIFUSIÓN CULTURAL

DIRECTOR	PRODUTORA	TÍTULO	CONTÍA
Ángel Peláez	Directo Prod	A ILLA DE PAPEL	44.365,55€
Anxo Fernández	Anxo Fdez Prod.	OS 15.000 DE NEWARK	22.119€
Bocixa	Ignacio Benedeti	AS ENCROBAS A CEO ABERTO	13.494 €
Claudia Brenlla	Radi Vídeo S.L.	A ILLA DOS DEZ	19.980€
Dani de la Torre	Nemedón, S.L.	O SALAZÓN	4.423,91€
Elena J. Villares	Nemedón, S.L.	NON-CASAMENTO	24.873,60€
J Ballesta e M. A Fdez Yáñez	Salvador da Silva	MEMORIAL DE CAMPOSANCOS	10.836€
M.I Fernández-Valdés Calderón	Tic Tac	O TRINTA	30.992€
María Ojea	FARO	A LUZ DOS OLLOS	12.500€
Marta Rey	Ardora Filmes	MARUJA MALLO, A PINTURA DA TRANSGRESIÓN	52.335€
Patricia Nogueira	FARO	SAN SALVADOR	15.303€
Patrick Séraudie	Filmanova	UNHA HISTORIA GALEGA (RETRATOS DA REPRESIÓN NA GALICIA DE 1936)	24.688,99€
Sandra Sánchez	Continental	SOÑOS DENDE O ABISMO	24.312,21€
Víctor M. Aparicio Abundancia	Alén Filmes, S.L.	RAIA MIÑO. O CONTRABANDO: A INDUSTRIA QUE HABÍA	17.000€
A. G. Pinal/X. A. Sanmartín	Prod Sanmartín	BANDOLEIROS OU GUERRILLEROS	19.000€
A. G. Pinal/X. A. Sanmartín	Prod Sanmartín	VICTIMAS DO SILENCIO	23.000€
A. G. Pinal/X. A. Sanmartín	Prod Sanmartín	CERTIFICADOS DE MORTE, PASAPORTE DE VIDA	30.000€

DOCUMENTAIS DE CREACIÓN

DIRECTOR	PRODUTORA	TÍTULO	CONTÍA
Eloy Enciso Cachafeiro	Ignacio Benedeti	PIC-NIC	45.352€
Jorge Coira e outros	Tic Tac	QUE CULPA TIENE EL TOMATE	19.826,69€
Marcos Gallego	SAGA TV, S.L.	O NOVO EMDEN	54.000€
Margarida Ledo	Nós,PCG, S.L.	LISTE, PRONUNCIADO LISTER	60.000€
Paco Lodeiro	Centroña Prod	OS SATÉLITES: UNHA ORQUESTRA DE LENDA	13.443€
Ruth Chao /Javier Silva	TV Siete	2050	20.389,20€
Ruth Chao e Javier Silva	TV Siete	ALMACÉN	40.000€
X. A. Moure/Marce Magán	Directo Prod.	O REI DO CHURRO	16.500€

LONGAMETRAXES DE FICCIÓN

DIRECTOR	PRODUTORA	TÍTULO	CONTÍA
Ándres Luque e S.I Martín	Continental	AGALLAS	164.175,43€
Antonio Hernández	Voz Audiovisual	O MENOR DOS MALES	300.000€
Carlos Amil	Vimbio Filmes	A CASA DA LUZ	320.000€
Gerardo Herrero	Milou Films, S.L.	UNHA MULLER INVISIBLE	300.000€
Ignacio Vilar	Vía Láctea	PRADOLONGO	240.583,01€
Ismael González	Ismael Glez, PC	MEMORIAS DUN NENO LABREGO	200.132,60€
Matías Bize	Tic Tac	PREFIRO CAMIÑAR	66.008,70€
Xavier Bermúdez	Xamalú	RAFAEL	300.000€

CONTIDOS INTERACTIVOS

	Ardora Filmes	MANICOMICOS	15.000,00€
	Interacción	O XOGO DO FIN DO MUNDO	5.000,00€
	Pixel Graphics	ESTRELAS E GATOS	20.000,00€

SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

1. AXUDAS A ESTREAS

Convocadas por Resolución do 7 de marzo de 2007 da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, DOG nº 51.

PRODUTORA	CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.A.
Produción	CONCURSANTE
Formato	Longametraxe
Subvención	15.000€

PRODUTORA	CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.A.
Produción	A FLOR MAIS GRANDE DO MUNDO
Formato	Curtametraxe
Subvención	4.000€

PRODUTORA	FICCIÓN PRODUCCIONES, S.L.
Produción	O BOSQUE DE LEVAS
Formato	Telefilme
Subvención	8.000€

PRODUTORA	FILMANOVA, S.L.
Produción	HOTEL TÍVOLI
Formato	Longametraxe
Subvención	15.000€

PRODUTORA	CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.A.
Produción	DE PROFUNDIS
Formato	Longametraxe
Subvención	15.000€

2. AXUDAS A FESTIVAIS

A Secretaría Xeral de Comunicación convocou a través da súa Resolución do 7 de marzo de 2007 (DOG. nº 51 do 13/03/07) axudas para a promoción e difusión do patrimonio audiovisual galego, cunha liña dedicada especialmente ao desenvolvemento e organización de festivais de cine (liña A) dotada con 330.000 euros.

Estas axudas, convocadas por primeira vez, rexistraron 19 solicitudes. 17 mostras e festivais recibiron financiamento da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual no 2007.

SOLICITANTES	NOME FESTIVAL	DISTRIBUCIÓN AXUDA
■ TIPO A:		■ 179.982 EUROS
1 CONSORCIO PARA O FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INDEPENDENTE DE OURENSE	FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INDEPENDENTE DE OURENSE	68.000€
2 AUDITORIO DE GALICIA	CINEUROPA	60.000€
3 ASOCIACION CULTURAL ENFOQUES	PLAY-DOC, FESTIVAL INTERNACIONAL DOCUMENTAIS	38.075€
4 ASOCIACION CULTURAL ARELA	FESTIVAL DE CANS DE CURTAMETRAXES	13.907€
■ TIPO B:		■ 104.000 EUROS
5 FUNDACIÓN ARAGUANEY PUENTE DE CULTURAS	AMAL FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE	35.000€
6 CONCELLO DO CARBALLIÑO	XOCIVIGA	30.000€
7 INFORMACION E COMUNICACION LOCAL S.A. (INCOLSA)	CURTOCIRCUITO	24.000€
8 GRUPO FOTOCINEMATOGRAFICO FONMIÑA	XXVIII- FESTIVAL SEMANA DE CINE DE AUTOR	15.000€
■ TIPO C:		■ 28.000 EUROS
9 CONCELLO DE NOIA	IX MOSTRA DE CURTOMETRAXES VILA DE NOIA	10.000€
9 LICEO CASINO DE VILAGARCIA DE AROUSA	XXXV CERTAMEN AUDIOVISUAL	10.000€
11 MR MISTO FILMS	ON & OFF CREATIVO DE CURTAS	8.000€
■ TIPO D:		■ 18.018 EUROS
12 CONCELLO DE REDONDELA	3 FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES E DOCUMENTAIS	4.500€
13 PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO	MOSTRA DE CINEMA DOCUMENTAL ETNOGRAFICO	3.500€
14 CONCELLO DE PETIN	FESTIVAL DE CINE "PETIN UN POBO DE CINE"	3.500€
15 CONCELLO DE BOIRO	III FESTIVAL DE CINEMA NOVO. ACCION!	3.018€
16 JORGE LUCAS PINO OCAMPO	MIVICO I MOSTRA INTERNACIONAL DE VIDEOCREACIONS DO CONDADO	2.000€
17 CONCELLO DE CANGAS	I FESTIVAL DE CINE CONCELLO DE CANGAS	1.500€
■ TOTAL proposta de distribución		■ 330.000 EUROS
18 CARLOS OTERO ESMORÍS	CORTEN-TENDENZAS AUDIOVISUAIS	
19 TERESA BARBARENA FERNÁNDEZ	FESTIVAL DE CINE E MÚSICA DE VIGO	

CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

1. AXUDAS CO FIN DE IMPULSAR A COPRODUCCIÓN DE LONGAMETRAXES CINEMATOGRAFICAS CON EMPRESAS PRODUTORAS INDEPENDENTES DE ARXENTINA E CATALUÑA, DENTRO DO MARCO DO ACORDO RAÍCES

BENEFICIARIO	PRODUCCIÓN	IMPORTE 2006	IMPORTE 2007
ADIVINA PRODUCCIONES, S.L.	O NENO DE BARRO	25.000€	25.000€
IB CINEMA, S.L.	ALGO HABRÁN HECHO	25.000€	25.000€
ALDEA FILMS, S.L.	O VESTIDO	25.000€	25.000€

2. AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS A TRAVÉS DE INTERNET

BENEFICIARIO	PRODUCCIÓN	IMPORTE	PÁXINA WEB
FORMATO PRODUCCIONES, S.L.	MIA SARAH	8.000,00€	www.miasarah.com
ACUARELA COMUNICACIÓN, S.L.	EXILIOS	2.700,00€	www.exilios.com.es
SALVADOR DASILVA, S.L.	MEMORIAL CAMPOSANCO	700,00€	www.memorialdecamposancos.com
CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.L.	DE PROFUNDIS	9.000,00€	www.deprofundislapelicula.com
DEBOURA DESEÑOS ANIMADOS, S.L.	O MAGO DUBIDOSO	7.200,00€	www.dubidoso.es
DEBOURA DESEÑOS ANIMADOS, S.L.	BALA PERDIDA DE MANUEL RIVAS	7.480,00€	www.balaperdidademanuelrivas.es
DEBOURA DESEÑOS ANIMADOS, S.L.	QUE NINGUÉN TE RECORDE	7.960,00€	www.queninguenterecorde.es
FILMANOVA, S.L.	A CASA DE 1906	3.709,70€	www.casade1906.com

3. AXUDAS PARA O APOIO A ESTREAS DE LONGAMETRAXES CINEMATOGRAFICAS FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA


BENEFICIARIO	PRODUCCIÓN	IMPORTE	LUGAR DA ESTREA
IB CINEMA, S.L.	A CASA DA MIÑA AVOA	11.000,00€	ESTADOS UNIDOS
FORMATO PRODUCCIONES, S.L.	MIA SARAH	11.000,00€	MADRID
ACUARELA COMUNICACIÓN, S.L.	EXILIOS	3.000,00€	ARXENTINA
FILMANOVA, S.L.	GALATASARAY-DEPOR	11.000,00€	MADRID
VACA FILMS STUDIO, S.L.	CARGO	11.000,00€	MADRID
ADIVINA PRODUCCIONES, S.L.	UN FRANCO, 14 PESETAS	11.000,00€	MADRID

4. BOLSAS PARA A AMPLIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS NO EIDO AUDIOVISUAL

BENEFICIARIO	CURSO FORMATIVO	LUGAR DE REALIZACIÓN	IMPORTE
Bermúdez Caamaño, José Luís	Terceiro Curso de Dirección Cinematográfica	Centro de Estudios de Cinematografía de Cataluña (Barcelona)	600€
Bermúdez Caamaño, Sergio	Primeiro Nivel de Interpretación	Estudio Internacional do Actor Juan Carlos Corazza (Madrid)	600€
Cabanas Cao, Xosé Xoán	Taller o Neno e a Imaxe	Escola Internacional de Cine y Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	675€
Campo Gómez, Yolanda	Posgrao en Producción e Dirección Artística Cinematográfica	ESCAC / Barcelona	1.800€
Castelo Agra, Miguel Ángel	A Construción Dramática: da idea ao guión, do guión ao actor	Escola Internacional de Cine y Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	600€
Castro Fernández, Susana	Ciclo Superior de Son	Escola da Cinematografía e do Audiovisual da Comunidade de Madrid / (Madrid)	600€
Del Álamo Herrera, José María	Máster en Documental Creativo	Universidade Pompeu Fabra / Barcelona	1.200€
Fares Varela, Sandra	Posgrao en produción e dirección artística cinematográfica	ESCAC / Barcelona	1.200€
Fernández Ares, María Susana	Máster in European Audiovisual Management	Media Business School, Ronda (Málaga) e Lübeck (Alemaña)	2.000€
Fernández Fraga, Carolina	Integración do vídeo nas artes da escena	Instituto Nacional do Audiovisual / Bry-Sur -Marne (Francia)	1.000€
Fernández Pérez, Rosa María	Dirixindo ao Actor	Escola Internacional de Cine e Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	1.000€
Fernández-Valdés Calderón, Manuel	Máster en Documental de Creación	Universidade Pompeu Fabra / Barcelona	1.200€
Gómez Sala, Pablo Francisco	Máster en Dirección de Fotografía cinematográfica	ESCAC / Barcelona	2.000€
González Sola, Leticia	Four Week Acting for Film	New York Film Academy / Nova York-(USA)	1.730€
Iglesias Garazo, Óscar	Operador de Cámara-Steadycam	Centro Metrópolis -Escola Profesional de Audiovisuais (Madrid)	435€
López Gimeno, Iván	Curso de Dirección de Cinema Dixital	New York Film Academy / Nova York (USA)	600€
Lourenzo Outeiral, Mª Victoria	Máster en Producción e Dirección de Cine e Televisión	Universidade Ramón Llull / (Barcelona)	600€
Lucía Morello, Margherita	A Construción Dramática: da idea ao guión, do guión ao actor	Escola Internacional de Cine y Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	400€
Mejías Garabal, Mónica	Realización de Documentais	Escola Internacional de Cine e Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	1.200€
Méndez Alonso, Sonia	A Construción Dramática: da idea ao guión, do guión ao actor	Escola Internacional de Cine y Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	700€
Montaos Varela, Montse	Máster de Escritura para Cine e Televisión	Universidade Autónoma de Barcelona / Barcelona	1.200€
Morales Canedo, Pablo	Primeiro Curso de Cinematografía	Centro de Estudios de Cinematografía de Cataluña (Barcelona)	600€
Muñíos Ruiz, Alexia	Taller de Interpretación	TVI Actors Studio New York / New York (USA)	1.130€
Neira Lorenzo, Luís Joaquín	Curso de Realización de Documentais	Escola Internacional de Cine e Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	845€
Quintás Froufe, Eva	Filmmaking Workshop	New York Film Academy / Os Ánxeles (USA)	2.000€
Rocha de Almeida Sampaio, Rafael	Taller Avanzado de Guión	Escola Internacional de Cine e Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	725€
Sanmartín Juncal, Paula	A Construción Dramática: da idea ao guión, do guión ao actor	Escola Internacional de Cine y Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	600€
Sueiro Lemus, Jesús Manuel	Taller de Dirección Escénica	Escola Internacional de Cine y Televisión / San Antonio de los Baños -(Cuba)	600€
Vigo Blanco, Miguel	Primeiro Curso de Cinematografía	Centro de Estudios de Cinematografía de Cataluña (Barcelona)	600€

O FOMENTO DA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL GALEGA

A CONSELLARÍA DE CULTURA E DEPORTE É CONSCIENTE DA GRAN POTENCIALIDADE DO SECTOR CULTURAL E ARTÍSTICO GALEGO, DA SÚA CAPACIDADE PARA SER COMPETITIVO.



Anxela Bugallo Rodríguez

Conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia

Sabemos tamén da importancia do sector público para consolidar a produción cultural galega coa adopción de medidas que protexan os bens e servizos culturais galegos, non só como factor de crecemento económico, senón como unha canle para protexer a diversidade cultural garantindo a presenza da creatividade e identidade galegas no mercado cultural globalizado.

A partir desta base a Consellaría de Cultura e Deporte aborda nos dous últimos anos unha profunda reforma estrutural que pretende axeitar a actuación pública ao contexto actual, que se adapte á realidade dos nosos creadores e empresas culturais e ás dinámicas actuais de circuitos culturais e mercado global. Creamos así un novo organismo que entrará en funcionamento o vindeiro ano 2008, a Axencia Galega das Industrias Culturais, AGADIC.

AGADIC é o organismo no que a Consellaría de Cultura e Deporte, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centralizará os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, empresas e industrias culturais privados, e incrementará os esforzos e recursos destinados a mellorar e afondar nestas medidas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega. Permitirá ademais desenvolver outro dos nosos obxectivos, a emerxencia de sinerxias entre as diferentes industrias culturais galegas.

Dentro do abano cultural galego ocupa un lugar relevante o sector audiovisual, declarado de interese estratéxico en Galiza, cunha importante traxectoria de traballo, e polo tanto un sector sólido e con grandes potencialidades.

Con esta situación de partida, durante os últimos dous anos, en paralelo ao deseño das reformas estruturais, abordamos cambios importantes na nosa política audiovisual. Fai agora un ano avanzamos, neste mesmo foro, os principios xerais que fan guiar a política audiovisual de fomento da produción. Daquela describímolos como un plan a medio prazo baseado en cinco grandes eixos de acción que desenvolveríamos nesta lexislatura co obxectivo de crear un novo modelo de fomento integral da produción audiovisual. Estes eixos eran: o principio da igualdade de oportunidades e transparencia na xestión, o fortalecemento do tecido profesional e



“A CREACIÓN DE SINERXIAS ONDE INDUSTRIA EDITORIAL, MUSICAL, ESPECTÁCULOS E AUDIOVISUAL CONVIVAN, E A CONSOLIDACIÓN INDUSTRIAL DO AUDIOVISUAL FOMENTARÁN A CREACIÓN DUN AUDIOVISUAL PROPIO QUE PODEREMOS EXPORTAR”

empresarial galego, o impulso ao talento e á innovación e a emerxencia dun audiovisual con identidade e mirada propias; e, por último, as sinerxias entre as industrias culturais galegas.

Entre as medidas e actuacións levadas a cabo para acadar estes obxectivos gustárame destacar as referidas ás novas vías de apoio á creatividade e a novos formatos por unha banda, e por outra banda as relativas ao apoio ao tecido empresarial. Introdúcese nas convocatorias unha visión máis ampla que abrangue o que hoxe se considera sector audiovisual, como por exemplo os proxectos de contidos interactivos.

A mestura de talento, proxectos de calidade e capacidade empresarial son, como en todos os ámbitos, a base para atopar un oco no espazo da cultura audiovisual, sexa na parte de mercado como na cultural propiamente dita. A produción audiovisual e a cultural en xeral deben pensarse en ambas direccións, xerando coñecemento e creando riqueza económica, ambas son compatibles e necesarias.

Continuando na liña de facer realidade o obxectivo de consolidación da industria audiovisual, no vindeiro ano a Consellaría creará as axudas automáticas, unha

demanda histórica da industria audiovisual galega. Estas axudas están dirixidas especialmente á consolidación financeira dos proxectos e concédense en función de criterios mensurables de rendibilidade económica ou cultural: billeteira, vendas internacionais, pases por TV, participación en festivais, etc..


Esta foi unha liña de actuación na que puxemos un grande esforzo, xa que permitirá ofertar ao sector dúas grandes liñas de fomento á produción durante o 2008: as axudas sobre proxecto (anticipadas), encamiñadas á innovación e a potenciación do talento, e as axudas á explotación (automáticas), dirixidas directamente á industria audiovisual.

A creación de sinerxias da cultura galega no mundo, onde industria editorial, musical, espectáculos e audiovisual convivan, e a consolidación industrial do audiovisual, fomentarán sen dúbida a creación dun audiovisual propio que poderemos exportar a todos os mercados do planeta. Continuamos a pensar que un audiovisual con referentes nidios –elementos estruturais, temáticos, lingüísticos ou formais– podería ser a mellor garantía para incrementar a internacionalización da produción audiovisual galega. ■

APUNTES

SOBRE UN SECTOR

SEMPRE EN CONSTRUCCIÓN



Fernando Salgado García

Secretario Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia
e Presidente do Consorcio Audiovisual de Galicia

SEGUNDO RECOLLE A MEMORIA ANUAL DE FAPAE, GALICIA REPRESENTA NO CONXUNTO DO ESTADO O 24% DOS INCENTIVOS ECONÓMICOS AUTONÓMICOS AO SECTOR AUDIOVISUAL, SOAMENTE SUPERADA POR CATALUÑA, CUN 37%, E POR DIANTE DE ANDALUCÍA OU EUSKADI.

Pola outra banda, e segundo datos de B.D. Informa recollidos tamén na devandita memoria anual, Galicia aínda loita por superar o 4% da facturación audiovisual do Estado.

O certo é que estamos a experimentar unha presenza relevante en termos cualitativos no panorama audiovisual externo. Esta presenza materialízase, por exemplo, no éxito de coproducións do Programa Raíces como *Pérez, o ratiño dos teus soños*, a película española máis rendible no que levamos de ano, ou *O neno de barro*, cuns resultados máis que razoables para unha ópera prima e cunha acollida excelente en festivais internacionais, así como na orixinalidade e calidade artística de producións como *De Profundis*, que está a despertar grandes expectativas no mundo, mostra doutras que completarían este panorama. Tamén podemos asistir ao posicionamento fóra de Galicia dalgunhas produtoras galegas na comercialización exterior de formatos televisivos, ou á consolidación da nosa produción de ficción para televisión, con produtos que xunto cos informativos contribúen de xeito determinante a manter unha audiencia media para a nosa televisión pública, arredor dun razoable 15% nun contexto tremendamente competitivo por todos coñecido.

Todo isto, xunta coas iniciativas institucionais que a Secretaría Xeral de Comunicación desenvolve a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, as accións que o Consorcio Audiovisual de Galicia leva a cabo no eido da coprodución, a comercialización e a promoción exterior e, por suposto, os esforzos do propio sector privado, manteñen de certa actualidade o audiovisual galego máis aló do Padornelo.

De tódolos xeitos, estes aspectos _a dispoñibilidade de financiamento público relativamente abundante e os éxitos e presenza exterior actuais— non deben despistarnos do que, na miña opinión, son os principais retos que terá que afrontar o noso audiovisual de xeito máis ou menos inmediato, fundamentalmente vinculados tamén ao financiamento e á posta en valor da nosa produción.

Polo que respecta ao financiamento público estatal e autonómico, aínda que as cifras son razoables no eido cuantitativo, non o son tanto á hora de distribuírse nos diferentes chanzos da cadea de valor, o cal fixo que ao longo de moitos anos estas axudas, lonxe de ser un auténtico revulsivo para o sector, contribuísen a abocalo a un certo estado de crise continua.

Probablemente a chave estea en formas de facer que, por unha banda, teñan en conta de xeito integral nas tomas de decisións sobre o investimento e viabilidade dos proxectos ao longo de toda a cadea de valor, dende a súa concepción ata a súa explotación comercial e, por outra, faciliten a incorporación do capital privado nos instrumentos dispoñibles. Penso que o compromiso adquirido hai uns días [finais de setembro] pola Xunta de Galicia, a entidade financeira Caixa Galicia e o Consorcio Audiovisual de Galicia supón un paso importante nesa dirección. Ademais, por primeira vez, artéllanse dende Galicia medidas para o financiamento do audiovisual que, complementando as liñas de apoio existentes, e aínda asumindo o risco inherente a calquera actividade económica, se teñen deseñado con criterios de recuperación e sostibilidade.

No que se refire á posta en valor da nosa produción, e aínda que Galicia non é ningunha excepción no contexto do Estado á hora de resentirse das baixas cifras de recadación e espectadores, debido en grande medida ás estratexias levadas a cabo polas grandes *majors* americanas (grandes campañas publicitarias e unha agresiva comercialización e distribución), o sector xa está a facer importantes esforzos por potenciar unha produción de

"GALICIA REPRESENTA NO CONXUNTO DO ESTADO O 24% DOS INCENTIVOS ECONÓMICOS AUTONÓMICOS AO AUDIOVISUAL, PERO AÍND A LOITA POR SUPERAR O 4% DA FACTURACIÓN AUDIOVISUAL DO ESTADO"



calidade que facilite unha maior aceptación por parte dos espectadores. Ademais, existen fundadas razóns para ser optimistas de cara ao futuro. Co desenvolvemento de novos medios de comunicación audiovisual en Galicia, co despregue de arredor de cincuenta televisións locais e autonómicas de titularidade privada, a consolidación da Rede como medio de difusión audiovisual e a implantación da televisión en mobilidade, aparecen novas oportunidades de negocio que en todo caso deberán adaptarse á nova estrutura da demanda sen perder de vista as posibilidades de comercialización exterior. Esta adaptación supón afrontar con firmeza os retos descritos.


Pola outra banda, a recente normalización da situación do Centro Galego de Artes da Imaxe, dependente da

Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, co nomeamento como director de Guillermo Escrigas, permitirá reforzar o papel do CGAI como organismo básico para a difusión e promoción do noso cinema dentro de Galicia. Á parte das tarefas habituais de organización de ciclos e exposicións cinematográficas, de desenvolvemento de publicacións prestixiosas con outros organismos equivalentes doutras partes do mundo e de conservación do patrimonio audiovisual e fotográfico de Galicia, o CGAI xogará un novo papel na difusión da produción audiovisual galega, estendendo o seu ámbito de actuación a toda a nosa xeografía, afrontando novas iniciativas orixinais e facendo uso das novas canles de difusión e promoción xa dispoñibles, actividades que pouco a pouco, pero de xeito continuo, iremos dando a coñecer.

Deste xeito, tamén é necesaria a modernización e a optimización do apoio público ao sector, seguindo criterios de rendibilidade social e garantindo modelos sostíbeis. ■

CEFILMUS

OU O DESEXO DE INTERPRETAR A IMAXE



Ángel Luis Hueso Montón

Profesor da USC

TODOS OS QUE TRABALLAMOS NO ÁMBITO DA IMAXE AUDIOVISUAL SOMOS CONSCIENTES DA RIQUEZA DE MATICES CON QUE PODEN SER ESTUDIADAS AS SÚAS MANIFESTACIÓNS. QUIZAIS SEXA ESTE UN DOS SEUS ASPECTOS MÁIS SUXESTIVOS, DADO QUE PERMITE INTERPRETAR ESAS IMAXES DESDE MÚLTIPLES PUNTOS DE VISTA E INTERESES MOI DISTINTOS.

Tendo en conta esta perspectiva, un grupo de profesores da Universidade de Santiago de Compostela impulsamos no ano 2002 a creación do Centro de Estudos Fílmicos da USC (CEFILMUS).

Os intereses profesionais e a formación de cada un de nós son moi distintos, dado que se produce a interconexión entre teóricos da literatura, especialistas en novela norteamericana, profesionais da literatura española contemporánea, expertos no complexo mundo da comunicación audiovisual ou historiadores do cine. Pero todos coincidimos nun interese pola imaxe cinematográfica e, por extensión, audiovisual, o que nos leva a traballar en común e a enriquecer as nosas reflexións cos puntos de vista dos demais.

Nestes poucos anos de vida de CEFILMUS tentamos ir poñendo os alicerces do que, nun futuro, desexamos que sexa unha actividade continua e cada vez máis rica. Neste proceso foron un elemento fundamental os diferentes cursos de verán que de maneira tradicional se organizaron no mes de xullo. Temas coma *Teatro e cine*, *Os imaxinarios do Quixote*, *Cine e nación* e, no último ano, *Televisión e ficción* poñen de manifesto a diversidade de asuntos abordados e a riqueza de matices con que se formula a reflexión sobre os mesmos.

Un dos acicates cos que contamos é o apoio masivo dos asistentes aos devanditos cursos, dado que todos estes anos foi un número importante de alumnos _sempre arredor dun cento, e ademais pertencentes a campos de estudos moi diversos_ o que asistiu a eles, cun interese que na última edición rebasou os límites da nosa comunidade autónoma.

Pero non menos gratificante é o apoio prestado por colegas doutras universidades e profesionais do eido audiovisual; eles foron un dos maiores atractivos dos cursos, dado que ofreceron reflexións moi interesantes sobre temas suxestivos e, sobre todo, cargados de actualidade.

Outra das liñas desenvolvidas por CEFILMUS está dirixida ao estrito ámbito docente, con cursos organizados en determinadas facultades ou departamentos sobre temas de interese concreto para os seus integrantes. Tampouco podemos esquecer a colaboración que, a título individual pero lembrando a súa pertenza a CEFILMUS, prestaron algúns dos membros deste centro a actividades concretas de universidades españolas e estranxeiras.

Non obstante, unha das claves coas que foi concibida CEFILMUS é a vinculación coa sociedade civil que rodea a Universidade. Ben é certo que é difícil establecer vencellos entre estes dous campos _e, sobre todo, mantelos vivos durante un longo período de tempo_, pero os apoios prestados por diferentes entidades públicas _Secretaría Xeral de Comunicación e Consellería de Cultura, de maneira especial_ e privadas _non podemos esquecer a colaboración con Caixa Galicia_ fai que as perspectivas de futuro se abran con optimismo por diante deste centro universitario.

O noso desexo é pechar esta fase de afianzamento e pasar a outra na que a dinámica sexa máis continua e aplicada a campos diferentes. A necesidade de reforzar os lazos con organizacións sociais é un dos nosos retos máis interesantes, ao que se une o convencemento de que a imaxe audiovisual precisa, no momento actual, ser abordada con demore e seriedade, de tal xeito que desde a Universidade ofrezamos aos cidadáns criterios valorativos que permitan percibir toda a súa riqueza. ■

UNHA NOVA ASOCIACIÓN PARA O AUDIOVISUAL

**OS QUE LEVAMOS NESTE SECTOR
ALGÚNS ANOS LEMBRAMOS QUE
DENDE O COMEZO HOUBO ALGÚN
QUE OUTRO TÍMIDO INTENTO DE
CREACIÓN DUNHA ASOCIACIÓN DE
PROFESIONAIS DO AUDIOVISUAL.**

María Liaño

Presidenta da Asociación dos Técnicos do Audiovisual de Galicia (ATEGA)

Non sei se se lles pode chamar intentos, pero polo menos existía a impresión de que unha asociación era necesaria.

Tivo que ser un feito tan traumático coma a paralización da rodaxe da longametraxe *Os mortos van de présa*, o pasado 27 de setembro do 2006, a pinga que encheu o vaso e que puxo en movemento aos técnicos para a creación da Asociación dos Técnicos do Audiovisual de Galicia (ATEGA).

ATEGA naceu con auténtico espírito de unión e colaboración para acadar unha voz común e establecer un vehículo de expresión e defensa das expectativas e necesidades dos técnicos do sector audiovisual en Galicia.

Somos conscientes de que conseguir esa conciencia de colectivo é complicado, dado que o persoal técnico é moi diverso e ademais a eventualidade que prevalece no traballo audiovisual non é o caldo de cultivo máis apropiado para sentirse parte dun todo homoxéneo.

Precisamente por esa eventualidade é polo que se fai imprescindible esa conciencia de ser parte dun colectivo de profesionais que se rexe por unhas leis e condicións mínimas.

Ter traballos esporádicos loxicamente dá pé a unha sensación de vulnerabilidade e a que se produzan abusos. Cando unha persoa leva varios meses sen traballo é susceptible de aceptar calquera condición por lamentable que sexa. Pasando por riba incluso das mínimas condicións establecidas no convenio colectivo, isto é, por riba da legalidade vixente.




Pero para estar na legalidade haina que coñecer e, por increíble que pareza, moitos técnicos e tamén algúns produtores descoñecen a existencia dun convenio colectivo de técnicos que, tal como pon no seu artigo 2, constitúe un corpo de normas reguladoras das relacións laborais entre as empresas de produción audiovisual e os traballadores que prestan os seus servizos nas mesmas.

É responsabilidade de todos, profesionais e empresarios, coñecer e manter a legalidade no sector.

Por todo isto, unha das principais metas de ATEGA é aglutinar os esforzos deste colectivo cun papel crucial no desenvolvemento do sector, formado por profesionais cualificados que non contaban cunha ferramenta para defender os seus intereses comúns, así como fomentar o recoñecemento do noso prestixio profesional e procurar acadar melloras en todos os aspectos, tanto económicos como sociais ou profesionais. ■

TROBADORES

E WEB 2.0



Beatriz Legerén

Xerente de Interacción

MP3, WEB 2.0, TVI, IPTV, MMORGS, ARG, COPIA PRIVADA, CANON DIXITAL... ESTAS SON ALGUNHAS DAS PALABRAS QUE ATOPAMOS CANDO LEMOS UN ARTIGO RELACIONADO COA INDUSTRIA DE CONTIDOS. ATA HAI POUÇOS ANOS, FALAR DA INDUSTRIA DO ENTRETENIMENTO SIGNIFICABA FALAR DE CINE, TELEVISIÓN, MÚSICA, LIBROS...

Hai anos que traballo no campo de creación de contidos para novos medios e vin cómo se multiplicou a oferta co avance da tecnoloxía, pero non porque se creasen máis contidos senón porque agora contamos con máis soportes para poder gozar deles.

Desde a miña primeira conexión a internet, no ano 93, ata hoxe vin cómo a era dixital asumía cada vez un meirande protagonismo nas nosas vidas. Non estou a pensar nun frigorífico que nos faga a lista da compra ou un coche que nos lembre que temos as portas mal pechadas; vin cómo as persoas que me rodeaban adaptaban as crípticas siglas antes mencionadas no seu vocabulario e aprendían o seu significado.

O usuario-espectador faise esixente, non se conforma con ver e ser un mero "receptor"; quere participar, quere "comunicar". Quere ser un axente activo no mercado dos contidos. Os membros do público buscan compartir unha emoción común, interactuar coa canle e entre eles mesmos.

Pero así como os usuarios adoptaron a tecnoloxía como parte da súa vida, son moitos os creadores de contidos que seguen a traballar con esquemas que co avance da dixitalización xa non son tales. Falar da dixitalización é falar de conectividade e interactividade, e se hai algo que caracteriza a interactividade é a non liñalidade.

Definimos narración non liñal en contraposición a narrativa liñal. Nesta última preséntasenos unha historia (sexa nunha novela, unha película ou unha obra de teatro) dunha única forma e nós non temos máis opción que seguir na liña narrativa que nos propón o autor (ou autores).

Na narración non liñal establécese unha comunicación interactiva entre o que narra e o que recibe o narrado. Pódese narrar a mesma historia ca nunha narrativa liñal,

pero a estrutura será diferente. En función da resposta do público, do espectador, a historia (ou a parte da historia que se nos conta) variará. Non é necesario que esta variación sexa no sentido ou na totalidade da historia narrada. Pode ser tan só no ritmo, na orde de presentación dos feitos, no ton, etc.

Aínda que a narrativa non liñal parece algo innovador e moi recente, é a maneira máis antiga de narrar. A narrativa liñal imponse coa aparición da escrita e o teatro (sobre todo, da escrita das obras de teatro). Durante moito tempo, a tradición narrativa dos pobos antigos era unha tradición narrativa non liñal. Durante esa época contáranse as fazañas dun heroe e cada narrador faríao dun xeito distinto. A historia, ademais de estar influída polas propias capacidades do narrador, adaptárase á audiencia que este tivese, a cada tipo de público contaríanselle historias que lle resultasen próximas ou que ocorresen en lugares cercanos. Deste xeito, a historia variaría en función do tipo de público e mesmo en función da resposta do público a cada unha das fazañas que se contasen.

Ao longo da Historia, á beira da literatura e do teatro tradicional (e, máis próximos aos nosos días, a banda deseñada e o cinema), mantivéronse formas non liñais de narrar, tanto na tradición oral coma en diferentes formas de teatro e outras manifestacións artísticas. É coa chegada do século XX cando se comeza a experimentar máis con este tipo de narrativa dentro da arte, facendo cada vez máis partícipe ao espectador do curso da narración. A informática, os soportes CD Rom, DVD, internet, os móbiles, a televisión interactiva, etc... ofrecen un formato cuxas posibilidades a penas son aproveitadas pola tradicional narración liñal. Nestes medios, a narración non liñal, onde o usuario leva o control da narración que se lle presenta (un xogo, unha presentación empresarial, unha mensaxe publicitaria, unha páxina web, unha experiencia artística...), é o sistema narrativo por excelencia.

As novas tecnoloxías permítennos cambiar o obxectivo fundamental da narración, que é contar unha historia; coa narrativa non liñal, a historia non é o obxectivo, é tan só un elemento máis do proceso narrativo. O obxectivo é crear unha experiencia.

É paradoxal que as novas tecnoloxías nos devolvan á tradición oral, onde o espectador se converte en protagonista, xa que deberá intervir dun xeito ou doutro para que a historia progresese e teña unha forma. ■

A VOLTAS CO XÉNERO DOCUMENTAL




UNHA DAS APOSTAS DA TELEVISIÓN DE GALICIA DESDE A CHEGADA DO NOVO GOBERNO É A PROLIFERACIÓN DE PROGRAMAS DIVULGO-INFORMATIVOS. ESTO É UN FEITO. EN POUCO MENOS DE DOUS ANOS VIMOS PROGRAMAS COMO ALALÁ, HAI QUE MOLLARSE OU HISTORIAS DE GALICIA.

Entre estes programas, de carácter moitas veces didáctico, apareceu tamén *Galicia documental*, que viña encher un oco existente na grella, xa que non había ningún espazo no que se puidesen ver documentais.

Pasado máis dun ano pódese facer balance. Ao meu entender, e sen querer exercer de galego, tanto se pode falar de grandes resultados coma dun balance lamentable. O bo é moi evidente: serviu de detonante para que se incrementase dun xeito espectacular a produción de documentais en Galicia. De súpeto o documental convertiuse nun produto barato de producir e cunha rendibilidade inmediata que pasa pola compra dos dereitos de emisión por parte da Televisión de Galicia.

O malo é que, lonxe de aproveitarse esta oportunidade, o contedor *Galicia documental* nútrese cada vez máis de produtos que non son documentais, senón máis ben reportaxes ou programas divulgativos coma os antes mencionados, que restan espazo ao xénero documental e acaban desvirtuando un produto que de por si, en España, xa é malentendido.

Loxicamente, a televisión é libre de escoller os contidos oportunos para a súa emisión. As propias audiencias certifican moitos dos seus acertos. Sen embargo, existe un defecto formal que deriva nun prexuízo cara aos documentais. Dada a existencia de *Galicia documental*, e dada a necesidade de cubrir ese espazo con contidos para a emisión, o propio programa pasa a converterse nunha fonte de financiación máis para a produción documental galega. Esta peculiaridade, a priori positiva, deixa de selo cando a fonte de financiación trata por igual



Marcos Nine

Guionista e director de documentais

produtos que son completamente distintos. Os documentais e as reportaxes son produtos que se ben poden ter algunha similitude formal (nalgúns casos) non teñen nin a mesma orixe, nin a mesma función, nin os mesmos custos. Ante isto, o valor de mercado debería ser distinto, igual que coa ficción e a animación. Sen embargo, na realidade non existe tal diferenza e iso sempre vai en detrimento do produto máis caro: o documental.

A orixe do problema é complexa e ten multitude de causas. De entrada, en España non existen nin mercado nin público que consuma documentais. Isto deriva nunha indefinición do xénero.

Sen embargo, o xénero documental é facilmente definible. Trátase da visión dun autor sobre unha realidade determinada. Poñendo un similar cos xéneros xornalísticos, mentres que unha reportaxe televisiva podería semellarse a unha reportaxe xornalística ou a unha noticia, un documental semellárase máis a unha crónica ou a un artigo de opinión. Mentres que a función da reportaxe é informar, divulgar ou ensinar, a función do documental é a de interpretar e reflexionar. Mentres que as reportaxes dependen de feitos noticiosos, os documentais dependen de feitos atemporais.

Así, non pode considerarse documental unha escolma de declaracións sobre un mesmo tema, ou unha concatenación de fotos e artigos de prensa, ou unha viaxe á Conchinchina, por moi exótica que nos pareza, ou o simple rexistro aleatorio de certos personaxes ou lugares, xa que para que un filme sexa documental require, por riba de todas as cousas, intencionalidade.

A nosa pequena industria debería ter en conta estas diferenzas, non só por respecto a un xénero de tradición cinematográfica senón porque pode ser moito máis rendible para todos un produto atemporal que un perecedeiro. ■

MERECE A PENA?

ESPETOUME DENDE A SÚA BUTACA LOGO DE LEVAR UN BO CACHO COA MAN LEVANTADA. *¿MERECE A PENA?* DIXO AQUELA ESTUDIANTE DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL SEN SABER AS GRAVES CONSECUENCIAS DA SÚA PREGUNTA. QUEDEI CALADO, UNS SEGUNDOS, ETERNOS... E NON PUIDEN MÁIS CA CONTESTAR DO XEITO MÁIS GALEGO POSÍBEL: *¿DEPENDE.*



David Pardo García

Editor de vídeo, produtor, autor de curtametraxes
davidpardo@setimoceo.com // www.setimoceo.com

No ano 2003 presentei na Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo a que daquela era a miña última curtametraxe, *A Miopía*. No salón case todos os asistentes eran estudantes e logo da proxección fixemos un coloquio. Falamos moito dos esforzos persoais e económicos que supón producir unha curta sen subvención pública nin privada, co material de prestado e coa *calderilla* do peto. Fixéronse preguntas e reflexións de moitos tipos pero unha foi realmente dura. Para os máis televisivos sería *a pregunta do millón de dólares*. Unha estudante preguntoume se merecía a pena todos eses esforzos para facer unha curta.

Sorrín.

Como bo galego contestei: *¿Depende*, e engadí unha pregunta: *¿Ti es unha persoa normal?* A rapaza contestou que si. *¿Pois se es unha persoa normal, non merece a pena. Pero se tes unha disfunción mental leve ou estás tola de atar, igual si...*

O auditorio riu, debía haber moito tolo...

Cómo explicar hoxendía que investir tempo, diñeiro, esforzos... e mesmo perder oportunidades laborais para facer unha obra artística pode merecer a pena?

Pois simplemente non se pode explicar, porque non se pode entender dende esa perspectiva. Ingresos e gastos, perdas e beneficios. Sempre hai que saír gañando. Así pensamos todos nós día a día. Non é fácil subir á mesa, como facía o profesor Keating en *O club dos poetas mortos*, e mirar as cousas dende outro punto de vista. Non é fácil convencerse de que pode haber outra maneira de chegar que non sexa a vía rápida. É moi difícil vivir soñando a longo prazo. Non pretendo poñerme romántico, pero facer curtametraxes ten como obxectivo gañar a ilusión de ver a túa obra levada a realidade,

de aprender a facelo mellor cá vez anterior, de tomar nota de todo aquilo que non saíu ben para melloralo na seguinte ocasión... Ilusión, aprendizaxe, superación... A canto cotiza todo isto hoxe no IBEX-35?

Somos uns románticos do xénero? Somos uns tolos que aínda traballamos por amor á arte? Penso que non, penso que os curtametraxistas somos só uns bos tradutores. Traducimos o complexo sistema de codificación capitalista e aplicámolo de xeito que nos permita convencernos, a nós mesmos os primeiros e logo aos que nos rodean máis de preto, que o que facemos ten explicación e non só iso, senón que tamén merece a pena.

Como o logramos? Moi fácil: mentíndonos. Mentímonos permanentemente. Enganándonos sen ningún pudor.

Daquela, mentir a un mesmo debe ser moi doado porque ultimamente facer curtas é deporte nacional. Para que logo digan das traíñas... Hai pouco Alfonso Pato escribiu que en Galiza tiñamos moita cantidade de curtas pero pouca calidade en xeral. A moitos lles molestou esta opinión. É lóxico, porque é unha verdade coma un templo. (Estou seguro de que Alfonso pensou nalgunha das miñas curtas cando o escribiu). Pero como trocar cantidade por calidade se moitos curtametraxistas pensan que *mereceu a pena*?


Penso que está por definir se a curtametraxe en Galiza é un terreo de afeccionados con relativo talento ou a sala de quecemento profesional do futuro cine galego. Pero coidado, porque os afeccionados non deben ser titulares e os profesionais que sempre quantan e nunca xogan terminan por deixar o equipo...

Perdóenme se aínda hoxe, cando me preguntan se merece a pena, agoche a cabeza e amose as miñas dúbidas. ■

ILUSIÓN,
CONSTANCIA
E SORTE.

O PODER DE CONTAR HISTORIAS

A MIÑA CARREIRA NO AUDIOVISUAL GALEGO É CURTA, NUNCA MELLOR DITO. XA DENDE PEQUENO TIÑA CLARO QUE QUERÍA CONTAR HISTORIAS. NOS TESTS QUE NOS FACÍA O PSICÓLOGO DA ESCOLA SEMPRE SAÍA DE PRIMEIRO QUE ME ÍA DEDICAR A ESCRIBIR LIBROS, E MIRA POR ONDE CASE ACERTA.



Jairo Iglesias

Director e guionista
www.jairoiglesias.com

Sempre tiveren claro o camiño e os pequenos pasos que hai que ir dando na vida. Considérome unha persoa que case minuto a minuto se vai marcando metas, metas que sempre loitei por conseguir. Dende que me deixaron entrar no audiovisual teño claro que a base de todo isto é a ilusión, a constancia e a sorte. Penso que no momento en que se perde a ilusión un xa non loita polo que quere, e se perdes a constancia rematarás perdendo a ilusión. A sorte é outra cousa.

Teño que admitir que tiveren toda a sorte do mundo porque coñecía a un equipo que me acompañaba nas curtas _non as imaxino sen eles_. Porque dende o primeiro momento todos os actores me apoiaron e creron nos proxectos, e iso axudoume a aprender moitísimo e a medrar como creador audiovisual. Nunca me cansarei de darlle as grazas a toda esa xente que me axudou a cumprir este soño porque sen eles sería imposible.

O que máis me gusta do cine é ver como reacciona público, pero ao mesmo tempo teño que confesar que o paso moi mal nos pases das curtas. Calquera xesto, resoplido, recolocación na butaca... dá igual, significa algo e máis nada. Por iso, o día que gañamos o Mestre Mateo, ao soar o noso nome sentín o aplauso dos socios da Academia máis preto ca nunca. Foron uns meses inolvidables.

Curiosamente, o ano pasado eu estaba na gala, facendo o *making of* non oficial e miraba aos socios dende a distancia, cada vez que alguén recibía un premio eu estaba cunha cámara para ser dos primeiros en felicitalo. Aínda fixen uns cantos amigos...

Este ano as cousas tornaron. Eu gozaría coma un máis da gala. Un non se decata de canto vale unha nominación ata que non a recibe, pero si, vale; e, aínda que pareza tópico, para nós o premio era ese. Quizais tiña máis nervios os días anteriores á gala que a propia noite. Cando Paco Lodeiro dixo o noso nome non reaccionei. Non o podía crer. Colocando a chaqueta mentres subía o único que pensaba era que non podía ser verdade e que agora tiña que dicir algo.

Despois chegaron as fotos con cara de morto e medio chorando da emoción. A estrea ao día seguinte de *Rosa dos ventos*, onde o señor Mateo foi protagonista. E a viaxe a todas as estreiras do premio, alá onde íamos nós, tamén ía el.

Toda unha experiencia irrepitible que fai que esa ilusión e esa constancia sigan intactas día tras día. A sorte de momento sempre estivo aí. Por iso, grazas a todos os que nos apoiastes e confiastes nos nosos soños. ■

OS FESTIVAIS



SEMANA INTERNACIONAL DE CINE BETANZOS

26-29 xuño 2006

O traballo de Pancho Casal no mundo do audiovisual á cabeza de Continental fixo que os organizadores da Semana de Cine de Betanzos decidiran homenaxealo na edición do 2006, a novena do evento. Ofreceuse un repaso por todas as facetas que Casal ten abordado como produtor: a primeira longametraxe profesional da produtora (Finisterre), a proxección dos seus mellores anuncios publicitarios e mostras da súa produción televisiva. En convocatorias anteriores, a Semana de Cine de Betanzos ten homenaxeado a personalidades do audiovisual coma o produtor Julio Fernández, de Filmmax.

CURTOCIRCUÍTO SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xullo-setembro 2006

A terceira edición de Curtocircuíto, no 2006, consolidouno no panorama internacional coma unha cita máis a ter en conta no mundo do cinema. 53.000 páxinas de internet falan do festival, que conta entre as súas actividades con concurso de guións, fotografía, vídeo, produción de curtametraxes, proxeccións na rúa, sección oficial, seminarios da audiovisual (obradoiros de financiamento, de guión, de interpretación...), concurso de micromovies e o Mercado Internacional da Curtametraxe.

PALMARÉS: *Medianeras*, de Gustavo Taretto (público), *Valle Paraíso*, de Eduardo Martín (animación), *Le génie de la boîte de raviolis*, de Claude Barras (premio Kodak á curta mellor rodada), *Dark room*, de Bart Wasem (videocreación), *Nach dem fall*, de Marcel Wyss (documental), *Spin*, de Jamin Winans (premio Burbullas á curta máis orixinal), *Bichos raros*, de Alegría Collantes e Estíbaliz Burgalesa (premio Compostela Plató de guións de curtas), *Claustrofilia*, de Jairo Iglesias (premio Avid/Non te Curtes Obra-oiro de Edición), *Way 2006*, de Chin Tngsakuisathaporn (premio Anacos á mellor micromovie).

CURTAS NA REDE

Marzo-setembro 2006

A Secretaría Xeral de Comunicación, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, e o Consello da Xuventude de Galicia organizan Curtas na Rede, iniciativa nacida no 2006 co propósito de explorar a creatividade de calquera persoa con inxedanzas na creación audiovisual e conxugala cun novo escaparate: internet.

PALMARÉS: *Lembranzas dixitais*, de Marcos Atán (xuventude), *Currículum vitae*, de Fernando Pazos (xuventude), *E sacaranche os ollos*, de Irene Crespo (xuventude), *Logures comunicantes*, de Olaia Sendón (comunicación), *Bubble boy*, de Sara Prieto (comunicación), *De palabras e xestos*, de Pablo Penedo (comunicación), *O legado de Alfonso X*, de Pablo Penedo (promoción da lingua galega), *De aldeás*, de Eduardo Pérez (promoción da lingua galega), *Conxuro*, de Pablo Millán (creatividade e orixinalidade).

SEMANA INTERNACIONAL DE CINE DE AUTOR

LUGO

16-24 setembro 2006

A I Semana Internacional de Cine de Autor celebrouse en Lugo en 1979. Desde entón, cada mes de setembro constitúe unha cita xa imprescindible para os cinéfilos, que poden mergullarse no mundo do cine e homenaxear aos lugueses vencellados coa sétima arte. Na Semana de Cine, organizada pola Agrupación Fotocinematográfica Fonmiñá, colaboran o Concello de Lugo, a Deputación Provincial, a Xunta de Galicia, o Xacobeo, Caixa Galicia, a Universidade de Santiago (Campus de Lugo) e Galicia Dixital. Na súa edición do 2006 proxectou 52 filmes e homenaxeou á actriz Carmen Correa, natural do concello lugués de Baleira.

PALMARÉS: *Paradise now*, de Hany Abu-Assad (premio do público).



CERTAME AUDIOVISUAL CASINO DE VILAGARCÍA VILAGARCÍA DE AROUSA

6 outubro-11 novembro 2006

Este certame vense celebrando de forma ininterrompida dende o ano 1973, co cal non só é o festival de curtametraxes máis veterano de Galicia, senón un dos certames con máis tradición da Península. No 2006 presentáronse a concurso 372 producións (o 10%, galegas). A participación internacional é cada vez máis significativa, con presenza de curtametraxes procedentes de Portugal, Italia, México, Cuba, Arxentina, Venezuela e Francia.

PALMARÉS: *El amor a las cuatro de la tarde*, de Sebastián Alfie (primeiro premio), *El ángel de Dorotea*, de Juan Matías Loiseau (segundo premio), *Clases particulares*, de Alauda Ruiz de Azúa (terceiro premio), *Baseado en feitos que puideron ter acontecido*, de X.A. Perozo Porteiro (premio Galicia), *Botellón*, de Tomas Silberman (novos realizadores), *O conxuro*, de Pablo Millán (premio Liceo Casino), *Perpetuum mobile*, de Enrique García e Raquel Ajofrín (especial animación).

SECUENCIA CERO VIGO

19-21 outubro 2006

Secuencia Cero, certame de documental e vídeo, chegou no 2006 á súa terceira edición. Consta de tres categorías: documental, videocreación e curtametraxe. Secuencia Cero é unha asociación dedicada á realización de produtos audiovisuais (vídeo, curtametraxes, documentais, publicidade e aqueles outros que poidan ter cabida nese campo). Está integrada por persoas procedentes de variados ámbitos profesionais co propósito de aunar recursos técnicos e humanos, organizar e dar viabilidade ás ideas creativas no ámbito audiovisual.



AMAL, FESTIVAL DE CINE EUROÁRABE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

20-31 outubro 2006

AMAL nace no 2003 como mostra audiovisual de obras realizadas en países árabes ou coproducións euro árabes. O festival xorde da necesidade de crear un espazo de colaboración en materia audiovisual entre España e o mundo árabe para potenciar ambas industrias emerxentes e converterse nun espazo para o entendemento entre a cultura árabe e máis a española.

PALMARÉS: *Las hijas de Mohamed*, de Silvia Munt (longametraxe de ficción), *Palestine blues*, de Nida Sinnokrot (documental), *Desde que te fuiste*, de Mohammad Bakri (dirección), Abdelhamid Krim (interpretación, por *Las hijas de Mohamed*), *La habitación de Elias*, de Emma Tussell (guión), *Hiyah*, de Xavi Sala (curtametraxe), *César y Zaín*, de Larry Levene (público).

NOVA FACTORY

OLEIROS

28 setembro-1 outubro 2006

Nova Factory é un punto de encontro entre profesionais e amantes do audiovisual orientado ás novas tendencias. Celébrase desde o 2005 na Fábrica de Perillo e substéntase en tres piares básicos: o Foro, o Mercado e a Mostra.

O **Foro** componse de diferentes seminarios. Téñense realizado monográficos en torno á temática da distribución de pezas audiovisuais, con relatores de relevancia internacional, e un seminario técnico referido á produción en HD.

O **Mercado** reúne empresas que se dedican a desenvolver proxectos audiovisuais e presta apoio ao sector nas súas diferentes vertentes, desde empresas de equipamento audiovisual a discográficas.

Na **Mostra** concorren curtametraxes de ficcións, documentais e videoclips, con especial atención ás novas tendencias. Neste apartado a maior novidade foi o **Mobilizate**, o primeiro certame de curtas para móbil, promovido pola Consellería de Cultura e Deporte.

PALMARÉS: *Epermatozoides*, de Isabel de Ocampo (ficción), *Teatros*, de Eduardo Cardoso (documental), *Estrella* (Heissel), de Jesús de la Peña (videoclip).





DESCUBRE O TEU PAÍS

Tel: 902 33 20 10 www.xacobeo.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo



FACENDO CAMIÑO



xacobeo

100 años



ACCIÓN BOIRO

4-5 novembro 2006

ACCIÓN é o festival de curtametraxes resultado do plan de creación audiovisual que o Concello de Boiro ten en marcha dende hai tres anos. Acción enmárcase no proxecto Leña Verde de apoio a novos creadores.

A característica máis importante de Acción é a posibilidade de participación e de contacto co medio audiovisual que se lle ofrece á mocidade. Na montaxe colaboran empresas do medio audiovisual como Mr. Misto e Fungo, iniciativa xurdida do plan audiovisual.

PALMARÉS: *Avatar*, de Luis Quiles (cine), *La Carmen*, de Alfredo López (vídeo).

CINEUROPA SANTIAGO DE COMPOSTELA

2-30 novembro 2006

Cineuropa é o encontro de cinema máis importante da capital galega, cun consolidado esquema non competitivo. No 2006 cumpriu 20 anos de vida, exhibindo máis de 100 filmes dos que 50 foron estreos a través desta web.

PALMARÉS: Bahman Ghobadi (premio Cineuropa), *A vida dos outros*, de Florian Henckel-Donnersmarck (público).

XORNADAS DE CINE E VÍDEO DE GALICIA O CARBALLIÑO

1-7 agosto 2006

As Xociviga cumpriron 22 anos no 2006. Nos seus inicios serviron de punto de encontro a pioneiros do audiovisual galego coma Carlos Velo e Chano Piñeiro. Os debates e mesas redondas forman parte desde sempre do programa deste festival, polo que teñan pasado nomes coma Manoel de Oliveira. No 2006 homenaxeouse ao afamado actor francés José García, cuxos pais procedían do concello ourensán.






PARA
COMER,

LUGO

GASTRONOMÍA
CULTURA
NATUREZA
TRADICIÓN
XENTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo



ASOCIACIÓN
PROVINCIAL
EMPRESARIOS
HOSTELERÍA
DE LUGO

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INDEPENDENTE OURENSE

4-11 novembro 2006

Ourense estivo sempre vencellado ao mundo do cine, e non só por ser o berce de cineastas como Carlos Velo ou Antonio Román, senón porque alí se creou o xerme de moitas institucións que hoxe son parte fundamental no desenvolvemento do audiovisual galego. As pioneras Xornadas de Cine que tiñan lugar en Ourense nos anos 70 e as actividades dos cineclubs Padre Feixóo e Carballiño, entre outros, sentaron moitas das bases do que hoxe é o cine galego.

O Festival Internacional de Cine Independente de Ourense nace en 1996 sobre o soporte desa tradición e con vocación de modernidade. Auspiciado nun primeiro momento polo Concello de Ourense e a Deputación Provincial, constituíu posteriormente un Consorcio que se encarga exclusivamente da xestión e organización do evento. Co paso dos anos incorporáronse ao grupo de patrocinadores a Xunta de Galicia (a través de varias consellerías), o Ministerio de Cultura, o Eixo Atlántico e outras institucións.

Os obxectivos deste festival son reivindicar o cine como arte, apostar por un cine social e reivindicativo, afastado de canles comerciais e inédito nas pantallas galegas, impulsar e potenciar o panorama cultural galego e dar un salto cualitativo de internacionalidade.

SECCIÓN OFICIAL DE LONGAMETRAXES

GRAN PREMIO CALPURNIA Á MELLOR PELÍCULA

Al otro lado, de Gustavo Loza (México)

PREMIO CALPURNIA DO PÚBLICO Á MELLOR PELÍCULA

Indigènes, de Rachid Bouchareb (Francia, Marrocos)

PREMIO CALPURNIA CARLOS VELO AO MELLOR DIRECTOR

Eric Caravaca por *Le passager* (Francia)

PREMIO ESPECIAL DO XURADO

De bares, de Mario Iglesias (Galicia – España)

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ

Mirjana Karanovic, por *Grbavica, el secreto de Esma* (Austria, Bosnia-Herzegovina, Alemaña)

PREMIO AO MELLOR ACTOR

Germán Palacios, por *Posdata* (España)

PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA

Arthur Reinhart, por *Jestem* (Polonia)

MECCIÓN ESPECIAL DO XURADO

Ao guión de *Indigènes* (Francia, Marrocos)

SECCIÓN OFICIAL DE CURTAMETRAXES

GRAN PREMIO CALPURNIA Á MELLOR CURTAMETRAXE

Lucky, de Avie Luthra (Sudáfrica, Reino Unido)



PREMIO CALPURNIA DO PÚBLICO Á MELLOR CURTAMETRAXE

Carne de neón, de Paco Cabezas (España)

PREMIO CALPURNIA AO MELLOR DIRECTOR

Daniel Mulloy, por *Dad* (Reino Unido)

PREMIO CALPURNIA EIXO ATLÁNTICO Á MELLOR CURTAMETRAXE GALEGA OU PORTUGUESA

Salitre, de Leonor Noivo (Portugal)

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ

Thérèse Roussel, por *Béa* (Francia)

PREMIO AO MELLOR ACTOR

Tom Schilling, por *Wigald* (Alemaña)

MECCIÓN ESPECIAIS DO XURADO

Ao guión de *Clases particulares* (España)

Á interpretación feminina de Angels Poch e Meritxell Santamaría, por *Nati* (España)

Á interpretación masculina de Joy Mwandla, por *Lucky* (Sudáfrica, Reino Unido)

SECCIÓN OFICIAL DE DOCUMENTAIS

PREMIO CALPURNIA AO MELLOR DOCUMENTAL

The Shutka book of records, de Aleksandar Mani (República Checa, Serbia-Montenegro)

PREMIO AO MELLOR DIRECTOR

Marcos Nine, por *Pensando en soledad* (Galicia – España)

MECCIÓN ESPECIAL DO XURADO

Habana. Arte nuevo de hacer ruinas, de Florian Borchmeyer (Alemaña)

HOMENAXES

CINE EN FEMININO

Lola Dueñas.

MEMORIA HISTÓRICA

Juan Diego, 40 anos de carreira cinematográfica.

PREMIO CONCELLO DE OURENSE

Emilio Gutiérrez Caba.

CENTENARIO DE LUCHINO VISCONTI





PLAY-DOC, FESTIVAL INTERNACIONAL DE DOCUMENTAIS

TUI

22-26 marzo 2007

Play-Doc, Festival Internacional de Documentais de Tui, é un evento cultural de carácter anual creado no 2005 pola asociación cultural Enfoques e dedicado exclusivamente ao cinema documental de creación. Co acento posto na lingua e a cultura galegas, Play-Doc ten como obxectivos fundamentais crear un punto de encontro e plataforma de exhibición para público, profesionais e realizadores e asegurar a promoción do documental de creación e dos seus autores.

Play-Doc busca sensibilizar ao público con respecto a outras realidades e formas de expresión, ofrecendo unha pequena mostra do mellor cine documental que se realiza hoxe en día en todo o mundo. O apoio aos novos talentos e a dinamización, promoción e difusión do audiovisual galego figuran tamén entre os seus obxectivos principais.

PALMARÉS: *A girl named Kai*, de Kai Ling Xue, e *I want to be a pilot*, de Diego Quemada (curtametraxes, ex aequo), *Ainda há pastores*, de Jorge Pelicano (premio Atlántico), *The mother's house*, de François Verster (longametraxe), *An ordinary family*, de Fredrik Gertten e *Sisters in law*, de Kim Longinotto e Florence Ayisi (mencións especiais do xurado), *Bs.As.*, de Alberto Pagán (premio Doc's Galicia), *Sisters in law* (premio TVG), *Historias de la línea azul*, de Joaquín Lautaro e Mateo Morais (premio Play-Avid.Doc).



FESTIVAL DE CURTAMETRAXES CIDADE DE VIGO

VIGO

11-12 maio 2007

Maio do 2007 viu o debut desta iniciativa da Asociación de Xóvenes Cineastas (Axoci) de Vigo. O obxectivo é servir de punto de encontro de xente nova con talento cinematográfico, de escaparate do cine de autor independente non profesional, de vía de expresión de mozos con inqueданzas. O festival busca promover a organización social dos inmigrantes a través dunha sección específica e a cidade de Vigo como cidade na vangarda cinematográfica.

Os premios divídense en tres categorías _documentais, animación e inmigración_ e están dotados con 1.000 euros cada un. Ademais dos dous días de exhibición, no Centro Cultural de Caixa Galicia, todas as curtametraxes presentadas ao festival emítense nas pantallas dos autobuses públicos de Vigo.

PALMARÉS: *Atención al cliente*, de Marcos Valín (animación), *Martians go home*, de Daniel Moreno (documental), *Oumar*, de Alejandro Rei (inmigración).

REDONDELA EN CURTO REDONDELA

19-22 abril 2007

Redondela en Curto celebrou a súa terceira edición no 2007. Entre as súas seccións destacan Máis Minutos e O Mellor Encadre.

PALMARÉS: *Temporada 92, 93*, de Alejandro Marzoa (curtametraxe de ficción e premio do público), *Kid Betún*, de Raúl Mancilla (documental).



FESTIVAL DE CANS

CANS-O PORRIÑO

23-26 maio 2007

Cuarta edición do festival organizado pola asociación cultural Arela nos galpóns, prados e adegas desta pequena parroquia do Porriño. O evento programou este ano 26 curtametraxes e recibiu a visita de máis de 4.500 persoas. Entre elas, como é habitual, recoñecidos actores e directores.

PALMARÉS: *Sen chumbo*, de Jorge Saavedra (ficción), Xulio Abonjo (actor, por *Sen chumbo*), Cristina Castaño (actriz, por *Sen chumbo*), *Pro-mesa*, de Fernando Cortizo (animación), *Tempada 92-93*, de Alexandre Marzoa (público-ficción), *A flor máis grande do mundo* (público-animación), Antón Reixa (pedigrí).

Coloquio na leira, con Antón Reixa e Tristán Ulloa



Proxección nun galpón




A actriz Camila Bossa

O actor Félix Gómez e o director Ramón Costafreda, dous visitantes foráneos



Carlos Blanco e Luis Tosar, nun dos chimpíns da organización



PREMIO LENTE NEGRA
Festival de Tráilers Ficticios Luis Seoane

LENTE NEGRA A CORUÑA

Xuño-xullo 2007

Primeira edición deste festival de tráilers ficticios, convocado pola Fundación Luis Seoane coa colaboración do Concello da Coruña.

PALMARÉS: *Huida de Tijuana*, de Jorge Saavedra (gañador), *Lifeline*, de Adán Aliaga (premio do público).



ON & OFF RIBADEO


1-4 de Agosto de 2007

On & Off celebrou a súa segunda edición cunha sección oficial de curtametraxes, un curso de produción audiovisual e o certame de creación A Toda Mecha.

A Toda Mecha, impulsada directamente pola Consellaría de Cultura e Deporte, foi a actividade máis efervescente e novidosa do festival. Catro curtas previamente seleccionadas e preproducidas rodáronse en Ribadeo e nos seus arredores, facendo partícipes a un gran número de persoas.

Ademais celebrouse un certame de creación de minicurtas, coa finalidade de gravar unha pequena peza audiovisual e montala nun tempo récord. Máis de 20 directores e profesionais e máis de 3.000 espectadores convertiron Ribadeo nun plató gigante durante a semana do festival.

PALMARÉS: *La gran revelación*, de Santiago de Lucas (ficción), *Cousas do Kulechov*, de Susana Rei (documental), *Carne de cañón*, de Darío Fernández Ignacio (animación).



MUNDOS DIXITAIS A CORUÑA

3-7 xullo 2007

Mundos Dixitais é un dos eventos relacionados coas novas tecnoloxías máis sobranceiros do estado español. Oferta numerosas seccións e actividades paralelas: seminario sobre arquitectura dixital, Festival Internacional de Animación e seminarios e cursos sobre as máis novidasas tendencias dos entornos dixitais: videoxogos, animación 3D, efectos especiais, etc. Na edición do 2007 puideron verse 163 curtametraxes procedentes de 24 países.

PALMARÉS: *Solos*, de David Cobo e Fran R. Sousa (curtametraxe de animación nacional), *A gentlemen's duel*, de Francisco Ruiz e Sean McNally (curtametraxe de animación), *Codehunters*, de Ben Hibon (premio especial do xurado), *Bungle in the jungle*, de Miguel Cabot (premio especial do público). ■




AS PRODUCCIÓNS

Os datos recollidos nesta sección refírense a obras estreadas, producidas ou en fase de preproducción entre maio de 2006 e xuño de 2007. Os datos proceden das propias produtoras e mais da Axencia Audiovisual Galega.

ABRÍGATE (2006) ➡

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Continental, SB, Patagonik, Oberón, Televisión de Galicia, Televisión Española
Dirección:	Ramón Costafreda
Producción executiva:	Carmen de Miguel
Dirección de produción:	Carlos Amoedo



A DEDO. HISTORIAS DE AUTOESTOPISTAS (2006) ➡

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Directo, Televisión de Galicia
Dirección:	Fran García, Marce Magán
Guión:	Fran García
Producción executiva:	Marce Magán



ADEUS, EDRADA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Fantástico
Orzamento:	12.000€
Dirección:	Rubén Riós
Guión:	Rubén Riós
Producción:	Rubén Riós
Dirección de produción:	Diego Méndez

AFIADORES (2007) ➡

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Etnografía
Produtora:	Ficción
Dirección:	Xosé H. Rivadulla 'Corcón'
Guión:	Xosé H. Rivadulla 'Corcón'
Producción executiva:	Julio Casal
Dirección de produción:	Toni Veiga



AGALLAS (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Continental, Zebra
Orzamento:	2.350.563€
Dirección:	Samuel Martín Mateos, Andrés Luque Pérez
Guión:	Javier Echániz, José Antonio Gil Bengoa
Producción:	Pancho Casal
Dirección de produción:	Carlos Amoedo

AIR GALICIA (2006) ➔

Formato:	Programa de TV
Xénero:	Humor
Produtoras:	CTV, Zopilote
Dirección:	Carlos Ares, Xosé Castro, Andrés Mahía
Guión:	Carlos Ares, Xosé Castro, Andrés Mahía



AMELIA E AS SEREAS (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Produtora:	Comunicación Global
Orzamento:	47.500€
Dirección:	Ghaleb Jaber
Guión:	Ghaleb Jaber
Producción:	Ghaleb Jaber

AMIGOS INVISIBLES (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Orzamento:	8.600€
Dirección:	Pedro Alonso
Guión:	Pedro Alonso
Producción:	Pedro Alonso

APARTADO 12 (2006)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Orzamento:	32.335€
Dirección:	Cristina De la Torre
Guión:	Cristina De la Torre
Producción:	Domingo Díaz Docampo

ARTISTAS SIN ESCENARIO (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Produtora:	EGACI
Dirección:	Julia Gutiérrez, Natalia Morales

OS ATLÁNTICOS (2007)

Formato:	Teleserie
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Filmanova, Continental
Dirección:	Beatriz Del Monte
Guión:	Xosé Morais
Producción:	Pancho Casal
Producción executiva:	Antón Reixa, Ana Staton

ATLAS DE XEOGRAFÍA HUMANA (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Tornasol, Messor, Milú
Dirección:	Azucena Rodríguez
Guión:	Nicolás Saad, Azucena Rodríguez
Producción:	Gerardo Herrero, Marta Esteban, Rosalía Mera
Producción executiva:	Mariela Besuievski

AUGA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Fantástico
Orzamento:	10.825€
Dirección:	Xosé A. Perozo
Guión:	Xosé A. Perozo
Dirección de produción:	Jorge Eiroa

BAHIANO OESTE (2007)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Dirección:	Claudia Brenlla López
Guión:	Claudia Brenlla López, María Jesús Rodríguez
Producción:	Claudia Brenlla López

BASSIR Y KARPIN (2006) ➡

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Ibisa, Televisión de Galicia, RTM
Dirección:	Valentín Carrera
Guión:	Ibisa
Producción:	Iago Veloso, Pablo Lorenzo
Producción executiva:	Valentín Carrera
Dirección de produción:	Cristina Martins





FUNDACIÓN TIC

www.fundaciontic.org



FUNDACIÓN
TIC
LUGO



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



EIS
LUGO
CRTIC



CPP
LUGO



LUGO
FILM
COMMISSION

R/ Frei Plácido Rei Lemos, s/n - 27004 LUGO

Tlf. 982 284 647

BRANCO E NEGRO (2007)

Formato:	Telefilme
Xénero:	Drama
Produtora:	Saga TV
Orzamento:	735.045€
Dirección:	Denis Rovira Van Boeklot
Guión:	Marcos Gallego, Marcos Nine, Manuel Dios
Producción:	Marcos Gallego

BECHOS RAROS (2006)

Formato:	Curtametraxe
Produtoras:	Ficción, Incolsa
Dirección:	Estíbaliz Burgaleta, Alegría Collantes
Guión:	Estíbaliz Burgaleta, Alegría Collantes
Producción executiva:	Julio Casal
Dirección de produción:	Mamen Quintas

A BELA OTERO (2007) ➡

Formato:	Miniserie de TV
Xénero:	Aventuras
Produtoras:	Zenit, Gestmusic, IC, Antena 3, Televisión de Galicia, Televisió de Catalunya, RAI
Dirección:	Jordi Frades
Guión:	John Goldsmith
Producción executiva:	Miguel Ángel González, Zaza Ceballos
Dirección de produción:	Miguel Ángel González

**O BOSQUE DE LEVAS (2006) ➡**

Formato:	Telefilme
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Ficción, Diagonal, Televisió de Catalunya, Televisión de Galicia
Orzamento:	670.812€
Dirección:	Antón Dobao
Guión:	Antón Dobao, Antón Lopo
Producción:	Julio Casal, Chusi Riveira
Producción executiva:	Alberte Sagalés
Dirección de produción:	Mamen Quintas, Toni Veiga

**O BUFÓN E A INFANTA (2006)**

Formato:	Curtametraxe de animación
Xénero:	Drama
Produtora:	Dygra
Dirección:	Juan Galiñanes
Guión:	Amaia Ruiz
Producción:	Manolo Gómez
Producción executiva:	Juan Rodríguez Nouche
Dirección de produción:	Amalia Mato

CABALLOS DEL VIENTO

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Etnografía
Produtora:	Ismael González PC
Guión:	Ismael G. Esteban
Dirección:	Ismael G. Esteban

CADEAS (2007)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Produtora:	Mr. Misto
Dirección:	Roberto Budiño
Guión:	Gonzalo Rama
Producción executiva:	Mercedes Montero
Dirección de produción:	María Teresa Fernández

UN CAMIÑO DE ESTRELAS, UNHA CIDADE DE CINE (2006) ➡

Xénero:	Spot promocional
Produtora:	Ficción
Dirección:	Dani De la Torre
Producción executiva:	Julio Casal
Dirección de produción:	Mamen Quintas

**CARAVANA DE SABORES (2007) ➡**

Formato:	Programa de TV
Xénero:	Gastronomía
Produtoras:	Ficción, Televisión de Galicia
Dirección:	Xosé H. Rivadulla 'Corcón'
Guión:	Xosé H. Rivadulla 'Corcón', Xaime Castaño, Javier Viana
Producción executiva:	Julio Casal, Mamen Quintas
Dirección de produción:	Tareixa Montes

**CARGO (2006) ➡**

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Vaca Films, Morena Films, Oberón, Slate Films, Hepp Films
Dirección:	Clive Gordon
Guión:	Paul Laverty
Producción:	Juan Gordon, Andrea Calderwood, Helena Danielsson, Antonio Chavarriás, Emma Lustres
Producción executiva:	Nigel Thomas, Pilar Benito, Tomas Eskilsson



CARNE DE CAÑÓN (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Aventuras
Orzamento:	12.950€
Dirección:	Darío Fernández Ignacio
Guión:	Darío Fernández Ignacio, Enrique Fernández González
Producción:	Darío Fernández Ignacio

A CARREIRA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Produtora:	Ciudadano Frame
Orzamento:	56.941€
Dirección:	Álam Raja Vergés
Guión:	Álam Raja Vergés
Producción:	Carlos Taboada
Dirección de produción:	Héctor Molina

CARTOONS (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Comedia
Orzamento:	46.807€
Dirección:	Giselle Llanio
Guión:	Giselle Llanio, José Penas
Producción:	Giselle Llanio
Dirección de produción:	Silvia Carnero

A CASA DE 1906 (2006) ▶

Formato:	Programa de TV
Xénero:	Telerrealidade
Produtoras:	Continental, Filmanova
Dirección:	Sonia Barros, Beatriz Del Monte, Toño López
Producción:	Antón Reixa, Pancho Casal
Producción executiva:	Xosé Morais, Marco Meere
Dirección de produción:	Carlos Amoedo, Suso Gay

**A CASA DE LOLA DE ANDRÉS (2007)**

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Arte e patrimonio
Orzamento:	6.000€
Dirección:	Olaia Sendón
Guión:	Olaia Sendón
Producción:	Olaia Sendón
Dirección de produción:	Elena Carnoto

**Escuela Superior
de Artes Cinematográficas de Galicia**

LUIS ZANUZA XULIO ABON

A EGACI presenta unha coprodución



GUTBAI, CHAR'LY

UN FILME DE JORGE CASSINELLO



PRODUCIDO POR CARLOS A.L. PIÑEIRO DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA JEROME KIM
MÚSICA DE DIMITRI SCARLATO GUION Y DIRECCIÓN POR JORGE CASSINELLO SAN SEGUINDO



Escuela Superior de Artes Cinematográficas de Galicia
Un lugar donde proyectar tus sueños

Graduado Superior en Artes Cinematográficas



Título Propio

Universitario

Universidad Camilo José Cela. Madrid

Informate en el 986 251511 o en www.egaci.net

Avenida del Puente, N° 80, Cabral, Vigo



O CASTIGO (2006) ➔

Formato:	Curtametraxe
Produtora:	235, Isabel Ayguavives, El Médano
Dirección:	Isabel Ayguavives
Guión:	Isabel Ayguavives
Producción:	Isabel Ayguavives, Norberto López, Rafael Álvarez
Dirección de produción:	Enrique Gutiérrez Del Álamo



CATALINA (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Voz Audiovisual, Matriuska
Orzamento:	1.100.000€
Dirección:	Mario Iglesias
Guión:	Mario Iglesias
Producción:	David Martínez Vázquez
Dirección de produción:	Daniel Froiz, Paula Fernández

CATRO EN RAIÁ (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Experimental
Orzamento:	14.000€
Dirección:	Álex Mene
Producción:	Álex Mene
Dirección de produción:	Piedad Blanco

CERO (2006) ➔

Formato:	Curtametraxe
Produtoras:	235, El Médano
Dirección:	Patrick Bencomo
Guión:	Iñaki González, Juan Ramón Ruiz de Somavia
Producción:	Norberto López, Rafa Álvarez
Dirección de produción:	Goyo Gámez



CERTIFICADOS DE MORTE, PROBAS DE VIDA (2006)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtora:	Sanmartín Padrón
Orzamento:	107.488€
Dirección:	José A. Sanmartín
Guión:	José A. Sanmartín, Alfredo García Pinal

A CIDADE PERDIDA (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Produtora:	EGACI
Dirección:	Miguel A. Romero

CINCO DE CANS (2007)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtora:	Diplodocus
Orzamento:	14.975€
Dirección:	Pela Del Álamo, Alfonso Pato
Guión:	Pela Del Álamo, Alfonso Pato
Producción:	Pela Del Álamo
Dirección de produción:	Pela Del Álamo

O CÍRCULO (2007)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtora:	Promesa
Orzamento:	78.569€
Dirección:	Domingo Díaz Ocampo, Cristina De la Torre
Guión:	Domingo Díaz Ocampo, Katiene Oliveira
Producción:	Domingo Díaz Ocampo
Dirección de produción:	Cristina De la Torre

CLOC (2007)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Aventuras
Produtora:	Zozo
Orzamento:	13.540€
Dirección:	Demetrio Rodríguez
Guión:	Demetrio Rodríguez
Producción:	Isabel Vázquez De Toro
Producción executiva:	Domingo Díaz Docampo
Dirección de produción:	Domingo Díaz Docampo

O COLECCIONISTA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Suspense
Orzamento:	28.000€
Dirección:	Xosel Díez Rivera
Guión:	Xosel Díez Rivera
Producción:	Xosel Díez Rivera
Dirección de produción:	Rubén Domínguez De la Fuente

CONCURSANTE (2006) ➔

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Comedia negra
Produtoras:	Continental, Nephilim, Castelaio
Dirección:	Rodrigo Cortés
Guión:	Rodrigo Cortés
Producción:	Ignacio Salazar-Simpson, Douglas Wilson, Pancho Casal, Julio Fernández, Luis Collar
Producción executiva:	Gonzalo Salazar-Simpson, Xavier Villaverde
Dirección de produción:	Paloma Molina Temboury

**CONTACTOS (2006)**

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Arte e patrimonio
Orzamento:	24.420€
Dirección:	Vicente Del Pino
Guión:	Vicente Del Pino
Producción:	Vicente Del Pino

UN CONTO PARA OLIVIA (2006) ➔

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Xanalú, Televisión de Galicia, Ficción, Área 5.1
Dirección:	Manane Rodríguez
Guión:	Xavier Bermúdez, Manane Rodríguez
Producción:	Xavier Bermúdez
Dirección de produción:	Enrique Batet

**CONVERSAS CO VENTO (2007) ➔**

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Aventuras
Produtora:	Ficción
Dirección:	Dani De la Torre
Guión:	Julio Casal, Victoriano Sierra, Alberto Guntín, Daniel Sáez
Producción executiva:	Julio Casal
Dirección de produción:	Mamen Quintas

OS CREBINSKY

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Aventuras
Produtora:	Cabo Sam Lourenzo Misiões Espectaculares
Orzamento:	1.365.455€
Dirección:	Enrique Otero
Guión:	Enrique Otero, Miguel De Lira
Producción:	Enrique Otero, Miguel De Lira
Dirección de produción:	María Liaño

LA CRISIS CARNÍVORA (2007) ➔

Formato:	Longametraxe de animación
Xénero:	Comedia
Produtora:	Continental, Abrakam Estudio, Dream Concept
Dirección:	Pedro Rivero
Guión:	Pedro Rivero, Egoitz Moreno
Producción:	Pedro Rivero, Pancho Casal
Producción executiva:	Chelo Loureiro, Juanjo Ortiz
Dirección de produción:	Marisa Rabanal

**CUATRO AVIADORES GALLEGOS**

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Biografía
Produtora:	Ismael González PC
Guión:	Ismael G. Esteban
Dirección:	Ismael G. Esteban

DANZA NA TERRA (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Experimental
Orzamento:	49.910€
Dirección:	Xosé Vilaboi
Guión:	Xosé Vilaboi
Producción:	Xosé Vilaboi, Álvaro Liste

DE OITO A OITO (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Fantástico
Orzamento:	7.200€
Dirección:	Sara Calvete
Guión:	Sara Calvete
Producción:	Sara Calvete

DENTRO DE CADA UN DE NÓS (2006)

Formato:	Curtametraxe de animación
Xénero:	Drama
Produtora:	IB Cinema
Orzamento:	50.000€
Dirección:	Paco Rañal
Guión:	Paco Rañal
Producción:	Xosé Zapata, Ignacio Benedetti

A DERRADEIRA LECCIÓN DO MESTRE (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Orzamento:	18.000€
Dirección:	Xoán Carlos Garrido
Guión:	Xoán Carlos Garrido
Producción:	Xoán Carlos Garrido

DESPOIS DA CHOIVA (2006) ▶

Formato:	Telefilme
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Ficción, Diagonal, Televisión de Galicia, Televisió de Catalunya
Dirección:	Agustí Villaronga
Guión:	Miquel Obiols, Agustí Villaronga, Gisel.la Krenn
Producción:	Julio Casal, Chusi Riveira
Producción executiva:	Albert Sagalés, Julio Casal, Mamen Quintas, Chus Rodríguez
Dirección de produción:	Xel.la Navarro, Bernat Rifé

**DESTINO KALA PATTAR (2007) ▶**

Formato:	Docuserie
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Namche, Ficción
Dirección:	Henrique Banet
Guión:	Henrique Banet
Producción:	Henrique Banet
Producción executiva:	Henrique Banet, Mamen Quintas
Dirección de produción:	Mamen Quintas, Mabel Rivera

**DEUS AMA O POBO DO CANDOMBLÉ (2007)**

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Dirección:	Claudia Brenlla, María Jesús Rodríguez
Guión:	Claudia Brenlla
Producción:	Claudia Brenlla

DE PROFUNDIS (2006) ▶

Formato:	Longametraxe de animación
Xénero:	Fantástico
Produtoras:	Continental, Desembarco, Zeppelin
Dirección:	Miguelanxo Prado
Producción:	Pancho Casal, Miguelanxo Prado, Nani García, Luis Da Matta, Laura Fernández Espeso
Producción executiva:	Chelo Loureiro



DÍAS AZULES (2006) ➡

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Continental
Dirección:	Miguel Santemas
Producción executiva:	Gerardo Herrero, Pancho Casal
Dirección de produción:	Josean Gómez, Carlos Amoedo

**DOA A DOA (2007)**

Formato:	Teleserie documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtoras:	Ibisa, Televisión de Galicia
Dirección:	Valentín Carrera
Producción:	Valentín Carrera

DOGMA. A OUTRA OLLADA (2007)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtora:	Atlántico
Dirección:	Pilar Sueiro
Guión:	Pilar Sueiro
Producción executiva:	Juan Pinzás, Pilar Sueiro

DONKEY XOTE (2007)

Formato:	Longametraxe de animación
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Bren Entertainment, Filmax-Castelao
Dirección:	José Pozo
Guión:	José Pozo
Producción:	Julio Fernández
Producción executiva:	Carlos Fernández

**ECOS (2006) ➡**

Formato:	Telefilme
Xénero:	Suspense
Produtoras:	Oberón, Televisión de Galicia, Continental
Dirección:	Oriol Paulo
Producción:	Antonio Chavarrias, Ángels Masciens
Dirección de produción:	Luis Batalla, Marta Ramírez

EFFECTOS SECUNDARIOS (2007)

Formato:	Teleserie
Xénero:	Comedia
Produtora:	CTV, Televisión de Galicia
Dirección:	Xosé Cermeño, Chema Fernández
Guión:	Xosé Cermeño
Producción executiva:	Xosé Arias

E.L.E (2007)

Formato:	Vídeo xogo
Xénero:	Aventuras
Produtoras:	Continental, Alia
Produción:	Pancho Casal
Dirección de produción:	José Antonio De la Fuente

EMPANTANADOS (2006) ▶

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Produtora:	Chantada Comunicación
Dirección:	Manel Vázquez e David Vázquez
Guión:	Manel Vázquez

ENTRE PATIFAS (2007)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtora:	Plácido Baranda Valeiras PC
Orzamento:	400€
Dirección:	Pachi Baranda
Guión:	Pachi Baranda

E POR QUE? (2006) ▶

Formato:	Serie de animación
Xénero:	Infantil
Produtora:	Continental
Dirección:	Tomás Conde, Virginia Curiá

O ESPELLO (2007)



Formato:	Telefilme
Xénero:	Suspense
Produtora:	Continental, Oberón
Dirección:	Álex Sampayo
Produción:	Pancho Casal, Antonio Chavarrías, Angels Mascláns
Produción executiva:	Xavier Villaverde

O ESPÍRITO DO BOSQUE (2007) ▶

Formato:	Longametraxe de animación
Xénero:	Aventuras
Produtora:	Dygra
Dirección:	Juan Carlos Pena, David Rubín
Guión:	Beatriz Iso
Produción:	Manolo Gómez
Dirección de produción:	Juan Rodríguez Nouche

ESTACIÓN DECEMBRO (2006)

Formato:	Curtametraxe
Produtora:	EGACI
Dirección:	Martín Rodríguez



O ESTAFADOR (2006)

Formato:	Telefilme
Xénero:	Comedia
Produtoras:	In Vitro, Arrallas, Editorial Compostela, Televisión de Galicia, Televisió de Catalunya, Canal Sur
Orzamento:	961.619€
Dirección:	Ricard Figueras
Guión:	Ángels Hartz-Diemand, Luis Vega
Produción:	Xavi Resina
Dirección de produción:	Maite Fontanet

ESTIVEN EN GALICIA E LEMBREIME DE TI (2007)


Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Experimental
Produtora:	Esferobite
Orzamento:	15.415€
Dirección:	Juan Lesta, Belén Montero
Guión:	Juan Lesta, Belén Montero
Produción:	Juan Lesta, Belén Montero
Dirección de produción:	Juan Lesta

FINESSE, NAVEGANTE SOLITARIO (2006)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtora:	DV
Dirección:	Miguel Taboada

A FLOR MÁIS GRANDE DO MUNDO (2006) ➡

Formato:	Curtametraxe de animación
Xénero:	Experimental
Produtora:	Continental
Dirección:	Juan Pablo Etcheverry

**FONDA (2006)**

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Experimental
Produtora:	Zozo
Orzamento:	27.570€
Dirección:	Demetrio Rodríguez
Guión:	Demetrio Rodríguez
Produción:	Demetrio Rodríguez
Dirección de produción:	Domingo Díaz Docampo

FORMULARIOS TRUCULENTOS (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Comedia
Orzamento:	13.545€
Dirección:	José Luis Díaz
Guión:	José Luis Díaz
Produción:	José Luis Díaz
Dirección de produción:	Lola Liñares

EL FOTÓGRAFO DE GARDEL

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Biografía
Produtora:	Ismael González PC
Guión:	Sobre o libro de Ismael González
Dirección:	Ismael G. Esteban

AS FRAGAS DO EUME (2007)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Natureza e medio ambiente
Produtora:	Hércules Ediciones
Dirección:	Cristina Landeira Pazos
Producción executiva:	Francisco Rodríguez Iglesias
Dirección de produción:	Manuel Gándara Armada

GALICIA, AYER Y HOY

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Biografía
Produtora:	Ismael González PC
Guión:	Ismael G. Esteban
Dirección:	Ismael G. Esteban

GALICIA DENDE O MAR (2006) ➔


Formato:	Serie documental
Xénero:	Xeografía
Produtora:	Ficción
Dirección:	Guillermo Alonso
Guión:	Augusto Pérez Alberti, Francisco Río Barja
Producción executiva:	Julio Casal, Mamen Quintas
Dirección de produción:	Toni Veiga

O GLOBO ANIMADO (2006)

Formato:	Programa de TV
Xénero:	Infantil
Produtora:	Zopilote
Dirección:	Xavier Viana
Producción executiva:	Xosé Castro

GO'EL (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Orzamento:	6.856€
Dirección:	Francisco Calvelo
Guión:	José Antonio Ramos
Producción:	Francisco Calvelo
Dirección de produción:	Estefanía Luque



pure *adrenaline*



Avid

Contribuyendo al desarrollo de la industria audiovisual.

Avid

digidesign



pinnacle

Miembro Protector de
aiTe [asociación de industrias técnicas
del audiovisuales español]

O GRAN CAMIÑO (2007)

Formato:	Programa de TV
Xénero:	Telerrealidade
Produtoras:	Filmanova, Continental, Televisión de Galicia
Dirección:	Antonio Segade
Producción:	Antón Reixa, Pancho Casal, Alberto Díaz Blanco

**A GUERRA DOS GRELOS (2007)**

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Comedia
Dirección:	Mariña De Toro, Sara Calvete
Guión:	Mariña De Toro, Sara Calvete

GUTBAI CHARLY (2006)

Formato:	Mediametraxe
Produtoras:	EGACI, High School Londres, Caurelecer
Dirección:	Jorge Casinello

HAI QUE MOLLARSE (2006) ➔

Formato:	Programa de TV
Xénero:	Natureza e medio ambiente
Produtora:	Bren Entertainment
Dirección:	Xosé Antón Moure, Fran Velo
Guión:	Xosé Antón Moure, Fran Velo
Producción:	Julio Fernández
Producción executiva:	Carlos Fernández, Xosé Manuel Barreira
Dirección de produción:	Martín Ramudo, Jesús Vecino

**HÉROE (2006)**

Formato:	Curtametraxe
Produtora:	EGACI
Dirección:	Óscar Galansky

HISTORIA DEL ARTE (2007)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Comedia
Produtora:	Ficción
Dirección:	Javier Batanero
Guión:	Javier Batanero
Producción:	Julio Casal
Producción executiva:	Mamen Quintas

HISTORIA DUNHA PARROQUIA (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Biografía
Produtora:	Bren Entertainment, Televisión de Galicia
Dirección:	Marcos Nine
Guión:	Marcos Nine
Producción:	Julio Fernández
Producción executiva:	Carlos Fernández, Xosé Manuel Barreira
Dirección de produción:	Enrique Batet, Jesús Vecino

UNHA HISTORIA GALEGA (2007)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtoras:	Pirámide, Filmanova
Orzamento:	103.951€
Dirección:	Patrick Seraudy
Guión:	Patrick Seraudy
Produción:	Patrick Seraudy, Antón Reixa
Dirección de produción:	Miguel Mariño

HOTEL TÍVOLI (2006)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Comedia romántica
Produtoras:	Filmanova, Televisión de Galicia
Dirección:	Antón Reixa
Guión:	Xosé Morais, Carlos Portela
Produción:	Cani Martínez, Elena Couto
Produción executiva:	Antón Reixa
Dirección de produción:	María Líaño

HUMANOIDE (2006) ➡

Formato:	Micrometraxe
Xénero:	Experimental
Dirección:	Fran Estévez
Guión:	Fran Estévez
Produción:	Fran Estévez

O ILUMINADO (2007)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Produtora:	Mondotropo
Dirección:	Carlos Oro
Guión:	Carlos Oro
Produción:	Pablo Atienza

INCOMUNICADOS (2006) ➡

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Comedia
Orzamento:	27.231€
Dirección:	Juan Galiñanes
Guión:	Erica Esmoris
Produción:	Erica Esmoris
Dirección de produción:	Erica Esmoris

INESTABLE (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Fantástico
Orzamento:	11.686€
Dirección:	Álvaro Otero
Guión:	Álvaro Otero
Produción:	Álvaro Otero
Dirección de produción:	Helvia Lema, Adrián Zapatería



O INTRUSO (2006) ➔

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Terror
Produtora:	Correlo
Dirección:	Omar Rabuñal
Guión:	Omar Rabuñal
Produción:	Omar Rabuñal, Luís Usón, Helvia Lema, Adrián Zapatería

**ISAAC (2007)**

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtoras:	EAF, Televisión de Galicia
Dirección:	Xosé Abad
Guión:	Carlos Vázquez Méndez
Produción:	Xosé Abad
Dirección de produción:	Héctor Diéguez

JOSETXU E ARANTXA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Orzamento:	2.300€
Dirección:	Xesús Pereira
Guión:	Xesús Pereira
Produción:	Rubén García Franco, Juan Alonso
Dirección de produción:	Rubén García Franco, Juan Alonso

KARPIN GALICIA. KILÓMETRO CERO (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Directo, Televisión de Galicia, Dirección Xeral para o Deporte
Dirección:	Marce Magán

KATIUSKA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Experimental
Orzamento:	10.000€
Dirección:	Antón Coucheiro
Guión:	Antón Coucheiro
Produción:	Antón Coucheiro, José Luis Díaz
Dirección de produción:	Miguel Eyré



Única compañía dedicada en exclusiva a asegurar la
producción de obras audiovisuales y organización de eventos.


Cinevent
online

Contratación en tiempo real
visítanos en
www.circlefilm.com
www.circleevent.com

c/ Mieses, 3 2º, pta 2
28220 Majadahonda (Madrid)
tlf. 91 639 82 56
fax 91 639 82 57
info@cinevent.es

Cinevent

LABREGOS DO MAR (2006) ➔

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Alén, Zopilote
Dirección:	Cibrán Isasi
Guión:	Carlos Ares, Cibrán Isasi
Producción:	Martín Ramudo
Producción executiva:	Carlos Ares, Diego Méndez

**LADY LAZARUS (2006)**

Formato:	Curtametraxe
Produtora:	EGACI
Dirección:	Isaura Docampo

LA LÍNEA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Experimental
Orzamento:	6.000€
Dirección:	José González Varela
Guión:	José González Varela
Producción:	José González Varela, Iván García Méndez
Dirección de produción:	Iván García Méndez

LEMBRAR (2006)

Formato:	Curtametraxe
Produtora:	EGACI
Dirección:	Tomás Alonso

LINATAKALAM (2006) ➔

Formato:	Serie de TV
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Ibisa, RTM, Surf Film, Castelao
Dirección:	Valentín Carrera
Guión:	Carlos Vázquez
Producción:	Valentín Carrera, Massimo Vigliar, Julio Fernández
Producción executiva:	Valentín Carrera
Dirección de produción:	Susana Martins, Mohammed Tantaoui

**LINGUAS CRUZADAS (2007)**

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	ControlZ, Televisión de Galicia
Dirección:	María Yáñez, Mónica Ares
Guión:	María Yáñez, Mónica Ares
Producción executiva:	Adrián Pino, Xacobe Sineiro
Dirección de produción:	Cristina Martins

LINKO KILLER MACHINE (2007)

Formato:	Longametraxe de animación
Xénero:	Fantástico
Produtora:	IB Cinema
Dirección:	Paco Rañal
Guión:	Rafael Calvo
Producción:	Xosé Zapata, Ignacio Benedeti

LISTE, PRONUNCIADO LÍSTER (2007)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtora:	Nós, Televisión de Galicia
Orzamento:	293.100€
Dirección:	Margarita Ledo
Guión:	Margarita Ledo
Producción:	José Luis Ledo
Producción executiva:	Margarita Ledo
Dirección de produción:	Susana Pego, Cipriano Jiménez

LOBOS SUCIOS (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Orzamento:	12.662€
Dirección:	Felipe Rodríguez Lameiro
Guión:	Felipe Rodríguez Lameiro
Producción:	Felipe Rodríguez Lameiro
Dirección de produción:	Silvia Balanza

A LONGA ESPERA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Orzamento:	6.000€
Dirección:	Mariña de Toro, Sara Calvete
Guión:	Mariña De Toro
Producción:	Mariña de Toro
Dirección de produción:	Sara Calvete

LONGO SENDEIRO DE PEDRA (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Experimental
Orzamento:	15.000€
Dirección:	Pablo Millán
Guión:	Pablo Millán
Producción:	Pablo Millán
Dirección de produción:	Pablo Millán, Ana Lombao

A LUZ DOS OLLOS (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Arte e patrimonio
Produtora:	Faro Lárez
Orzamento:	43.406 €
Dirección:	María Ojea González
Guión:	María Ojea González
Producción:	Luis Collazo Pascual
Producción executiva:	Javier Collazo
Dirección de produción:	César Iglesias

O MAGO DUBIDOSO (2007)

Formato:	Longametraxe de animación
Xénero:	Aventuras
Produtora:	Deboura
Dirección:	Roque Cameselle
Guión:	Roque Cameselle
Producción:	Alberto Cameselle

MALDITO BASTARDO (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Terror
Dirección:	Javi Camino
Guión:	Javi Camino

MAN (2006) ➡

Formato:	Curtametraxe de animación
Xénero:	Drama
Produtoras:	Ficción, Audiovisual de Servicios Kairós
Dirección:	Carlos Abrales, Luis Faraón
Producción executiva:	Julio Casal
Dirección de produción:	Mamen Quintas

MANICÓMICOS, OKI E DOKI (2006)

Formato:	Serie para móbiles
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Zinkia, Ardora
Orzamento:	200.000€
Dirección:	Javier García Cea
Guión:	Javier García Cea
Producción:	Javier García Cea
Dirección de produción:	Erea Carreira



MARIDOS E MULLERES (2006) ➔

Formato:	Serie de TV
Xénero:	Suspense
Produtoras:	Zénit, Continental
Dirección:	Jordi Frades, Gerardo Rodríguez
Guión:	Carlos Portela, Victoriano Sierra, José Rubio
Producción:	Pancho Casal
Producción executiva:	Zaza Ceballos
Dirección de produción:	Sara Gonzalo

**A MARIÑEIRA (2007)**

Formato:	Telefilme
Xénero:	Drama
Produtoras:	Ficción, Diagonal, Televisió de Catalunya, Televisión de Galicia
Dirección:	Antón Dobao
Guión:	Xavier Cordal
Producción:	Julio Casal
Dirección de produción:	Mamen Quintas

MAR-XEN (2007)

Formato:	Curtametraxe de animación
Xénero:	Fantástico
Dirección:	José Luis González Barceló
Guión:	José Luis González Barceló
Producción:	José Luis González Barceló

MASACRE (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Terror
Orzamento:	5.800€
Dirección:	Juan De Oliveira
Guión:	Jacobo Paz
Producción:	Juan De Oliveira, Mikel Fuentes
Dirección de produción:	Marcos Rodríguez

MATRIMONIS E PATRIMONIS (2006)

Formato:	Serie de TV
Xénero:	Suspense
Produtoras:	Zénit, Trivisión
Dirección:	Jordi Frades, Rafa Montesinos
Producción executiva:	Zaza Ceballos, Ximo Pérez
Dirección de produción:	Sara Gonzalo, Marifé de Rueda, Ruth Solsona

A MELODÍA DO PAN (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Etnografía
Produtora:	Contact
Dirección:	César González

MENIÑA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Orzamento:	18.900€
Dirección:	Daniel Domínguez
Guión:	Daniel Domínguez
Produción:	Daniel Domínguez, Teresa Fernández-Valdés
Dirección de produción:	Tamar Blanco, Marcos Estebo

O MENOR DOS MALES

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Comedia
Produtora:	Voz Audiovisual
Orzamento:	2.500.000€
Dirección:	Antonio Hernández
Guión:	Antonio Galeano, Antonio Hernández
Dirección de produción:	Alfonso Blanco
Produción executiva:	David Martínez

UN METRO CADRADO (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Orzamento:	3.940€
Dirección:	Beatriz Vázquez Campaña
Guión:	Beatriz Vázquez Campaña
Produción:	Beatriz Vázquez Campaña, Fernando Rodríguez Gómez

MIA SARAH (2006) ➡

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Comedia romántica
Produtoras:	Formato, Castelao, Televisión de Galicia, Área 5.1
Dirección:	Gustavo Ron
Guión:	Gustavo Ron, Edmon Roch
Produción executiva:	Andrés Barbé
Dirección de produción:	Álvaro Ron, Pablo Atienza, Kiruka Utrera

**MINTIREIRO VERDADEIRO (2006)**

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Orzamento:	15.590€
Dirección:	José Miguel De Castro
Guión:	José Miguel De Castro
Produción:	José Miguel De Castro

LA MIRADA (2006) ➡

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Produtora:	Formato
Dirección:	Breogán Riveiro
Guión:	Breogán Riveiro
Produción executiva:	Andrés Barbé
Dirección de produción:	Tomás Galdo



UNHA MULLER INVISIBLE (2006) ➔

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Continental, Milú, Tornasol
Orzamento:	2.783.000€
Dirección:	Gerardo Herrero
Guión:	Belén Gopegui
Producción:	Rosalía Mera, Gerardo Herrero, Mariela Besuievsky
Producción executiva:	Pancho Casal
Dirección de produción:	Carlos Amoedo

**MUNDO BAZAR (2006)**

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Orzamento:	1.827€
Dirección:	Sabela Pernas
Guión:	Sabela Pernas, Marta Ramos
Producción:	Sabela Pernas, Marta Ramos
Dirección de produción:	Irira Pedreira

MUNDOS CATIVOS (2006) ➔

Formato:	Serie documental
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Formato, Televisión de Galicia
Dirección:	Breogán Riveiro
Guión:	Breogán Riveiro
Producción:	Begoña Giribés
Dirección de produción:	Tomás Galdo

**NAS PORTAS DO CEO (2007) ➔**

Formato:	Longametraxe
Produtora:	Ficción, Namche
Dirección:	Henrique Banet
Guión:	Henrique Banet
Producción executiva:	Julio Casal, Henrique Banet
Dirección de produción:	Mamen Quintas, Mabel Rivera

**NEMO XXI (2007)**

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Experimental
Orzamento:	18.570€
Dirección:	Domingo Díaz Docampo, Ismael Faro
Guión:	Domingo Díaz Docampo
Producción:	Domingo Díaz Docampo
Producción executiva:	Domingo Díaz Docampo
Dirección de produción:	Domingo Díaz Docampo

O NENO DE BARRO

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Adivina, Castelao, Iroko, Pol-ka
Dirección:	Jorge Algora
Guión:	Jorge Algora, Christian Busquier, Héctor Carré
Produción:	Julio Fernández, Susana Maceiras, Harold Sánchez, Juan Vera

NOCTURNA (2007) ➡

Formato:	Longametraxe de animación
Xénero:	Fantástico
Produtora:	Filmax-Castelao
Dirección:	Adriá García, Víctor Maldonado
Guión:	Adriá García, Víctor Maldonado, Teresa Vilardell
Produción:	Julio Fernández
Produción executiva:	Carlos Fernández

**A NOITE QUE DEIXOU DE CHOVER (2007)**

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Perro Verde, Iroko
Orzamento:	2.140.214€
Dirección:	Alfonso Vilas
Guión:	Alfonso Vilas
Produción:	Manuel Cristóbal Rodríguez
Dirección de produción:	María Arochena Romero

NON CASAMENTO (2007)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Etnografía
Produtora:	Nemedón
Orzamento:	97.470€
Dirección:	Helena Villares
Guión:	Helena Villares, Pilar Pérez Faxil
Produción:	Pilar Pérez Faxil

O NOVO EMDEN (2007)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtora:	Saga TV
Orzamento:	180.000€
Dirección:	Marcos Gallego
Guión:	Comba Campoy
Produción:	Marcos Gallego

PANTALLAS (2006)

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Musical
Dirección:	Miguel Abad
Guión:	Miguel Abad
Produción:	Miguel Abad

PARALELO (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Experimental
Orzamento:	28.500€
Dirección:	Guillermo Maceiras
Guión:	Guillermo Maceiras, Yanira Heredia
Produción:	Guillermo Maceiras, Carlos Regueiro
Dirección de produción:	Carlos Regueiro

O PARTIDO (2006) ➔

Formato:	Telefilme
Produtoras:	Vaca Films, Zip Films, Jaleofilms, Televisió de Catalunya, Televisión de Galicia
Dirección:	Juan Calvo
Guión:	Xosé Antón Moure, Denis López, Juan Calvo
Produción:	Emma Lustres, Borja Pena, Norbert Llaràs, Jordi Rediu
Produción executiva:	Emma Lustres, Norbert Llaràs, Cruz Rodríguez, Susanna Jiménez, Eduardo Galán, Chusi Riveira
Dirección de produción:	Borja Pena

**PEOPLE (2006)**

Dirección:	David Porto
Formato:	Curtametraxe
Produtora:	EGACI

O PESADELO DE FLORIÁN (2006)

Formato:	Curtametraxe de animación
Xénero:	Comedia
Produtora:	Fimist Animación
Orzamento:	31.000€
Dirección:	José Ramón Puente
Guión:	José Ramón Puente
Produción:	José Ramón Puente
Dirección de produción:	José Manuel Vilas

O PESO DO FUME (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Dirección:	Héctor Diéguez
Guión:	Héctor Diéguez
Dirección de produción:	Héctor Diéguez

O PINTOR DE CEOS (2006)

Formato:	Curtametraxe de animación
Xénero:	Fantástico
Orzamento:	12.000€
Dirección:	Jorge Morais
Guión:	Jorge Morais
Producción:	Jorge Morais
Dirección de produción:	Jorge Morais

PIOJOS (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Dirección:	Edu Lavandeira
Guión:	Edu Lavandeira

POR MIN E POR TÓDOLOS MEUS COMPAÑEIROS (2006)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtora:	Barroco
Orzamento:	567.352€
Dirección:	Joaquín Diz
Guión:	Joaquín Diz
Producción:	Xavier Eirís, David Melero
Dirección de produción:	Xavier Eirís

PRADOLONGO (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtora:	Vía Láctea
Orzamento:	1.449.422€
Dirección:	Ignacio Vilar
Guión:	Ignacio Vilar, Carlos Asorey
Producción:	Marina Fariñas
Dirección de produción:	Eva Taboada


PREFIRO CAMIÑAR (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Ceneca, Tic Tac, Lagarto
Orzamento:	1.281.085€
Dirección:	Matías Bize
Guión:	Paula Del Fierro
Producción:	Fernanda Del Nido, Hugo Castro Fau, Adrián Solar

PREMIO (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Comedia
Orzamento:	7.000€
Dirección:	Eva Quintas
Guión:	Eva Quintas
Producción:	Eva Quintas, Natalia Quintas
Dirección de produción:	Paula Acuña

UNHA FÁBRICA DE IMAXINACIÓN DESDE GALICIA



PRIMEIRA PERSOA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Orzamento:	3.735€
Dirección:	Luis Hortas
Guión:	Luis Hortas
Producción:	Luis Hortas
Dirección de produción:	Rubén García Franco, Juan Alonso

QUÉ CULPA TIENE EL TOMATE (2007) ➔

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Lagarto, Tic Tac, Pato Feo, Alma, Púcara, TVZero, Cooperativa Estrella, Chullachaki
Dirección:	Jorge Coira, Josué Méndez, Marcos Loayza, Paola Vieira, Carolina Navas, Alejandra Szeplaki, Alejo Hoijman
Guión:	Jorge Coira, Josué Méndez, Marcos Loayza, Paola Vieira, Carolina Navas, Alejandra Szeplaki, Fernanda Del Nido
Producción:	Fernada Del Nido, Hugo Castro
Dirección de produción:	Xavier Eiris, Belén Brandino

OS QUINCE MIL DE NEWARK (2006)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Anxo Fernández Producciones, TVG
Orzamento:	83.630€
Dirección:	Anxo Fernández
Guión:	Anxo Fernández
Producción:	Anxo Fernández
Dirección de produción:	Mari Viador

O QUINTEIRO (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Comedia
Orzamento:	40.000€
Dirección:	Antonio Millán
Guión:	Antonio Millán, Mabel Pereira
Producción:	Antonio Millán
Dirección de produción:	Gaspar Broullón

RAFAEL (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtora:	Xanalú.
Orzamento:	1.190.000€
Dirección:	Xavier Bermúdez
Guión:	Xavier Bermúdez
Producción:	Xavier Bermúdez, Manane Rodríguez

A RAZA PALLEIRA (2007)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Comedia
Produtora:	Sierra Madre
Dirección:	Alber Ponte
Guión:	Alber Ponte
Producción:	Alber Ponte



LA RECONVERSIÓN DE LAS GAVIOTAS (2007)

Formato:	Curtametraxe
Produtoras:	235, El Médano
Dirección:	Alberto Rodríguez

REENCONTRO (2007)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Dirección:	Martín Cañedo, José M. Vázquez
Guión:	Martín Cañedo, José M. Vázquez
Produción:	Martín Cañedo, José M. Vázquez

O REI DO CHURRO (2007)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtoras:	Directo, La Factoría
Orzamento:	110.000€
Dirección:	Xosé Antón Moure, Marcelino Magán
Guión:	Xosé Antón Moure, Marcelino Magán
Produción:	Marcelino Magán
Dirección de produción:	Marcelino Magán

RELATOS DE SOFÍA (2006)

Formato:	Curtametraxe
Produtora:	EGACI
Dirección:	Lucas Martínez

RESERVADO (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Experimental
Orzamento:	6.010€
Dirección:	Yolanda Castaño
Guión:	Yolanda Castaño
Produción:	Yolanda Castaño
Dirección de produción:	Raquel Lagares

RETORNOS (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Drama
Produtoras:	Vaca Films, Patagonik
Orzamento:	1.200.000€
Dirección:	Luis Avilés
Guión:	Luis Avilés, David Pérez
Produción:	Emma Lustres
Dirección de produción:	Borja Pena

ROL (2006)

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtora:	Control Z, Televisión de Galicia
Dirección:	Adrián Pino
Guión:	Adrián Pino, Teresa Cuiñas
Produción:	Enrique Otero, Xacobe Sineiro

A ROSA DOS VENTOS (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Orzamento:	5.200€
Dirección:	Jairo Iglesias
Guión:	Jairo Iglesias
Produción:	Jairo Iglesias, Sara Horta
Dirección de produción:	Marcos Vázquez

O SALAZÓN (2007) ➤

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Etnografía
Produtoras:	Ficción, Nemedón
Orzamento:	71.147€
Dirección:	Helena Villares
Guión:	Helena Villares, Pilar Faxil
Produción executiva:	Julio Casal, Pilar Faxil
Dirección de produción:	Helena Villares

SANATORIO (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Terror
Dirección:	Jacobo Paz
Guión:	Jacobo Paz
Produción:	Jacobo Paz, Jesús Cao
Produción executiva:	Martín Barreiro

**SAN SALVADOR (2007)**

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtoras:	Televisión de Galicia, Faro-Lérez TV
Orzamento:	51.011€
Dirección:	Patricia Nogueira
Guión:	Patricia Nogueira
Produción:	Luis Collazo
Produción executiva:	Javier Collazo
Dirección de produción:	César Iglesias

SANTOS (2006)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Aldea, Drive Cine, Sobras
Dirección:	Nicolás López
Guión:	Nicolás López
Produción:	Javier Valiño, José Manuel Lorenzo, Eduardo Campoy
Produción executiva:	Miguel Asensio
Dirección de produción:	Miguel Asensio

SELECCIÓN GALEGA. SETENTA ANOS DESPOIS (2006) ➤

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtora:	Alén, Zopilote
Dirección:	Carlos Ares, Diego Méndez
Guión:	Carlos Ares, Diego Méndez, Carlos Meixide
Producción	Xosé Castro, Andrés Mahía, Micaela Sinde
Producción executiva:	Carlos Ares, Diego Méndez
Dirección de produción:	Martín Ramudo

**SEMPRE HABANA (2006) ➤**

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Directo, Casen, TVG, TVCM, ICAIC
Dirección:	Ángel Peláez
Guión:	Ángel Peláez, Héctor Quintero
Producción:	Gricel González, Javier Jiménez, Marce Magán
Producción executiva:	José Carbajo, Pastor Lorenzo

**SEN CHUMBO (2006)**

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Suspense
Orzamento:	10.000€
Dirección:	Jorge Saavedra
Guión:	Jorge Saavedra, Carlos Portela, Elixio Rodríguez Montero, Julio López, Manuel Guntín
Producción:	Miguel García Fernández
Dirección de produción:	Miguel García Fernández

SE TE VIRA O TEU PAI (2006)

Formato:	Telefilme
Xénero:	Comedia
Produtoras:	Adivina, Iroko, Just Film, General Video Productions
Orzamento:	776.600€
Dirección:	Héctor Carré
Guión:	Héctor Carré
Producción:	Susana Maceiras
Dirección de produción:	Eduard Vallés

O SEXO DOS ANXOS (2007)

Formato:	Longametraxe
Xénero:	Comedia
Produtora:	Continental
Dirección:	Xavier Villaverde
Guión:	Xavier Villaverde
Producción:	Pancho Casal

SHERPAS (2007)

Formato:	Serie documental
Xénero:	Etnografía
Producción:	Ficción, Namche
Dirección:	Henrique Banet
Producción executiva:	Julio Casal, Henrique Banet
Dirección de produción:	Mamen Quintas, Mabel Rivera

**SHEREZADE EN GALICIA (2006) ➤**


Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtoras:	Ibisa, Televisión de Galicia, Taizen
Dirección:	Valentín Carrera
Guión:	Marga Casado
Producción:	Iago Veloso, Pablo Lorenzo
Producción executiva:	Valentín Carrera
Dirección de produción:	Cristina Martíns

**SONÁRON CUNQUIÑAS DE CALDO (2006)**

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Comedia
Orzamento:	6.000€
Dirección:	Alfonso Vilas
Guión:	Alfonso Vilas
Producción:	Alfonso Vilas
Dirección de produción:	Erea Carreira

SOÑOS DESDE O ABISMO (2006) ➤

Formato:	Curtametraxe documental
Xénero:	Arte
Produtoras:	Continental, Desembarco
Dirección:	Sandra Sánchez
Guión:	Sandra Sánchez
Producción:	Pancho Casal
Producción executiva:	Chelo Loureiro

**SÓS (2006) ➤**

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Dirección:	Antonio Mourelos
Producción:	María Liaño

**SQR (2007)**

Formato:	Vídeo xogo para móbiles e internet
Xénero:	Entretemento
Produtora:	Interacción
Dirección:	Javier Martín
Producción:	Xaime Arregui
Producción executiva:	Beatriz Legerén
Dirección de produción:	José Carlos Bellido

EL TANGO SE LLAMA GARDEL

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Biografía
Produtora:	Ismael González PC
Guión:	Ismael G. Esteban
Dirección:	Ismael G. Esteban

O TESOURO (2007)

Formato:	Telefilme
Xénero:	Aventuras
Produtoras:	Vaca Films, Estrategia, Morena Films, Loma Blanca
Orzamento:	850.000€
Dirección:	Manuel Martín Cuenca
Guión:	Tacho González
Producción:	Emma Lustres, Juan Gordon
Dirección de produción:	Borja Pena

EL TESTIGO (2007)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Suspense
Dirección:	Daniel Cid
Guión:	Daniel Cid
Producción:	Daniel Cid

TOLOS POR XAPÓN (2007) ◆

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtora:	Bren Entertainment, Televisión de Galicia
Dirección:	Manuel Darriba, Pedro A. Ramos García
Guión:	Manuel Darriba, Pedro A. Ramos García
Producción:	Julio Fernández
Producción executiva:	Carlos Fernández, Xosé Manuel Barreira
Dirección de produción:	Rafael López Corral, Jesús Vecino

**TOÑITO BLANCO (2007)**

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Historia e biografía
Produtora:	IB Cinema
Dirección:	Xacobe Sineiro
Producción:	Ignacio Benedeti
Producción executiva:	Xosé Zapata

TOXIC GIRL (2006)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Musical
Produtora:	Mr. Misto
Dirección:	Jacobo Paz
Guión:	Jacobo Paz
Producción executiva:	Jacobo Paz
Dirección de produción:	Mikel Fuentes

O TRINTA (2007) ➔

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Etnografía
Produtora:	Tic Tac
Orzamento:	126.976€
Dirección:	Manuel Fernández-Valdés
Guión:	Manuel Fernández-Valdés
Producción:	Fernanda Del Nido, Teresa Fernández-Valdés
Dirección de produción:	Teresa Fernández Valdés

EL ÚLTIMO TREN (2007)

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Drama
Orzamento:	770€
Dirección:	Andrés Rey
Guión:	Andrés Rey
Producción:	Andrés Rey

VALDERREI (2006) ➔

Formato:	Serie de TV
Xénero:	Drama
Produtora:	Zénit
Dirección:	Miguel Conde, Toño López, Álex Sampayo, Lino Braxe
Guión:	Benet i Jornet, Rosa Castro (adaptación)
Producción executiva:	Zaza Ceballos
Dirección de produción:	Sara Gonzalo

VIDA DE FAMILIA (2006)

Formato:	Telefilme
Xénero:	Drama
Produtoras:	Just Film, General Video, Adivina, Cibeles
Orzamento:	899.666€
Dirección:	Llorenç Soler
Guión:	Miguel Zaragoza, Pedro Urís
Producción executiva:	Susana Maceiras, Pepe Flores, Victoria Salinas, Paco Escamilla
Dirección de produción:	Eduard Vallés



VOLTAR Á CASA (2007)

Formato:	Telefilme
Xénero:	Drama
Produtora:	Formato
Orzamento:	453.452€
Dirección:	Breogán Riveiro
Guión:	Breogán Riveiro
Producción:	André Barbé
Dirección de produción:	Tomás Galdo

VOGANDO (2007) ➡

Formato:	Longametraxe documental
Xénero:	Sociedade
Produtoras:	Alén, Zopilote
Dirección:	Cibrán Isasi
Guión:	Carlos Ares, Cibrán Isasi
Producción executiva:	Carlos Ares, Diego Méndez
Dirección de produción:	Diego Méndez, Martín Ramudo

**XAN, A DESPEDIDA (2007)**

Formato:	Curtametraxe
Xénero:	Fantástico
Produtora:	Contacontos PC
Orzamento:	6.250€
Dirección:	José Luis Martínez Díaz
Guión:	Manuel Alvariño
Producción:	Manuel Alvariño
Producción executiva:	Pipo Alvariño

XOGOS DA MEMORIA (2006)

Formato:	Telefilme
Xénero:	Drama
Produtoras:	Anxo Fernández, Televisió de Catalunya, Televisión de Galicia
Producción executiva:	Anxo Fernández

A CASA DE 1906, A ALEGRÍA TELEVISIVA DE 2006



NUN ENCONTRO CASUAL, IGNACIO RIVERA, CONSELLEIRO-DELEGADO DE ESTRELLA GALICIA, EMPRAZOU ME A APORTAR IDEAS PARA A CELEBRACIÓN DO DOBRE CENTENARIO DA SÚA CERVEXA, POR UNHA PARTE, E AS AUGAS DE CABREIROÁ, POR OUTRA.

Coincidiu no tempo o relevo no equipo de xestión de TVG co goberno bipartito, polo que nunha reunión do comité de proxectos de Filmanova comentamos simultaneamente o envite de Estrella e a necesidade de renovar a nosa oferta de contidos á nova TVG. A nosa compañía viña de atravesar unha complexa travesía do deserto durante as últimas lexislaturas, cunha forte restrición para os nosas ofertas de ficción e negativa total para os formatos de entretemento. Imaxino un proceso semellante na compañía do meu colega Pancho Casal, Continental.

Identificamos un formato británico, *History House*, que estaba moi próximo ao que buscábamos: unha efeméride centenaria, valores históricos e documentais idóneos para unha TV pública, cuns custos de produción moi próximos aos requirimentos (limitacións) orzamentarios de TVG. Tratamos cos licenciadores internacionais do formato os dereitos, a pesar de que de antemán sabíamos que procederíamos a uns cambios importantes de adaptación do formato original. Pagar ese tributo, amais de proporcionarnos acceso a valiosos materiais de traballo, supuña un importante aval de precedente de éxito ante os nosos clientes e non deixaba tampouco de protexer a exclusividade do formato que producíramos. Presentamos o esbozo da idea a TVG, iniciamos a negociación do pago da licenza e comezamos a abordaxe a Estrella Galicia.



Antón Reixa

Produtor, director e artista polifacético

E claro que os nosos colegas de Continental seguían unha metodoloxía semellante. Negociando os dereitos, comprobamos que había outro produtor en España e Portugal que optaba a eles. Na súa presentación a Estrella, Continental identifica que outra compañía galega lles ofrece o mesmo proxecto. Continental e Filmanova compartimos labores directivos no Clúster Audiovisual de Galicia, sen dúbida isto contribuíu a que nunha reunión executiva do clube empresarial, Pancho e eu non tardamos máis de cinco minutos en autoidentificarnos como os dous competidores directos na adquisición dos dereitos do formato e, no mesmo tempo, decidimos lealmente coproducilo. Conto isto porque hai algo que non se ve en pantalla nun formato que tivo e ten tanta aceptación popular: a sinerxia empresarial, a vontade de alianza e colaboración entre compañías e os efectos benéficos do alto nivel asociacionista no sector audiovisual de



“A VONTADE DE ALIANZA E COLABORACIÓN ENTRE COMPAÑÍAS AUDIOVISUAIS É IMPORTANTE PARA DESENVOLVER UN ÉXITO”

Galicia. Eses principios non forman parte do espectáculo televisivo pero son, con toda certeza, datos importantes para desenvolver un éxito.

Estabamos en outono de 2005, quedaba moito camiño por diante. Os nosos respectivos *staffs* executaron e deron forma a aquel meteórico compromiso de colaboración entre Pancho e eu, e iso non foi difícil. O traballo arduo tivo que superar sucesivos sobresaltos: primeiro, a comprobación de que o modelo de produción de *docu-reality* orixinal no que nos baseabamos non era tan caro como os *reality-shows* das canles españolas, pero aínda así os tempos (custos) de recursos técnicos e humanos dos iniciadores internacionais do proxecto estaban moi lonxe das nosas posibilidades, é dicir, dos orzamentos de TVG, coa agravante de que para ser competitivos respecto ao gusto dos espectadores galegos e saír airosos desa cruel xustaposición en emisión da nosa TV pública coas canles comerciais e xeralistas españolas, tiñamos necesariamente que evolucionar o formato orixinal cun intenso traballo creativo e unha intelixencia económica moi esixente e rigorosa. De feito, houbo algún momento das negociacións con TVG no que ambas as partes dabamos por perdido o proxecto. En todo ese proceso houbo ademais dous desafíos que corroboraban a convicción compartida en Continental e Filmanova de que nunca produciramos nada tan complexo. Refírome ao decisivo

do cásting de participantes e ao talento necesario para a dirección do proxecto. Tan difícil como identificar dúas familias que aseguraran a eficacia dos contidos, amais de dispoñer de case dous meses da súa vida para illarse nunha burbulla que reproducía a vida galega hai cen anos, era asegurar a capacidade de alguén que dirixira o proxecto. A paciencia e o traballo determinaron que as dúas familias foran os Peña e os Lema e o talento o de Sonia Barros, á fronte dun nutrido equipo de profesionais botados decididamente para adiante.

Todo iso foi sobradamente respaldado cun resultado de audiencia máis que aceptable e, sobre todo, cunha continuidade que se constata non só na nova edición 2007 para TVG, senón tamén nas coproducións do programa en Cataluña, Andalucía e o País Vasco.

Creo, pois, que aquela tarde de reunión no Clúster Pancho e eu tomamos a decisión que a prudencia e a cordialidade aconsellaban, pero que, non o sabíamos, ademais foi estratéxica para o futuro das nosas compañías. Sumémoslle a iso o acerto e audacia de TVG ao inaugurar como unha franxa de interese primordial na programación a optimización do *access prime time* (21.30 a 22.00, aprox.) e nunha duración e formato de emisión que, sen dúbida, contribuíron ao brillo do traballo dun equipo anovador e case heroico. ■

LINATAKALAM:

UN MODELO EFICIENTE DE COPRODUCCIÓN INTERNACIONAL

O PASADO 29 DE XULLO PRESENTOUSE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA A COPRODUCCIÓN INTERNACIONAL *LINATAKALAM*, CON PRESENZA DO MINISTRO DE COMUNICACIÓN DE MARROCOS, NABIL BENABDALLAH, O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, EMILIO PÉREZ TOURIÑO, E O RECTOR DA USC, SENÉN BARRO.


Á semana seguinte a serie presentouse en Rabat, con asistencia dunha nutrida delegación galega.

Esta serie de televisión, *Linatakalam* ("Falemos...") é unha coprodución na que participan TVG, TVE, SNRT (Televisión Pública de Marrocos), Surf Film (Italia), Castelao Producciones e IBISAtv, coa colaboración da Universidade de Santiago, a Xunta de Galicia e o Seminario Galego de Educación para a Paz. A serie está a ser distribuída internacionalmente por Filmax.

Linatakalam é a primeira serie audiovisual patrocinada pola Alianza de Civilizacións e rodouse no 2006 en seis países mediterráneos: norte de Marrocos, Túnez, Exipto, Turquía, Sicilia e a costa valenciana, cun equipo mixto, intercultural, interracial, multilingüe; un equipo galego-marroquí-italiano-turco...

Linatakalam é un *pack* audiovisual bastante completo: un documental de 30 minutos, unha serie de televisión de seis capítulos e unha ferramenta educativa para a educación intercultural, todo iso con versións en castelán, francés, árabe, inglés, italiano e, por suposto, en galego.

Linatakalam ("Dialoguemos...") trata das cousas que nos preocupan: os dereitos da muller, a inmigración, a guerra de relixións, a seca, a dilapidación da auga, a educación dos nenos e a convivencia no Mediterráneo.



Valentín Carrera

Produtor executivo de IBISAtv

O desenvolvemento desta serie, baseado nun eficiente modelo de coprodución internacional, comezou no 2005, coincidindo coa estrea da anterior coprodución de IBISAtv, a serie *Hanan*. Durante este tempo, o equipo de desenvolvemento e produción de IBISAtv conseguiu poñer en marcha un proxecto completo pola súa dimensión internacional, convencendo e involucrando con entusiasmo aos diferentes coprodutores e salvando os obstáculos económicos, idiomáticos e culturais, que de por si foron un reto apaixonante.

O primeiro apoio decidido para esta coprodución veu do exterior, pois foi o recibido do Ministro de Comunicación de Marrocos, o que nos dá unha lección: cando nos falta o apoio "na casa", temos que buscalo fóra. Disto saben ben os emigrantes, tamén os galegos e marroquís.



“FRONTE AO MODELO “DROGODEPENDENTE”, QUE BASEA A VIABILIDADE NO 100% DO DIÑEIRO PÚBLICO, O MODELO DE COPRODUCCIÓN É O QUE FUNCIONA EN TODO O MERCADO AUDIOVISUAL INTERNACIONAL”

E aquí, na Galicia audiovisual que malgasta en cidades da imaxe, moitas veces faltounos o primeiro apoio, o propio, porque aos políticos deste país séguelles a faltar a fe e a confianza en nós mesmos. Esta carencia non é privativa do audiovisual: ocorreulles igualmente a científicos e investigadores, a empresarios, a artistas... Esa hemorrxia foi, e segue a ser, fatal para Galicia.

Para non emigrar forzosamente, a industria audiovisual galega tamén necesita un punto de apoio aquí, ¡na casa! Baste un sinxelo exemplo: a serie *Linatakalam* ten un orzamento de cincocentos mil euros dos que TVG aportou o dez por cento, o que significa que de cada dez euros conseguidos por IBISAtv para esta coprodución, nove viñeron doutras fontes de financiamento.

Cremos que, fronte ao modelo “drogodependente” (que basea a viabilidade dun produto audiovisual ou, dá igual, dunha fábrica de conservas, no 100% do diñeiro público), o modelo de coprodución desenvolvido en *Linatakalam* é o correcto e, ademais, é o que funciona en todo o mercado audiovisual internacional. Pero fai falta certo valor para saír a ese mercado desde una modesta produtora independente ubicada na nosa esquina atlántica.

Cando una produtora —ou outra empresa calquera— é capaz de multiplicar un euro público por dez, está a facer un bo uso deses recursos públicos, por certo, sempre escasos. Porque grazas a ese modelo de coprodución, TVG vai emitir, cun custo modesto (sete mil euros por capítulo), unha serie internacional de orzamento alto. E o mesmo ocorre con TVE, SNRT, Localia, etc. Todo iso grazas ao traballo dunha produtora que foi capaz de sumar todos os vimbios e construír o cesto, gañando a pulso a confianza dos coprodutores, dos investidores e dos patrocinadores.

Falta por saber se este precedente serve de algo e o modelo frutifica e dunha vez por todas o audiovisual galego aposta polas coproducións internacionais, capaces de ser rendibles e producir retornos económicos; ou se, polo contrario, a aposta insostible é pola autoprodución e o autoconsumo. A autocompracencia. Porque, en definitiva, todos os produtos audiovisuais —animación, longame-traxes, documentais, series de TV, multimedia, etc.— que non sexan capaces de ser vendidos, emitidos e distribuídos máis aló de Pedrafita, para o mercado audiovisual internacional simplemente non existen. ■

A CASA DA MIÑA AVOA, UN ROTUNDO ÉXITO

O ANO 2006 FOI SEN DÚBIDA ESPECIALMENTE FRUTÍFERO PARA A PRODUTORA IB CINEMA, CAPITANEADA POLO SEU FUNDADOR IGNACIO BENEDETI E POLO PRODUTOR XOSÉ ZAPATA. IB FOI PROTAGONISTA DE MOITOS EVENTOS DE GRANDE IMPORTANCIA PARA O AUDIOVISUAL GALEGO.



Xosé Zapata
Produtor

A primeira e máis destacable iniciativa no 2006 por parte de IB Cinema foi a colección *Galicia de Cine*, distribuída polo xornal *La Voz de Galicia*. A primeira colección de DVDs do audiovisual galego, nunha edición exclusiva, coas dobraxes en galego e que distribuíu tanto pezas minoritarias como documentais e curtametraxes como pezas tan populares coma as series da TVG *Mareas vivas* ou *Terras de Miranda*. Nesta mesma colección foi distribuído o documental *JEDN. Pensando en soledad*, premiado no Festival de Cine de Ourense e que recuperou para o noso audiovisual á figura do “cineísta” José Ernesto Díaz-Noriega. A colección *Galicia de Cine* foi capaz de distribuír 150.000 unidades DVD por toda Galicia, sen dúbida un fito histórico para o noso audiovisual.

Outra iniciativa xa clásica na difusión do cine galego por parte de IB Cinema é o programa da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia *Cinema de Noite*. Máis dun cento de proxeccións en 35 mm. por toda Galicia que lle proporcionaron ao noso audiovisual máis de 30.000 espectadores, outro récord nunha actividade que cada ano ten máis éxito.



Finalmente, o departamento de produción de IB Cinema continúa coa súa colleita de éxitos internacionais. Despois dos máis de sesenta premios acumulados pola curtametraxe *Minotauromaquia* tocáballe o turno ao xénero documental, no que IB Cinema leva anos producindo con excelente calidade, tal e como amosan os traballos: *Carcamás*, de Marcos Nine, ou *O alquimista*, de Xosé Zapata. No ano 2006, a produción *A casa da miña avoa*, dirixida por Adán Aliaga, obtivo para IB Cinema os maiores e máis importantes recoñecementos internacionais. Máis de vinte premios, empezando polo Joris Ivens no IDFA de Ámsterdam, galardón nunca antes alcanzado polo documentalismo español, e rematando coa segunda nominación consecutiva para a empresa galega IB Cinema nos premios Europeos do Cine, organizados pola Academia Europea do Cine. Nunca antes unha produtora galega obtivera estes recoñecementos internacionais.

A isto habería que sumar os premios obtidos polas curtametraxes *Máxima pena*, de Juanjo Giménez, e *Mártires*, de Xosé Zapata, que suman outra vintena de recoñecementos e a súa inclusión na selección de Curt Fictions e de Curtas 05.

Neste repaso ás producións de IB Cinema _tres curtametraxes, dous documentais e unha longametraxe documental, entre todos sumando case 50 premios no ano 2006_, só hai que lamentar a sensación de que a produtora máis laureada internacionalmente non recibe o mesmo trato na súa terra. Dende unha facturación que no 95% do seu volume foi realizada fóra de Galicia ata os premios negados aquí (a excepción do Festival de Ourense). Algo que se confirmou nas nominacións dos Premios Mestre Mateo, que cada ano se autodefinen con máis claridade.

O equipo de IB Cinema, sen embargo, segue a traballar en proxectos que de seguro abrirán novas perspectivas a un audiovisual galego acomodado na perpetua autocomplacencia.

“A PRODUTORA GALEGA MÁIS LAUREADA INTERNACIONALMENTE NON RECIBE O MESMO TRATO NA SÚA TERRA”

A longametraxe *Pic-nic*, de Eloi Enciso Cachafeiro (Docus 06), a curtametraxe *JEDN*, de Marcos Nine (Curtas 06), a curtametraxe *Niños que nunca existieron*, de David Valero, a curtametraxe de animación *Werepig*, de Sam Orti, os documentais *As Encrobas*, de Xosé Bocixa, e *Toñito Blanco* ou os proxectos *Linko Killer*, *Algo habrán hecho* e *Estigmas* seguirán confirmando a IB Cinema como unha empresa que aposta pola calidade por enriba de sectarismos ou amiguismos. ■



HAI MALES QUE DURAN MAIS DE 100 ANOS

***O NENO DE BARRO* ESTREOUSE EN MAIO EN ESPAÑA E EN SETEMBRO EN ARXENTINA, PASANDO, ENTREMEDIAS, POLO FESTIVAL DE MONTREAL. EN TODAS ESAS PARTES EXTREMAS DO MUNDO PUÍDOSE OBSERVAR A MESMA REACCIÓN DO PÚBLICO, UN ARREPÍO ANTE OS MOTIVOS POLOS QUE UN ADOLESCENTE PODE CONVERTERSE NUN ASASINO.**

A comezos do século XX, Bos Aires era un dos principais focos de atracción de emigrantes. A psiquiatría e a criminoloxía estaban aínda en cueiros. A policía guiábase polo método de Lombroso, que defendía que as condutas criminais adquiríanse cos anos e manifestábanse nunhas características físicas especiais. Por iso, cando Cayetano Santos Godino, un rapaz de 10 anos, comezou a agredir a outros nenos, pillou a Policía despistada. Aínda que fora sorprendido in fraganti, non sabían que facer con el e devolvíano ás rúas.

Detiveron a Cayetano con 16 anos. Matara xa a catro nenos e intentáran con outros sete, ademais de ter incendiado edificios e torturado animais. A súa confesión commoveu a toda a sociedade, e como pasou o resto da súa vida no cárcere _morreu con 42 anos_ convertérono nunha especie de animal de laboratorio. Foi sometido ás primeiras operacións de cirurxía estética para corrixir o tamaño das súas orellas, que lle valeran o alcume de *El Petiso Orejudo*, coa idea de que nesa desproporción residía ou seu instinto asasino. Foi interrogado por numerosos equipos de psicanalistas e forenses. Por todo isto, é o neno asasino en serie máis documentado da historia.



Jorge Algora

Director de *O neno de barro*



Pero *O neno de barro* non é un biopic do neno asasino. Esta xustificación levouno a construír un relato sobre a impotencia que xeran os comportamentos humanos miserables. Por iso aparece a figura da explotación sexual e laboral dos menores, a do maltrato ás mulleres, a da intriga manipuladora que é capaz de conducir as masas á vinganza cega, a dos poderes corruptos, a da sociedade pasiva... Por iso o final do filme ten o efecto catártico das traxedias gregas.



“O NENO DE BARRO É UN BERRO AMPLIFICADO COMO PELÍCULA DE XÉNERO. A MENSAJE DE FONDO É: SÓ DEBEMOS TER MEDO DOS NENOS AOS QUE NON PROTEXEMOS”



Naquela época os nenos criábanse na rúa, as familias emigrantes estaban desmembradas e o único apoio para os pais traballadores eran os seus veciños.

A era industrial estaba en plena expansión, comezaba a chegar a luz aos barrios acomodados, construíanse as grandes liñas de ferrocarril, nalgúns fogares xa se vían as primeiras máquinas de coser. Por aquel entón, Kodak regalou 50.000 cámaras fotográficas co slogan *Facer fotografías é cousa de nenos*. En 1912 afundiuse o Titanic, amosando a fragilidade daqueles importantes logros.


Nos anos 30, Fritz Lang concluíu *M, o vampiro de Düsseldorf*, unha das primeiras películas sobre asasinatos de nenos, cunha arrepiante imaxe das nais en dó dicindo: “Non deixedes aos nenos sós nas rúas”. É posible que a sociedade tomase en conta aquela angustiada chamada. Hoxendía nos países desenvolvidos vense poucos nenos xogando nas rúas. O malo é que a maioría están sós nas súas casas, diante das pantallas dos ordenadores, playstations ou televisores. No resto do mundo basta con ollar o último informe da ONU sobre a infancia para horrorizarse co dato de que 30 millóns de nenos e nenas están a ser explotados sexualmente.

De calquera xeito, *O neno de barro* non é unha película moralista. É un mazazo nas consciencias, desesperado e sen concesións. É un berro, amplificado como película de xénero, cunha mensaxe de fondo que actualiza a da película do Vampiro: só debemos ter medo dos nenos aos que non protexemos. ■

OLLAR coa ORELLA

(APUNTES)

QUEN ÍA DICIR QUE NUN PERÍODO DE TRES ANOS AS COUSAS ÍAN MUDAR DO XEITO EN QUE O FIXERON EN GALICIA NO EIDO DA PRODUCCIÓN MUSICAL PARA O AUDIOVISUAL, E MÁIS CONCRETAMENTE PARA O MUNDO DO CINE.



Nani García

Músico

Coma case sempre, a cousa aconteceu de forma natural e tomou dirección franca e directa ao obxectivo sen que a Administración o advertira, sen que puidese asimilalo e sen aportar concepto algún alén de cartos, se cadra un pouco a cegas. Porque ao final o que conta son as persoas e as súas claras vontades por levar a cabo proxectos.

E diso trata ou, mellor dito, tratou a miña experiencia “audiovisual” en *De profundis*. Dun grupo de persoas dispostas a facer poética cadaquén aportando a súas habilidades, o que deu como resultado DP.

Xa dende o principio non tiñamos nada claro en qué podía devir o noso proxecto: cine, musical, *movie-cómic*, DVD, etc. A cousa tomou forma a medida que fomos atopando apoios e se foi incorporando xente á produción. O que tiñamos por diante era unha tarefa complicada. Prado fíxome a súa proposta de animación non industrial e a maiores acordamos que o proxecto non levara diálogos.

A idea de DP arrincou alá polo 2001-2002, de feito eu teño apuntes en pentagramas que datan máis ou menos deses días. No meu ordenador (daquela era un Power Mac 7200, creo lembrar) hai arquivos con esa data.


O tema principal que soa ao principio e ao final do filme escribiuse por aquelas datas. E alí ficou durmindo, ás veces durante períodos que chegaron a ser meses⁽¹⁾.

O certo é que o camiño que a obra tomou, unha vez acadada a financiación -o que permitiu dedicarmos en corpo e alma ao asunto- foi de total deixarse levar. Moitas veces de forma tácita -outras non tanto- íamos atopando respostas aos atrancos que se ían antepoñendo no noso camiño. Eu recoñezo que os debuxos -ben en forma de definitivos ou ben como animática- que Miguelanxo ía anticipándose como fonte inspiradora non tiñan espiñas, deixábanse tragar de forma suave e gustosa, e por ende as respostas en forma de música eran cáseque inmediatas.

O feito de que tiveramos longos períodos de inactividade deu tempo a íntimas conversas sobre o que debería ser ou non, por onde queríamos levar a cousa, o que cada un esperaba da obra, pero todo isto no entrementes. Unha vez que Prado se puxo a producir e eu ía recibindo imaxes non houbo espazo para máis dúbidas. O que máis problemas nos deu e máis tempo nos fixo perder foi atopar o método. Démonos de conta de que non había demasiadas referencias totais sobre o que estábamos a facer⁽²⁾.

⁽¹⁾ Unha cousa a comentar a modo de paréntese: os motivos musicais recén inspirados son coma o viño -polo menos no meu caso- e necesitan repouso para que se rexisten profundamente no noso oído interno. Iso debería ser común a toda obra, incluso ás audiovisuais, mais o “tempo” industrial a meirande parte das veces, ou ben non o permite, ou ben os produtores non o teñen en conta e sempre deixan a parte musical para o final, moi, moi ao final.

⁽²⁾ De sempre admirei e admiro aos que van por diante de nós, e sempre me pregunto cal sería o segredo do seu facer, cómo son capaces de abrir camiños novos e marcan pautas que os demais apreciamos, gozamos e seguimos como fieis acólitos. Que é o que teñen?. A resposta é ben sinxela (mete medo do sinxela): nada, non teñen nada diante, detrás se cadra teñen moito, estudos, experiencia, etc. Pero diante o único que teñen é o baleiro da creación. Suponse que están facendo algo novo e non atopan referencias. Outra cousa ben distinta é o resultado.



“TRATÁBASE DE BUSCAR NOVOS CÓDIGOS PARA A COMUNICACIÓN DE EMOCIÓN A PARTIR DOS RECURSOS DOS QUE DISPOÑEMOS. MÚSICA, PINTURA, REXISTRO SONORO E REXISTRO VISUAL”

Si que podíamos atopar referencias parciais noutras obras, pero dende logo non tanto na súa totalidade. Sobre todo, a parte do debuxo, que dende o principio do proxecto foi acadando máis e máis posibilidades de animación, e polo tanto o chollo foise acumulando. Isto significaba, dende o punto de vista da composición musical, que a tarefa inicial encomendada adquiriu unhas posibilidades de imbricación moito máis fortes. Non só ía apoiar poeticamente a obra visual, senón que podería aportar máis dinámica aos movementos que o debuxo estaba aportando, e ao mesmo tempo prover a narración de toda a información suprasegmental que xa de seu debería aportar.

Se a obra non se move un mínimo necesario, a relación da música coa imaxe sofre un cambio de calidade. Por iso creo que tivemos sorte de achegarnos a ese nivel de movemento, sempre en relación á proposta artístico-técnica que Miguelanxo formulou dende o principio e que creo que xa ten explicado en diversas ocasións. O exercicio de traballar sen referentes en pos dunha suposta “novidosa proposta” -xa vai entre aspas- require dunha práctica esquizoide que no meu caso tróuxome a mal traer. É como dividir o cerebro en dúas metades sen que a unha sexa consciente da outra ao mesmo tempo. Por unha banda, a primeira metade obrígache a manter unha postura de absoluta seguridade no que estás a facer, mentres que a segunda fínchase os pés na terra e faite consciente do que xa hai feito no mundo e o insignifican-

te que es. Total, que todo isto xunto deriva nunca especie de inconsciencia que dura aproximadamente o tempo que estás inmerso no proxecto. En fin, unha loucura.

Por outra banda, os supostos dos que partiamos tiñan, xa dende o inicio, establecido o código que nos permitía dar renda solta á fantasía, dando por feito que todo o que sucedía alí dentro tiña lóxica de seu. Polo tanto, non houbo lugar á polémica que se suscitou entre A. Hitchcock e Bernard Herrmann, o seu compositor, cando o primeiro lle preguntou en certa ocasión de onde se supoñía que procedían os violíns que acompañaban a secuencia dun barco a punto de irse a pique, ao que o compositor lle contestou que gustosamente lle respondería tan pronto como Hitchcock tivese a ben explicarlle qué facía unha cámara de cine no medio do mar.

A cuestión podería formularse totalmente á inversa: se o público admite que no fondo do mar poden soar violíns, ¿por qué entón non podemos admitir que se pode pescar con anzois de luz? En fin, non hai dúbida de que estas son cuestións comúns ao cine e as artes narrativas en xeral, pero, ¿por qué non se pode intentar facer audiovisual sen partir de supostos establecidos, co único obxectivo de crear beleza ou se cadra suscitar emocións? Ao fin e ao cabo, o obxectivo último de toda arte. Tratábase de buscar posibles novos códigos para a comunicación de emocións entre persoas a partir dos recursos dos que dispoñemos. Música, pintura, rexistro sonoro e rexistro visual. ■

EMILIO BAÑOS SANTOS

1924-2007



UNHA VIDA

ENTRE PELÍCULAS

ESE FOI O TÍTULO DA MONOGRAFÍA, *UNHA VIDA ENTRE PELÍCULAS*, QUE NO 2003 EDITOU O CGAI COMO HOMENAXE AO DECANO DOS NÓSOS DISTRIBUIDORES E PRINCIPAL VALEDOR PARA BOA PARTE DOS FILMES GALEGOS DESDE BAÑOS FILMS, A MESMA EMPRESA QUE AGORA REXENTA O SEU PRIMOXÉNITO, TAMÉN EMILIO, ACOMPAÑADO DALGÚNS DOS NETOS.

O patriarca Emilio Baños Santos conseguiu que desde *Sempre Xonxa* (Chano Piñeiro, 1999) moitas das nosas películas se exhibiran na case totalidade de vilas e cidades do país. Finou o sábado 20 de xaneiro, e malia estar xubilado desde hai xa anos, aínda se deixara caer poucas horas antes pola distribuidora.

Asomou o 10 de febreiro de 1924 na viguesa rúa Urzaiz, fillo dun ferroviario e dunha muller da casa, e a súa historia foi a dun *self made man*. Orfo desde os nove anos, limpou zapatos, traballou nunha chapistería e nunha panadería, vendeu xornais... Con quince anos, *chilindradas* no Royalty e no Rosalía de Castro. De aí pasaría á tutela do gran empresario exhibidor Isaac Fraga, do que remataría amigo e confidente. Axudante de cabina no Tamberlick, despois cualificouse como operador.

En 1953, Emilio Baños comeza a distribuír os primeiros títulos, e pouco a pouco foi gañando a querencia dos exhibidores. Representou estrelas do teatro e da canción, tamén discos... En 1988, estando no Bernabéu co Celtiña dos seus amores, do que era un dos socios máis antigos, sufriu un derrame cerebral e recuperouse aos poucos. Coincidín co infatigable don Emilio o pasado mes de novembro nos Premios Chano Piñeiro. Ía acompañado da súa inseparable dona desde 1945, Ana María Márquez, e aínda me falou dun proxecto no que andaba a traballar. Emilio, don Emilio, como o coñecíamos, era home moi querido do noso audiovisual. Demostráronllo en 1999 co premio de honra Fernando Rey. Outro home bo e xeneroso.

Miguel Anxo Fernández



PEDRO AMALIO LÓPEZ

1929-2007

PEDRO AMALIO MESTRE MÁXICO

TEÑO DÚAS LEMBRANZAS ANTIGAS DE PEDRO AMALIO. DA MIÑA NENEZ, O SEU NOME ESCRITO EN LETRAS ENRIBA DALGUNHA IMAXE EN BRANCO E NEGRO DUN ESTUDIO 1 DA TVE: "DIRECCIÓN E REALIZACIÓN: PEDRO AMALIO LÓPEZ". "ORIXINAL NOME", PENSABA EU, "PEDRO AMALIO".

E logo tamén lembro ao meu primeiro profesor de realización citando na clase: "Como lles diría Pedro Amalio López aos xornalistas, vostedes non saben o difícil que é facer televisión". Qué proféticas serían para min aquelas palabras.

Pedro Amalio e mais eu coñecémonos un 12 de xuño de 1985 no garaxe da TVG onde facíamos practicas coa unidade móbil primeira, acabada de adquirir. Recoñecín nel o xesto inequívoco dos grandes: a humildade. O primeiro que nos dixo, despois dunha louvanza enorme da súa figura por parte de Mariano Martín, director de produción, foi: "Eu non o sei todo". Pensei eu: "Que home mais humilde! Seguro que SI sabe". E sabía. A partir dese momento xa comecei a aprender del.

Unha das cousas que sempre me marcaron das súas ensinanzas, desde o posto de xefe de realización da TVG, foi a súa continua, eficaz e coherente capacidade de indicarnos as cousas que, ao seu entender, non facíamos ben. Na miña primeira realización sería, un programa en directo de 30 minutos, fixen tódalas transicións por encadeado non aditivo, un tipo de disolución de imaxe moi innovadora daquela. A miña mesturadora de imaxe, formada no IORTV coma min, estaba encantada ao final do programa. Eu saín dando brincos do control de realización, radiante pola ausencia de fallos, e atopei a Pedro Amalio nun corredor. "Quero falar contigo da TÚA realización". Cunha amabilidade e capacidade didáctica impresionantes, opinou: "Ten coidado, Rubén, encadear pode chegar a ser o recurso do mal realizador. Non cres que á xente pode despistala tanta transición? Pensa no espectador." E tiña razón. Pensar no espectador, contar con que o que ti fas se entenda. Esa debe a ser a nosa prioridade como realizadores!

Dende aquel día, a maxia da pedagogía invisible de Pedro Amalio perségue-me. E conto coas súas ensinanzas en cada plano que fago. Sei que desde onde está agora, ao carón das musas do teatro _a paixón de Pedro Amalio_, contempla o Mestre Máxico todo o noso traballo.

Rubén García-Loureda

CRONOLOXÍA

MAIO 2006 — XUÑO 2007

MAIO 2006

24. A Consellería de Cultura dá a coñecer os novos criterios de **financiación do audiovisual galego**, que primarán o emprego da lingua galega e a participación de recursos humanos, técnicos e de capital do país. As producións maioritariamente galegas poderán obter unha subvención de ata o 51%
24. A raíz de críticas do BNG, a dirección xeral de RTVE descúlpase por non ter emitido ningunha noticia sobre o **Día das Letras Galegas** nos informativos de ámbito estatal.
24. Preséntase en Lugo o festival **Curt Fictions**. O director xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia, Ignacio Varela, anuncia que as curtametraxes galegas multiplicaron por dez a súa cota de exportación desde 2003.
25. Pepe Coira advirte en Lugo sobre as dificultades de **conservación do patrimonio cinematográfico** de Galicia, na apertura dun ciclo de películas galegas recuperadas organizado polo cine club Valle-Inclán.
26. **Preescolar na Casa** celebra o seu programa número 500, 16 anos seguidos de emisión na TVG.
29. Iníciase a gravación da serie internacional **Linatakalam**, que aborda a convivencia entre os pobos e culturas do Mediterráneo. A galega Ibaia é unha das produtoras.
29. O director **Mario Iglesias** triunfa no terceiro Festival de Cans coa cuartametraxe *Madres*. O premio de honra outórgaselle a Mabel Rivera.
29. 119 guións optan ás axudas da Xunta para o **fomento da creación audiovisual**, o triple ca no 2005 As subvencións de desenvolvemento poden alcanzar os 15.000 euros por guión.
30. Preséntase en Ourense o libro dedicado ao documentalista galego **Demetrio Bilbatúa**, que desenvolveu a súa carreira profesional en México.
31. O **Instituto Cubano del Arte e Industria Cinematográficos (ICAIC)** e a Xunta apostan por estreitar a súa colaboración en materia audiovisual coa celebración dunha semana de cine galego na Habana e a recuperación de material audiovisual histórico cubano relacionado con Galicia.
31. A **Academia Galega do Audiovisual** celebra a súa asemblea. Refréndase sen votación a única candidatura á xunta directiva. Manolo Gómez é reelixido presidente e Pepe Coira e María Bouzas estréanse na vicepresidencia. Incorporáanse como vogais Carlos Ares, Xaime Fandiño, Rubén García-Loureda, Nani García, Paco Lodeiro e Tania Rodríguez.

XUÑO 2006

1. Os **datos de audiencia** difundidos por Sofres amosan que a TVG perde televidentes, situándose nun 15,4% de cota de pantalla durante o mes de maio, o peor resultado desde xuño de 1998. A dirección relaciónao coa retirada das telenovelas, que ocupaban cinco horas de programación de sobremesa, e coa aparición de novas canles en aberto.
1. Publícase no DOG a convocatoria de axudas á **difusión do patrimonio audiovisual galego**, á que a Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta destina 600.000 euros. Apoiará a promoción, comercialización e estreas de produtos audiovisuais galegos.
2. Chega aos cines a longametraxe **Galatasary-Dépor**, de Hans Stöhr, coproducida por Filmanova. Rodada en catro cidades europeas, conta no seu reparto con Luis Tosar e Miguel de Lira.
2. A curtametraxe **Bichos raros**, escrita polas madrileñas Estíbaliz Burgaleta e Alegría Collantes, gaña o concurso de guións Compostela Plató.
2. O Anuario de la Televisión 2006 indica que o 80% dos éxitos de audiencia en televisión son de **producción independente** e significan unha cuarta parte da emisión das canles nacionais.
3. A TVG estrea o espazo familiar **Pequeno Gran Show**, protagonizado por nenos.
3. Adivina Producciones inicia en Arxentina a rodaxe de **El niño de barro**, dirixida por Jorge Algora.
5. O PP critica que a TVG pasara do 19,8% ao 13,2% de **cota de pantalla** tomando como referencia os meses de maio de 2005 e 2006. Atribúeo á “escasa calidade” dos programas e ao “partidismo” dos informativos. A CRTVG afirma que a franxa de sobremesa pasou dun share do 25,1% ao 26% e que en prime time estas cifras pasaron do 16,9% ao 18%.
5. Benigno Sánchez, director da CRTVG, anuncia que a compañía dotarase dun **libro de estilo** para regular o tratamento da igualdade da muller.
5. Dezanove **empresas de información, cultura e audiovisual** participan no Foro Caixanova de estratexias empresariais en Vigo. Pídenlle á Administración que impulse un sistema de indicadores “que facilite a avaliación e o seguimento da concesión de axudas”. A cadea de información, cultura e audiovisual aglutina 2.700 empresas, crea 21.000 empregos e representa o 2,2% do VEB (Valor Engadido Bruto) privado de Galicia.
6. **R**asina un convenio con entidades de crédito para dispoñer dunha financiación de 220 millóns de euros que lle permita continuar a súa expansión. O obxectivo é incrementar en 180.000 os fogares e empresas aos que dá cobertura.
6. O técnico de realización Néstor Quintana, de 26 anos, gaña o primeiro certame de guións de curtametraxes da asociación cultural O Trasnó Musifú do Carballiño con **A memoria soñadora**.
6. Retegal, a xestora de difusión do sinal da TVG, crea **Unired** xunto coas operadoras das televisións de Andalucía, Euskadi e Castela-A Mancha. O obxectivo é competir con Abertis, único operador de ámbito nacional ata o momento, nos grandes concursos das televisións.
7. A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual organiza en Santiago unha mesa redonda sobre **a empresa multimedia** no marco do programa de formación 2005-2006 do Centro Multimedia de Galicia. Faise fincapé na importancia de creatividade e a capacidade de traballo na captación de clientes.
9. Chega ás salas **Promedio rojo**, comedia dirixida polo chileno Nicolás López e coproducida por Aldea Films.
11. **Libro de familia**, producida polo Grupo Correo, alcanza unha cota de pantalla do 28,2% a pesar da competencia do Mundial de Alemaña. No momento de máis audiencia logra concentrar a 316.000 televidentes. O pico da serie, líder absoluta en Galicia nas noites dos domingos, está no 38,2% de share.

12. A TVG estrea o talk show **Somos unha Potenzia**, producido por Antón Reixa e presentado por Carlos Blanco.
13. O **Consortio Audiovisual de Galicia** presenta en Santiago o seu balance de actividades do ano 2005. Destácase que o sector audiovisual galego exporta o 5% da súa produción e ten unha cifra global de negocio no exterior de 7,5 millóns de euros.
16. O Consortio Audiovisual de Galicia e a Universidade da Coruña asinan un convenio de colaboración para financiar actividades formativas. Entre elas, o curso de posgrao en **Comercialización Internacional de Contidos Audiovisuais (CICA)**.
16. Laura Miñarro, directora de vendas internacionais do Grupo Pi, explica na Coruña estratexias de **comercialización de produtos audiovisuais**. Recalca a importancia do guión e a adaptabilidade dos personaxes a outros contextos culturais.
16. O auditorio de Caixanova en Vigo acolle a estrea do documental **Periféricos**, que retrata a movida vaguesa. Está dirixido e producido por Tatiana Blanco, Xosé Holgado e Carlos Meride.
18. Conclúe a xira galega do festival de curtametraxes Curt Fictions, organizado por Yelmo Cineplex. As nove obras premiadas na edición do 2006 proxecciónanse en Lugo, A Coruña e Vigo. Entre as producións gañadoras, unha galega: **Mártires**, de Xosé Zapata (IB Cinema).
19. A distribuidora de **Shin Chan e Doraemon**, Luk Internacional, anúncialle á Mesa pola Normalización Lingüística que deixará de facerse cargo dos gastos de dobraxe ao galego das súas series e filmes. Alega a falta de apoio da Xunta.
23. O documental **JEDN: Pensando en soidade**, dedicado ao pai do cinema amateur en Galicia, José Ernesto Díaz-Noriega, preséntase na Fundación Barrié de La Maza da Coruña. Está dirixido por Marcos Nine e producido por IB Cinema.
26. **Madres**, de Mario Iglesias, recibe o primeiro premio do Concurso Iberoamericano de Cortometrajes no programa de La 2 Versión Española.
27. Os premios da certame **Curtas na Rede** entréganse no Teatro Principal de Santiago. O xurado distingue 10 traballos dos 45 presentados.
28. Constitúese en Vigo Apradoga, a **Asociación de Profesionais da Rama Artística da Dobraxa en Galicia**. Entre os seus obxectivos están combater o intrusismo e reivindicar que se dobre ao galego máis cine.
28. Estréase no Teatro Fraga de Vigo **Ecós**, película de terror para televisión coproducida por Continental e pola catalana Oberón. Forma parte dunha serie de catro telefilmes que a TVG adquire para emitir en 2007.
29. A Xunta distribúe 500.000 euros de **subvencións** entre 37 proxectos audiovisuais galegos: 168.000 para 11 longametraxes de ficción, 160.000 para 10 documentais, 102.000 para películas de televisión, 69.000 para outros formatos televisivos e 25.000 para dous produtos interactivos.

XULLO 2006

3. Iníciase na Coruña o festival **Mundos Dixitais**, que durante cinco xornadas reúne a máis de 200 expertos en animación dixital, videoxogos e efectos especiais no cine. O ciclo ten actos paralelos coma zonas de videoxogos e unha mostra das marionetas da película *A noiva cadáver*, de Tim Burton, na Fundación Caixa Galicia.
3. Ramón Costafreda empeza en Betanzos a rodaxe de ***Abrígate***, protagonizada por María Bouzas e Félix Gómez.
4. Santiago acolle un seminario no que se dan cita expertos da **industria audiovisual xaponesa** e directivos de empresas audiovisuais galegas. O obxectivo é explorar posibles vías de colaboración.
5. A galega **Enxebre Sistemas**, única compañía española especializada en exhibición en 3D, anuncia a creación dunha distribuidora en América Latina e a apertura da súa primeira sala en Guatemala.
6. A Xunta concede 46 licencias para **televisións locais dixitais**. Había 87 solicitudes.
6. A **Federación de Asociaciones de Productores Españoles** celebra en Vigo a súa asemblea xeral. Reclama do Goberno central a creación dunha Agencia del Audiovisual.
12. Segundo o Anuario da SGAE, as **salas de cine** de Galicia perderon un millón de espectadores no 2005.
18. **CTV** presenta en Santiago a súa alianza con estudos de Madrid, Cataluña e Portugal para crear un operador europeo de dobraxe.
20. Máis de 300 propietarios e empregados de **videoclubs** concéntranse diante da Xunta para protestar pola piratería na internet. Cífran en 150 o número de establecementos que pecharon no 2005 por esta causa.
21. O Consorcio Audiovisual de Galicia e a **Escola de Cine e Audiovisuais de Cataluña (ESAC)** asinan un convenio para que técnicos galegos poidan recibir cursos monográficos con profesores da ESAC.
26. Iníciase a **IX Semana de Cine de Betanzos**, na que se homenaxea ao produtor Pancho Casal.
27. Ferrol acolle a preestrea de ***Días azules***, de Miguel Santesmases, rodada na comarca.
27. Estrea no Music Hall de Los Ángeles do documental ***La casa de mi abuela***, o primeiro de produción galega (IB Cinema) que chega ás salas de cine de Estados Unidos. O filme, dirixido por Adán Aliaga, recibiu galardóns en festivais de Ámsterdam e Toronto.
28. Jairo Iglesias estrea na Coruña a súa segunda curtametraxe, ***Cicatrices***, protagonizada por Isabel Blanco, Estíbaliz Veiga e Xabier Deive.

AGOSTO 2006

1. O Clúster do Audiovisual asina un convenio con Caixanova para mellorar a **competitividade** das pequenas e medianas empresas do sector audiovisual. A entidade financeira aporta 28.000 euros.
1. Empezan as **XXII Xornadas de Cine e Video do Carballiño**. Prémias ao célebre actor francés José García, orixinario da zona.
7. Comeza en Pontemaceira a rodaxe de **El menor de los males**, de Antonio Hernández, producida por Voz Audiovisual. Carmen Maura encabeza un elenco no que hai numerosos actores galegos.
16. As produtoras Ficción e Namche inician no Himalaia a gravación da serie de dez capítulos **Destino Kala Pattar: ós pés do Monte Everest**, dirixida por Henrique Banet.
21. Media Pro cédelle a La Sexta durante tres anos os dereitos de transmisión de **fútbol en aberto**. A TVG e as demais canles autonómicas _agás TV3_ quedan sen o partido dos sábados.
22. Nicolás López roda en Chile a longametraxe **Santos**, con produción de Aldea Films.
22. Preséntanse en Santiago tres publicacións para dar a coñecer a linguaxe audiovisual aos alumnos de Educación Infantil e Primaria. Están protagonizadas por Os Bolechas e van destinadas a 90 centros educativos de toda Galicia dentro do programa **Audiovisual nas Aulas**.
22. Gerardo Herrero inicia en Cambre a rodaxe de **Una mujer invisible**, protagonizada por María Bouzas e María Salgueiro.
28. A produtora de cine e televisión de marionetas **Galitoo** doa dous bonecos a Mapet Internacional, organización con sé en Miami dedicada a loitar contra o cancro infantil.

SETEMBRO 2006

4. Boa acollida na Mostra de Venecia a **La noche de los girasoles**, de Jorge Sánchez-Cabezudo, con Celso Bugallo entre os seus protagonistas.
5. **Cines Filmax**, propiedade do fonsagrado Julio Fernández, asina un convenio coa Asociación de Familias Numerosas para que estas poidan beneficiarse de descontos nas salas.
6. Publícase no DOG a convocatoria ao programa **Doc's Galicia 06**, do Consorcio Audiovisual. Consistirá na confección dun catálogo de documentais para a súa promoción nos eventos máis importantes deste xénero, un máximo de catro producións.
7. A **plantilla de RTVE** aproba en referéndum o plan de regulación de emprego, que supón o recorte de 4.150 postos de traballo. En Galicia afecta a 33 traballadores de Radio Nacional e 23 de TVE.
7. Comeza en Santiago **Curtocircuíto 2006** con proxeccións na Praza de Cervantes.
8. A Consellería de Cultura anuncia **subvencións** ao audiovisual por 4,75 millóns de euros. 1,5 millóns destínanse a seis proxectos de novos creadores. Subvenciónanse ademais 8 documentais (270.000 euros), 8 longametraxes de ficción (1,9 millóns), sete películas para televisión (430.000 euros), tres proxectos interactivos (45.000 euros) e un proxecto de animación (200.000 euros). Cultura adiántalle ás produtoras ata o 40% das axudas.
8. Chega ás salas **Corrupción en Miami**, de Michael Mann. Supón o debú de Luis Tosar en Hollywood, nunha breve aparición como narcotraficante.
11. **De bares**, de Mario Iglesias, seleccionada para o Festival de Montpellier.
15. A Escola Galega de Cine e a London Film School coproducen en Redondela a mediametraxe **Gutbai, Charly**, protagonizada por Luis Zahera. A cinta é o proxecto final do pontevedrés Jorge Cassinello para o máster en dirección de cine da escola inglesa.
16. A curtametraxe **Quérote mal**, de Ficción, premiada no festival internacional Shorts Shorts Films de México.
16. Clausúrase en Santiago a primeira edición do encontro **Galicia Terra de Cine**, no que 15 produtoras presentaron 40 proxectos fílmicos. O investimento global rolda os 60 millóns de euros, unha media de 1,5 millóns por obra. A máis cara é *Donkey Xote*, de Filmax, con 13 millóns de orzamento.
19. Arrinca a segunda tempada de **A vida por diante**, producida por Voz Audiovisual. A serie convertiu a TVG en líder da súa franxa horaria na noite dos martes.
20. Pedro Vila filma a curtametraxe **Ela** na Illa de Arousa, en branco e negro e con Pilar Bardem como protagonista.
21. Comeza unha nova edición do **Festival de San Sebastián**, cun único filme de produción galega: *Un franco, catorce pesetas*, de Carlos Iglesias. Tamén se exhibe a película *Las vidas de Celia*, de Dionisio Pérez, con Luis Tosar no reparto.
24. A **Semana Internacional de Cine de Lugo** clausúrase coa proxección de *El portal*, de Felipe Neira, mediametraxe rodada na cidade. O festival proxectou 52 filmes e homenaxeou a actriz Carmen Correa, nacida no concello lugués de Baleira.
25. A Televisión de Galicia e a Radio Galega estrean a súa nova imaxe corporativa, o **logotipo G**. O proceso de renovación complétase con cambios de decorados nos platós, novo portal de internet e unha grella ateigada de novidades.
27. Dygra suspende a rodaxe de **Los muertos van deprisa**, de Ángel de La Cruz, por falta de financiamento.
28. A Academia Galega do Audiovisual anuncia que **Manolo Gómez** renuncia á presidencia da entidade trala crise desatada na súa produtora pola suspensión da rodaxe de *Los muertos van deprisa*.
28. Inaugúrase en Santiago unha exposición sobre o legado fotográfico de **Julio Cortázar**. A mostra recolle parte das 4.000 imaxes e documentos que a viúva do escritor, Aurora Bernárdez, doou aos fondos do Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI).

OUTUBRO 2006

2. A Compostela Film Comission recibe en Santiago a oito **localizadores de exteriores** da industria de Hollywood.
2. Inaugúrase en Santiago un **curso de dirección de fotografía cinematográfica**, o primeiro dos que organizan conxuntamente o Consorcio Audiovisual de Galicia e a Escuela de Cinematografía y Audiovisuales de Cataluña (ESAC).
2. O **festival de Mannheim**, un dos principais eventos audiovisuais de coprodución e cofinanciación do mundo, selecciona o proxecto *Tan pouquiña cousa, un corazón*, dirixido por Daniel Domínguez e producido por Tic Tac. É a primeira obra galega que se presenta no certame alemán.
3. Comeza un **curso de iniciación á dobraxe** na Facultade de Xornalismo de Santiago, impartido ao longo de tres semanas polo actor Luis Iglesias.
4. A TVG estrea a serie de ficción **Maridos e mulleres**.
4. **Xavier Villaverde** presenta na galería Depósito de Madrid a mostra fotográfica *Empatía*.
6. Preséntase en Lugo o libro **O cinematógrafo nas festas de San Froilán de Lugo (1898-1930)**, de Fernando Arribas.
8. O Consorcio Audiovisual de Galicia, a TVG e varias produtoras asisten a unha nova edición do **Mipcom de Cannes**, o mercado de contidos televisivos e multimedia máis importante do mundo.
8. A Xunta anuncia que investirá 25 millóns de euros ata 2013 para desenvolver a **cobertura da TDT** na comunidade autónoma. Segundo o PP, a televisión dixital só chega ao 30% dos galegos.
11. Rubén Riós, actor de *Libro de familia*, empeza a rodar en Vilariño de Conso a súa primeira curtametraxe, **Adeus Edrada**.
12. **El desenlace**, de Juan Pinzás, premio ao mellor guión no Festival de Cinema Latino de Miami.
14. A asemblea da Academia Galega do Audiovisual elixe como nova presidenta á actriz **María Bouzas**.
17. A TVG estrea o primeiro programa de telerrealidade producido en Galicia, **A casa de 1906**, de Continental e Filmanova.
18. Preestrea na Coruña, con orquestra sinfónica, da cinta de animación **De profundis**, de Miguelanxo Prado e Nani García.
20. *De bares*, de Mario Iglesias, estréase na **Seminci de Valladolid**.
20. A Santiago Film Comission presenta a **Guía de localizacións e da produción audiovisual de Santiago de Compostela**, onde se informa de todo tipo de recursos para rodaxes.
20. O Certame Audiovisual Internacional Liceo-Casino de Vilagarcía premia a curtametraxe **El amor a las cuatro de la tarde**, do arxentino Sebastián Alfie, entre máis de 370 títulos procedentes de oito países.
20. O documental **Santa Liberdade**, de Margarita Ledo, seleccionado polo Festival de Cine Latinoamericano de Trieste para competir en París polo premio Unión Latina.
20. Comeza en Santiago a cuarta edición do **Festival Internacional de Cine Euroárabe**. Ao longo de seis xornadas ofrece 35 proxeccións, entre longametraxes, curtametraxes e documentais, en dous escenarios, a Aula de Cultura de Caixa Galicia e o Teatro Principal.
21. Conclúe en Santiago **Curtocircuito 2006**. Ao longo dunha semana proxecciónanse 95 cintas, escollidas entre as 500 presentadas a concurso.
24. A conselleira de Cultura recibe en Montevideo unha copia dun **documental galego de 1926**, *Tranvías da Coruña*, que se conservaba na Cinemateca de Uruguai.
25. O Clúster Audiovisual formaliza en Madrid a súa incorporación á **Plataforma Tecnológica Española de Sistemas Audiovisuales** en red e-NEM, grupo de coordinación científico-técnica do sector audiovisual.
26. **Retegal**, empresa dependente da Xunta, asina un acordo con Abertis Telecom para que a cobertura en TDT da Televisión Española alcance o 98% do territorio galego no 2016.
30. O Festival Internacional de Cine do Cairo selecciona para exhibir a película **La velocidad funda el olvido**, con Uxía Blanco e Marta Larralde no reparto.

1. A TvG demanda a La Sexta para poder emitir **fútbol en galego** os sábados.
2. Arrinca en Santiago unha nova edición de **Cineuropa**, que desta vez proxecta máis de 120 cintas e concede especial protagonismo á cinematografía asiática. Premios ao compositor de música de cine Stephen Warbeck e ao director Bahman Ghobadi.
2. Recoñecidos compositores de música de cine imparten un seminario sobre a **creación de bandas sonoras** no estudo de gravación musical Mans, na Coruña.
6. Danse a coñecer os últimos datos sobre **piratería**. As copias fraudulentas de cedés e DVD moven 3,6 millóns de euros ao ano en Galicia. No país incautáronse 82.669 cedés e 24.292 DVD piratas no ano 2005.
7. Mario Iglesias inicia en Pontevedra a rodaxe de **Catalina**, a súa segunda longametraxe. Produce Voz Audiovisual.
7. Pepe Coira participa nas **Xornadas do Asociacionismo de Boiro** falando sobre o cine como resposta á necesidade social e cultural de contar historias.
9. Arrinca en Ourense o Foro Muliplataforma: **a converxencia das producións dixitais** en catro cidades galegas, dirixido a explotar as posibilidades do audiovisual no formato dixital. Ssesións en Lugo (20 de novembro), Santiago (4 de decembro) e Pontevedra (11 de decembro).
9. **Juan Pinzás**, galardoado co Premio de Honor da Saint John's University de Nova York polo seu filme *El desenlace*.
10. Chega ás salas **Los fantasmas de Goya**, de Milos Forman, con Mabel Rivera no reparto.
11. Remata o **Festival Internacional de Cine de Ourense**. *De bares*, de Mario Iglesias, recibe o galardón especial do xurado. Emitíronse 126 cintas en oito xornadas. Emilio Gutiérrez Caba recibiu o premio do Concello.
13. Preséntase en Santiago **O bosque de levas**, película para televisión dirixida por Antón Dobao e coproducida por Ficción, Diagonal e as televisións autonómicas de Galicia e Cataluña.
14. O presidente do Clúster Audiovisual Galego, Antón Reixa, participa en Bilbao nunha xornada para analizar os retos de competitividade da industria audiovisual. Participan un cento de empresas e expertos de todo o estado. Reixa fala sobre a implantación da **responsabilidade social corporativa** no sector audiovisual galego.
16. O CGAI presenta a copia restaurada de **Ano Santo en Compostela, de 1915**, segundo filme máis antigo que se conserva sobre Galicia.
16. A curtametraxe *Panta Rei (Todo flúe)*, do coruñés Simón Casal, seleccionada polo **HDFest de Los Ángeles**. É a primeira vez que unha obra española se exhibe neste certame, caracterizado por dar acollida só a creacións en alta definición.
17. Preséntase en Santiago o documental **Sherezade en Galicia**, de Ibsa, sobre a escritora brasileira de raíces galegas Nélida Piñón.
19. Iníciase na **Universidade da Coruña** o segundo curso de posgrao de Comercialización Internacional de Contidos Audiovisuais (CICA), organizado polo Consorcio Audiovisual de Galicia e polo Máster de Produción e Xestión Audiovisual de La Voz.
20. O Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales da SGAE revela que Galicia é a comunidade na que menos tempo se destinou a ver a **televisión** durante o ano 2005, unha media de 190 minutos por habitante e día.
20. O Clúster do Audiovisual celebra xornadas sobre contidos en Lugo e A Coruña. Os poñentes manifestan a incertidume no sector ante a **implantación da TDT** e a multiplicación de canles. Fálase da maior fragmentación da torta publicitaria e a competencia de subministradores foráneos de contidos.
20. A **Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual** presenta os portais Observatorio do Audiovisual Galego e Audiovisual de Galicia na Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra. No primeiro poden colgar os seus traballos os estudantes de titulacións relacionadas co sector. O segundo permítelle aos estudantes crear os seus propios sitios web.
23. Gala de homenaxe a **Chano Piñeiro** no Teatro Fraga de Vigo. José Luis Cuerda e Alejandro Amenábar reciben os galardóns que levan o nome do director falecido.
28. A Consellería de Cultura presenta en Santiago a **Axencia Audiovisual Galega**, creada para xestionar axudas á produción e apoiar actividades de promoción do audiovisual galego.
30. A Academia Galega do Audiovisual inaugura o Foro Academia Aberta, dedicado á imaxe dixital.

DECEMBRO 2006

1. A Academia Galega do Audiovisual pecha o seu **Foro Academia Aberta** cunha cea e a entrega da Medalla de Ouro ao director de cine e realizador de televisión Llorenç Soler.
1. Ábrese o prazo para a presentación de traballos aos Premios Mestre Mateo 2006.
4. O Clúster Audiovisual Galego e a Consellería de Innovación asinan un convenio para construír e lanzar a **marca do audiovisual galego**. A Xunta achega 350.000 euros.
4. **Carrilanas**, de Rafael Cid, premio á mellor longametraxe no Festival de Cine Documental de Extremadura.
4. Empeza en Santiago o **II Encontro Internacional sobre Educación Audiovisual**, onde profesionais do medio reflexionan durante tres xornadas sobre como transmitir a linguaxe audiovisual aos escolares.
5. O **Centro Galego de Arte Contemporánea** acolle a presentación do DVD *Eclectia*, unha compilación de videoclips españois contemporáneos.
5. A Consellería de Cultura anuncia que no 2007 haberá unha nova categoría de subvencións ao audiovisual, para obras rodadas en **formato dixital**, de ata 80.000 euros por proxecto.
11. O consello asesor de RTVE en Galicia entrega na Coruña os premios **Publicidade en Galego**. Os galardóns recaen no spot de Radio Vigo para a saída da Volvo Ocean Race e na campaña televisiva de Ecovigo para Caixanova.
15. Chega ás salas **Mia Sarah**, de Gustavo Ron, película rodada na Coruña e coprotagonizada polo galego Manuel Lozano.
15. Estréase en Chapela a curtametraxe **O coleccionista**, dirixida por Xosel Díez e rodada en diversos escenarios da Ría de Vigo.
16. Preséntase na Fundación Caixa Galicia da Coruña a exposición sobre a película **Pérez, el ratoncito de tus sueños**, coproducida pola galega Filmmax Animation. O filme chega ás salas de cine no Nadal.
18. O Clúster Audiovisual de Galicia celebra en Pontevedra unha xornada sobre **videoxogos**. Apóstase por sinerxias entre as empresas de software de entretemento e as produtoras de cine para crear videoxogos baseados en películas.
19. Estréase na Fundación Caixa Galicia da Coruña a curtametraxe **Masacre**, protagonizada por mozos discapacitados e dirixida por Juan de Oliveira, Mikel Fuentes e Marcos Rodríguez.
20. A CRTVG anuncia que no 2007 destinará 43,3 millóns de euros a contratar produtos a **empresas audiovisuais galegas**. Este capítulo aumenta nun 19% e supón o 42% do orzamento do ano.
25. A canle internacional da TVG en Europa estrea **Eurorregión Siglo XXI**, serie documental de 11 episodios sobre o espazo do Eixo Atlántico dirixida por Manuel Campo Vidal e producida por Lúa Films.
27. Segundo unha enquisa divulgada polo Instituto Galego de Estatística, o 46% das vivendas da comunidade autónoma dispoñen dun **DVD** e máis dun 10% están aboadas a canles de televisión de pagamento.
28. Un estudio da Federación de Consumidores en Acción conclúe que as **salas de cine da Coruña** son as terceiras máis caras de España. O custo medio da entrada é de 6,20 euros, só superado polos 6,33 de Barcelona e os 6,21 de Madrid.
28. O Ministerio de Cultura envíalle o borrador da nova **Ley del Cine** aos axentes implicados.
29. O Consorcio Audiovisual de Galicia acorda aumentar nun 27% o seu orzamento para 2007, que se sitúa en 1,2 millóns de euros. Aposta pola **internacionalización do cine galego** e o fomento das coproducións.
30. O Consorcio Audiovisual de Galicia e varias asociacións de actores e dobradores presentan en Santiago a súa Mesa Permanente de Diálogo. Anúnciase a edición dun **novo catálogo de actores** en 2007, en formatos de papel e DVD.

XANEIRO 2007

2. Os datos de Sofres indican que a TVG perdeu 2,8 **puntos de audiencia** no 2006, situándose nunha cota media do 14,4% TVE e as demais canles autonómicas tamén seguiron esta tendencia descendente, influenciada pola chegada de novas canles privadas.
9. Un estudo de Miguelanxo Fernández revela que só 13 municipios galegos conta con **salas de cine**, 11 menos ca no 2004.
15. O Centro Multimedia de Galicia inicia un curso sobre **vídeo na internet**.
15. **Correo TV**, a canle posta en marcha polo Grupo Correo Gallego, inicia a súa emisión en probas na comarca de Santiago.
16. A CRTVG colabora nunha campaña para fomentar a convivencia escolar emitindo un anuncio sobre **cultura da paz**.
17. A distribuidora compostelá Isabella Audiovisual presenta un documental galego no Natpe de Las Vegas, o mercado de televisión máis importante de Estados Unidos. A película, **2050: How soon is now?**, dirixida por Ruth Chao e Javier Silva e producida por TV7, aborda o problema do cambio climático.
19. **De profundis**, de Miguelanxo Prado e Nani García, chega ás salas de cine.
20. Vinte mozos e mozas inician un **curso de curtametraxes** de 30 horas no centro sociocultural e xuvenil do Ensanche, en Santiago.
24. Proxéctanse no Teatro Principal de Santiago **os tres filmes máis antigos que se conservan sobre Galicia**: *Botadura del acorazado Alfonso XIII* (1913), *O Ano Santo en Compostela* (1915) e *Miss Leyda* (1916). As copias forman parte dos fondos do CGAI.
26. O Consorcio Audiovisual de Galicia presenta varias cintas no mercado de curtametraxes máis importante de Europa, o **Short Film Market** de Clermont Ferrand.
26. A Axencia Audiovisual Galega inaugura **un ciclo de cine galego en Berlin**.
27. Estréase en Fisterra **A casa de Lola de Andrés**, documental de Olaia Sendón que denuncia a especulación urbanística na Costa da Morte.
28. *Pérez, el ratoncito de tus sueños*, de Bren Entertainment, gaña o **Goya á mellor película de animación**.

FEBREIRO 2007

1. Comeza no CGAC o o festival Videoclisión, percorrido pola **evolución dos vídeos musicais**.
3. Presentan en Santiago o documental **Cabo Verde: A muller e a terra, o home e o mar**, producido por Abada e a CRTVG.
6. Finaliza en Cerdedo a gravación da serie televisiva **La Bella Otero**. TVG participa na produción con outras canles autonómicas, produtoras privadas e Antena 3.
6. O libro **Xéneros cinematográficos? Aproximacións e reflexións** preséntase en Santiago. Está editado pola Universidade de Santiago e recolle o traballo dos profesores e asistentes aos obradoiros de cine Xoves, sesión continua, organizados pola Asociación Galega de Guionistas.
8. O Consorcio Audiovisual de Galicia presenta en Santiago **Shooting and Producing in Galicia/Catalogue 2005-2007**, destinado á promoción exterior do audiovisual galego. Exemplares do catálogo distribuiranse no Festival de Cine de Berlín.
12. **Xosé Manuel Piñeiro** regresa á TVG con *Acompáñenos*, magazine de tarde dirixido aos maiores.
12. A ministra de Cultura, Carmen Calvo, presenta en Córdoba o anteproxecto de Lei del Cine no **I Encontro de Creadores Audiovisuais da SGAE**.
12. Representantes dos principais **festivais de cine galegos** reúnen-se en Santiago para coordinar un calendario a nivel autonómico e adoptar medidas conxuntas de promoción exterior.
15. O vigués **David Martínez Vázquez**, novo director de Ficción de Televisión Española.
16. O Clúster Audiovisual e a Fundación R asinan un convenio para crear unha oficina que promova a **televisión dixital interactiva en Galicia**.
20. **Carlos Núñez** publica *Cinema do mar*, un percorrido persoal por algunhas bandas sonoras míticas
24. A TVG estrea **Son de estrelas**, concurso de cantantes no roncel de OT producido por Voz Audiovisual.
25. A canle autonómica estrea **Historias de Galicia**, serie divulgativa de 13 capítulos dirixida por Xosé Manuel Vega.
27. A curtametraxe *Classified*, de Pedro Casais, seleccionada pola **canle Fox** para o seu programa On the Lot, destinado a descubrir e promocionar novos talentos da realización.
28. **Xavier Fortes**, novo responsable do Centro Territorial de TVE en Galicia.

2. O Clúster Audiovisual presenta en Santiago o seu **Informe sobre responsabilidade social corporativa e igualdade de oportunidades**. O sector incorpora en Galicia unha porcentaxe de inmigrantes superior á media española e presenta unha porcentaxe equilibrada entre homes e mulleres. O 71% das empresas facilita a conciliación da vida laboral e familiar.
6. Presentan en Santiago a cuarta edición do festival internacional de curtametraxes CurtoCircuíto, dirixida polo británico **Tim Redford**.
8. **Jorge Coira** empeza a rodar na praza de abastos de Santiago unha peza que se integrará no documental *Qué culpa tiene el tomate*, de produción internacional.
8. Arrinca o **X Festival de Cine de Málaga**, que inclúe no programa catro longametraxes de ficción, un documental e unha película infantil producidos en Galicia.
9. A Xunta e Caixa Galicia acordan a posta en marcha do **Foro Galego do Audiovisual** como laboratorio de ideas.
12. A TVG e La Sexta asinan un acordo para compartir en Galicia as transmisións dos encontros da **Liga Nacional de Fútbol Profesional** nas tempadas 2007-2008 e 2008-2009.
13. A directora da **Escola Superior de Artes Cinematográficas de Galicia (Egaci)**, Virginia Ramírez Abreu, queixase de falta de apoio do sector e das institucións para facilitar as saídas laborais aos alumnos do centro.
14. **Antón Reixa** presenta no Festival de Málaga *Hotel Tivoli*, a súa segunda longametraxe.
15. A Asociación Galega de Produtores Independentes (Agapi) recibe unha axuda de Caixa Galicia para desenvolver o proxecto **Catálogo e portal avanzado para a promoción on line da produción audiovisual independente 2007**.
15. Preestrea na Coruña de **Concursante**, de Rodrigo Cortés, con participación de Continental e a TVG, tralo seu paso pola sección oficial do Festival de Cine de Málaga.
15. A TVG estrea o espazo de humor **Air Galicia**.
16. O presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, asina en Sao Paulo un protocolo de intercambio cinematográfico e audiovisual entre **Galicia e Brasil** para potenciar a colaboración neste eido.
16. Asemblea anual do **Clúster Audiovisual Galego**, que celebra catro anos de vida. Nese tempo pasou de 32 a 46 empresas asociadas.
17. **El menor de los males**, producida por Voz Audiovisual, obtén os premios de actriz de reparto, guiño e vestuario no Festival de Cine de Malaga. Rodrigo Cortés, director de Concursante, recibe o premio da crítica.
20. O Teatro Jofre de Ferrol acolle a estrea da curtametraxe de animación **A flor máis grande do mundo**, producida por Continental e narrada por José Saramago a partir dun conto seu.
21. Iníciase en Tui a terceira edición do festival de documentais **Play-Doc**. O Premio Foco de Galicia á mellor obra galega do certame recae en *Bs.As*, de Alberte Pagán. Preséntase os documentais *Traballadores do contrabando*, de Víctor Coyote, e *Fronteiras*, de Rubén Pardiñas. As cinco xornadas da mostra reúnen a máis de 3.000 espectadores.
22. O **anteproxecto de Ley del Cine** chega ao Consello de Ministros para unha primeira lectura no medio das críticas de exhibidores e televisións privadas.
22. O actor **Abelardo Gabriel**, de *Libro de familia*, presenta en Ourense o seu libro *Aquellas estrelas de nuestra vida*, compilación de artigos de cine publicados en La Región durante varios anos.
23. A Axencia Audiovisual Galega estrea na web **Teutubo TV**, unha canle de televisión para seguir en directo os actos relacionados co audiovisual galego nos que colabora a Consellería de Cultura.
23. Chega ás carteleiras **Atlas de geografía humana**, de Azucena Rodríguez, con María Bouzas no reparto.
24. **Rubén Riós** estrea a súa curtametraxe *Adeus, Edrada* no Auditorio Municipal de Ourense.
28. **Nacer de novo** chega á súa edición número 1.000 na TVG e celébralo con programa especial no Pazo de Exposicións e Congresos de Santiago.
29. Lugopress presenta *Herexes*, de **José de Cora**, serie documental de seis capítulos sobre os precedentes pagáns do cristianismo elaborada para a Televisión de Galicia.
30. **María Bouzas**, premio á mellor actriz no Festival de Cine de Lleida pola súa interpretación en *Abrigate*.
31. A serie de animación en plastilina *E por que?*, de Virginia Curiá e Tomás Conde, único produto español seleccionado para o **Festival Internacional Du Film D'Animation de Annecy** (Francia). Está destinada ao público infantil e producida por Continental.

ABRIL 2007

2. Ábrese o prazo para presentar curtametraxes e micromovies ao IV Festival Internacional de Curtametraxes de Santiago de Compostela, **Curtocircuíto**.
2. Preséntase en Santiago o **catálogo de formación audiovisual** da Secretaría Xeral de Comunicación para 2007. O programa inclúe máis de 50 cursos, obradoiros e formación de postgrao que serán impartidos polo Consorcio Audiovisual de Galicia, o Centro Galego de Artes da Imaxe e o Centro Multimedia de Galicia.
2. **Distrivisión**, a plataforma de distribución de contidos para TDT creada por José María Besteiro, cumpre seis meses con clientes en catorce autonomías.
11. Preséntase na Coruña o documental **Patagonia, utopía libertaria**, de Xan Leira.
13. Estrea de **Pudor**, de Tristán e David Ulloa, con Nancho Novo e Celso Bugallo entre o elenco de actores.
15. A TVG estrea a serie documental de pesca deportiva **Hai que mollarse**, producida por Bren Entertainment.
19. A Secretaría Xeral de Comunicación entrega os premios do seu concurso de vídeo na internet. Durante o acto inaugúrase a sala AccesGrid do **Centro Multimedia de Galicia**, concibida para comunicacións por videoconferencia.
19. Arrinca o festival **Redondela en Curto**, con 293 filmes no programa.
20. A produtora de animación Dygra asina un acordo coa distribuidora de Hollywood Fantastic Films International para o lanzamento mundial da longametraxe **Espírito do bosque**.
21. A produtora IB Cinema presenta no Salón do Cómic de Barcelona o seu proxecto para adaptar a banda deseñada **Estigmas**, con Adán Aliaga como director. O certame outórgalle o Gran Premio a Miguelanxo Prado.
24. A **Semana de Cine Galego da Habana** inaugúrase coa proxección de *Un franco, 14 pesetas*.
24. O Clúster Audiovisual celebra en Santiago unha xornada de especialización en **dereito audiovisual** para profesionais.
24. Estréase en Santiago **O bosque de levas**, dirixida por Antón Dobao e producida por Ficción.
26. **Alberte Pagán** gaña ex aequo o II Premio Internacional Romà Gubern de Cine-Ensayo da Universidade Autónoma de Barcelona co seu documental *Bs.As.*
27. O director **Héctor Carré** presenta na Coruña a súa primeira novela, de tema cinematográfico: *Diario dun impostor*.
30. A Academia Galega do Audiovisual inicia unha semana de **proxeccións na rúa** para promocionar a gala dos Mestre Mateo. Case 50 obras vanse exhibir en 23 localidades.

MAIO 2007

4. Estrea comercial de *Hotel Tívoli*, de Antón Reixa.
7. Os cineastas vascos **Nacho Vigalondo e Borja Cobeaga**, nomeados ao Óscar polas súas curtametraxes, imparten un obradoiro en Santiago sobre este formato ata o día 11.
8. A Secretaría Xeral de Comunicación e a Universidade da Coruña asignan o convenio para o postgrao en **Comercialización Internacional de Contidos Audiovisuais (CICA)** para o curso 2006-2007.
9. O Teatro Colón da Coruña acolle a gala de entrega dos **Premios Mestre Mateo** do audiovisual galego. Un franco, 14 pesetas consegue seis galardóns e De profundis, catro.
9. A directiva da Federación de Asociaciones de Productores Audiovisuales de España emite un comunicado pedindo a **tramitación urxente da Ley del Cine**.
11. O Clúster Audiovisual de Galicia organiza en Santiago o **primeiro foro de organizacións da industria audiovisual de España**. Os oito clústeres do sector que existen no estado acordan traballar en rede.
11. **Jairo Iglesias** estrea en Malpica a súa terceira curtametraxe, *Rosa dos ventos*.
16. **Caixanova** adianta que porá en marcha unha canle de televisión interactiva para informar sobre as súas ofertas financeiras e culturais. Filmanova e Zozo participan na iniciativa.
18. O secretario xeral de Comunicación, Fernando Salgado, anuncia na Fonsagrada que este concello vivirá o **apagón analóxico** no 2008, dous anos antes có resto de Galicia.
18. Estrea comercial de *El niño de barro*, de **Jorge Algora**.
19. Dygra leva ao **festival de Cannes** un adianto de *Espírito do bosque*.
19. O Tribunal de Defensa da Competencia de Galicia alerta do elevado grao de **concentración da distribución cinematográfica**. Das 20 películas que fixeron máis caixa na comunidade en 2004 e 2005, 18 foron distribuídas por filiais das majors americanas en España.
24. Arrinca a cuarta edición do **Festival de Cans**, con 26 curtametraxes galegas no programa. Premio para *Sen chumbo*, de Jorge Saavedra.
25. A película de animación **Gritos en el pasillo**, coproducida pola coruñesa Perro Verde, estréase simultaneamente en salas, en DVD e en descarga legal na internet despois de pasar polos festivais de Cannes e de Cans.
28. **Háblame TV**, emisora especializada en cursos de español para estranxeiros, empeza a emitir desde Vigo por internet.
30. Iníciase na Coruña o **obradoiro Guionlab**, no que 12 guionistas reciben asesoramento para levar a cabo proxectos de longametraxes.

XUÑO 2007

1. O Goberno aproba remitir ao **Congreso** o novo proxecto de Ley del Cine. Elévase do 15% ao 18% a desgravación fiscal a produtores e mantense no 5% a porcentaxe de ingresos que as televisións comerciais deben investir en cine.
6. Estréase na Coruña a curtametraxe ***Amnésico por compasión***, dirixida por Guillermo Arias-Carbajal.
11. ***Bolboreta, mariposa, papallona***, de Pablo García, seleccionada para competir na sección de documentais do 42º Festival de Karlovy Vary, na República Checa.
13. Arrincan as **Xornadas do Audiovisual Galego**, organizadas pola Academia Galega do Audiovisual.
15. Javier Batanero roda a curtametraxe *Historia da arte* na Facultade de Xornalismo de Santiago, con Luis Tosar como protagonista. O guión recibiu o **premio Compostela Plató** no Curtocircuíto 2006.
18. O Centro Galego de Artes da Imaxe e Caixa Galicia lanzan o **Foro Galego do Audiovisual** como espazo de debate do sector.
18. O 88% das salas de cine de Galicia secunda a **folga contra a Ley del Cine**, en protesta pola obriga de exhibir cando menos un 25% de filmes producidos na Unión Europea.
20. A Secretaría Xeral de Comunicación destina 330.000 euros a apoiar a celebración de **17 festivais audiovisuais en Galicia**.
20. O director **Ken Loach** imparte unha conferencia en Santiago sobre cine e compromiso social.
25. Falece en Madrid **Pedro Amalio López**, realizador xefe da TVG nos seus inicios.
25. **Antón Dobao** inicia na Costa da Morte a rodaxe de *A mariñeira*, producida por Ficción.
27. **Miguelanxo Prado e Nani García** presentan na Coruña o DVD de *De profundis*.
26. Iníciase o **Sunny Side of the Doc** na cidade francesa de La Rochelle. O Consorcio Audiovisual de Galicia asiste cun stand propio.
29. Autoridades de Galicia e Marrocos e a produtora Ibisa presentan a serie documental ***Linatakalam*** en Santiago.
30. A TVG estrea o reality ***O Gran Camiño***, producido por Filmanova, Continental e a propia canle.
30. Pedro Casais traballa en Los Ángeles nun reality para a **CBS** inspirado n' *O Señor das Moscas*.

Esta obra saíu do prelo o día 15 de
outubro do 2007, 98 anos despois do
nacemento en Cartelle, Ourense, do
cineasta Carlos Velo.

[PAPEIS DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL 06-07]



Academia Galega do Audiovisual

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural

 **XUNTA DE GALICIA**
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual


consorcio audiovisual
de Galicia

 **Agrupamento de La Coruña**
Consello de A Coruña

